Asinado dixitalmente por:
Rexistro electrónico
Data: 05/12/2023 12:19:28
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 139

Sesión plenaria
26 de setembro de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA

Punto 1. Texto lexislativo

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, para a restauración do texto fidedigno do himno galego e a súa difusión (doc. núm. 44429, 11/PPLI-000005)
Publicación da admisión a trámite e constitución da Comisión Promotora, BOPG nº 420, do 14.12.2022
Publicación da proposición de lei, BOPG nº 506, do 14.06.2023

Punto 2. Comparecencias

2.1 59971 (11/CPP-000139)
Do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por petición propia, para informar do inicio do curso 2023-24 no ensino non universitario de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 565, do 20.09.2023

Acumúlase na anterior a seguinte:

2.2 58930 (11/CPP-000137)
Do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por petición dos dezanove deputados e deputadas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para informar da dotación docente, do número de centros e unidades e da situación da educación pública en xeral neste inicio de curso
Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 07.09.2023

Punto 3. Mocións

3.1 59873 (11/MOC-000173)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre os servizos de inspección da Consellería de Política Social e Xuventude (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 57411, publicada no BOPG núm. 547, do 21 de agosto de 2023, e debatida na sesión plenaria do 12 de setembro de 2023)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 565, do 20.09.2023

3.2 59886 (11/MOC-000174)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre a situación da asistencia sanitaria na atención primaria (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 58114, publicada no BOPG núm. 552, do 30 de agosto de 2023, e debatida na sesión plenaria do 12 de setembro de 2023)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 565, do 20.09.2023

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3.3 59901 (11/MOC-000175)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina
Sobre a programación das inspeccións aos centros de atención residencial (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 57593, publicada no BOPG núm. 551, do 25 de agosto de 2023, e debatida na sesión plenaria do 12 de setembro de 2023)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 565, do 20.09.2023

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 43087 (11/PNP-003664)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar a concentración e o aumento de vivenda de uso turístico en determinadas áreas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 404, do 03.11.2022

4.2 53819 (11/PNP-004459)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ojea Arias, Eduardo e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de construción de vivendas públicas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 499, do 31.05.2023

4.3 54671 (11/PNP-004542)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis
Sobre o impulso por parte do Goberno galego de determinadas medidas para afrontar a actual situación do desemprego en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 514, do 28.06.2023

4.4 57583 (11/PNP-004637)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis
Sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ante o Goberno central para que adopte as medidas oportunas diante das autoridades europeas co obxecto de que o itinerario noroeste do Corredor Atlántico non sexa excluído do mapa deseñado para a posta en marcha do órgano xestor da futura rede ferroviaria europea de mercadorías
Publicación da iniciativa, BOPG nº 551, do 25.08.2023

4.5 58090 (11/PNP-004675)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sanz Arias, Cristina e seis deputados/as máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno central co obxecto de que adopte as medidas axeitadas para as necesidades do desenvolvemento da industria electrointensiva
Publicación da iniciativa, BOPG nº 552, do 30.08.2023

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4.6 58158 (11/PNP-004685)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co obxecto de impulsar a modernización do transporte ferroviario de mercadorías e a integración de Galicia nos plans europeos para o Corredor Atlántico
Publicación da iniciativa, BOPG nº 552, do 30.08.2023

Punto 5. Interpelacións

5.1 57741 (11/INT-002694)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis
Sobre o impacto da evolución actual da inflación na economía galega
Publicación da iniciativa, BOPG nº 552, do 30.08.2023

5.2 58829 (11/INT-002741)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Ojea Arias, Eduardo
Sobre a incidencia das actuacións autonómicas nos atrasos das infraestruturas estatais en construción en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 561, do 13.09.2023

5.3 59054 (11/INT-002747)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo
Sobre a política fiscal que vén desenvolvendo o Goberno galego
Publicación da iniciativa, BOPG nº 561, do 13.09.2023

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 59967 (11/POPX-000117)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as medidas que pensa adoptar o Goberno galego para axudar as familias a lles faceren fronte ás súas necesidades
Publicación da iniciativa, BOPG nº 565, do 20.09.2023

6.2 59970 (11/POPX-000118)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Sobre as solucións que prevé o Goberno galego contra a crise de prezos
Publicación da iniciativa, BOPG nº 565, do 20.09.2023

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 56349 (11/POP-008659)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Freire Vázquez, María Begoña e seis deputados/as máis
Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para controlar as poboacións de xabaril en zonas urbanas e periurbanas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 540, do 08.08.2023

7.2 59003 (11/POP-009297)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas verteduras contaminantes da mina de San Fins, en Lousame
Publicación da iniciativa, BOPG nº 561, do 13.09.2023

7.3 56721 (11/POP-008783)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e dous deputados/as máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe ao cumprimento pola empresa concesionaria de autobuses da liña Vigo-Baiona dos horarios estipulados
Publicación da iniciativa, BOPG nº 543, do 11.08.2023

7.4 59968 (11/PUP-000362)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis
Sobre a información actualizada de que dispón a Xunta de Galicia respecto dos prazos para o funcionamento dos trens AVRIL en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 565, do 20.09.2023

7.5 57702 (11/POP-009165)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis
Sobre o estudo da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no que se constata que non rebaixar o IVE dos produtos do mar está a impactar negativamente no seu consumo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 553, do 31.08.2023

7.6 59954 (11/PUP-000361)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto da congruencia da defensa da cultura galega co rexeitamento do uso no Congreso dos Deputados do idioma galego
Publicación da iniciativa, BOPG nº 565, do 20.09.2023

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7.7 58480 (11/POP-009259)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e 2 deputados/as máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para favorecer a emancipación da mocidade galega
Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 07.09.2023

7.8 59254 (11/POP-009325)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 deputados/as máis
Sobre as actuacións que prevé pór en marcha a Xunta e Galicia para garantir a actividade e o emprego na empresa Celsa Atlántic Laracha ante o proceso de reestruturación do grupo do que forma parte
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 561, do 13.09.2023

7.9 59941 (11/PUP-000360)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen
Sobre os resultados das medidas de seguimento e control que está a tomar a Xunta de Galicia para lle facer fronte ao problema da avespa velutina
Publicación da iniciativa, BOPG nº 565, do 20.09.2023

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor presidente comunica a inasistencia da deputada dona Olalla Rodil Fernández (BNG) e a delegación de voto, conforme o disposto no artigo 84.3 do Regulamento da Cámara, na deputada dona Ana Pontón Mondelo, e mais a do señor Fernández Alfonzo (BNG). (Páx. 12.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, para a restauración do texto fidedigno do himno galego e a súa difusión. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei*: Sr. representante da Comisión promotora (Ferreiro Fernández)* (Páx. 12.)
Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Díaz Varela (S)* (Páx. 17.), *Sra. Queixas Zas (BNG)* (Páx. 20.) *e Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 23.)
Rolda de réplica: *Sr. representante da Comisión promotora (Ferreiro Fernández).* (Páx. 26.)

Votación dos textos lexislativos

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, para a restauración do texto fidedigno do himno galego e a súa difusión: *rexeitada por 18 votos a favor, 54 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 28.)

Alteración da orde do día

Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por petición propia, para informar do inicio do curso 2023-2024 no ensino non universitario de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por petición dos dezanove deputados e deputadas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para informar da dotación docente, do número de centros e unidades e da situación da educación pública en xeral neste inicio de curso. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica a acumulación das seguintes comparecencias para a súa exposición conxunta. (Páx. 28.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González).* (Páx. 29.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Otero Lago (S)* (Páx. 43.), *Sra. Fernández Davila (BNG)* (Páx. 46.) *e Sra. Díaz Mouteira (P).* (Páx. 49.)
Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González).* (Páx. 53.)

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 58.) *Nesta rolda interveñen a señora Otero Lago (S)* (Páx. 59.), *a señora Fernández Davila (BNG)* (Páx. 61.), *a señora Díaz Mouteira (P)* (Páx. 63.) *e o señor conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González).* (Páx. 64.)

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica a acumulación das seguintes mocións para o seu debate conxunto. (Páx. 68.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre os servizos de inspección da Consellería de Política Social e Xuventude. (Punto terceiro da orde do día.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Marina Ortega Otero, sobre a programación das inspeccións aos centros de atención residencial. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención dos grupos autores das mocións: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)* (Páx. 68.) *e Sra. Ortega Otero (S).* (Páx. 72.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Arias Rodríguez (P).* (Páx. 75.)

Nova intervención do señor Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG) e da señora Ortega Otero (S). (Páx. 79.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Monserrat Prado Cores, sobre a situación da asistencia sanitaria na atención primaria. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 84.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 88.) *e Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 91.)

Nova intervención do señora Prado Cores (BNG). (Páx. 95.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre os servizos de inspección da Consellería de Política Social e Xuventude: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 97.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Marina Ortega Otero, sobre a programación das inspección aos centros de atención residencial: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 97.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Montserrat Prado Cores, sobre a situación da asistencia sanitaria na atención primaria: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 97.)

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar a concentración e o aumento de vivenda de uso turístico en determinadas áreas. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 98.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Fernández Gómez (BNG).* (Páx. 99.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Gallego Sanromán (S)* (Páx. 102.) *e Sr. Verea Fraiz (P).* (Páx. 105.)

A señora Fernández Gómez (BNG) intervén para posicionarse sobre as emendas. (Páx. 107.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Eduardo Ojea Arias e Dª Patricia Otero Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de construción de vivendas públicas. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 109.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Ojea Arias (S).* (Páx. 110.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Fernández Gómez (BNG).* (Páx. 113.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Freire Vázquez (P).* (Páx. 115.)

O señor Ojea Arias (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 120.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre o impulso por parte do Goberno galego de determinadas medidas para afrontar a actual situación do desemprego en Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 122.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Pérez López (BNG)* (Páx. 125.) *e Sra. Pérez López (P).* (Páx. 129.)

Nova intervención da señora Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 132.)

Alteración da orde do día

A señora presidenta (Candia López) comunica a acumulación das proposicións non de lei que figuran como puntos 4.4 e 4.6 para o seu debate conxunto. (Páx. 134.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ante o Goberno central para que adopte as medidas oportunas diante das autoridades europeas co obxecto de que o itinerario noroeste do corredor Atlántico non sexa excluído do mapa deseñado para a posta en marcha do órgano xestor da futura rede ferroviaria europea de mercadorías. (Punto cuarto da orde do día.)

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co obxecto de impulsar a modernización do transporte ferroviario de mercadorías e a integración de Galicia nos plans europeos para o corredor Atlántico. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención dos grupos autores das proposicións non de lei: *Sr. Balseiro Orol (P)* (Páx. 134.) *e Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 137.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 140.)

Novas intervencións do señor Balseiro Orol (P) (Páx. 145.) *e do señor Bará Torres (BNG).* (Páx. 147.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Cristina Sanz Arias e seis deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno central co obxecto de que adopte as medidas axeitadas para as necesidades do desenvolvemento da industria electrointensiva. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 149.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rodríguez Pérez (P).* (Páx. 149.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 152)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 155.)

O señor Sr. Rodríguez Pérez (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 159.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar a concentración e o aumento de vivenda de uso turístico en determinadas áreas: *rexeitada por 17 votos a favor, 40 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 162.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Eduardo Ojea Arias e Patricia Otero Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de construción de vivendas públicas: *rexeitado por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 163.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre o impulso por parte do Goberno galego de determinadas medidas para afrontar a actual situación do desemprego en Galicia*: rexeitada por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 163.)

Votación do texto transaccionado resultante do debate acumulado da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e seis depu-

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tados/as máis, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ante o Goberno central para que adopte as medidas oportunas diante das autoridades europeas co obxecto de que o itinerario Noroeste do corredor Atlántico non sexa excluído do mapa deseñado para a posta en marcha do órgano xestor da futura rede ferroviaria europea de mercadorías, e mais da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co obxecto de impulsar a modernización do transporte ferroviario de mercadorías e a integración de Galicia nos plans europeos para o corredor Atlántico: *aprobado por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 164.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Cristina Sanz Arias e seis deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno central co obxecto de que adopte as medidas axeitadas para as necesidades do desenvolvemento da industria electrointensiva: *aprobada por 57 votos a favor, 14 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 164.)

Suspéndese a sesión ás oito e vinte e seis minutos do serán.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustifica inasistencia e delegación de voto, en primeiro lugar, dona Olalla Rodil Fernández e delega a emisión do seu voto para esta sesión plenaria na deputada dona Ana Pontón Mondelo, todo iso conforme o disposto no artigo no artigo 84.3 do Regulamento da Cámara, e tamén xustifica a inasistencia o deputado Fernández Alfonzo.

E, sen máis, entramos na orde do día. O primeiro punto é un texto lexislativo.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, para a restauración do texto fidedigno do himno galego e a súa difusión

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei, a persoa designada pola comisión promotora é don Manuel Ferreiro Fernández. Terá un tempo de quince minutos. Rógolle que se achegue, por favor, á tribuna de oradores.

O señor REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA (Ferreiro Fernández): Señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados.

Antes de nada, permítanme agradecer ás entidades impulsores desta iniciativa, Galiza Cultura e Vía Galega, así como ás millares de persoas que asinaron esta iniciativa e tamén á comisión promotora, que me designase para defender esta iniciativa diante de todos vostedes, que representan a voz e o voto do pobo galego, para defender —como digo— a Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, para a restauración do texto fidedigno do himno galego e a súa difusión.

Para comezar, permítanme, aínda que a coñezan, lembrar moi sinteticamente a historia do noso himno. Nun contexto en que estaban a consolidarse as diversas nacións e nacionalidades europeas, con ou sen estado, os pobos comezan a crear e a fixar os seus símbolos nacionais, entre eles o himno. É certo que o primeiro foi a Marsellesa, en 1795. Porén, só a mediados do XIX é cando o proceso se estende a toda Europa, en xeral a mediados de século, e felizmente Galiza incorporouse a este movemento e na década de 1880 xurdiron múltiples voces e comezan as primeiras propostas hímnicas, nada menos que catro entre 1880 e 1890 e cerca dunha decena nas tres décadas posteriores. Entre todas as propostas xurdidas entre 1880 e 1925 foi a de 1890, de Pascual Veiga e Eduardo Pondal, a triunfante.

Vexamos como se xestou. Naquela altura, en 1890, Eduardo Pondal era, sen dúbida, o poeta nacional presente e actuante no noso territorio, pois Rosalía morrera en xullo de 1885 e Curros estaba fóra do país, como xornalista en Madrid desde 1883, e aínda máis tarde marchou

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

para A Habana, para Cuba. Foi por isto que en marzo dese ano de 1890 Pascual Veiga dirixiuse ao poeta para que escribise un texto que, á maneira da Marsellesa —e cito literalmente—, «sexa cantado en toda Galiza co entusiasmo que esperta no ánimo o sentimento da patria». O 5 de abril Pondal envíalle un poema de sete estrofas, que resultou satisfactorio para o músico, mais en carta de dous días despois solicítalle que introduza acento rítmico sistemático na segunda sílaba de todos os versos. Unha semana despois Pondal envía o texto definitivo, con nove estrofas, do poema que hoxe coñecemos como *Os pinos*, que agora, si, deixou satisfeito ao músico mindoniense.

Pascual Veiga fixera este encargo a Pondal porque como director do Orfeón número 4 da Coruña estaba a organizar un concurso musical de carácter internacional en que se contemplaba un premio destinado a galardoar a mellor marcha musical escrita para orfeón sobre o poema *Os Pinos*, isto é, sobre o poema que Veiga solicitara previamente a Pondal. Fallouse o premio o 30 de agosto e resultou premiada a partitura presentada por Ivo Gotós, que non foi interpretada e que ficou no esquecemento. Con todo, Pascual Veiga tiña preparada a súa partitura e efectivamente sabemos que despois de 1890 houbo algunha actuación que incluíu o himno.

Mais a verdade é que o noso himno parece esvaerse até que reaparece na Habana. É aquí onde se produce a primeira interpretación institucional solemne como himno galego, o día 20 de decembro de 1907, no Gran Teatro da capital cubana, na velada de homenaxe a Pascual Veiga, que morrera no ano anterior, en 1906, e para iso seguiron unha partitura que Fontenla Leal solicitara a Pascual Veiga en carta de 1906, antes da súa morte. Posteriormente, o Centro Galego oficializou este himno como himno galego.

Está oficialización no seo da importante e influente colectividade emigrada na Habana, en Cuba, provocou a súa adopción polos sectores máis conscientes da sociedade galega, sobre todo polas Irmandades da Fala, que, abandonando outras propostas existentes, estenderon o seu uso e a súa presenza social, ao tempo que se foi establecendo o cerimonial de interpretación, sempre co público en pé e actitude respectuosa.

De calquera xeito, o himno ficou consolidado cando o Partido Galeguista nos seus principios políticos o consagra como himno nacional. E a historia máis recente é máis coñecida: a Guerra Civil interrompeu a marcha normal dos acontecementos, o himno ficou prohibido na práctica, mais foi finalmente restaurado en 1984 por este parlamento, que, consciente da súa importancia e do alto valor institucional e social dos símbolos (escudo, bandeira e himno), oficializou o himno no artigo 4 da Lei de símbolos.

Mais vaiamos ao texto. A edición canónica orixinal do texto do poema pondaliano é, sen dúbida, a realizada polo poeta e polo músico no folleto do certame musical de 1890, que se conserva, claro está. A partir de aquí permítanme que, pola súa importancia, faga xenealoxía da súa divulgación até hoxe. A difusión real do texto do himno produciuse en Cuba na revista *Galicia*, da colonia galega, onde foi publicado en dúas ocasións, en 1905 e 1907, inzado de todo tipo de erros de impresión ou de interpretación, que desgraciadamente chegan até hoxe. De aquí, da Habana, retornou ao noso país en 1909, a través do libro *Apuntes para la historia del Centro Gallego de la Habana de 1879 a 1909,* que se publicou alí na Habana en 1909. E de aí, dese libro, dese libro de historia, pasou á revista *Vida Gallega*, de Vigo, que o publicou en 1910.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

As coincidencias textuais mostran que, sen dúbida ningunha, a fonte do texto do himno foi a revista *Galicia* de 1905, porque —é unha cuestión ben importante— Fontenla aínda non tiña a copia manuscrita autógrafa do texto que lle pedira a Pondal en 1910, por tanto posterior á publicación do libro.

O terceiro elo desta cadea textual é a publicación do texto pondaliano á morte do poeta no *Boletín da Academia* en 1917, en abril, que recolle a versión difundida a partir de Cuba polo citado libro *Apuntes* e pola revista *Vida Gallega*, que xa citei.

E, finalmente, o último elemento da transmisión é o paso deste texto á compilación da lírica pondaliana que a Academia Galega realizou no centenario do poeta en 1935, cando publicou o que daquela se consideraba a súa obra completa: un libro titulado *Queixumes dos pinos*, segunda edición, e *Poesías inéditas* de Eduardo Pondal.

Con case total certeza foi desta edición de 1935 que a Lei de símbolos de 1984 colleu o texto pondaliano, xa contaminado dos erros que historicamente foron transmitidos por mor das grallas ou erratas iniciais dos seus difusores na revista *Galicia*, da Habana.

Esta é a cadea de transmisión dos erros, nacidos case todos eles na publicación de 1905 na revista *Galicia* —insisto—, como xa dixen.

En síntese, velaí as deficiencias textuais que presenta a versión oficial do himno.

Primeiro, problemas de presentación e de disposición textual, porque, alén dalgunha incorrección na puntuación, na versión oficial desapareceu a indicación de que o texto é un diálogo: pregunta aos piñeiros na primeira estrofa, resposta nas seguintes.

En segundo lugar, nivelacións lingüísticas de menor transcendencia mais que non corresponden ao orixinal pondaliano: «ao» (escrito así), «transparente», «cinguido», «mais», xunto cunha mudanza de importancia métrica e estilística: o artificial «sóos» (con dous os), en vez do orixinal, e certo, «sós».

En terceiro lugar, presenza de formas idiomáticas alleas ao orixinal pondaliano; un castelanismo evidente, xamais utilizado por Pondal: «ronco», en vez de «rouco», e un hiperenxebrismo, o que repugnaría ao poeta, introducido precisamente na edición académica de 1935: «iñorantes», fronte a «ignorantes».

En cuarto lugar, a aparición de formas idiomáticas falsas, inexistentes no poema de Pondal, e mesmo na lingua galega: ese fantasmal «féridos», en lugar de «férridos».

En quinto lugar, deturpación da expresión orixinal mediante un proceso de banalización textual, con «chan» en vez de «clan», isto é, pobo, un celtismo garantido absolutamente polos usos pondalianos, incluídas as redaccións manuscritas; no manuscrito do poema aparece o céltico «clan».

É certo que os textos cantados tenden a sufrir acomodacións na fala de cada persoa que o interioriza e que o expresa no canto, mais ningún destes cambios —lembremos: castela-

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nismos, hiperenxebrismos, deformacións, interpretacións erradas— son produto da intervención popular nin da súa asunción por parte de todos os que cantan o himno. Ao contrario, estas mudanzas son resultado de, primeiro, os erros da súa impresión na Habana en 1905 e a súa posterior difusión a partir do libro de 1909 sobre a historia do Centro Galego, que sen dúbida ningunha o recolleu da citada revista *Galicia* de 1905.

En segundo lugar, a intervención dunha man da Academia, probablemente Manuel Lugrís, que en 1935 introduciu o anómalo «iñorantes».

En terceiro lugar, o traslado desde a edición de 1935 á Lei de símbolos de 1984, en que, á parte de manter todos os erros acumulados historicamente, eliminou algúns signos de puntuación e sobre todo as indicacións de texto dialogado.

O propio poeta, Eduardo Pondal, foi consciente desas deturpación textuais, que tiña que coñecer pola súa publicación en 1910 na revista *Vida Gallega*, dirixida por Jaime Solá, con quen o poeta mantiña moi boas relacións. En carta a Fontenla Leal do 11 de xaneiro de 1913, ao tempo que lle envía unha décima estrofa que Fontenla lle pedira para facer simétrico o texto do poema, Pondal advírteo, literalmente, de que o texto do noso himno contén non poucas erratas «e xa veremos de corrixilas oportunamente». Claro está, o estado de saúde de Pondal —xa con 80 anos, aproximadamente— non permitiu esa actuación correctora restauradora, que agora o Parlamento pode e debe realizar, cento quince anos após a primeira interpretación pública solemne do himno na Habana, cento trinta e tres anos despois da súa escrita e publicación.

De todos os puntos de vista, a versión certa do himno é a que esta iniciativa presenta, adaptado —claro está— á grafía moderna vixente. As probas son indiscutíbeis. O texto presentado é o verdadeiro texto de Eduardo Pondal, sen esa acumulación de anomalías lingüístico-textuais contraditorias coa escrita pondaliana.

Alén de podermos seguir paso a paso a sucesiva introdución dos erros, as probas obxectivas son ben firmes. Primeira, o texto da súa publicación no prospecto do certame musical de 1890, sen dúbida revisado polo poeta, e aínda lle podemos sumar o borrador autógrafo conservado con múltiples redaccións diverxentes. En segundo lugar, a existencia dun recorte desa publicación do folleto, que o poeta conservou, onde fixo unha única corrección que non afectaba o texto, só o título: riscou *Os pinos* e puxo *Breogán*. En terceiro lugar, a carta de 1913 en que Pondal denuncia a presenza de erros, que xa non puido corrixir por cuestións de idade e de saúde. E, en cuarto lugar, finalmente, o feito de que erros do mesmo teor reaparezan ou aparezan tamén nas restantes estrofas do poema —lembremos que ten nove estrofas o poema completo—; de ningún modo se poderá suxerir que son produto do proceso de asunción do himno polo pobo, que nunca as coñeceu nin as cantou.

Só a modo de exemplo —pois o tempo desta miña intervención non me permite máis—, véxase o que acontece coa última estrofa do poema, os versos 65 a 72. Nas edicións posteriores a Pondal, por exemplo na de 1935, alí pon: «Estima non se alcanza cun vil xemido brando calquer requer rogando con voz que esquecerán...» etc. O inicio non ten sentido, porque na realidade o terceiro verso é: «cal quen requer rogando», isto é, como alguén que solicita

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

rogando, que é o único texto certo e posíbel do punto de vista semántico e é o que aparece na edición orixinal. Isto é: «estima non se alcanza cun vil xemido brando, cal quen requer rogando con voz que esquecerán, mais cun rumor xigante sublime e parecido ao intrépido sonido das armas de Breogán.» Nesta mesma estrofa a edición de 1985 presenta «subrime» en vez de «sublime» e de novo a grafía «ao» en vez de «ó».

Despois da Lei de símbolos de 1984, non é esta a primeira vez que o himno chega ao Parlamento. En 1996 foi creada unha ponencia conxunta, presidida por don Victorino Núñez, onde eu comparecín pola publicación do estudo *De Breogán aos Pinos. O texto do Himno Galego*, en que estas alteracións foron expostas e xustificada a necesidade da súa rectificación. Aínda máis tarde, en 2002, foi aprobada por unanimidade unha proposición non de lei sobre a integridade do himno (4 estrofas, 32 versos) e a necesidade dunha campaña de difusión. E, finalmente, en 2017 de novo chegou o himno ao Parlamento a partir da publicación do volume *Himno galego: unha historia parlamentar (inconclusa)*, da profesora e exdeputada dona Pilar García Negro, con petición aos grupos parlamentarios para interesarse de novo pola restauración da letra certa do himno.

Tamén é certo que algunha institución emitiu en 2003 informe contrario á restauración do texto verdadeiro do himno. Porén, as circunstancias non son as mesmas; xa van aló vinte anos, o coñecemento avanza, a acumulación de probas continúa o seu camiño, e estou seguro de que o autor ou autores do informe serán conscientes da nova documentación.

Teño a honra de defender esta iniciativa lexislativa popular, avalada con preto de dezaseis mil sinaturas, recollidas en pouco tempo. Non é só un dereito, é tamén un deber cívico de todos nós, e mais de todos vostedes, se mo permiten, dos parlamentarios e das parlamentarias, é un deber superlativo estarmos atentos ao avance do coñecemento, á posibilidade de restauración do texto certo do himno, para confirmar a súa integridade e asegurar a súa difusión real a partir das institucións que nos representan a todos os galegos, tal como esta iniciativa propón.

Temos un himno procedente dunha peza literaria escrita por un dos pais da patria, por un dos alicerces da nosa literatura contemporánea, por Eduardo Pondal. É certo, o himno puido ter sido outro, por exemplo o de Alfredo Brañas con música de Luis Taibo. E se o noso himno fose difundido desde o interior do país, non presentaría os problemas derivados da súa impresión nas rotativas cubanas. Mais este é o noso himno, un símbolo que non é de ninguén, porque é de todos, un himno pacífico e pacifista, o inicio dun poema que comeza cunha pregunta, un texto democrático cunha chamada cívico-patriótica, como corresponde a calquera himno.

Fico obrigado pola atención que todos e todas vostedes me concederon. É certo que estamos perante unha disxuntiva: ou deixamos o texto hímnico deturpado, incorrecto, mesmo parcialmente falso, ou optamos pola verdade, recuperando o texto correcto e certo, como corresponde á dignidade do símbolo das nosas institucións e, en definitiva, do país.

Fago, pois, un apelo a que esta cámara vote unanimemente para que a iniciativa sexa aceptada e pase ao seguinte trámite. Estou seguro de que a examinaron e a valoraron con toda a atención e con todo o respecto que tal cuestión merece, pois atinxe a un dos nosos símbolos

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

fundamentais, que, en palabras de Pondal, nos identifica publicamente como «fillos e fillas da nazón de Breogán», isto é, como galegos e como galegas.

Grazas de novo pola súa atención.

(*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ferreiro.

Pode vostede seguir o debate desde o escano que lle indican agora os Servizos da Cámara.

Comezamos coa rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas.

Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Quería dende aquí saudar non só o profesor Ferreiro, senón tamén as persoas que asisten hoxe a este debate.

Ben, efectivamente, tal e como explicou o profesor Ferreiro, logo do seu inxente traballo, a quen ademais dende o Grupo Socialista queremos recoñecer, como digo, esa rigorosa investigación arredor da figura de Pondal, moi concretamente tamén arredor da letra do noso himno, non cabe dúbida que o propio Pondal advertía dos erros que existían no texto do seu poema *Os pinos*, chamado a ser o himno de Galicia xa a finais do XIX. Queda constancia —como dixo vostede tamén— desa carta que o propio Pondal enviaba a Fontenla Leal a comezos de 1913, na que lle advirte textualmente: «o texto do noso himno contén non poucas erratas» e «xa veremos de corrixilas oportunamente». Era, pois, realmente vontade de Pondal que fose corrixido. Iso parece ou é indiscutible.

Pero o debate que hoxe traemos aquí, ou se trae aquí, con esta iniciativa lexislativa popular chega nun momento acaído, xa que estamos nun tempo de reforzo das identidades; vímolo tamén estes días pasados coa aprobación, por fin, do uso das linguas oficiais no Congreso das Deputadas e Deputados. Así que benvido sexa e agardamos que tampouco remate aquí.

Pero non é este o primeiro intento, como tamén explicou. Eu entrarei máis en profundidade para tratar de acomodar o texto legal á orixinalidade do poema de Pondal. Houbo outros tres, certamente: no ano 1996, no ano 2003 e tamén no 2017, que acabou no 2018. E é importante —pensamos nós— poñer todo isto en contexto.

No ano 1996, efectivamente, hai unha solicitude de constitución de ponencia para estudar a pertinencia de facer esas modificacións. Solicitáronse varias comparecencias, non todas pui-

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

deron ser polo remate da lexislatura, pero naquelas comparecencias interviñeron os profesores Ferreiro e López-Acuña, loxicamente defendendo a iniciativa que hoxe novamente se trae aquí. Tamén compareceron nesa ocasión Baldomero Cores, Amado Rincón e Xosé Neira Vilas, con distintas opinións naquel momento; falamos do ano 1996. Se ben o letrado maior do Parlamento aprobaba esas modificacións, o editor de Pondal suxería que non, baseándose na falla naquel tempo do texto orixinal; naquel tempo dicía que, ben, quizais non era demasiado acaído. E con Neira Vilas acontecía algo diferente; así como na comparecencia da ponencia avogaba por realizar os cambios, ao día seguinte enviaba un escrito á Mesa, á Presidencia do Parlamento, rectificando, no que dicía —e abro comiñas—: «Despois de noventa anos de utilizalo, e tal como cantamos agora se axeita máis á función que o orixinal pondaliano, non temos por que cinguirnos estritamente ao poeta»; dicía Neira Vilas: «o noso pobo xa o aceptou así.» E sería así no debate a funcionalidade do himno máis atinado aos nosos tempos, algo no que coinciden —e coincidían—algunhas outras voces expertas, e onde pensamos nós que está a cuestión.

Xa no ano 2002 apróbase por unanimidade unha proposición non de lei —xa se dixo aquí—, rexistrada un ano antes, sobre o cumprimento da Lei de símbolos de Galicia, respecto de que en todos os actos oficiais se interpretase o himno completo, non só as dúas primeiras estrofas. Tamén no segundo punto falábase nesa PNL de realizar unha edición masiva da letra debidamente reproducida e corrixida para a súa popularización.

Ben, tamén no ano 2002, a iniciativa do daquela presidente do Parlamento, o señor García Leira, solicitábase ditame sobre a pertinencia ou non de recuperar novamente a orixinalidade do himno, ao profesor Ferreiro, á Real Academia Galega e ao Consello da Cultura Galega. Nesa ocasión, fóra da positividade lóxica do profesor Ferreiro, a Real Academia Galega mostrábase non partidaria de tal modificación, mentres que o Consello da Cultura Galega era algo menos contundente, pero tamén mostraba as súas dúbidas ao respecto.

Xa por último, no ano 2017, chega outra petición de ponencia conxunta na que —segundo aparece nos arquivos do Parlamento— o Partido Popular non solicitaba ningún informe, o BNG solicitaba de novo o do profesor Ferreiro e o PSdeG pediamos opinión tanto ao Instituto da Lingua Galega, que non se pronunciaba por entender que se trataba dun asunto de natureza eminentemente política, e ao investigador Anxo Angueira, que se mostraba partidario de modificar a letra dende o punto de vista estritamente filolóxico, pero pedía cautela e prudencia na actuación do poder político, dada —dicía el— a sensibilidade do tema. Neses anos, como digo, en 2017 e 2018, o Consello da Cultura Galega e a Real Academia Galega, a pesar de ser chamados a emitir un novo informe, non o facían, advertindo que, ao non terlles achegado naquel momento información nova respecto dos novos achados das investigacións distinta da que dispuñan naquel ano 2003, a súa posición seguía ser a mesma que quince anos atrás.

Ou sexa, no día de hoxe, e pese ás novas evidencias científicas —obras do traballo do profesor Ferreiro—, non temos novos informes ou manifestacións que avalen unha postura ou outra. E parece que o debate aínda está moi aberto, fóra da cuestión estritamente filolóxica, que esa si que nos parece que está clara.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, se nesta cronoloxía que acabo de explicar, engadimos hoxe esta iniciativa lexislativa popular, hai que ter en conta que, de ser aprobada a súa toma en consideración, debera tramitarse como un proxecto de lei. E ¿isto que significa? Que se abriría de inmediato un período de presentación de emendas, para logo constituír unha ponencia de discusión destas emendas, nas que si que cabería presentación de informes e consulta de persoas e institucións expertas, pero xa coas emendas presentadas. É dicir, o proceso de escoita non é previo ao traballo parlamentario co texto. E é que, efectivamente, a tramitación parlamentaria é excesivamente ríxida e eu diría case que caprichosa, pero é a que é. E entenda que nun debate como é o de mudar un dos tres símbolos oficiais de Galicia esta maneira de proceder non nos parece que teña demasiado sentido, porque pretendemos —repito— modificar un dos tres símbolos oficiais de Galicia, símbolos que nos identifican como pobo, que nos outorgan unha identidade singular, reforzada ademais pola nosa lingua.

E é por iso que se precisa dun amplo consenso —pensamos nós— parlamentario, pero tamén social e cultural. E por iso hai tamén que escoitar de maneira rigorosa as máximas institucións do país con competencia na materia. Estamos diante dunha decisión que debe acadar o consenso do pobo, e para iso este parlamento e os grupos que o conforman, no que está, efectivamente, depositada a soberanía do pobo, precisamos contar con toda a información para poder traballar co coñecemento científico para poder tomar unha decisión baseada na rigorosidade.

Porque non confundamos. Este asunto ¿debe ser a política quen o resolva? Si, obviamente si, pero contando —digo— co maior dos consensos posibles; un consenso que non existía hai corenta anos e que tampouco existía hai vinte. E ¿agora hai ese consenso? Pois é posible, e oxalá que o haxa, pero para iso temos que establecer un debate sereno e positivo, sobre o que, como digo, é un dos símbolos identitarios máis fermosos que temos.

Con actitude positiva, pensando que a vontade de Pondal ao escribir o poema *Os pinos* era de corrixir os erros, agora sabémolo, serán as novas evidencias científicas as que entendemos deben ser tidas en conta con eses novos informes ou valoracións. Nós queremos un estudo concienzudo que analice a pertinencia deses cambios, que teñen que ver agora con cuestións máis sociolóxicas que filolóxicas, que xa quedaron demostradas —como digo— polo profesor Ferreiro. E aí está a cuestión. *Os pinos* é hoxe máis que un poema, e aquí está un dos debates —ou o debate—: o himno, poema de Pondal, pero patrimonio hoxe de todo o pobo, que o asume orgulloso.

Con esta cuestión, por tratarse dun símbolo de identidade do país, deberamos proceder como coa recente Lei —¿por que non? — do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres, que, non sen poucas vicisitudes, acadou o maior dos consensos no país, e pensamos nós que ese debera ser o escenario.

Que saiban tanto os promotores desta iniciativa como os máis de quince mil asinantes do noso compromiso con esta cuestión. E para iso hoxe aquí nós queremos propoñer a creación antes que nada, porque consideramos que é necesaria, dunha comisión especial de estudo no seo do Parlamento, na que as parlamentarias e os parlamentarios poderemos debater coas persoas expertas, preguntar e repreguntar, e da que sairá un ditame o máis rigoroso

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

posible, e seguro, ademais, estamos convencidas de que con vontade propositiva, coa intención de dilucidar a conveniencia de que o noso himno recupere o seu texto orixinal.

Que non se interprete a posición do Partido Socialista como un non a esta iniciativa lexislativa popular, senón todo o contrario. A nosa posición pretende ser o comezo dun camiño xa definitivo para tratar na Cámara de representación do pobo galego un asunto que concirne a un dos símbolos cos que nos identificamos as galegas e os galegos. Esta ILP —pensamos nós— ten que ser entendida como o comezo do final do camiño dunha reivindicación que, sendo xusta, deberá contar —repito— co consenso político, pero tamén co consenso social e cultural.

Non caerá en saco roto esta petición formal, non o fará, pero entendan que, por tratarse dun asunto sobre o que pivota a representación da nosa identidade, merece hoxe unha reflexión profunda e rigorosa para poder tomar a decisión máis axeitada. Hoxe é o comezo, hoxe para nós é o comezo. Que saiban que poden contar con nós para darlle o maior impulso, que llo daremos, e tamén tratalo coa máxima celeridade. Hai que rematar. Como digo, este debe ser o final dese camiño iniciado hoxe con esta ILP. E para que quede constancia do noso compromiso, de contar cos apoios hoxe necesarios, formalizaremos a petición desta comisión especial parlamentaria de estudo nesta mesma sesión plenaria.

Nada máis, moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Obrigada, presidente.

Moi bo día, señorías.

Moi bo día e benvida ás persoas convidadas que hoxe nos acompañan nesta cámara, e benvida moi especial ao profesor Manuel Ferreiro; foi unha honra volver escoitalo hoxe aquí e voltar a tantas sesións marabillosas con lecciónns maxistrais recibidas de vostede nas aulas de Filoloxía da UdC.

Temos himno porque temos sentimento de patria. Hoxe herdamos e subscribimos esta afirmación. E digo herdamos e subscribimos porque evidentemente non é nosa, nin moito menos é actual. Son palabras do músico Pascual Veiga, que verbalizaron, primeiro, un soño, un pensamento, hai máis dun século, para logo ser unha realidade, materializada na primeira interpretación musical do poema *Os pinos*, de Eduardo Pondal, o 20 de decembro de 1907, no Gran Teatro da Habana. Na Habana, si, fóra da patria, nesa Habana que, como Bos Aires, foi terra irmá que asumiu ser cordón umbilical da sementeira cultural, lingüística e identitaria galega, que como nación nos foi negada tantas veces por imposición do centralismo colonial e uniformizador español.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Temos poema, temos himno, porque temos lingua e porque temos historia propia. *(Aplausos.)* A necesidade de fixar os tres símbolos nacionais principais (o escudo, a bandeira e o himno) é algo que nos une á inmensa maioría das nacións europeas ao longo do século XIX, co obxectivo de proclamar a súa soberanía como pobo, a súa identidade, revelar o seu pasado e soster a vontade de permanencia ao futuro.

A inquietude intelectual e a axitación cultural que representa o noso Rexurdimento no século XIX deu os primeiros pasos para a creación do noso himno nacional, derivado dese sentimento tan nobre da necesidade de termos un símbolo que nos identifique colectivamente como pobo galego.

A partir de 1880 sucédense diferentes iniciativas dun proceso que levou mesmo a facer coincidir varias propostas —como perfectamente explicou o profesor Ferreiro—, mais a simbiose poético-musical veiga-pondaliana conseguiría a declaración de oficialidade para todos os actos do Centro Galego da Habana, ese primeiro paso fundamental antes de voltar a partitura a Galiza e se espallar a súa interpretación en actos solemnes e institucionais. E así até chegarmos á páxina definitiva desta historia, asinada polos homes e mulleres das Irmandades da Fala, que en 1916 declaran o himno pondaliano como himno nacional galego, complementándose a partir de aí o proceso de socialización e de popularización ao ser incorporado en todo tipo de actividades culturais.

A proscrición, a penalización do noso himno na Ditadura militar fascista non impediu que sobrevivise, autocensurado ou exiliado, na conciencia e no corazón das xentes do país, mais tamén, máis unha vez, nas comunidades galegas na América. Recuperado con normalidade polas organizacións políticas democráticas, unha vez rematada a Ditadura, o himno pondaliano é por fin institucionalizado na Lei de símbolos de Galiza, aprobada no Parlamento galego en 1984, destacando literalmente, «a necesidade de oficializar a letra e a música que Pondal e Veiga puxeron na memoria e na boca dos galegos». Dixemos recuperado, hai xa case corenta anos, mais non podemos dicir aínda restituído, xa que aínda perviven erros gráficos na súa letra, que hoxe nesta cámara, desde a responsabilidade e a representación que a sociedade galega nos concedeu, debemos comezar a resolver de vez.

A transmisión irregular do poema de Eduardo Pondal, como ten perfectamente analizado o profesor Manuel Ferreiro, máximo especialista e investigador do noso himno mais tamén da obra poética en conxunto de Eduardo Pondal, xustifica que sexa necesario restituír a letra que se recolle na Lei de símbolos para rehabilitar o noso símbolo nacional colectivo, e deste xeito pór tamén fin ao que a profesora e exdeputada desta cámara Pilar García Negro denomina como «unha historia parlamentaria (inconclusa)». Inconclusa, porque xa houbo nesta cámara varias oportunidades fanadas, a partir de diferentes tramitacións parlamentarias defendidas pola deputada do BNG no seu día Pilar García Negro, nos anos 1996, 2001 e 2002.

No BNG apoiamos hoxe esta demanda popular de restitución do texto orixinal, avalada por case dezaseis mil sinaturas, así como por declaracións institucionais e mocións aprobadas en diferentes concellos e deputacións. Desde o BNG queremos agradecer e parabenizar este compromiso social, xeneroso, contundente e inequívoco, a prol da restitución do texto do noso himno, impulsado por Vía Galega e Galiza Cultura, unha corresponsabilidade á que debemos pór o ramo dunha vez nesta cámara lexislativa.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tres principios amparan o apoio do Grupo Parlamentario do BNG: a xustiza histórica, a reparación da verdade e o rigor científico.

A descuberta de redaccións manuscritas, e sobre todo da primeira publicación do texto autorizado polo poeta no 1890, así como a vontade explícita do autor de liberar o texto de non poucas erratas, que «xa veremos de corrixilas oportunamente», tal e como lle escribiu por carta a Fontenla Leal en 1913, convértense en argumentos científicos académicos para avalar as necesarias correccións, respectando sempre a vontade autorial.

Quixo Pondal que o noso himno nacional comezase cunha pregunta: «¿Que din os rumorosos?». Corenta anos despois do recoñecemento oficial do poema *Os pinos* como himno nacional galego, a sociedade galega toma a palabra para interpelarnos hoxe nesta cámara. ¿Que din os deputados e as deputadas do Parlamento galego, sede da soberanía do pobo?

No BNG dicímoslle á sociedade que nos comprometemos co noso voto a favor á toma en consideración desta Proposición de lei, de iniciativa popular, para a restauración do texto fidedigno do himno galego e a súa difusión. Falou a filoloxía, falou a ciencia por tanto, falou a sociedade a favor da restitución da letra do noso himno e a súa posta en valor, para colocar un punto final a un pretérito imperfecto e abrir un novo parágrafo a un futuro incondicionado.

Tócanos agora falar a nós, señorías, e desde o BNG queremos contribuír ao consenso co noso voto a favor por respecto ao alto valor literario do poema *Os pinos,* de Eduardo Pondal, por respecto á investigación filolóxica do profesor Manuel Ferreiro, por respecto á representación simbólica colectiva que implica o noso himno para o pobo galego e por respecto á iniciativa popular, que hoxe entendemos que é a grande protagonista aquí.

Hoxe a prioridade debe ser pensar en Galiza desde nós, e votar en clave galega, conforme as demandas da sociedade galega. Temos un bo precedente no pleno do pasado mes de xullo onde o consenso permitiu que, por fin, fose unha realidade a aprobación unánime da Lei do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres. Tócalle a esta cámara agora continuar a espertar do seu sono e colocarse á altura dunha sociedade que xa acordou e que está a dicirnos que os tempos son chegados.

E, para rematar, en relación coa intervención da portavoz do Grupo Socialista, queremos dicir que nós entendemos que debemos respectar o formato de proposición de lei de iniciativa lexislativa popular. É unha cuestión de vontade política que efectivamente hoxe abramos a porta a esa oportunidade; é unha urxencia que a vontade política actúe para resolver os erros do pasado. Non podemos ir nesta cámara sempre por detrás do pobo galego; como mínimo, se non somos capaces de anticiparnos, si deberiamos acompañalos.

Hoxe votamos simplemente a admisión a trámite, o comezo do camiño, non lle pechemos a porta. No desenvolvemento da ponencia posterior que derivará tamén se contempla o trámite de audiencia que for preciso para contrastar todo aquilo que sexa necesario. Estamos no final desta lexislatura e entendemos que non debe haber máis demoras para esta cuestión.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Obrigada.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, señor presidente.

Permítanme que comece saudando a presenza do profesor Ferreiro e saudando tamén os convidados que nos acompañan na tribuna, a comisión promotora desta iniciativa lexislativa. Sexan, señorías, as miñas primeiras verbas para manifestar a gratitude do Grupo Parlamentario Popular a todas esas galegas e galegos que optan por impulsar ou asinar unha iniciativa lexislativa popular, esta ou calquera outra, no convencemento de que así están contribuíndo a facer unha Galicia mellor.

Cada iniciativa lexislativa popular debatida neste parlamento reafírmanos na convicción de que acertamos cando decidimos modificar, desafortunadamente en solitario, a Lei de iniciativa popular para facela máis asequible a todos os cidadáns do noso país, obrigando a que se debateran estas iniciativas no primeiro ou segundo pleno inmediatamente posterior a completar a súa tramitación. Atrás quedaron os días das iniciativas populares eternamente adiadas á conveniencia do goberno de turno, para desesperación dos promotores. Creo que isto foi un grande avance democrático. *(Aplausos.)*

Quero agradecer ao profesor Ferreiro —agradézollo sinceramente— pola súa contribución rigorosa, que nos achega a un mellor coñecemento da obra de Pondal; quero igualmente agradecer á comisión promotora por trasladar o debate desas aportacións a este Parlamento de Galicia; e quero tamén dar as grazas a eses case dezaseis mil galegas e galegos que amosaron o seu interese pola nosa cultura e os nosos símbolos asinando esta iniciativa lexislativa popular.

Señorías, eu quero comezar deixando ben claro as bases desta intervención. Non está no meu ánimo, nin sequera ao meu alcance, cuestionar as aportacións do profesor Ferreiro sobre a vontade de Pondal á hora de definir a versión última e definitiva do seu poema *Os pinos*; debe ficar ese debate en ámbitos exclusivamente académicos. A este Parlamento de Galicia corresponde, nada máis —e tampouco nada menos—, determinar se tales achegas deben ser incorporadas ou non, total ou parcialmente, ao noso himno, e quixera deixar ben clara esa distinción, porque, namentres a versión última da obra literaria de Eduardo Pondal é patrimonio exclusivo do poeta, o himno de Galicia é patrimonio colectivo de todo o pobo galego.

Os símbolos da Galicia estatutaria non foron escollidos en virtude do seu rigor académico, senón polo convencemento profundo do lexislador de que estaban fondamente arraigados no imaxinario colectivo do pobo galego, e aí radica a súa forza. A letra de Pondal non adquire a condición de himno polo seu rigor filolóxico nin polas súas virtudes poéticas, que por su-

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

posto non se pretenden negar. Do mesmo xeito que a nosa bandeira ou o noso escudo non son froito dunha sesuda análise heráldica, que, como ben saben, podería ter aconsellado algunha outra opción diferente. Os tres, bandeira, himno e escudo, foron recollidos no artigo 6 do noso Estatuto, e reza así no seu primeiro apartado: «A bandeira de Galicia é branca cunha banda diagonal de cor azul, que a atravesa dende o ángulo superior esquerdo ao inferior dereito.» Recóllea e descríbea. Nembargantes, no punto 2 determina o seguinte: «Galicia ten himno e escudo de seu». Resulta imposible pasar por alto que tan só a bandeira de Galicia aparece descrita con certo detalle neste artigo, en contraposición á concisión coa que son mencionados o himno e o escudo do país.

A razón desta concisión foi obxecto de aclaración por parte do lexislador no preámbulo da Lei 5/1984, de símbolos de Galicia, a mesma que hoxe se pretende modificar a través desta iniciativa lexislativa popular. Abro comiñas: «Da lectura desta disposición, que non se remite a un desenvolvemento lexislativo, cabe doadamente pensar que os redactores da nosa lei estatutaria tiñan ben presente que xa existían no ánimo e no pensar do pobo galego o himno e o escudo e que, polo tanto, non cabían sobre a súa regulación máis dúbidas que as que veñen impostas pola necesidade de oficializar a letra e a música de Pondal e Veiga que puxeron na memoria e na boca de todos os galegos».

Polo tanto, señorías, non pretendía o lexislador instaurar *ex novo* os símbolos de Galicia, senón oficializar aqueles que os galegos de acá e de acolá foron transmitindo de xeración en xeración, a modo de legado, ata que a chegada da democracia a España permitiu a súa definitiva consolidación como elementos identitarios deste país por este parlamento que representa o pobo galego.

Non eliximos como símbolo de Galicia o himno gañador do concurso de 1900, nin o de Brañas e Taibo, nin calquera outro; pero nin sequera o presentado por Pondal e Veiga a aquel concurso. Eliximos o himno que cantaron Castelao e Risco e tantos outros galegos que mantiveron acesa a chama da nosa cultura e da nosa identidade en tempos tenebrosos que ameazaban con extinguila definitivamente. Pode que a letra que entoaran non se correspondese exactamente coa obra orixinal do bardo de Ponteceso. Pero incluso cos erros, coas contaminacións ás que aludía, propios daquel tempo que lles tocou vivir, non podemos obviar o enorme valor simbólico dese legado.

Estas consideracións que lles fago, señorías, non pretenden converter ningún símbolo ou texto legal en elementos sagrados e inmutables, pero si establecer con claridade as premisas que consideramos imprescindibles para abordar a súa posible modificación. Porque nosa, destes parlamentarios, é a responsabilidade de que os símbolos que os galegos adoptamos de forma consensuada e pacífica non se convertan en causa ou en escusa de enfrontamentos. Non seriamos dignos de representar este pobo se incorrésemos nun erro de tamaña magnitude.

As modificacións contidas nesta iniciativa lexislativa popular xa foron avaliadas polo Parlamento de Galicia en anteriores ocasións —como ben se relatou aquí—, sendo rexeitadas, de conformidade, por certo, cos informes dos expertos e principais institucións académicas do país. Pero ben é certo que apareceron novas probas, probas que por certo aluden por parte

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de Pondal á existencia de erros nese himno, aínda que non sinalou concretamente a cales se refería.

Pero o que é evidente é que estes antecedentes parlamentarios nos obrigan a consultar a esas mesmas institucións o seu parecer, pois, ao noso entender, suporía unha enorme falta de respecto voltar abrir este mesmo debate sen esa consulta previa, despois de que obren no Parlamento reiterados informes negativos sobre esta cuestión.

Nós, nos últimos días —supoño que como o resto dos grupos—, contactamos con distintas persoas que ao noso entender poderían aproximarnos ao sentir xeral destas entidades. Realizadas as pertinentes consultas, creo que estamos en condición de afirmar que o posicionamento deste Grupo Parlamentario Popular coincide co sentir maioritario de institucións como a Real Academia ou o Consello da Cultura, polo menos en tres cuestións fundamentais: a primeira, máxima disposición para estudar calquera nova evidencia científica que aporte luz á cuestión que hoxe estamos a debater; a segunda, a necesidade de que ese estudo se realice dende unha análise pausada e reflexiva; e a terceira, a existencia dun amplísimo consenso social como requisito necesario para introducir calquera cambio no que é patrimonio de todos.

Nós a estes tres requisitos —creo que coincidentes por unha amplísima maioría— queremos explicitar un cuarto: namentres este grupo parlamentario ostente a maioría na Cámara, cremos que non se debería producir ningún cambio nos símbolos de Galicia sen que exista unanimidade parlamentaria; para nós este debera ser tamén un requisito imprescindible.

Cremos que o mellor instrumento para tal fin —e nisto coincido co Grupo Socialista— sería unha comisión de estudo no Parlamento de Galicia que permita abordar esta cuestión sen sometemento aos moi estritos prazos de tramitación dunha iniciativa lexislativa popular. E por iso queremos que entendan o noso voto de hoxe non como un punto final a esta iniciativa, senón como o primeiro paso para tramitala coas máximas garantías.

Nós proporemos a creación desa comisión especial de estudo, proporemos tamén a incorporación a esa comisión do expediente que conforma esta iniciativa lexislativa popular e solicitaremos, entre outras, a comparecencia do profesor Ferreiro para que poida explicar algo máis de vagar que hoxe a importancia dos seus achados. Somos o grupo maioritario e poderiamos facelo sos, os escanos que temos permítennos facelo conforme se establece no Regulamento; pero cremos sinceramente que o ideal sería unha solicitude conxunta asinada polos tres grupos. Eu teño preparada aquí esa documentación e, se os grupos están de acordo, poderiamos asinala hoxe mesmo diante da propia comisión.

Creo que o exemplo ao que se fixo aquí mención da Lei do Panteón é como se deben de tramitar estas cuestións. Primeiro, desbrozamos todas as dificultades, e iso foi o que facilitou o consenso final para a aprobación daquela lei. Cremos que o mesmo debemos de facer con esta tramitación dunha posible modificación do himno. Estamos convencidos de que Galicia e os seus símbolos non merecen menos.

Máis nada e moitas grazas.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Réplica, por un tempo de cinco minutos, señor Ferreiro.

O señor FERREIRO FERNÁNDEZ: Señor presidente.

Señoras parlamentarias, señores parlamentarios.

É verdade que eu descoñezo os usos desta cámara e non sei se o ton que vou utilizar será o axeitado. Os meus auditorios non son deputados e deputadas, se acaso son estudantes pola miña dedicación profesional como catedrático de Filoloxía Galega na Universidade da Coruña. Pero, ante as intervencións dos tres voceiros —ou de dúas voceiras e un voceiro dos tres grupos desta cámara—, permítanme facer unha distinción.

Por un lado, agradezo as palabras dedicadas ao traballo de investigación que modestamente realicei ao longo de moitos anos, de verdade que llelo agradezo de corazón; e, nesa liña tamén, agradezo o apoio manifestado pola señora deputada Mercedes Queixas Zas a esta iniciativa lexislativa popular. Por outra banda, vexo unha coincidencia fundamental entre dous grupos políticos —ou os seus voceiros, a deputada Susana Díaz Varela e o deputado Alberto Pazos Couñago—. Se me permiten, vou ir neste breve espazo de tempo por orde segundo as notas que tomei.

Fíxose un repaso aquí da actividade parlamentaria previa para este himno desde 1996. Claro que coñezo as intervencións que se produciron aquí en 1996, claro que coñezo as viraxes que algún dos intervenientes fixo e claro que coñezo os informes que dúas institucións fixeron sobre esta cuestión.

Mais permítanme dicir —e quero ser ben interpretado—, con toda humildade e modestia pero tamén con toda —se queren— a autoridade que me confire ter dedicado moitos anos da miña vida académica e investigadora a estudar a obra e a figura de Eduardo Pondal, a publicación de dez libros e a publicación de innúmeros artigos e capítulos de libro, que, en primeiro lugar, con relación aos informes, que se percibe —e vounos mesturar para a súa análise— un desleixo na súa confección, de maneira que un deles é absolutamente escuálido —estou sendo bondadoso na súa cualificación— e o outro cheo, absolutamente, atravesado de erros mesmo de máquina, por tanto desleixado.

Os dous informes aseguran, erradamente —como creo que acabaron de escoitar—, que Pondal coñeceu o texto e que non dixo nada, din que tolerou os erros, din que é difícil saber cal é a versión última. De verdade me poden crer que no relativo á obra de Pondal sabemos perfectamente cal é a versión última dos textos impresos, non saberemos ben a versión última dos textos que deixou manuscritos, mais na dos impresos non hai ningunha dúbida; talvez no futuro, polo que acabo de escoitar, terei ocasión de explicalo con máis tranquilidade. Mesmo se chega a dicir que o pobo luíu as arestas disonantes do texto do himno. Claro, chamarlle luír as arestas disonantes a que un tipógrafo poña un *n* en vez dun *u*, como é moi ha-

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

bitual nos textos do século XIX e do século XX, das primeiras décadas; que onde ten que haber dous erres en «férridos» desaparece un erre; que onde aparece un gue, pola grafía etimolóxica de Pondal, apareza un u, espurio, pois a verdade é unha expresión desafortunada.

Dise tamén nese informe, e mesmo por parte dos ilustres deputados —dous ilustres deputados que aquí interviñeron—, que o pobo xa sabe o texto; mesmo se alude aos escolares. Se esta fose unha aula, eu podería facer un exame e podería aprobar e suspender; a min permítanme dubidar desta afirmación, entre outras cousas, porque o himno non forma parte do currículo escolar, desgraciadamente. E mesmo se di que os cambios —ou sexa, a restauración— poderían ser mal acollidos, e non deixa de ser un xuízo de valor; posición, por certo, mudada na actual páxina da Academia, por exemplo, ao respecto da palabra «clan»; e non teñen máis que consultar o apartado que lle chaman *Setestrelo*, publicado hai cousa de quince días ou tres semanas.

Claro que se precisa dun amplo consenso, efectivamente; precisan dun amplo consenso e precisan de toda a información. Penso sinceramente que desde 1996 até hoxe houbo tempo para ter esa información e hai materiais sobrantes. Proponse aquí a formación dunha comisión. Eu non coñezo moito os usos parlamentarios, mais si sei que se se admite a trámite esta iniciativa lexislativa popular, se se conforma unha comisión, esa comisión pode ter todo, xa sei que non ten moito tempo, mais ten todos os medios ao seu dispor para tomar as decisións que lle parezan oportunas. Os días veñen moi mestos e veñen uns detrás dos outros e ao longo dun mes hai tempo a facer —creo eu— moito traballo.

No relativo a que se pida que non se interprete como un non a esta proposta, ao final os señores deputados, as señoras deputadas, terán que votar ou si ou non, ou se admite a trámite ou non se admite a trámite.

Claro está, Pondal non sinalou os erros —como dixo o voceiro do Partido Popular—; só faltaba que Pondal á súa idade e nas súas condicións —practicamente cego, que case nin sequera era capaz de escribir— sinalase erro tras erro no texto e mesmo profetizase que en 2023 se ía estar aquí discutindo sobre cal era a vontade autorial, a letra de Pondal, como di literalmente a Lei de símbolos, e o certo é que o himno oficial non é a letra de Pondal.

Claro que esa comisión que aquí eventualmente se pode formar, de ser admitida a trámite, pode pedir os informes que lle pareza pertinente, pódense estudar todas as novidades que existan; claro que é interesante o consenso social, aínda que eu penso que se confunde consenso social con consenso institucional; e claro que é de desexar a unanimidade.

En definitiva, como lles dicía, trátase de optar entre manter un texto hímnico deturpado, incorrecto, mesmo parcialmente falso, e permítanme que repita as palabras, ou optar pola verdade recuperando o texto correcto e certo, como corresponde á dignidade do símbolo.

Eu fágolles unha petición a que reconsideren a súa posición, porque sinceramente desde 1996 até hoxe pasaron —teño que botar as contas— creo que vinte e sete anos. Son moitos anos, moitos, moitos anos para seguir cun himno que non responde á vontade de Pondal,

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que presenta unha cantidade importante de incorreccións, de formas mesmo inexistentes na lingua, para que todos nos sintamos orgullosos e orgullosas no momento de cantarmos o himno. Xa hai moita xente que o canta ben, mais aspiramos a que o pobo no seu conxunto o interprete correctamente.

En fin, reitero o agradecemento por escoitarme nestas dúas ocasións e desexo que obren en conciencia, que obren polo ben de Galiza en xeral e dos nosos símbolos en particular.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ferreiro.

Prégolles aos Servizos da Cámara que acompañen o señor Ferreiro á tribuna de invitados.

(Pausa.)

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate desta iniciativa popular, procedemos á votación da mesma.

Votamos.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, para a restauración do texto fidedigno do himno galego e a súa difusión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 54.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.

Rematou aquí este punto e continuamos coa orde do día, comparecencias.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Acumúlanse dúas comparecencias.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por petición propia, para informar do inicio do curso 2023-2024 no ensino non universitario de Galicia

Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por petición dos dezanove deputados e deputadas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para informar da dotación docente, do número de centros e unidades e da situación da educación pública en xeral neste inicio de curso

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Polo tanto, para formular a intervención sobre este asunto, ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, don Román Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Un ano máis teño a responsabilidade e tamén o honor de comparecer nesta cámara para informar do inicio do curso, neste caso do curso 2023-2024, e fágoo varios días despois do comezo da actividade lectiva, coa intención de render contas e explicar onde estamos, as decisións que nos trouxeron aquí e tamén cara a onde queremos ir.

Este será o marco, o deseño da miña intervención, pero antes quixera agradecer e destacar dous aspectos. Por unha banda, a honra que para o ensino galego tivo o feito de que a raíña Letizia acudise hai moi poucos días, en concreto o 11 de setembro, a un concello moi próximo de aquí, a Sigüeiro-Oroso, para inaugurar o curso escolar en infantil e primaria no Colexio do Camiño Inglés; e tamén, e por outra, e tal como fixen nunha recente reunión do Consello Escolar, volver expresar e manifestar todo o recoñecemento e o agradecemento a todos os membros da comunidade educativa: ao alumnado, ás familias, aos docentes, ao persoal non docente, aos equipos directivos e, en definitiva, a todas aquelas persoas que forman parte do sistema; un recoñecemento ao seu traballo, ao seu compromiso coa educación de Galicia, que no fondo é tamén falar do compromiso polo futuro de Galicia. *(Aplausos.)*

Como saben, cada curso escolar é un novo reto de organización; implica habilitar e xestionar abondosos recursos materiais e humanos para atender a un número de alumnos que cada ano sofre variacións, é cambiante, e que conta con necesidades distintas e en distintos lugares; é dicir, cada curso hai un mapa educativo estable pero á súa vez tamén un mapa educativo vivo, que muda todos os anos.

Transcorridos xa uns días, podemos resaltar que, salvo pequenas cuestións moi puntuais, o curso escolar se está desenvolvendo cunha gran normalidade, cunha total normalidade diría eu. E agardemos que siga así, que sexa un bo ano, e non dubiden tampouco de que se buscarán, que buscaremos solucións a calquera pequena incidencia que ao longo do curso poida ir xurdindo no seu transcurso.

Esta consellería, dentro das competencias que ten atribuídas por lei, cada ano cumpre coa súa obriga, unha obriga de planificar, regular e administrar o ensino galego en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades. E un curso máis tomáronse as decisións necesarias, organizando a actividade dos centros educativos tendo en conta unha serie de criterios (criterios pedagóxicos, demográficos, xeográficos) e por suposto tamén unha xestión responsable dos recursos públicos.

E quero mencionar que todos estes criterios que acabo de dicir teñen que ter e deben considerarse nunha globalidade, tendo en conta unha relación duns con outros.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Traballamos para garantir o ensino das persoas en igualdade de oportunidades e con independencia de onde vivan. Galicia funciona como un distrito educativo único, onde un alumno ten as mesmas posibilidades con independencia do lugar onde estude ou resida.

A rede de centros sostidos con fondos públicos ten implantación no conxunto de todo o territorio galego. Por suposto, a Xunta de Galicia está comprometida para garantir unha educación pública e de igualdade e de calidade, en igualdade de condicións tamén en todo o territorio, por suposto nas zonas rurais.

Proba disto hai un dato: o sobreesforzo que significa o investimento dun 28,6 por cento, case un 30 por cento, máis no rural por alumno comparativamente coas zonas urbanas. En concreto, destinamos aproximadamente arredor de 9.000 euros por alumno do rural fronte aos 7.000 do alumno nas cidades.

En Galicia, co actual sistema de organización que presentamos, temos un dos mellores sistemas educativos de España, vangarda en moitas variables, e somos homologables e incluso superamos algunhas das rexións europeas que sempre tivemos como referencia.

Por suposto, sempre aparecen demandas, sempre aparecen novas oportunidades, que hai que analizar, avaliar e reflexionar. Niso estivemos, estamos e estaremos. Pese a que moitas veces se diga o contrario, o equipo desta consellería entende que todo se pode avaliar, e avaliar con coherencia, estudando as opinións dos distintos axentes da comunidade educativa na procura das melloras e os avances para o conxunto do sistema.

En cada curso toca facer unha adecuación dos recursos humanos, dos recursos materiais e das necesidades nas diferentes etapas educativas. Por exemplo, ten que haber os docentes que son precisos en cada momento e en cada lugar para atender ás necesidades educativas do alumnado, que, como saben, nunca teñen ou non teñen sempre as mesmas características en cada curso.

A rede de centros, coas respectivas unidades educativas e postos de traballo, está suxeita a unha continua adaptación debido á evolución das exixencias de escolarización e ao compromiso de atender á diversidade e ás necesidades educativas especiais.

Neste contexto, hai que valorar como se corresponden os esforzos de organización e distribución de recursos. Así, este curso 2023-2024 dentro do ensino público, e sen contar coa formación profesional, temos aproximadamente 1.800 alumnos menos e, non obstante, imos ter máis profesores, temos máis profesores e máis unidades educativas.

Este curso arrancou no conxunto do sistema con 311.823 alumnos, dos cales 225.013 son alumnos do sistema público, que están distribuídos en 11.924 aulas. Insisto: son preto de 2.000 alumnos menos no conxunto do sistema, pero que teñen unha incidencia tremendamente especial en infantil e primaria. Estamos a falar en infantil e primaria de practicamente 2.650 alumnos menos, que se acumulan tamén á redución de alumnos nestas etapas nos anos anteriores, debido, como todos vostedes saben, á redución e á contracción natalista que temos en Galicia. Temos, iso si, unha lixeira subida niso, arredor de 1.000, e unha bai-

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xada tamén moi leve en bacharelato, arredor de 120 menos. En resumo, os 1.800 alumnos menos que dixen anteriormente.

E, certamente, estamos neste ano ante o terceiro máximo orzamento da historia no eido educativo, arredor de 2.900 millóns de euros. Cando se fala de recortes, hai que ter este dato encima da mesa.

Tamén noutro dato, referente ao investimento por alumno, e se extraemos Navarra e o País Vasco, por razóns obvias, vencelladas ao seu réxime fiscal, Galicia é, xunto con Cantabria, a comunidade autónoma en que temos o maior investimento por alumno do conxunto de España, moi por riba da media nacional.

E, como xa dixen, pese ao descenso demográfico, a Xunta mantén estable a estrutura dos colexios e mesmo incrementa a dotación de profesorado e as unidades educativas, pensando fundamentalmente en atender ás necesidades do 100 por cento do alumnado.

Outro dato: o ratio de alumnos/profesor en Galicia é dos mellores de España. Falamos dun 9,8 por cento fronte á media estatal, que está nun 11,4 por cento.

É certo que, por falta de alumnos, non abriron a súa porta catro escolas, unha en Laxe, outra en Padrón e outra en Vimianzo, que non chegaron ningunha das tres aos catro alumnos.

E hai outro dato que nos ten que levar a unha reflexión como país tremendamente significativa. Este curso académico ofertáronse ao conxunto do sistema 26.000 prazas de educación infantil e primaria e só se cubriron 15.000. É dicir, temos un problema demográfico moi forte, unha caída natalista moi forte, que impacta dun xeito moi directo nas aulas fundamentalmente de infantil e primaria.

E, pese a iso, como acabo de dicir, temos un incremento de profesorado: 370 profesores máis, deles 260 na formación profesional. Sacando da ecuación a formación profesional, temos 70 profesores máis que están orientados a mellorar a calidade do sistema educativo, actuando alí onde máis se necesita, pensando na redución do fracaso escolar e orientados a previr o abandono e atender á diversidade. Tamén temos 40 profesores máis orientados a dar servizo aos incrementos de grupo que se dan na ESO e en bacharelato; e en infantil e primaria, pese a ter esta redución tan forte de profesorado, mantemos estabilizado o número de profesores. É moi importante o profesorado, é a clave de bóveda do sistema, sen dúbida ningunha, e por iso nos preocupa a súa situación laboral, por iso nos preocupa a súa estabilización.

Este ano vimos de rematar un proceso de oferta pública de emprego que vencellaba dous anos, neste caso o ano 2022 e o 2023; unha oferta de emprego público especial que chegou a 4.000 prazas. Isto levou a que Galicia, que xa era a comunidade autónoma de España cunha menor taxa de profesores interinos, cunha menor taxa de interinidade, siga séndoo. Na actualidade, a taxa de interinos estruturais en Galicia é do 2 por cento. En España o Ministerio quería —con este proceso de estabilización— que fose do 8 por cento. Se sumamos os estruturais e os non estruturais, estamos tamén por debaixo deste 8 por cento. Estamos, en definitiva, na menor taxa de profesores interinos, os profesores máis estabilizados no con-

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xunto de España. E non queremos parar aí, queremos seguir dando garantías ao profesorado garantindo a súa estabilidade.

Hai moi pouco tempo o presidente Rueda xa anunciou que neste curso académico imos ter unha nova oferta de emprego público para seguir, por suposto, apostando polo profesorado, pola súa estabilización. Obviamente, é aínda moi cedo para fixar o número; fixarémolo cando teñamos os datos concretos.

En definitiva, sempre, todos os anos, o sistema educativo galego conta cos docentes que son precisos para atender as necesidades educativas do alumnado galego, que nunca son iguais nin nas etapas, nin en función de cada un dos centros.

E unha vez máis, queremos manifestar en nome do Goberno galego o noso máis profundo agradecemento aos profesionais, que son os auténticos responsables dos grandes avances que tivemos nos últimos tempos.

Como dicía, o curso escolar comezou hai moi poucos días, con 312.000 alumnos en todos os réximes, salvo na formación profesional. No ámbito da formación profesional, a matrícula está a piques de rematar, faltan escasos días —tres días, en realidade—. É así todo o proceso, en setembro fanse os terceiros chamamentos.

Cada ano temos máis estudantes de formación profesional, o que reflicte a enorme confianza que a sociedade galega, e tamén os sectores produtivos e, por suposto, as familias e os alumnos, teñen depositado nunha modalidade educativa que comeza a destacar claramente polo seu prestixio e tamén pola súa utilidade para o conxunto de Galicia. Neste contexto, deseñamos unha ambiciosa oferta educativa vencellada ao Plan Conecta FP, que nos permitiu escoitar —unha escoita activa— os axentes económicos e os sectores produtivos, para poder deseñar un catálogo de nova oferta educativa máster, FP dual e outros réximes educativos, cun total de 42.174 prazas de novo ingreso, o máximo histórico que se fixo nunca. O ano pasado chegamos a 61.000 matriculados, foi o máximo histórico. Nestes momentos —onte ás tres da tarde— os datos provisionais de matrícula —e a poucos días de pechar o curso— acadan outro máximo histórico. Temos xa matriculados 64.500 alumnos, e este número pensamos que aínda pode medrar, pero son 64.500 alumnos; máximo histórico que se incrementa nun 6 por cento respecto do ano pasado, que recordo que fora tamén o ano tope en matrícula de formación profesional, con case 61.000 matrículas.

E máis alá dos números, temos que considerar o modelo educativo. ¿Como organizamos o noso modelo? Temos un modelo educativo galego propio e diferenciado. Galicia destaca pola calidade e pola súa equidade; este modelo destaca pola calidade e equidade: menos abandono escolar, un ensino máis inclusivo, en igualdade de oportunidades, e cunha moi boa convivencia nas aulas. Galicia destaca tamén pola dixitalización e a innovación. Os centros educativos son verdadeiros espazos de aprendizaxe, con mellora nas infraestruturas físicas, arquitectónicas e tecnolóxicas, pero tamén nos programas educativos: bibliotecas, idiomas, reforzo e, por suposto, na innovación educativa. Galicia tamén destaca polo avance da formación profesional: máis oferta, máis alumnado, máis integración laboral e máis conexión co mundo empresarial. E así a FP galega é hoxe unha opción preferente, sinónimo de prestixio, de confianza e de utilidade.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Con independencia de todo isto, con independencia de que todo é mellorable e de que temos feito moito, pero tamén de que aínda queda moito por facer, podemos dicir claramente e con orgullo que o ensino galego goza de boa saúde, e isto dino todos os indicadores que miden a calidade e a equidade do sistema e informes independentes internacionais como PISA, que nos sitúan cos últimos datos á cabeza de España, tanto nas competencias clásicas —ciencias, matemáticas e lectura— como no referido á igualdade de oportunidades ou á tolerancia e ao respecto a outras culturas. Tamén confirman esta boa saúde os datos do propio Ministerio de Educación e Formación Profesional ou informes independentes, como un moi recentemente elaborado por dúas organizacións sindicais de ámbito nacional —UGT e Comisións Obreiras—, que nos sitúan como o terceiro mellor sistema educativo de España, segundo as variables manexadas neste informe.

Dito o anterior, permítanme dar a coñecer dun xeito mellor o que implica o funcionamento do noso ensino, cales son as bases do noso modelo educativo e como comezou a actividade neste curso académico 2023-2024. A calidade do ensino galego susténtase claramente e basicamente na implicación dos centros educativos en diferentes programas que teñen unha perspectiva integral, que, sobre todo, teñen unha gran estabilidade no tempo e que son ben recibidos polo profesorado e polo conxunto dos centros. ¿Exemplos? Moitos, un deles: as bibliotecas escolares, básicas para fixar os avances en competencia lectora e en aprendizaxe do alumnado. Nun tempo onde se comezan a detectar problemas na comprensión lectora dos alumnos, Galicia é a terceira comunidade autónoma mellor situada no ámbito da competencia lectora. E hai que destacar que para isto é necesario, ou foi necesario, traballar e seguir implementando unha serie de plans, como son o Plan LÍA ou como o Plambe, que chegan a 840 ou 850 centros educativos, unha porcentaxe moi significativa e que supón un investimento anual de case catro millóns de euros.

Por suposto, temos en desenvolvemento, dende xa hai moitos anos, e cunha visión de estabilidade e de avance, varias estratexias xa en marcha, coñecidas —supoño— por todos vostedes; falamos de plurilingüismo, falamos de estratexias dixitais, que teñen unha vixencia plurianual e que son parte dos pilares fundamentais do éxito do noso sistema para a adquisición de competencias lingüísticas e dixitais. Temos tamén —afortunadamente— un bo clima de convivencia escolar, básico para o éxito escolar.

Iso está sustentado, por unha parte, no benestar emocional e na igualdade, que son eixos vertebrais das nosas políticas. O sistema educativo galego é ano tras ano o sistema máis inclusivo de España, segundo os datos do Ministerio; é dicir, o sistema onde hai unha porcentaxe de alumnos con necesidades educativas especiais, escolarizados cos apoios necesarios nos centros ordinarios. Falamos de practicamente un 94 por cento, superando en dez puntos a media de España. Somos conscientes, por suposto, de que quedan cousas por facer, pero tamén hai que recoñecer onde estabamos e onde debemos seguir traballando a favor da inclusión. Para iso contamos co apoio dunha rede de arredor de catro mil profesionais que, dun xeito directo e indirecto, prestan atención á diversidade do alumnado galego, apoiando aqueles alumnos que máis o precisan. Estamos traballando tamén nunha nova estratexia de inclusión —agardamos poder presentala moi pronto—. A Estratexia galega de convivencia escolar Educonvives ten diferentes liñas de traballo, entre elas a mellora do benestar emocional e os hábitos de vida saudable. Neste ámbito tamén vimos de anunciar hai moi pouco,

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e dentro do Plan de benestar emocional, o deseño dunha guía que amplía e mellora a aplicación de estratexias de resolución no caso de conflitos ou de problemáticas vencelladas ao benestar emocional do alumnado.

Reforzamos tamén neste curso a Rede de acompañamento e orientación persoal e familiar de Galicia, dobramos os profesionais adicados a esta rede, de 32 a 71 docentes, e neste curso seguimos apostando por traballar o benestar emocional nos contratos programa, con iniciativas como o Plan proxecta ou coa Rede de centros, que están dentro do Programa Educación Responsable.

No caso concreto da convivencia —que é, sen dúbida, unha das claves do éxito educativo— estamos traballando nun novo plan integral contra o acoso e o ciberacoso —queremos activalo neste outono—. Trátase dun documento complexo que ten o reto de afondar, cunha perspectiva integral, familiar, social, sanitaria e xurídica, nunha problemática na cal temos que pensar sempre e traballar sempre cara a un obxectivo cero; é dicir, que haxa acoso cero, sendo conscientes de que é unha gran responsabilidade e un gran obxectivo.

No ámbito da igualdade, tamén a través da Estratexia galega de convivencia escolar, os centros están xa aplicando medidas. Por suposto cunha perspectiva integral dentro dos currículos e cunha perspectiva transversal incorpóranse nos diferentes currículos, nas diferentes asignaturas, cuestións como a violencia de xénero, a non discriminación do colectivo LGTBI ou a educación afectivo-sexual.

A nosa prioridade é que non exista ningún tipo de discriminación, nin por xénero, nin por necesidades educativas, nin por calquera outra diferenza, buscando sempre a integración de todas as persoas, buscando sempre axudar a quen máis o precisa, sen esquecer tampouco aqueles alumnos que chegan por primeira vez a Galicia e se integran no noso sistema educativo.

Como xa mencionei tamén, defendemos que os centros educativos galegos son verdadeiros espazos de aprendizaxe, e que como infraestrutura física, como infraestrutura arquitectónica, deben ter as mellores condicións para ser máis confortables e tamén para poder posibilitar poder desenvolver novas metodoloxías de aprendizaxe.

Temos en marcha o Plan de nova arquitectura pedagóxica —estámolo desenvolvendo cunha grande axilidade—, temos uns 1.400 proxectos e intervencións en diferentes centros educativos nesta lexislatura, que foron adecuados e que están sendo adecuados ás novas metodoloxías para que sexan máis sustentables, máis eficientes desde a perspectiva enerxética e máis flexibles na súa organización arquitectónica, e, obviamente, hai proxectos e intervencións de moi diferente tamaño e moi diferente intensidade. Este verán, por exemplo, tivemos en marcha 444 actuacións, moi diferentes, obviamente: desde grandes proxectos de rehabilitación a obras máis cativas. Intervimos neste verán sobre 350 centros educativos, e temos en carteira grandes proxectos para o futuro, novos centros educativos, por exemplo, no barrio de Navia, en Vigo, ou tamén no Milladoiro, en Ames.

Como expliquei antes, o noso modelo aposta tamén polo que é a dixitalización e polo que é a innovación. O desenvolvemento tecnolóxico non é un fin en si mesmo, senón que é un

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

medio, un medio de apoio á aprendizaxe, tanto para o profesorado como para o alumnado e as familias, e enfocado tamén ao fomento da creatividade e á aprendizaxe competencial. Este curso queremos avanzar —estamos avanzando xa de feito— na aplicación de novas metodoloxías didácticas para dar novas oportunidades a todo o alumnado, dende unha perspectiva do fomento e da ampliación da dixitalización; un ámbito este último cada vez máis significativo no cal é necesario desenvolver tamén a intelixencia artificial. Non podemos estar de espaldas á intelixencia artificial, porque cada vez ten unha maior presenza no conxunto da sociedade e, por suposto tamén, no sistema educativo.

En Galicia estamos sendo pioneiros —somos pioneiros— na implementación de dúas asignaturas específicas no ámbito da intelixencia artificial: unha para ESO, para 4º da ESO, e outra para bacharelato. E non só se centran en ámbitos técnicos de programación ou de xestión, senón que teñen en conta tamén algo fundamental no ámbito da intelixencia artificial, como son, sen dúbida, as cuestións éticas e as cuestións morais, que deben estar vencelladas á difusión crecente desta nova modalidade de intelixencia artificial.

Obviamente, estamos tamén incrementando, potenciando e mellorando as infraestruturas e os equipamentos tecnolóxicos. Neste curso académico, imos despregar unha mellora das infraestruturas dixitais e tecnolóxicas, cun montante de 84 millóns de euros.

Estamos falando, por unha parte, dos polos creativos, das aulas móbiles de informática e dos paneis interactivos. En total, 84 millóns de euros, que estamos implementando cunha perspectiva de democratizar o acceso a estes coñecementos e a estas competencias, practicamente no cen por cento dos centros educativos.

Polos creativos. O ano pasado fixemos unha experiencia piloto con 225 centros. A resposta foi moi favorable. Este ano incrementámola ao cen por cento dos centros, e isto lévanos a unha nova liña, a unha nova metodoloxía de aprendizaxe moito máis competencial, moito máis por proxectos e que nos posibilita e nos favorece nas competencias STEM e tamén nas competencias artísticas no conxunto do alumnado, mezclando tecnoloxía con competencias artísticas e, por suposto, con creatividade. Estamos a falar dun investimento de preto duns vinte millóns de euros. É, sen dúbida, unha revolución pedagóxica que busca creatividade, coñecementos e competencias, no ámbito, como xa dixen, STEM e tamén da creatividade.

Deseñamos tamén un novo concepto das aulas de informática, o que denominamos as aulas móbiles. Chegan ao cen por cento dos centros de primaria. Son aulas de informática móbil que dan moitísima máis flexibilidade á aprendizaxe e posibilitan fundamentalmente neste ámbito, e tendo en conta a idade dos alumnos nestes ámbitos de infantil e primaria, desenvolver actividades moito máis colaborativas e actividades vencelladas ao desenvolvemento competencial nos centros de infantil e nas aulas de infantil e primaria.

Tamén estamos ante unha renovación integral dos paneis interactivos. O cen por cento das aulas do ensino público dende 4º de infantil ata bacharelato van ter paneis —se se me permite a expresión— de última xeración, interactivos, que posibilitan que a interacción entre o alumnado, o profesorado e a información que existe nestes paneis sexa moito máis áxil e posibilite unha maior motivación no alumnado.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En definitiva, falamos dunha democratización do coñecemento e das competencias dixitais, chegando a todo o alumnado do sistema educativo público, para xerar no seu ámbito a igualdade de oportunidades nos propios alumnos.

Á súa vez, hai outro dato que corrobora o forte investimento e a forte aposta que está facendo a Xunta de Galicia por mellorar os espazos educativos. Os nosos centros están entre os mellores equipados, desde a perspectiva dixital, de España. Segundo os datos do Ministerio, somos os terceiros que temos máis ordenadores por alumno no conxunto dos centros educativos, en concreto 1,8; a media de España está practicamente en 3. No caso concreto dun programa tamén dunha longa tradición, moi asentado e moi estabilizado, E-Dixgal, falamos de 64.200 alumnos; un número tremendamente significativo que está implementado nuns 630 centros educativos.

Hai outras liñas de traballo, por suposto, como a aposta por unha rede galega de educación dixital. Son 80 profesores, 80 docentes, que son á súa vez mentores do resto do profesorado para a implementación de novas metodoloxías de aprendizaxe orientadas a sacarlles un rendemento académico ás infraestruturas dixitais. Por suposto, temos en marcha tamén o novo Centro de Innovación Educativa Dixital, que está comezando a andar no ámbito da investigación e a cualificación do ensino dixital, e moi proximamente presentaremos algúns resultados.

Neste curso tamén estamos dando un paso moi significativo. Pensamos que a chegada da dixitalización ao ensino é moito máis que os equipamentos, sendo moi importantes, ou moito máis, que as metodoloxías, sendo tremendamente importantes.

Temos un novo proxecto que estamos desenvolvendo, que é o proxecto Edugalia, que basicamente quere sacarlles o máximo rendemento ás grandes virtudes, ás grandes potencialidades que ten a educación dixital, e neste sentido, unha vez máis, volvemos ser pioneiros en España. Queremos empregar a intelixencia artificial para darlle un novo impulso ao sistema educativo, para que poidamos ter unha serie de información que nos posibilite, que lle posibilite ao profesorado, avaliar e coñecer a situación do alumnado dun xeito tremendamente individualizado e con moitas certezas, e que nos permita tamén melloras de xestión. É curioso que algunha das cuestións que estamos plantexando, ou que queremos plantexar, non existan en España. Teño que dicir que a min me sorprendeu que en España non houbese ningunha comunidade autónoma co que se denomina, ou co puidemos denominar, expediente educativo único. Tampouco temos unha aplicación concreta do ámbito da intelixencia artificial á evolución e á dinámica de cada alumnado, para poder previr o abandono escolar ou poder incrementar o éxito escolar.

Como isto é así, o que estamos a facer nestes días —fixémolo moi recentemente, a semana pasada— é unha consulta ao mercado; é sentar cos axentes que poidan ter coñecemento desde esta perspectiva e pedirlles que nos deseñen como podemos facerlle fronte, a través dun proceso de compra pública innovadora, a este proxecto, que é autenticamente pioneiro no conxunto de España, que nos vai permitir dar tamén un salto cualitativo neste ámbito e que pensamos vai redundar nunha mellora integral do sistema.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Síntome tamén especialmente orgulloso da auténtica revolución silenciosa que estes anos viviu a formación profesional en Galicia. Hoxe é unha opción preferente —como acabo de dicir— para moitísimos alumnos. É sinónimo de prestixio, de confianza, de utilidade, e ten unha altísima inserción laboral. Os ciclos ordinarios están nun 85 por cento e os de FP dual practicamente no cen por cento. Estes datos, no ano 2009, estaban nun 30 por cento. Véxase o salto do 30 por cento a practicamente —de media— o 90 por cento, e este salto cualitativo baseouse nunha planificación seria e rigorosa ao longo destes anos e nunha serie de pasos moi importantes, como o que dixen anteriormente: o incremento da oferta vencellada ao Plan Conecta neste ano, 42.174 prazas de novo ingreso.

Outro paso fundamental é a conexión directa cos sectores produtivos. A FP ten que ser útil, ten que servir para que os alumnos poidan topar unha porta para a súa inserción laboral como profesionais ben formados e cualificados e ten que servir tamén para que as empresas poidan dotarse de profesionais ben formados para as súas estruturas produtivas. E para iso é básico que haxa unha confianza entre o sector educativo e o ámbito da formación profesional, e, por suposto, o mundo empresarial. Lembro os datos, insisto —aínda que estean suxeitos a algunha lixeira variación, porque faltan tres días para pechar a matrícula—: hoxe a formación profesional en Galicia conta con 64.500 alumnos; 64.500 alumnos matriculados, que marcan un incremento moi significativo co ano anterior, que tamén foi un ano récord.

Temos que seguir traballando, sen dúbida ningunha. Onte mesmo no centro Eduardo Barreiros, de Ourense, presentabamos un novo programa, o programa InnovaTech FP. Con este programa, o que queremos é impulsar a innovación tecnolóxica por parte do alumnado, involucrar o alumnado, motivar o alumnado na investigación e na transferencia de coñecemento, da man das empresas, mediante o plantexamento, por parte destas, dunha serie de retos aos que o alumnado, xunto co profesorado, terá que facerlles fronte para poder solucionar. Creo que é un paso máis na procura dun modelo de formación profesional adaptado ás necesidades das empresas, adaptado á innovación, adaptado á tecnoloxía e, en definitiva, adaptado a Galicia.

Agora, tamén é certo que vemos un nubarrón na boa relación que existe entre a formación profesional en Galicia e o mundo empresarial e os sectores produtivos. É algo que se debe —e a min me doe dicilo— ao desleixo ou á falta de xestión por parte do Goberno de España nunha cuestión que, se ben, no fondo, está ben, ao estar tan mal plantexada, pode supor unha serie de efectos perversos, non planificados ou non pensados, que ameace de xeito certo as prácticas dos alumnos, as prácticas curriculares dos alumnos, tanto no ámbito da formación profesional como no ámbito da universidade, e non é porque o Goberno de España non teña coñecemento desta situación, senón que é porque existe unha desconexión entre os ministerios de Educación, as universidades e a Seguridade Social, que cada un polo seu lado planifica e lexisla dun xeito absolutamente contraditorio. Hai unha ameaza certa, se o Ministerio non corrixe esta situación, ou non paraliza —como fixo coa ABAU— esta situación, de que moitos centos de miles no conxunto de España e moitos miles en Galicia poidan ter problemas para facer as súas prácticas curriculares; e incluso —titular, advírtoo e adiántoo— se o Goberno de España non fai o que ten que facer —e a verdade é que xa podería telo feito, porque xa estaba avisado por parte das comunidades autónomas—, pode haber unha ameaza certa de que moitos alumnos poidan ver prexudicada a súa formación, poida

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

verse prexudicada a interacción entre o mundo educativo e o mundo empresarial e incluso algúns non poidan titularse —algo que sería realmente asombroso e realmente lamentable— pola inacción e polo descontrol interno que existe no ámbito do Goberno de España.

Tamén no inicio de curso se fala sempre das axudas ás familias. Todos os inicios de curso son momentos tensos, de desembolsos significativos para as familias. Eu tamén son pai, como moitos de vostedes, e sabémolo perfectamente. Nos últimos anos complicouse a volta ao cole por algo coñecido por todos, que é a inflación, o sobrecusto que impacta directamente a moitísimas familias, como impacta o prezo dos alimentos ou como impacta o prezo dos combustibles. Obviamente, na comunidade autónoma eramos previsibles, fomos previsibles respecto desta situación, e incrementamos aquelas axudas que van directamente ás familias para axudar á merca de libros ou para axudar a bonos materiais, entre outras axudas. Incrementamos este curso e tamén o curso anterior as cantidades económicas que se adican ao sistema de libros ou ao bono material, por unha parte, cos recursos públicos dispoñibles para estas liñas, como tamén coas cantidades económicas para as familias e os usuarios que se benefician. Por exemplo, neste curso académico temos 130.000 alumnos máis que reciben os vales de material escolar, ao incrementar os umbrais de renda.

Acaba de publicarse un estudo —non feito pola Xunta de Galicia, para que quede constancia—, feito pola Asociación de Editores de España, que di que Galicia é a comunidade autónoma de España que máis axudas dá por alumno para os libros de texto. Sitúanos moi por riba, moi por riba, da media española, e isto fainos pensar que o sistema que puxemos en marcha, ademais de ser xusto, é o sistema que máis e mellor cobre o conxunto do alumnado. E, insisto, non o di nin o Partido Popular, nin o di un estudo feito pola Administración autonómica, senón que o di a Asociación de Editores de España. *(Aplausos.)*

Nesta liña, hai que dicir que aproximadamente o 70 por cento das familias galegas con nenos en idade escolar recibe algún tipo de axuda por parte da Administración autonómica; aproximadamente o 70 por cento, na liña de traballo de axudar máis a quen máis o precisa, e isto supón aproximadamente un aforro, xunto con outras liñas de acción, duns cen millóns de euros anuais para as familias galegas. E se lle sumamos outras dúas grandes liñas, ou outros dous grandes servizos complementarios tradicionais no conxunto de Galicia, que funcionan moi ben, que levan funcionando moi ben no conxunto de Galicia, como son o transporte e o comedor escolar, estariamos falando duns 120 millóns máis; 220 millóns para ambos.

O transporte creo que é un dos servizos que mellor funciona; é un servizo clásico do sistema educativo galego. Damos cobertura a 80.000 alumnos, que afortunadamente todos os días soben a un autobús e chegan sen ningunha incidencia destacada —¡afortunadamente!, ¡afortunadamente!— ao seu colexio. Estamos a falar de 120 millóns para o conxunto da Xunta de Galicia, e é para unha poboación escolar de arredor do 6 por cento en España. Iso significa un 20 por cento do gasto do conxunto de España; o cal quere dicir que hai un compromiso e un gasto moi potente, un investimento moi potente neste ámbito, e é lóxico, tendo en conta a dispersión demográfica do conxunto do país.

Tamén nos pasa cos comedores. Tamén tivemos nestes anos un incremento moi notable das cantidades que se transfiren aos centros; estamos a falar aproximadamente dun incre-

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mento do 20 por cento de transferencias aos centros para que as familias non teñan que asumir o sobrecusto que este ano —e o anterior tamén— tiveron os menús; un custo que non se repercutiu no conxunto das familias —aproximadamente, 78.000 usuarios nas diferentes modalidades—, e iso posibilitou que as familias non sentisen o impacto do incremento dos prezos dos menús escolares, tanto para os que son propiamente da Xunta como para os que non son da Xunta. De feito, neste curso incrementamos un 33 por cento as axudas que se lles dan ás ANPA, ás asociacións de pais e nais, para a súa prestación de servizos; incrementamos —como xa digo— un 33 por cento as cantidades que dende a Xunta de Galicia aportamos ás ANPA.

Dito isto, temos que ver tamén que decisións nos trouxeron aquí, que políticas foron as que nos trouxeron ao momento no cal estamos. Obviamente, depende de cando poñamos o ollo. Se miramos dende o ano 2009 ata aquí, vemos que foi necesario no sistema educativo estar constantemente incrementando, mellorando e ampliando o traballo, intervindo con novas políticas educativas, innovadoras, participativas para poder ter os resultados que hoxe temos. Sen ir máis lonxe, non se pode entender como pasamos dun 26 por cento de fracaso escolar no ano 2009 ao fracaso escolar que temos hoxe, que está por baixo do 9 por cento; ou como se incrementou a empregabilidade da formación profesional.

Se o vemos no ámbito desta lexislatura —podemos acoutala aos últimos anos—, vemos que tivemos dous anos tremendamente difíciles, os iniciais, vinculados coa pandemia. Quizais foron os anos máis difíciles da nosa historia recente no ámbito educativo —bueno, en xeral, no conxunto da sociedade—, e houbo un gran impacto. Houbo que modificar as metodoloxías didácticas, as metodoloxías educativas, houbo que reforzar a dixitalización do sistema, garantir o benestar emocional do alumnado e houbo que facer moitísimos traballos, e creo que o sistema galego estivo francamente á altura. E nos dous últimos tivemos que compaxinar tamén o día a día do sistema educativo coa implementación dunha mala lei, coas repercusións negativas da improvisación, do caos que xerou o Ministerio coa implementación da LOMLOE.

Todos saben que a nosa posición política fronte a esta lei é crítica. É unha mala lei; foi unha mala lei por moitísimos motivos, e un dos máis claros foi a devaluación absoluta da cultura do esforzo: dicirlles aos alumnos —aos xoves, aos mozos e mozas de hoxe— que tanto dá, que tanto dá estudar como non estudar, que tanto dá aprobar como non aprobar, que é todo igual. Creo que esa devaluación é tremendamente negativa para a sociedade.

Tamén foi aprobada nun momento de pandemia sen ningún tipo de diálogo coas comunidades autónomas. Eu teño que dicírllelo —repito—, en sede parlamentaria: sendo conselleiro, nunca se nos consultou o desenvolvemento e a aprobación da LOMLOE. Houbo unha serie de emendas absolutamente politizadas, un mercadeo constante de emendas por parte do Goberno; e o peor aínda foi a súa implantación, cunha sucesión constante de reais decretos que se aprobaron sen ningún consenso, modificando as regras de xogo á metade do partido. Por exemplo, sen ir máis lonxe, o real decreto que modificou o proceso de acceso á función pública, que cambiou as regras de xogo para os opositores, ou aquela que cambiou as regras de xogo para promocionar ou aprobar os cursos. Obviamente, nós intentamos, dentro das marxes legais, intentar corrixir e aplicar —se se me permite a expresión— á ga-

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

lega esta mala lei. E a verdade é que neste último curso estamos xa aplicando os últimos currículos nos cursos pares; o anterior fixémolo nos impares e este ano toca nos pares. E tamén corriximos as lagoas —forte lagoas— dos currículos estatais. Melloramos e apostamos nos nosos currículos por un desenvolvemento das competencias claves, reforzamos as competencias STEM, reforzamos as competencias en humanidades; reforzamos tamén todo o que ten que ver coas competencias lingüísticas, humanísticas, matemáticas, científicas. Reforzouse, por exemplo, en primaria a área lingüística; tamén en primaria se potenciaron, cun bloque específico, as competencias STEM; en ESO houbo novas asignaturas, introducimos novas asignaturas como Filosofía, metemos tamén Dixitalización e Tecnoloxía. Presentamos asignaturas, dentro da nosa marxe, como Oratoria ou Cultura Clásica, e tamén plantexamos novas asignaturas optativas que van entrar por primeira vez este ano: as xa ditas de Intelixencia Artificial, ou tamén Cultura Financeira; ambas, as vencelladas á cultura financeira ou á intelixencia artificial, pioneiras en España.

A mala aplicación da LOMLOE, a mala política, vese en algo que afecta dun xeito moi directo e moi forte todos os anos a media de estudantes galegos nunha proba que é vital para a súa vida, que é a ABAU, a antiga selectividade. Se facemos un relatorio dos pasos, dos contrapasos, das rectificacións, dos globos sonda de todo o que fixo o Ministerio nunha proba tan significativa para miles de estudantes é case unha secuencia do absurdo. Todos queriamos modificar esta proba, porque somos conscientes de que tiña unha eiva, de que había dezasete exames diferentes que eran todos tendentes a unha única porta de acceso ao sistema universitario, e iso xeraba e xera desigualdade entre os alumnos. Nós queremos que un alumno de Soria, un alumno de Lugo ou un alumno de Cádiz teñan os mesmos dereitos e as mesmas oportunidades, e por iso demandamos dende sempre unha proba única ou unha proba absolutamente homologable para evitar as desigualdades.

Pois ben, fronte a todo isto, que parece tan lóxico, tivemos unha sucesión de cambios, de improvisacións por parte do Ministerio, que o levou á última hora a rectificar e á retirada dun xeito definitivo. E non é porque non se lle avisase. Eu mesmo, uns días antes de tela retirado, envieille unha carta ao Ministerio dicíndolle: Pero ¿que pasa aquí?, ¿que están vostedes facendo con esta proba que vai afectar miles de alumnos sen saber o que teñen que facer neste ano? *(Aplausos.)*

E algo parecido —xa o dixen anteriormente— pode pasar coas prácticas curriculares dos alumnos; que unha boa medida, ao estar mal feita, mal planificada e peor xestionada, pode xerar algún problema significativo, e despois, señorías —como soe dicirse en termos vulgares—, botaremos as mans á cabeza se o Ministerio non rectifica. Creo que todas estas cuestións e estas improvisacións deben ser corrixidas.

Tamén hai que ter en conta o novo marco político no ámbito da Conferencia Sectorial. Sexa quen sexa o próximo presidente do Goberno e sexa quen sexa o próximo o ministro de Educación, a Conferencia Sectorial —que é o órgano de participación onde estamos as comunidades autónomas que temos a responsabilidade de xestionar o sistema educativo— debe ter ou debe camiñar cara a un maior consenso e cara a unha procura dunha participación real e non ficticia, como foi ata o momento. E todo isto —todo isto que non é nada menor— debémolo conxugar e estámolo conxugando neste inicio do curso —tamén no pasado e terá

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que facerse no futuro— con dúas realidades: por unha parte, o contexto demográfico. Non cabe a menor dúbida —sería pechar os ollos e non querer ver o que é unha realidade— que temos unha redución progresiva e constante de alumnado, fundamentalmente en infantil e primaria, consecuencia da redución natalicia. É certo que iso pode incidir máis en determinados concellos que noutros, ou incluso, dentro dunha cidade, non é o mesmo un barrio céntrico que un barrio de nova creación nunha periferia urbana. Hai situacións diferentes en cada caso, e a dinámica demográfica cambia, modifícase en cada caso. E temos que xogar con esta cuestión vencellada tamén ao mantemento da aposta que ten feito e fai a Xunta por un ensino de calidade e de equidade que, cunha perspectiva integral, persegue dar oportunidades en igualdade ao conxunto dos alumnos. E por iso temos que facer compatible e estamos facendo compatible unha serie de cuestións. Temos que facer compatible a progresiva tendencia á redución do alumnado. Hai moi pouco tempo un estudo nacional dicíanos que no ano 2037... —non falta tanto, seguramente moitos dos que estamos aquí non estaremos aquí, pero faltarán dez-doce anos...; *(Murmurios.)* digo como deputados, estamos falando politicamente; *(Risos.)* xa vexo que hai algunha cara que se sorprende—. Supoño que no ano 2037 moitos dos que estamos aquí non estaremos de deputados. Algúns, ao mellor, si. Hai algún deputado que ten unha longa carreira...; deputados e deputadas que teñen unha longa carreira. *(Murmurios.)* Pero, bueno, este estudo dinos que no ano 2037 imos ter un millón de alumnos menos e en Galicia arredor do 20 ou 30 por cento —depende da provincia— de alumnos menos. *(Murmurios.)* Iso hai que reflexionalo, porque, á parte, non é unha repartición homoxénea. Nalgunhas zonas incluso pode subir dentro dun concello e noutras pode decaer, temos que ter iso en conta. Pero, por suposto, non debemos nin moito menos tirar a toalla, nin podemos pensar que está todo feito.

Coa actual organización educativa temos uns moi bos resultados educativos no conxunto do territorio. Temos resultados moi bos nas principais variables que miden a saúde do sistema educativo, tanto no rural como no urbano, e hai que ser conscientes de que todo se pode mellorar, por suposto. Todo se pode mellorar, pero tamén digo que hai que ser prudentes e que hai que ser sensatos á hora de enfocar ou á hora de plantexar calquera proposta que implique modificar un sistema educativo que está dando bos resultados.

Calquera debate —e co dato que acabo de ver non é un debate menor— sobre a organización futura do sistema debe ser —e debería ser— coherente e planificado. Temos un bo sistema, co que acadamos os mellores resultados da nosa historia, e, pese a que moitas veces se diga o contrario, o equipo desta consellería entende que todo se pode falar, todo se pode avaliar, todo se pode mellorar, e sempre se deben respectar as opinións dos distintos axentes da comunidade educativa.

E tamén, fronte aos vaivéns ou aos cambios de opinión —que dirían algúns— e as improvisacións que acabo de relatar no ámbito do Goberno de España, Galicia aposta pola estabilidade e aposta pola coherencia. Fronte á improvisación do Ministerio, ignorando as comunidades autónomas en moitísimos casos, en Galicia as nosas políticas son estables no tempo, son asumidas polo profesorado e pola comunidade educativa e —o máis importante— están a dar bos resultados. Froito desta estabilidade e froito do traballo feito nos últimos anos, a educación galega, señorías, goza de boa saúde e o noso sistema é unha garantía, é garante de igualdade de oportunidades e tamén de formación en valores.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Partindo desta situación, sen dúbida ningunha, temos que seguir traballando e temos que seguir actuando en todas as variables que nos permitan seguir mellorando, seguindo as principais tendencias innovadoras e tamén os exemplos de éxito; sen dúbida, temos feito moito, pero aínda queda moito por facer. E froito da experiencia, do compromiso e do traballo, temos que xestionar, por suposto, o presente e temos que deseñar o futuro. E para iso seguiremos consolidando o noso modelo educativo con propostas estratéxicas, con propostas innovadoras —comenteino na presentación que fixemos onte en Ourense; comenteino tamén cando falamos de Edugalia—, con estratexias innovadoras que reforzan o modelo educativo e que favorecen a modernización do ensino e que, sobre todo, garanten a igualdade de oportunidades para toda a cidadanía. Hai cuestións —como o benestar emocional, a convivencia, a igualdade e a inclusión— que son retos que obrigan a estar en constante actualización das medidas.

Por suposto, e en segundo lugar, o ensino galego non pode quedar á marxe do desenvolvemento tecnolóxico, da dixitalización e da intelixencia artificial. Hai que seguir traballando nestes ámbitos, lograr a integración da tecnoloxía e destas variables como un medio de apoio para a aprendizaxe, tanto para o profesorado como para o alumnado, e enfocalo tamén á potenciación da creatividade, á potenciación da aprendizaxe competencial e a darlles competencias aos nenos e nenas de hoxe, que no futuro —queirámolo ou non— se van atopar —atópanse xa— cunha sociedade cunha economía tremendamente tecnificada e cada vez máis dixitalizada.

Traballamos tamén con máis impulso, se cabe, para mellorar o vencellamento, as oportunidades e a confianza, dentro do ámbito da formación profesional, ás familias e aos sectores produtivos. Acabo de dicir os datos de matriculación. Temos o dato máis alto de matriculación da historia, 64.500 alumnos, á falta de tres días para pechar a matriculación. Temos e queremos unha formación profesional máis innovadora, máis participativa, máis vencellada cos sectores produtivos; e todo isto ten que ir da man —insisto— sempre das empresas e dos sectores produtivos, que axudan a formación, dentro do ámbito da formación profesional.

Obviamente, para que a educación galega siga a ser o que é hoxe, un referente, e manteña os bos resultados acadados, non se pode, en ningún caso, baixar a iniciativa e non se pode, en ningún caso tampouco, non ter iniciativa.

Toda a comunidade educativa debe seguir traballando na mesma dirección, como leva facendo nunha inmensa maioría nos últimos anos. ¿Para que? Para que o noso modelo siga avanzando en calidade e en equidade, como o leva facendo.

E xa para rematar quixera unha vez máis agradecer publicamente en sede parlamentaria o gran traballo, o inmenso traballo realizado pola inmensísima maioría do profesorado, que ten unha gran motivación, implicación, capacidade de desenvolvemento dos programas impulsados desde a Consellería e, en definitiva, un papel que está francamente á altura e que é o responsable dos últimos datos tan positivos que ten o ensino galego.

En definitiva, quero facer un agradecemento pola súa profesionalidade e polo seu compromiso con Galicia, coa Galicia de hoxe; e estou seguro de que este compromiso de hoxe vai ser —xa é— clave para a Galicia de mañá.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Otero.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

Moi bo día, señor conselleiro.

Benvida, en primeiro lugar, a súa comparecencia. É sempre importante debater e confrontar neste inicio de curso, como faciamos con distintas iniciativas hai quince días dende o Grupo Socialista. O que si é sintomático é que cada vez que tratamos de chegar ao fondo da cuestión das problemáticas principais que trasladan tanto os centros como a comunidade docente, como as familias, empregando a estratexia que normalmente empregan dende o Partido Popular e vostede mesmo para fuxir dese debate, en concreto desas problemáticas que a comunidade docente e as familias sitúan no foco do noso sistema educativo, digan que é máis do mesmo e, polo tanto, fuxan de calquera debate —como diciamos— no concreto.

É sintomático tamén —que non tomei nota, pero calculei en máis dunha hora esa extensa comparecencia que vén de facer vostede— que nese tempo apenas dedicase —e case ao final— 4 ou 5 minutos a mesturar a situación económica das familias e o non querer soster ese sistema —que nós claro que si defendemos, e este ano máis ca nunca— como fundamental e necesario de préstamo universal de libros de texto. Limítase a dicir que as editoriais, que os editores, aplauden o gasto, o investimento de Galicia. Claro que están contentas con este sistema de desembolsar cada ano cartos para volver mercar libros, e non cun sistema de préstamo universal, máis asequible e máis eficiente, que rotaría cada ano e que cubriría a totalidade das familias galegas, que este ano, sen dúbida, teñen afrontado o curso máis complicado. Tres de cada catro familias galegas están endebedadas, e dedicou vostede, como dicía, apenas uns minutos a falar da situación económica das familias, dos comedores escolares, do transporte escolar ou incluso da situación —diciamos— laboral dos docentes e das docentes galegas, que xa lle teñen reclamado neste inicio de curso que cumpra o seu propio compromiso, anunciado o curso pasado, de xuntar esa Mesa Sectorial e atender dunha vez por todas as súas demandas.

Unha vez máis para vostedes é máis do mesmo e non entra, non prioriza nin protagoniza o seu discurso nin as súas preocupacións neste comezo de curso —diciamos— tan delicado, señor conselleiro. Vostede unha vez máis tira do informe PISA, desas boas competencias dun informe PISA do ano 2018, que é o comodín do público. Pero dende o 2018, conselleiro, teñen pasado moitas cousas no mundo, no Estado e en Galicia, sobre todo a nivel socioe-

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

conómico, como sabe vostede. Pero ese informe PISA vale absolutamente —como diciamos— para todo, tamén para o habitual mitin, ao que xa estamos tamén afeitas e afeitos, para boicotear e facer ese mitin contra o Goberno do Estado e a aplicación da LOMLOE, como están a facer e estamos a ver en todas as comunidades autónomas gobernadas pola dereita en conxunto e tamén en moitas —e por desgraza delas— coa extrema dereita. E vale para non falar de cuestións concretas, como diciamos, que afectan o sistema do ensino público galego. Levan, ademais, estes asuntos lastrando o noso sistema educativo; un sistema que no rural —do que non nos falou tampouco vostede— perde alumnado, cunha crise demográfica tamén moi preocupante, pero que unicamente vale para xustificar en números o peche de unidades.

Nós temos o tempo moi limitado para un debate tan profundo, pero, como dicía, o que para vostede apenas ocupou uns minutos ao final para nós, para o PSdeG, é un asunto absolutamente capital; é capital facer valer un sistema educativo público, forte, equitativo, igualitario e gratuíto. Son unhas circunstancias chave que están lastrando as familias e os docentes, e o máis lamentable, señor Rodríguez, como dicimos sempre, é que son cuestións que dependen unicamente da vontade e da empatía do Goberno da Xunta, do que vostede forma parte. Orzamentariamente, organizativamente son demandas que hai anos que están sobre a mesa e son —sábeo vostede perfectamente— asumibles.

Este ano coñeceremos un novo informe PISA. ¡Oxalá sigamos colleitando os bos resultados de competencias do alumnado galego!, pero, como diciamos, nestes anos teñen pasado moitas cousas e hai indicadores propios que tamén teñen que ver co sistema educativo que son certamente preocupantes.

Fala vostede moito da OCDE tamén, que sabe que vén de facer un diagnóstico sobre as necesidades e a realidade do sistema educativo no conxunto do Estado e que pon o acento, precisamente, na necesidade de que, cando falemos da educación, as distintas administracións focalicen esforzos nos centros con contextos socioeconomicamente desfavorecidos e no alumnado máis vulnerable, diso que vostede non fala.

Veremos que acontece ao peche deste ano, pero vostede acaba de sacar peito novamente da taxa de abandono escolar que temos na nosa comunidade, e, como xa temos comentado, despois dunha década mellorando as cifras no conxunto do Estado, especialmente tamén na nosa comunidade, claro que si, sabe vostede que o último dato que temos, no peche do 2022, é o aumento desta taxa, que é certamente preocupante. E precisamente hai unha relación directa entre a situación socioeconómica das familias, da mocidade tamén, e o abandono escolar temperán, que aumentou ata o 9,9 por cento, case ata o 10 por cento. Non estamos para seguir co slogan e a propaganda.

Así que o que para vostedes é unha teima e un máis do mesmo que reclamemos os libros de texto e materiais no ensino obrigatorio —como existe, ademais, en tantas comunidades autónomas, mesmo gobernadas, insistimos, polo Partido Popular— de xeito gratuíto e dar cumprimento a ese mandato constitucional, para vostede é café para todos. En cambio, noutros ámbitos do Goberno da Xunta de Galicia o de café para todos non vale.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señor conselleiro, sabe vostede que o sistema que defenden non é nin progresivo nin cobre os gastos —e menos este ano— das familias de clase media e incluso media-baixa na súa totalidade. Sabe —dicía vostede— que tres de cada catro familias se endebedaron este ano para asumir o custo da volta ao cole.

E nós traïamos o pasado pleno facturas, non de deputadas e deputados do Partido Socialista, nin do BNG, nin do Partido Popular; son facturas, tíckets de libros de texto e de compra de material na nosa comunidade autónoma neste comezo de curso que traballadoras e traballadores penduraron nas redes e que falan de gasto en alumnos, cando hai un, dous..., de ata 600 euros.

E di vostede que hai que dar a quen máis o precisa como escusa para non asumir esa gratuidade da educación. Logo, en cambio, señor Rueda, anuncia ese Bono Deporte de 120 euros para nenos e nenas, para pagar as actividades e o material deportivo. Que xa non entramos no fondo da cuestión, pero aí non miran a renda. Cando anuncian un bono turístico, tampouco miran a renda, pero cando falamos de garantir o acceso ao sistema educativo de xeito gratuíto e universal, aí temos que ver as rendas e falar de sistema progresivo.

Señor conselleiro, é un pouco descarado que nos responda coa limitación e a optimización dos recursos públicos cando falamos de partidas para comedores, para cubrir material e libros de texto, para mellorar o sistema de transporte escolar, con incidencia, sabe vostede, constantemente na provincia de Lugo, ou que están a padecer os alumnos de Fisterra, que se teñen que desprazar a Cee e que as súas familias, ou mesmo o Goberno local, teñen que pagar taxis. E vénnos vostede falar, nun debate ao redor da educación, de café para todos.

O presidente do Goberno galego, o señor Rueda, presumía desa partida, de destinar 26 millóns de euros a achegas para libros de texto e material e para o Fondo Solidario de Manuais. Nós sempre dicimos —e recordabámosllo o ano pasado tamén—: ¿cantos millóns de euros teñen perdoado nos orzamentos deste ano a esas rendas superiores a dous millóns de euros, a esta porcentaxe tan baixa de galegas e galegos ricos? Máis de trinta millóns de euros; unha cantidade moi superior á que destinan como partida ás achegas de libros de texto e material.

Así que preguntamos: ¿progresividade, cando e para quen? Porque, ademais, fala vostede dun incremento: pasaron esas axudas de 140 e 240 euros a entre 160 e 270 euros, cando sabe vostede que o incremento da factura en libros e material das familias rolda de media os 200 euros, e soben vostedes 20 euros, señor conselleiro. As ANPA galegas facían unha radiografía do inicio do curso hai poucos días ben distinta, e leo textualmente: «Vemos con preocupación como se está a desenvolver o inicio deste curso. Aos recortes publicados no verán, que xa evidenciaban a falta de planificación da Consellería e o desinterese absoluto por mellorar o ensino público, sumámoslle o descontrol que existe nestes primeiros días de curso. Todas somos conscientes da perda de poboación e da súa consecuencia na baixada de ratios nos centros do ensino, circunstancia que ben podería reverter, e de feito debera facelo, nunha mellora da calidade, mantendo as unidades e as prazas de profesorado, como reclama toda a comunidade educativa. Pero unha vez máis vemos que o único criterio que é quen de seguir a Consellería é o económico, continuando na súa consideración de que

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

todo o gasto é un malgasto, algo que en Educación e neste caso é totalmente falso, en lugar de aproveitar a ocasión para facer unha análise do que está a acontecer nas zonas rurais e do drama que supón para todo o país que estean pechando colexios por falta de nenos e nenas. Non deberían —sigo lendo— ignorarse as mobilizacións e manifestacións das ANPA sobre estes recortes. Non son unha nin dúas; e aínda que, tanto valor ten unha queixa individual como unha multitudinaria, si que é significativa a cantidade, a enorme cantidade de familias que reivindican o seu dereito a un ensino de calidade, mobilizándose en contra dos recortes».

Fan tamén un relato de todos os centros con recortes. O colmo é levar este debate á Comisión de Educación e que o director xeral de Educación diga que non son recortes, que é unha «supresión temporal» —é a nova denominación— ou unha «supresión reversible»; «supresión temporal ou supresión reversible». Restamos, hai menos unidades, hai menos especialistas en moitos centros, que así o están a denunciar esas comunidades educativas, pero son supresións temporais.

Conselleiro, non temos tempo; como dicía, está rematando, pero nós pedimos que escoite a comunidade docente. Vostedes mesmos se comprometeron o curso pasado a abrir ese diálogo, a convocar esa Mesa Sectorial, e lembramos que somos das poucas comunidades onde o horario lectivo dos docentes segue sen recuperarse despois dos recortes implementados precisamente polo ministro do Partido Popular no Goberno de Mariano Rajoy. Está vostede a tempo de evitar as mobilizacións, as folgas que están anunciando os sindicatos; cumpra a súa palabra.

Remato pedindo que na seguinte intervención explique ou abonde máis vostede nese sistema progresivo de libros de texto que é máis xusto e que é recoñecido, aplaudido, por todo o mundo, e que máis alá das editoriais que vostede dicía, non sabemos por quen é aplaudido.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Fernández Davila.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: Grazas, presidente.

Bos días a todas e a todos.

Bos días, señor Román Rodríguez.

Esta situación repítese ano tras ano. Comparece ante esta Cámara para dar conta do inicio do curso escolar e solta unha retahíla de accións que supostamente deberían ter mellorado a situación do ensino público, evidentemente; tantas case que nos adormece. Grazas que estes aplausos nos sacaron do sopor de ter que escoitar palabras baleiras que só xustifican a inacción e as malas decisións tomadas para favorecer uns cantos, en detrimento da maioría das familias galegas; unha destrución planificada.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Coa súa intervención de hoxe unha cousa quedou clara: vostede dá o país por perdido. E está claro que non pensan tomar medidas transversais para consolidar poboación no rural en Galiza, só pensan pechar centros, centros públicos, iso si. Porque, ao final, sempre é o mesmo: sacamos fondos públicos e investímolos no sector do ensino privado, algo que, á forza de repetirse, se está convertendo xa na normalidade; menos para o BNG, que aínda que nos tilden de alarmistas exaxerados e aproveiten para comparar sempre estes catorce anos do seu nefasto goberno e o Bipartito, pois será o noso grupo o que, como sempre, aporte novas propostas para as necesidades do noso país, porque, por moito que queiran disfrazar a situación e os datos, a hemeroteca está aí para deixalos en evidencia. E tamén están os estudos e informes anuais de organismos públicos que o demostran, datos incluso da propia Xunta de Galiza.

Dende o 2009, onde o Partido Popular acadou o Goberno da Xunta, é unha conta atrás cara ao desmantelamento de servizos públicos como a sanidade e o ensino, abrindo un gran nicho de negocio a empresas do sector privado afíns ao seu partido; é que se lles está pondo en bandexa o financiamento público para realizar as súas actividades mercantís privadas. Primeiro, provocan o mal funcionamento do servizo para xustificar despois que teñan que desviar fondos públicos ao ámbito privado. Podemos así contrastar a súa autopropaganda cos datos reais a través dos titulares de prensa, e o mesmo coa páxina da Xunta que publicaban vostedes o día 6 de setembro de 2023: «O ensino público galego contará no curso 2023-2024 con 370 profesores máis, superando os 31.000» —acábao de dicir vostede tamén—; onde facía unha repartición entre as distintas etapas.

Desta información podemos poñer hoxe en evidencia este engano: primeiro, que todas as prazas de docentes que incrementan para apoios educativos e os novos ciclos formativos están financiadas por fondos europeos, e que cando estes rematen non existirán prazas para manter este profesorado de xeito permanente, xa que non figuran na RPT da Consellería de Educación.

Tamén sobre as ratios é mellor que non digan nada. Todas as familias coñecen cal é a realidade nas aulas dos seus fillos e fillas en grandes vilas, mesmo nas cidades están ao límite legal, tanto que nalgúns casos, por non desdobrar o alumnado en dúas aulas, vai ser imposible poder incorporar ningún alumno ou alumna máis se xa comezado o curso é necesario. Conseguen esta media que vostede di que é máis baixa por aula grazas aos centros rurais, onde, evidentemente, hai pouco alumnado, e que aguantan para non ser pechados.

E tamén con respecto á situación da formación profesional na Galiza —da que tanto se lle enche a boca e que tan ben funciona, segundo vostede di—, os datos do Anuario de 2022 do Eurostat din que Galiza en 2021 é unha das dezanove rexións en Europa onde os titulados en ciclos formativos acadan traballo en menos do 57,5 por cento, contrastado con outros países como Alemaña ou Suecia, onde todos e todas as alumnas que rematan acadan un emprego nada más titularse. Do mesmo xeito, tamén compara o PIB per cápita nos países e rexións, onde Galiza se sitúa con 25.000 euros, mentres a media europea está nos 32.400 euros. Por iso acontece o que acontece: que a nosa mocidade, despois de todo o esforzo económico do noso país na súa formación, ao non atopar traballo, remata emigrando. Pero podemos ver así o contraste con outras novas que saíron en prensa no verán: «*Los padres del San Luis*

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Romero, de Carballo, insisten en que la Xunta sí recortó profesorado en este curso». —porque vostedes o negaban—, «*Las familias*» —*din*— «*elaboran una gráfica comparativa del personal del pasado curso y este*». «*Cabanas, contra la amortización de una plaza en el colegio*». Radio Coruña —no verán tamén—: «*Cambre insta a la Xunta a no eliminar plazas de profesores en el Wenceslao Fernández Flórez*». Tamén: «*Revuelo en el Fermín Bouza Brey, de Pontearéas, por falta de profesores y falta de plazas en el comedor escolar*». Estes serían catro exemplos de denuncias en prensa, pero hai máis, moitísimas máis: no CEIP da Gándara, en Narón; no CEIP Cabo da Area, en Laxe; no CEIP Nosa Señora de Lourdes, en Mondariz-Balneario; no CPI Castro Baxoi, de Sada; e noutros moitos e moitos que comezaron o curso sen ter cubertos todos os servizos precisos para o alumnado e, sobre todo, con falta de especialistas suficientes para atender a diversidade e o alumnado NEAE —que vostede non dedicou practicamente nin un minuto a este alumnado e cada vez é máis numeroso, chegando actualmente ao 25 po cento na maioría dos centros escolares—.

Podemos comentar tamén as demandas do sindicato maioritario no ensino de Galiza, claro, porque vostede daba os datos de UGT e de Comisións Obreiras. Di na súa páxina web: «CIG ensino exixe que se negocie este mes a recuperación do horario lectivo e a redución das ratios e da burocracia docente en Galiza. Recorte de 89 prazas de mestras...,» —lémbrolle que o decreto saíu publicado o 18 de agosto, e aí aparecen enumeradas todas as prazas— «...a taxa de interinidade por riba do 8,5 por cento, un terzo do persoal provisional terá que impartir materias das que non é especialista ou mesmamente itinerar». A CIG tamén insta a Román Rodríguez na concentración en Oroso, no CEIP de Sigüeiro —quero lembrarlles que vostedes á raíña a levaron de visita ao Camiño Inglés, pero, bueno, o CEIP de Sigüeiro tiña bastantes máis necesidades, e era importante que, ao mellor, a raíña as coñécese— a abrir xa as negociacións este mes para recuperar o horario de 18 horas en secundaria e 21 en infantil e primaria e a reducir as ratios, como xa fixeron o resto de todas as comunidades autónomas no Estado español.

Outra entrada da CIG pon: «Román Rodríguez non se compromete a negociar a recuperación dos dereitos docentes nin a incorporala nos orzamentos de 2024, despois de ser interpelado pola CIG no Consello Escolar de Galiza».

Pero se continuamos con datos oficiais, o Anuario de datos e cifras do ensino non universitario da Consellería de Educación dinos que en Galiza había 31.375 docentes no ano 2009 e que en 2022 quedaban 30.534; é dicir, 841 docentes menos. En decembro de 2008 tiñamos en funcionamento 1.246 centros públicos e hoxe en día quedan 1.082, un 13 por cento menos de centros abertos. O conselleiro xustifica o peche de colexios e o recorte de profesorado na crise demográfica, pero iso non concorda tampouco coas cifras que ofrece, por exemplo, o Instituto Galego de Estatística: «Galiza perde poboación e envellece ao galope», pero tamén sinala que o número de alumnos e alumnas de infantil, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional non baixou; ao contrario, aumentou; eran 364.129 en 2009 e hoxe en día son 380.917, un 4,6 por cento máis.

Falemos tamén sobre os recortes acumulados dende o 2009. Estes serían os datos do Índice de innovación rexional da Unión Europea de 2022, que sinala o retroceso de Galiza en sanidade, en educación e en innovación. En 2022 —din estes datos— 187 centros de educación

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

infantil e primaria menos que en 2008; 262 unidades menos en infantil, primaria e mixtas; 257 unidades menos en secundaria; 156 menos en bacharelato; e 89 menos en educación de persoas adultas. En educación básica, Galicia pasou do posto 96 en 2016 ao posto 149 en 2022, das 238 rexións da Unión Europea analizadas; pola contra, o norte de Portugal avanzou precisamente a ese posto 96 que nós deixamos.

Así que por moito que queira disfrazar e maquillar os datos, a verdade está nos datos oficiais, datos moitas veces seus, da propia Xunta de Galiza... Non sei por que se ri porque son completamente distintos aos que acaba de dicir, *(Aplausos.)* pero son os que son. *(Aplausos.)* E a balanza está ben desequilibrada unha vez máis cos recortes nos orzamentos asignados ano tras ano a educación, dos que enriba destinan agora 1.900 millóns de euros ás escolas privadas para os vindeiros seis anos.

E hai todos estes recortes en profesorado, en unidades, peches de centros, falta de servizos suficientes de conciliación, de transporte en etapas non obrigatorias... Así que non é certo que todo o alumnado teña as mesmas posibilidades. Non é certo, os alumnos que viven no rural non teñen as mesmas posibilidades de conseguir transporte para ir estudar. É verdade, eu vivo no rural e non chegan moitas veces ás cidades para poder seguir e completar os seus estudos.

Tamén continuamos coa falta de orzamento para a gratuidade de libros. O incremento da burocracia nas escolas e institutos fai que o comezo de curso para o profesorado, para as direccións dos centros e para as familias sexa desmotivador e alarmante; alarmante porque vostedes miran indiferente cara a outro lado, non escoitan as familias nin o profesorado, que algo saberán do que acontece dentro dos centros e o que precisa o alumnado. E vostede continúa, ademais, adiante co seu obxectivo de diezmar recursos e orzamentos ao ensino público en beneficio sempre do negocio da educación privada. Así que usemos eses orzamentos para dotar de máis e mellores servizos o ensino público e axudemos as familias facendo que a educación —¡por fin, por fin!— sexa gratuíta.

Grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Davila.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Díaz Mouteira.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Señor presidente, señorías.

Conselleiro, bos días.

Estamos a quince días de iniciarse o novo curso escolar e é repetitivo, pero seguen co mesmo discurso, e os que se repiten son vostedes ano tras ano —insisto, catorce anos—. Asocien: se levan catorce anos na oposición, por algo será. Eu, sinceramente, convidaríaos a que fixesen unha pequena reflexión e a que reflexionen tamén nos datos que proporcionan, porque

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

despois de oílos parece que son vostedes os que están xestionando a educación en Galicia. É verdade que o pouco tempo —así o dixeron as señorías— imos aproveitalo, porque o que non sabemos é o modelo que socialistas e nacionalistas queren; iso si que non o sabemos.

Antes de nada, este Grupo Parlamentario Popular que represento quere agradecer a comparecencia do conselleiro a dúas semanas de iniciarse o curso; un curso que se iniciou con normalidade, con incidencias propias que se solventan na maioría dos casos no transcurso duns días. En todo caso, conselleiro, estamos a falar de máis de 1.000 infraestruturas educativas, de preto de 12.000 aulas, de 225.000 alumnos, de preto de 80.000 usuarios de comedor e transporte escolar e de mais de 31.000 docentes, que non é tarefa sinxela de planificar e de organizar. ¡Gran responsabilidade, conselleiro! Dende o Grupo Parlamentario Popular desexamos que sexa un bo curso; agradecendo sobre todo o esforzo, a implicación e o compromiso da comunidade educativa.

E escoitadas as intervencións, señor conselleiro, porque mesmo parece que as señorías da oposición non visen a realidade. Mire, vostede máis ca ninguén coñece os contidos desas intervencións que veñen de facer a señora Fernández e a señora Otero, porque todos os anos é o mesmo; poderiamos dicir que é a «artillaría de argumentario», que vén simplemente amolar, desgastar... Pero nunca, nunca, nunca se oe as señorías da oposición falando de resultados, de bos resultados, falando de melloras, falando de avances, como ten o ensino galego. *(Aplausos.)*

Estamos un novo curso diante dun goberno responsable, dun goberno do Partido Popular, fronte á improvisación e fronte ao caos dun goberno central socialista, cunha LOMLOE —mal que lle pese— que merma —e non nos fartaremos de dicilo— a calidade, a igualdade de oportunidades e a cultura do esforzo, que si están presentes, señorías, no modelo educativo galego.

Falaba a señora Otero das comunidades do PP, que gobernaba o PP. Mire, pois serán as oito que perderon vostedes e que agora goberna o Partido Popular, precisamente, ¿sabe? Entón, nesas doce comunidades que neste momento está gobernando o Partido Popular, ¿que está a facer?, ¿en que ten que investir o seu tempo? Precisamente en corrixir a mala planificación que tiñan os gobernos socialistas que viñan gobernando esas comunidades autónomas. *(Aplausos.)* E iso non sucede en ningún momento coa política educativa estable e sensata que está a levar este goberno. *(Aplausos.)*

Miren, o conselleiro acaba de adiantar ou de falar das principais liñas nas que se vai asentar este curso escolar a educación en Galicia. E eu creo que o obxectivo do conselleiro, como o desta deputada que lles fala, é que deixen a un lado o ataque, a alarma, a confusión e veñan recoñecer a tranquilidade e a normalidade que hai no día a día da comunidade educativa, porque vostedes iso non o ven; non ven a confianza que os galegos e as galegas teñen no sistema educativo galego. E falo de confianza porque confianza en vostedes hai pouca, e así se leva demostrado nos últimos anos. ¿Por que? Porque non aportan nada novo. Bueno, minto, a única aportación que fan vostedes é a de volver ao pasado. O PSdeG e o BNG de 2023 queren volver ao ano 2005. Pero, miren, o sistema educativo de Galicia vai avanzando, o modelo de educación que temos é para sentirnos orgullosos, é algo vivo, no que se traballa día a día, actualizando

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e adaptando; e non ese puro catastrofismo que os leva acompañando catorce anos e que non lles serve para nada, porque, miren, algo se fará ben. Á oposición non lle gusta —e a señora Fernández falaba de hemeroteca— pero cando gobernaron só serviron, por exemplo, para incrementar o fracaso escolar. Miren *(A señora Díaz Mouteira mostra un documento.)* —nota de prensa do 4 de setembro de 2008—: «*El fracaso escolar aumenta en Galicia y afecta ya al 25 por ciento de los estudiantes*». E cando falan de peches, señora Fernández e señora Otero, miren: «*El Partido Popular de Galicia anuncia el posible cierre de doce colegios en la zona del rural de Pontevedra, Lugo y Ourense*». Esta é a hemeroteca, que vale para todos, non só para vostedes.

E seguimos, porque vostedes seguen cuestionando e criticando, pero non lles contan aos galegos que o sistema educativo galego pon no centro o alumnado e o profesorado, e non lles contan ás familias o apoio que a Xunta de Galicia lles está a dar. «A volta do cole máis cara», si, e onde o custo para as familias galegas vai ser moito menor que noutras comunidades autónomas, onde se inviste o dobre en libros de texto e material, onde se reforza e intensifica o apoio ás familias e se está ao carón delas. Por iso —e tamén o di a prensa e a hemeroteca—, igual que para vostedes, «*Galicia es la comunidad que más ayudas da por alumno en lo que a libros de texto se refiere*».

Así que, señorías, xa ven que aquí o Goberno o que fai é aforrarlles ás familias 100 millóns de euros, 200 se contabilizamos a totalidade dos servizos complementarios, e vostedes sigan minusvalorando o esforzo. Tampouco lles contan aos galegos e ás galegas que Galicia conta cun modelo educativo propio onde a calidade, a equidade e a igualdade de oportunidades están presentes, onde están presentes as competencias educativas, onde está presente a loita contra a violencia de xénero, onde está presente a loita contra o acoso, a educación afectivo-sexual e a preocupación polo benestar emocional dos centros educativos.

Miren, este sistema educativo céntrase no currículo formativo, pero tamén nun modelo con instrumentos e estratexias que buscan o integral desenvolvemento dos alumnos e das alumnas; un sistema avalado polos datos. É que vostedes, claro, en ningún momento fan referencia..., ou se a fan é para dar aqueles datos que a vostedes lles interesan, e xa insisto en que parece que son vostedes os que xestionan a educación en Galicia, porque o que non ven é que é referencia en España e é referencia na Unión Europea. ¡Pero se o din as propias estatísticas do Ministerio do Partido Socialista da señora Alegría, señora Otero!, así como eses informes internacionais que a vostedes non lles fan moita graza, pero tamén sindicatos —bueno, señora Fernández, ao mellor, igual non son moi amigos seus, pero son UXT e Comisións, que merecen todo o respecto—, que avalan o ensino galego.

Tampouco lles oímos dicir que eses datos, avalados polos informes importantes e de calado, quizais lles xeren unha importante preocupación aos galegos e ás galegas cando os vexan nesta Cámara galega, na que vostedes obvian directamente a importancia destes informes. Miren, é difícil entendelos, porque falan vostedes de teoría, non falan con feitos e datos do que é a xestión, porque a verdade pouco tempo tiveron para iso, pero, bueno, todo hai que dicilo. Mire, si, menos alumnos, case 2.000 menos, e 370 profesores máis, e máis aulas. Iso é o importante, traballar como se traballa dende a Consellería que dirixe o señor Rodríguez, que mantivo a organización dos centros, mantén a atención do 100 por cento do alumnado co profesorado suficiente, garantindo en todo momento a calidade do ensino. E eu insisto,

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

porque llo hai que repetir: máis docentes con menos alumnos e máis aulas con menos alumnos. Vostedes alporízanse e non escoitan.

Despois falan de presupostos. Mire, tres anos que se leva co orzamento máis alto da historia, señora Fernández. Son 2.900 millóns de euros, que é evidente e que non se pode esconder; aí está, é o terceiro ano consecutivo.

Miren, papelón teñen vostedes, señorías; un papelón cheo de incoherencias para desprestixiar o que os datos avalan. ¿E por que se empeñan tamén en alimentar e sementar dúbidas sempre en relación co ensino rural? ¿Por que seguen teimando na confrontación do rural e do urbano, porque non beneficia a ninguén? Vostedes saben mellor ca ninguén que o ensino galego chega a todo o territorio, forma a todas as persoas, con independencia do lugar onde vivan, non existen diferenzas nos recursos pedagóxicos, e o mellor de todo —porque iso non se pode ocultar— é que os bos resultados non entenden de diferenzas xeográficas.

Non lles escoitei pór en valor tampouco a formación profesional. Parece que lles amola. Mire, ten máis de 64.000 alumnos, como veu dicir o conselleiro, sendo esta opción preferente e de prestixio, da man —que é o máis importante— dos sectores produtivos, cun alto grao de inserción laboral; unha FP, como no día de onte o conselleiro anunciou, de referencia, InnovaTech FP, para facilitar esa simbiose entre a innovación e os sectores produtivos.

Por tanto, no ensino galego falamos de innovación, de novas tecnoloxías. Non lles escoitei a ningunha das señorías da oposición falar de que sería a primeira comunidade autónoma que vai utilizar a intelixencia artificial na xestión educativa. Miren, un ano máis, infraestruturas novas, outras renovadas, proxectos, estratexias, pero sempre, conselleiro, traballando para mellorar datos e resultados.

Miren, a cada un dos argumentos expostos aquí polo conselleiro de Educación e por esta deputada vostedes sempre poñen obxeccións, ¡como non! Estamos na Cámara que representa a vontade do pobo galego, e a vontade do pobo galego dende o ano 2009, dende hai case quince anos, foi que o Partido Popular fose quen xestionase os intereses das galegas e dos galegos, foi que o Partido Popular xestionase e planificase o futuro do sistema educativo, do sistema educativo galego, gústelles ou non lles guste.

Veñen aquí cuestionar a xestión do sistema educativo con varios exemplos, si: Cabanas, Carballo, Ponteareas... Pero ¿onde está o BNG e o PSOE, cos galegos ou contra os galegos?

Miren, para o Goberno de Galicia —diso non lles debe caber a menor dúbida—, nin para este grupo parlamentario que represento, non hai cuestións de segunda categoría cando de servizos públicos estamos a falar, e a educación, señorías, non é ningunha excepción. Calquera problema, incidencia, desaxuste —calquera— merece toda a atención da Consellería na procura das solucións. De feito, señorías, nin o conselleiro nin o seu equipo —segura estou diso— poderá sentirse satisfeito mentres haxa un só problema nun centro educativo de Galicia. Outra cuestión é que os grupos parlamentarios da oposición, señora Otero e señora Fernández, teñen a perversa querenza de querer coller a parte polo todo, recorrendo a exemplos concretos e singulares, co único fin de desacreditar o sistema educativo galego.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En fin, señorías —e remato xa—, poñamos —e o mellor sería que entre todos— en valor o sistema educativo galego.

Máis nada polo de agora e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Mouteira.

Para a réplica, o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Neste turno de réplica intentarei facer un bloque para falar de cuestións xerais que ambas as portavoces puxeron encima da mesa, e despois tamén, nunha segunda parte, entrarei a falar máis de casos concretos, dalgunha cuestión concreta que foi citada neste debate.

A verdade é que percibín en ambos os discursos unha certa falta de obxectividade absoluta, ou unha absoluta falta de credibilidade, unhas mensaxes e unhas crítica reiterativas que non van máis alá de críticas de serie, practicamente sen ningunha reflexión por parte de quen as plantexa, cunha debilidade argumental e estatística clarísima e cunhas acusacións non só faltas de rigor, senón que se contradín absolutamente cos datos oficiais do propio Ministerio; ministerio dirixido, neste caso, pola ministra, que á súa vez é portavoz do Partido Socialista e que entendo que non terá ningunha intención de dar datos bos para Galicia. Son dous mundos, dúas realidades absolutamente paralelas: unha baseada nos tópicos e outra baseada nos datos reais e nos datos oficiais.

Critícase aquí a boa saúde do ensino galego. Non se falou practicamente de resultados. Hai dúas formas de medir unha política pública. Unha política pública pódese medir en que facemos para implementar determinados obxectivos. Ese é un discurso cuantitativo que nos pode levar a pensar que é mellor un sistema que máis recursos ten nun ámbito, con independencia dos resultados que ten ese ámbito. É unha forma de velo; aquí plantexouse, eu escoiteino hoxe mesmo. E outra é falar dos resultados. Os recursos, que sempre son finitos e limitados, poden usarse dun xeito ou doutro e poden ter e acadar uns resultados ou outros.

Aquí temos que entender que unha política pública non debe só verse —desde a nosa perspectiva, é un auténtico erro— en como cuantificar datos, senón en para que serven os recursos que os galegos nos poñen nas mans, neste caso concreto para mellorar a educación, e vexo que aí realmente non se entra, néganse e póñense en dúbida —ou se minosvaloran— certos informes e datos, xa non só de organismos internacionais, senón do propio Ministerio do Goberno de España, ou de organismos independentes, algúns feitos por organizacións sindicais e outros —que direi máis tarde— feitos por institucións educativas.

Os datos e a boa saúde do ensino galego creo que están aí. Pódense cuestionar, pero creo que son datos absolutamente irrefutables e que se poden ver de diferentes xeitos. Claro, vostedes

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

falan de recortes, pero despois a realidade dinos que levamos facendo por terceiro ano consecutivo os maiores investimentos da historia —e medrando— no ámbito educativo. Vostedes falan de recortes, pero Galicia, xunto con Cantabria —é verdade, estamos sempre as dúas aí oscilando—, somos a comunidade autónoma de España que máis inviste por alumno, só detrás de Navarra e País Vasco, que teñen un réxime foral diferente. Hai moitas comunidades autónomas do Partido Socialista que están moi por debaixo do que inviste por estudante Galicia, co cal, cando falan de recortes ou de interese nas políticas educativas, *había que hacérselo mirar un poco* ¡eh!, porque realmente os datos non coinciden. Ou cando dicimos que con menos alumnos temos máis profesores e máis unidades educativas, e vostedes seguen falando de recortes. É moi difícil ter un debate, digamos, construtivo, ¿non? E seguen falando ambas as portavoces outra vez do Bipartito, seguen falando do Bipartito e das políticas do Bipartito, e sitúan o ano 2009 como punto de medida.

Podemos ver o fracaso escolar. Xa ven vostedes ese fantástico sistema educativo do Bipartito que fracaso escolar tiña, dun 26 por cento. ¿Saben vostedes o que significa o fracaso escolar para un alumno ou para unha alumna? Que sae á rúa sen ningún tipo de titulación, o cal o encamiña a itinerarios vitais francamente complexos. Para vostedes era marabilloso todo, tiñan un sistema de libros marabilloso... Non funcionaba ben, ninguén o quería e todo o mundo o cuestionaba, pero era marabilloso e tiñan un fracaso escolar do 26 por cento ou tiñan unha empregabilidade da formación profesional dun 30 por cento, que agora é dun 90 por cento aproximadamente.

Bueno, realmente eu estou contento de que fagan eses comentarios, porque son bastante positivos para nós, pero realmente non ten consistencia o que vostede plantexa. Se un vai á hemeroteca e ve os inicios de curso dos anos que gobernou o Partido Socialista e que gobernou o Bloque Nacionalista Galego en Galicia, ve que son de traca ¡eh! ¡Os titulares son de traca! ¡Absolutamente de traca! Se os comparamos cos de agora, pois mire, «*que venga Dios y que lo vea*».

Os datos reais que hai hoxe en día encima da mesa e que non son cuestionables, porque son os datos oficiais, son que temos menos alumnos e máis profesores, sacando da ecuación a formación profesional, que ten un camiño á parte; saquémola da ecuación. Temos aproximadamente 1.800 alumnos menos en infantil, primaria, ESO e bacharelato, e temos uns 110 profesores máis; e, por certo, aquí isto contradise co que vostedes din. Efectivamente, en infantil e primaria ás veces se reducen unidades. ¿Por que? Por cuestións natalistas. Xa dixen que de 26.000 prazas de nova oferta en infantil, só 15.000 se cobren, ¡só 15000 se cobren! E créanse en ESO e bacharelato, e aí temos máis profesorado. ¿Por que? Porque hai unha adecuación lóxica dos recursos ás necesidades, e é algo que vostedes non entenden. Eu creo que vostedes pensan que o territorio nun sistema educativo é como un taboleiro de axedrez onde os nenos están nunha celda branca, nunha celda negra, nunha celda branca, nunha celda negra, e o territorio e a poboación están distribuídos de diferente maneira e as necesidades educativas están distribuídas de diferente maneira. E en infantil e primaria, pese a ter 2.600 alumnos menos, temos os mesmos profesores. Ese dato non se pode cuestionar, é o dato oficial, e creamos máis prazas de profesorado en ESO e en bacharelato. E se metemos na ecuación a formación profesional, pois claramente o seu discurso cae absolutamente.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O mapa educativo é un mapa vivo, que se modifica en función das etapas, en función das zonas xeográficas, en función dos niveis educativos, e nós temos a responsabilidade de adecuar cada unha, cada centro e cada etapa aos recursos que existen. Os datos son os datos oficiais, pódenlle gustar ou non, pero son os datos que hai, e contradín absolutamente as súas letanías; as letanías que nos veñen aquí dicir todos os inicios de curso. E despois, cando hai constancia de que o que vostedes plantexan non é certo, tampouco nunca rectifican nin nunca piden perdón. Sería un exercicio democrático moi san, cando se lanza unha mensaxe que non é verdade e cando se demostra que non é verdade, pedir perdón. Nunca o escoitei —tampouco aspiro a que se faga—, pero séguese cuestionando e séguese atacando sen ningún rigor e sen ningún sentido.

Vostedes aquí dixeron que non se atende o rural e que se pechan escolas. Si, non o negamos. ¿Por que? Por unha cuestión demográfica. Pero díganme vostedes —o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, que ambos cuestionaron neste debate este aspecto— como tería que cualificarse o que fixeron vostedes no Bipartito, cunha crise demográfica moito menor que a actual. Nesta lexislatura pechamos 9 escolas ao longo da lexislatura —este é o último ano desta lexislatura; e 9 escolas—, e vostedes, cunha menor crise demográfica, pecharon 103. Ese é o dato, 9 contra 103; *(Aplausos.)* teñen o récord no ano 2006 de pechar 28. *(Aplausos.)* Pecharon unha media de 20 por ano cunha situación demográfica moito menor, cunha crise demográfica moito menor que a actual; por iso, cando nos critican, tamén tiñan que mirar un pouquiño atrás e ter un pouco de pudor. E nós sempre o intentamos. O último recurso é pechar unha escola cando non chegamos a un número mínimo de alumnos, que son 6. Cando percibimos que pode haber un problema neste ámbito, poñémonos en contacto co centro educativo, coa escola, coas familias, cos profesores que haxa aí, cos alcaldes, e dicímoslles: tede coidado que, se non chegamos. temos que cerrar, por coherencia, por lóxica e por criterios pedagóxicos. Non podemos ter unha escola con 3-4 nenos; é antipedagóxico, sobre todo cando temos nas proximidades un centro educativo que pode absorber ese ámbito.

E é certo que todos os anos se pechan unhas unidades e se agrupan outras unidades, pero créanse outras novas, e iso non o din. Este curso académico hai máis unidades no conxunto do sistema que o ano anterior, con menos alumnos; sacando, por suposto, a FP da ecuación. Este é un dato real, é un dato oficial e non se pode cuestionar: 9 fronte a 103.

Falan do ensino rural. Xa lles comentei o investimento comparativo que existe, onde hai un sobreinvestimento no espazo rural. ¿Por que? Por cuestións básicas lóxicas vencelladas á distribución do sistema de asentamentos, á dispersión demográfica, ao custo do transporte, do comedor e á menor ratio alumno-profesor, que, obviamente, se dá en Galicia, pero tamén se dá en Cantabria. Tamén hai rural en Cantabria ou hai rural en Valencia e en todas as partes, sen dúbida ningunha. ¿Ten que ver coas ratios? Por suposto, pero é que no resto de comunidades autónomas tamén hai rural; a cordilleira Cantábrica non é a baía de Santander. É que non ten ningún sentido que vostedes estean intentando minimizar o dato da ratio dicindo que utilizamos a do medio rural; é que nas outras comunidades autónomas tamén se utiliza. ¡Por favor!, non ten ningunha lóxica plantexar o que están dicindo.

Pero hai uns datos que creo que son moi importantes e que creo que sitúan moi ás claras a situación do ensino rural en Galicia. Os resultados educativos, os programas educativos

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

no medio rural e no medio urbano, son idénticos, practicamente idénticos. Galicia funciona como un distrito educativo único. ¿Datos? Porque poden vostedes dicir: bueno, iso dío o conselleiro, ao mellor; pero non é certo. Son datos, señorías, do Ministerio —para que non pensen que os estamos inventando na Consellería—. Fíxense, en Galicia practicamente o cen por cento dos concellos —todos os concellos—, o 93 por cento dos concellos, teñen —temos— un centro de infantil e primaria para dar unha proximidade do servizo —¡o 93 por cento!—; en España é o 55 por cento. E comunidades rurais hainas en España: Castela-León, Castela-A Mancha..., igual que en Galicia. E outro dato: o 99,7 por cento do alumnado de infantil e primaria conta cun servizo educativo de infantil e primaria no seu propio concello. ¿Iso que quere dicir? Iso quere dicir que hai unha aposta por manter nunha condición de equidade territorial os servizos públicos, nunha dinámica de proximidade aos potenciais usuarios, intentando, sen dúbida ningunha, unha discriminación positiva para os espazos rurais.

Bueno, tamén se falou aquí das RPT. Eu quedei sorprendido. As RPT no sistema educativo, no profesorado, non existen; existe o catálogo. Por certo, un catálogo do ano 2007, feito polo Bipartito, polo Bloque Nacionalista e polo PSOE, e que se cumpre expresamente. Na maior parte dos casos estamos sempre por riba do catálogo, que se fixo nun momento de bonanza económica, no ano 2007. O catálogo non existe no ámbito do profesorado.... Bueno, afortunadamente, non falaron do profesorado nin da taxa de interinidade. Nós —como xa digo— temos unha aposta clara por darlle estabilidade ao profesorado, é a clave de bóveda dos avances do sistema. Estamos facendo unha renovación moi potente do profesorado. Hai un dato: nos últimos cinco anos hai 12.000 profesores funcionarios novos; iso quere dicir que hai unha renovación da plantilla altísima. Dende o ano 2009 estamos falando case de 17.000 profesores funcionarios novos. Iso tamén introduce novos profesores, nova sabia no sistema educativo.

E claro que temos que seguir mellorando, claro que temos que seguir avanzando nas condicións do profesorado, sen dúbida ningunha. Nós temos unha interlocución constante cos sindicatos, mesmo este ano, ao final do anterior curso académico, tivemos tres grandes acordos: un acordo en estabilización, un acordo en materia de interinos e un acordo para os profesores de FP. Podería falar aquí dos profesores de FP longo e tendido, do que tiñamos que facer para corrixir a desfeita brutal —¡brutal!— que fixo o Partido Socialista no Ministerio de Educación cos profesores de FP, que afortunadamente o puidemos corrixir en Galicia. E hai que ser conscientes de que todo se pode mellorar —por suposto que todo se pode mellorar—, pero hai que ser prudentes e hai que ser sensatos. Cando se plantexa calquera proposta, hai que avaliala con moito tino, porque temos un sistema educativo con bos resultados e que funciona ben.

E entrando xa nas cuestións concretas das que falaron cada unha das portavoces —e vou moi rapidamente—, teño que dicir que a portavoz do Partido Socialista di que non falo de casos concretos. Obviamente, hai que ter unha visión global do sistema. Sempre existe algún problema concreto nun sitio ou noutro —eu iso non o neguei, nunca o neguei, nin nunca o nego—. Nunca me escoitará dicir que non existe algunha problemática concreta en cada caso, pero hai que corrixila; e a problemática pode ser real ou artificial. Por suposto que hai casos concretos que hai que corrixir, e corríxense, por suposto, pero a visión global haberá

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que tela. E non teremos que ver, avaliar ou clasificar a situación do ensino avaliando catro, cinco ou dez casos, cando estamos falando de máis de 1.100 centros públicos de educación.

E eu doulle un consello: non deberían defender tanto a LOMLOE. Non deberían defender tanto a LOMLOE en Galicia, xa o vimos coa ABAU, onde deixa quedar ao Partido Socialista na dinámica da modificación non nata da ABAU. E xa veremos o que pasa con aqueles alumnos que poden estar en risco ou en ameaza de non titular por non facer as prácticas curriculares polo desbaraxuste absoluto que existe entre os ministerios do Goberno de España. Deberían ser un pouco máis prudentes.

E tamén fixo a señora portavoz do Partido Socialista un relatorio creo que bastante amplo da situación económica das familias, coma se non nos preocupase a nós. ¡Home!, tanto nos preocupa, que se acaban de coñecer uns datos —eu coñecinos hoxe á mañá— feitos con base nas estatísticas de Educación, do Ministerio de Educación, onde se ve que os alumnos —a porcentaxe de alumnos—, do conxunto de España, que máis axuda pública reciben —aos alumnos refírome— son os canarios, e, en segundo lugar, son os galegos. *(Aplausos.)* É dicir, tan mal non o faremos. *(Aplausos.)* Este dato está aquí. Eu acabo de coñecelo hai moi pouco tempo. Son datos do Ministerio, feitos por Esade, e dinnos que a porcentaxe de alumnos que recibe un maior apoio por parte das comunidades autónomas é a dos canarios e a dos galegos; é curioso. E os terceiros, o País Vasco. Fíxese vostede, Canarias ten un réxime fiscal diferente ao noso, ten todo o que ten que ver coa insularidade; co cal, desde a perspectiva do financiamento autonómico, ten máis recursos, e o País Vasco, sobra dicilo. E, fíxese, Galicia está por riba do País Vasco, sendo o País Vasco —hai que recoñecelo— unha comunidade autónoma máis rica ca nós. Iso quere dicir que nós facemos un maior esforzo para axudar as familias do que fai o País Vasco. ¿Por que? Porque temos un maior compromiso con elas. E este dato que coñecín hoxe ten que ver tamén co dato que vostede citou das editoriais, da Asociación de editoriais, que di que Galicia é a comunidade autónoma que máis recursos adica a libros de texto para as familias.

Vostedes insisten, erre que erre —a verdade é que estas paredes teñen escoitado moito ese debate—, na bondade, nas pretendidas bondades do sistema de gratuidade de libros. Témolo dito en moitas ocasións: é inxusto socialmente, non é equidistributivo, non xera igualdade entre as familias. Este sistema no ano 2009 cambiouse e, a partir de aí, fíxose un sistema moito máis xusto socialmente, pese a que vostedes seguen nese ámbito.

E ademais hai outra cousa que tamén vostedes din cunha alegría fantástica: din que as familias o están pasando mal; as familias galegas, as vascas, as castelán-leonesas, as valencianas..., todas. E aí, ao mellor, o Partido Socialista, que goberna en España —ou desgobernou en España, non sabemos se ata o debate de hoxe ou ata máis adiante—, terá algo que ver, porque se a situación económica e a inflación está como está vostedes algo de responsabilidade terán.

E respecto da portavoz do Bloque Nacionalista Galego, bueno, eu, a verdade, estou reconfortado, despois de escoitala a vostede, porque escoitei os tópicos que non unha vez, nin dúas, nin tres, nin catro, nin cinco, nin seis veces se escoitan, e escóitanse practicamente como —perdóeme— unha letanía; unha letanía laica, un Padre nuestro laico, pola súa parte.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Falan de destrución planificada do ensino, falan de privatización, falan de empresas afíns, falan de hemeroteca, falan de que nos comparemos co ano 2009, do nefasto Goberno... Os datos do fracaso escolar que lle dixen antes están aí. Eu podía coller outros datos comparativos da saúde do sistema educativo do ano 2009 e comparalos cos de hoxe; e vostede, a partir de aí, díganos o que nos queira dicir. Pero, home, o que non pode é cuestionar os datos que se dan nesta Cámara por parte, neste caso, deste conselleiro. Eu dou os datos oficiais, moitos deles do Ministerio —datos oficiais, moitos deles do Ministerio—, ou tamén doutros organismos públicos e privados. Di que as ratios son mentira —como dixo antes— porque, claro, aquí hai moito rural, coma se no resto de España non houbese rural. Bueno, pois, oe, é unha forma de intentar minimizar ou de facer unha crítica, cando non hai outros argumentos. Pero, xa lle dixen, na baía de Santander e na cordilleira Cantábrica tamén hai contraste —estou absolutamente seguro— ou en Asturias; na Ciudad Astur ou nos Picos de Europa seguro que hai contraste demográfico entre o rural e o urbano desa comunidade autónoma, semellante ou moi parecido ao galego. A realidade é que Galicia ten unha das mellores ratios profesor-alumno de España, das mellores, e todos os anos as estamos baixando; pero cuestionalo... Bueno, oe, está ben. É certo que se vostede utiliza como fonte oficial a CIG, bueno, pois a CIG dixo publicamente —e vostedes tamén o dixeron— que este ano ía haber uns 80 profesores menos en infantil e primaria —creo recordar—. O dato oficial vai ser que vai haber os mesmos, practicamente os mesmos; o dato oficial é o que, ao final, nos vai poñer a cada un no seu sitio e nos vai falar da credibilidade.

En todo caso —e xa para para rematar—, creo que é moi importante que fagamos unha reflexión colectiva e que sexamos conscientes do traballo que se está a facer no sistema educativo. E cando digo no sistema educativo, non intento apropiarme de ningún mérito, senón que é grazas fundamentalmente ao inxente traballo do conxunto do profesorado. E o resultado dese traballo, o resultado da estabilidade nas políticas, o resultado da implementación de programas ben pensados, cunha perspectiva integral e coa implicación das familias, do profesorado e do alumnado, lévannos a que Galicia teña, afortunadamente, un bo sistema educativo. Creo que iso é dificilmente cuestionable, porque non hai nada máis que ver os datos, neste caso, da OCDE, dos ministerios ou de diferentes entidades.

E, por suposto, os principios básicos, os programas básicos e as liñas estratéxicas básicas xa foron presentadas anteriormente: ¿que facemos para ter os resultados que temos? E, ao final, o resultado que resume todo o panorama é que Galicia ten un bo sistema educativo, que educa en calidade, que educa en equidade, que dá igualdade de oportunidades e que tamén educa en valores.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda especial de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Otero.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidente.

Señor conselleiro.

Señora Díaz Mouteira, cando falamos de taxa de abandono escolar, de fracaso escolar, insisten vostedes en lavar a cara, comparándoo co que acontecía hai quince anos. Se comparamos as cifras a nivel estatal, no conxunto do Estado, na evolución —sabe vostede— destes últimos quince anos desa taxa —dá igual a comunidade, o territorio do que falemos—, vemos que non teñen absolutamente ningún rigor. Pero cando lle preguntamos que aconteceu o pasado ano para que na nosa comunidade, despois dunha década especialmente con resultados moi positivos, a última cifra da EPA arroxe un aumento estatisticamente superior que no conxunto do Estado, deixando esa taxa de abandono escolar temperán por primeira vez moi preto do 10 por cento, non queren falar nada; pero é rigoroso facer unha comparación coa situación educativa de hai quince anos. *(Aplausos.)* ¡En fin...!

Cando falamos de gratuidade de libros de texto, di vostede que nunca funcionou, que non lle gustaba a ninguén. Xa lembramos no pasado pleno como dende o propio Goberno do Partido Popular e responsables coñecidos do Partido Popular, como o propio señor Currás, dicían que un dos maiores fitos, logros e acertos do Goberno bipartito, presidido por Emilio Pérez Touriño, fora aumentar o gasto en educación e ese sistema de préstamo universal de libros de texto. Pero teñen vostedes, como digo sempre, arredor deste asunto amnesia colectiva, a pesar de que é un tema, ademais, no que teñen avanzado —sobre todo nos últimos tempos— a maioría das comunidades autónomas, mesmo as gobernadas polo Partido Popular.

E preguntaba a señora Díaz Mouteira, por falar da actualidade: ¿cal é o modelo? Pois ben, o modelo do Partido Socialista é que, sen ter competencias para facer efectivo ese dereito gratuíto á educación universal..., pois é o que está a facer o Concello de Vigo. Cando eu lle preguntaba que lle parecía, ante o desleixo da Xunta de Galicia e o que estaba a padecer o conxunto da cidadanía galega co aumento dos prezos —ao negarse a implementar ese sistema de préstamo universal e o material de libros de texto—, o modelo que estaba aprobando o Goberno local da cidade de Vigo, do alcalde Abel Caballero, cando eu lle preguntaba —lembrará vostede— neste pleno que lle parece esa axuda universal de 205 euros a cada alumno —a máis de 28.000, escolares da cidade de Vigo—, dicía: é marabilloso, pero a ver se se repite despois das eleccións. Ben, señor conselleiro, ante o desleixo no que insiste a súa consellería, vén de abrir o Goberno local de Vigo o procedemento para renovar esas axudas neste curso escolar a máis de 28.000 escolares para compensar a situación absolutamente insufrible do gasto.

Transporte escolar. Señor conselleiro, cousas serias, pero é un chiste todo. Veñen de declarar no xulgado, por certo, cargos da Consellería hai poucas horas en relación coas presuntas irregularidades na adxudicación da Xunta a Monbus no transporte escolar. *(Murmurios.)* É unha declaración nos xulgados —é unha risa tamén—, pero está vostede moi orgulloso do transporte escolar. Mire, en redes sociais de distintas comarcas —de Fisterra, por exemplo, e tamén de distintas comarcas de Lugo— se facía unha reflexión arredor destes autobuses que saían o domingo e o sábado cara á manifestación en Madrid dende distintas localidades de Galicia. Dicían: a ver se o luns o alumnado non ten que pagar un taxi para ir ao instituto

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

en Cee; ou a ver se o Goberno local non ten que pagar o taxi; ou a ver se as familias non teñen que faltar ou chegar tarde ao traballo para recoller eses estudantes que quedan tirados nas paradas.

Por certo, sen entrar a valorar esa manifestación ou non, falaba de transporte escolar; unha manifestación na que tamén ten o seu que vostede, conselleiro de Educación, de Cultura e tamén de Lingua... Nela escoitabamos consignas aplaudidas polos deputados galegos e polo propio presidente da Xunta en contra da oficialidade do galego no Congreso. ¡É que hai que ter...! *(Aplausos.)* ¡É que hai que ter...!

Falaba vostede tamén de datos rigorosos e empíricos e, dende logo, é que é unha diferenza de modelo a que defendemos uns e outros, se falamos de educación.

Mire, estaba buscando datos: os gobernos de Mariano Rajoy executaron o 92 por cento dos recortes educativos derivados desa gran recesión. No exercicio 2019, enviado a Bruxelas, o compromiso do Goberno do Partido Popular era continuar o descenso do gasto público educativo ata o 3,8 do PIB, mentres a media na zona euro era do 4,9 do PIB. ¿Sabe cal sería a media do gasto público da educación se seguise gobernando o Partido Popular? Estariamos na media de países de África subsahariana. Ese é o modelo.

O Goberno progresista que di vostede que foi letal para a educación —si— atopouse cun 4,21 por cento —son datos empíricos, señor conselleiro— sobre o PIB ao chegar ao Goberno, en xuño de 2018; no 2021 a porcentaxe remontou ata o 4,94 por cento, facendo só en tres anos o maior investimento en educación da historia da democracia. ¿Sabe o que fixo o Partido Popular durante esta última lexislatura? Votar que non a ese aumento orzamentario, votar que non a ese aumento de máis de mil millóns de euros en bolsas e axudas ao estudantado; de máis de mil millóns de euros con respecto ao que destinaba o Partido Popular no último exercicio, o Goberno de Mariano Rajoy, a bolsas e axudas, ao aumento dun 66 por cento. E vostedes votan non, señor conselleiro. Claro que é unha cuestión de modelo.

E remato. Dicía a señora Mouteira tamén: confianza e tranquilidade é o que están amosando e amosan as familias galegas se falamos do sistema educativo. Insisto, as Anpa din que os problemas están aí, á vista: «Somos xente que temos outras ocupacións e non moito tempo dispoñible. Non podemos facer moitas veces mobilizacións visibles e quizais semella que non pasa nada, e tamén as fan máis de 900 escolares que plantaron o primeiro día de clase na Laracha polos recortes. Semella ás veces que non pasa nada porque non temos máis tempo, pero si que ocorre, e o descontento e a desconfianza cara a un ensino público mal xestionado son cada vez máis presentes». E dan aquí toda esa lista de centros e institutos *(A señora Otero Lago mostra un documento.)* onde se teñen protagonizado e están a aparecer os recortes neste momento.

Gustaríanos tamén, señor conselleiro, neste tempo que temos —limitado, vostede non—, que tamén nos conteste a unha pregunta que faciamos: se vai vostede convocar esa Mesa Sectorial de Educación. Comprometíase o curso pasado a facelo, a abrir ese diálogo e a recuperar o horario lectivo e as condicións e os dereitos dos nosos e das nosas docentes, que seguen —insistimos— á cola do Estado neste asunto.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pola nosa parte, máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Fernández Davila.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: Señor Rodríguez, vostede segue insistindo en que no ensino en Galicia todo vai ben, e a señora Díaz apláudelle tamén. E como falou de altos orzamentos destinados ao ensino, quero comezar esta segunda intervención dando un dato importante, que son os orzamentos destinados á área, precisamente, do ensino. No ano 2006, Galiza destinaba 2.161 millóns, aumentando así un 41 por cento con respecto a 1999, onde había un investimento de 1.529 millóns. Estes son datos do INE, publicados no 2009, equiparables nese intre ao gasto en Euskadi, pero tamén moi por debaixo da media europea. No ano 2009, Educación manexou un orzamento de 2.432 millóns, que era un 22,31 por cento do total, mentres que no ano 2022 a cifra é certo que aumenta a 2.687 millóns de euros, pero a porcentaxe baixa a un 20,5 por cento, tendo pasado a friolera de trece anos.

Aínda que con estes datos, como dicía, parece a simple vista que o investimento en Educación este ano pasado foi o maior de toda a historia —que é o que vostedes acaban de vender—, a realidade demostra que cada vez hai menos recursos dispoñibles e que gran parte deste orzamento é transvasado ao sector privado mediante os concertos; eses 1.900 millóns de euros dos que falei antes e que destinarán nos vindeiros cursos. Non hai cartos para libros de texto e material escolar para o alumnado, pero si para os centros que segregan. Pasaron de concertarlles 58 unidades a 74, e agora deberían facer un seguimento por parte da Inspección educativa para que, en realidade, non fagan esa segregación do alumnado. Por iso quero que resposte a estas preguntas para que lles quede claro ás familias galegas a súa postura e a do Goberno.

¿Por que non xestionan a gratuidade universal de libros de texto? Está demostrado que con este sistema as familias non asumen ese custo e que á Xunta lle sae, por riba, máis barato mercar libros para todo o alumnado durante catro anos que dar cheques de libros para unha parte das familias todos os anos, que aínda así non cobre a totalidade dos libros que precisan mercar.

Outra pregunta: ¿que interese hai para o Goberno en desatender os dereitos laborais do profesorado galego? ¿Por que non convocan todas as prazas vacantes do profesorado xubilado?, ou ¿por que seguen facéndolles contratos que rematan o 30 de xuño, precisamente?

Outra pregunta: ¿por que non manteñen as prazas de profesorado en todos os centros para aproveitar así a situación da baixada demográfica en Galiza e dar unha atención educativa mellor, de maior calidade e con menor ratio de alumnado nas aulas?

Outra batería: ¿como pensan que é posible atender, dentro das aulas ordinarias, un 25 por cento de alumnado con necesidades especiais de atención educativa sen profesorado de apoio

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e sen que os especialistas, como os de Audición e Linguaxe ou Pedagoxía Terapéutica, teñan as horas suficientes para poder adicarlles? ¿Cren vostedes que as dúas horas á semana por alumno ou alumna actuais son suficientes para que estes nenos e nenas poidan avanzar?

Outra máis: ¿onde está a igualdade de xénero que vostede percibe nas escolas e nas aulas se retiran as materias que, de feito, as impulsan? ¿Onde está a formación afectivo-sexual nos centros? A realidade das familias no seu día a día é ben distinta a esa realidade virtual na que vostede ou vostedes, do Partido Popular, están instalados comodamente, igual que os recortes que están a aplicar no ensino público.

Vostedes están baleiros de ideas e de propostas eficaces que poidan axudar todas as galegas e galegos. Todas as súas iniciativas van encamiñadas a entorpecer e discriminar as persoas. Mentres reparten fondos tan necesarios para as escolas públicas entre as privadas, din que as axudas entregadas ás familias deben ser equitativas, pero non ten nada de equitativo pagar a totalidade das escolas infantís privadas, por exemplo, ou entregar vales de 100 euros para viaxar, sen criterios económicos de ningún tipo, cando hai familias que teñen que decidir entre pagar o comedor escolar das crianzas ou mercarlles unhas botas para pasar o inverno. Dende logo, no que menos están a pensar é en facer ningunha viaxe.

Vostedes dicían que non valoramos os resultados. Pois eu así, brevemente, vóullelo facer agora. Primeiro, a educación pública sofre recortes continuos e non é gratuíta, como debera ser normativamente. Unha parte importante das familias ten que pagar libros e materiais e o resto, unha parte destes. As familias non dispoñen dos servizos necesarios para a conciliación e non se teñen en conta as súas opinións ou necesidades. Os docentes reclaman dereitos laborais que foron suprimidos por vostedes e que xa tiñan adquiridos, por certo. O alumnado NEAE non dispón de recursos suficientes para unha atención que permita a inclusión real e o seu avance persoal e académico. As ratios das aulas seguen ao máximo e moi elevadas, cando o resto das comunidades autónomas xa as baixaron. Hai falta de transporte para as etapas educativas postobrigatorias. Como lles dicía antes, moitos dos alumnos do rural non chegan ás cidades para poder seguir continuando os seus estudos. Ideoloxizan a educación cara á súa ¡claro!, evidentemente, eliminando horas de Filosofía e eliminando as materias que fomentan a igualdade de xénero, a diversidade e a formación afectivo-sexual en pro de materias, evidentemente, tecnolóxicas e empresariais. Vostede repetiuno en todo o seu discurso nas dúas intervencións.

Así que o BNG, desde logo, non vai pedir perdón nunca por defender o ensino público; ao contrario, presentamos sempre propostas que melloran a situación actual, pero, dende logo, o noso modelo de ensino é ben diferente ao seu.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Davila.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Díaz Mouteira.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, presidente.

Conselleiro, señorías.

A verdade é que, señora Otero e señora Fernández, este Grupo Parlamentario Popular segue sen saber cal é o seu modelo educativo, porque, insistimos, eu creo que non é ningún, así directamente. Porque miren, vostedes, tanto a señora Fernández como a señora Otero, veñen criticar que nós falamos do Bipartito. ¡Pero se os que queren volver ao pasado son vostedes!, ¡se o que queren é traer o modelo do Bipartito a agora, ao ano 2003! ¿Vostedes non se dan conta? *(Aplausos.)* ¡Se son vostedes os que están reiteradamente facendo alusións ao Bipartito! Pero do que non falan é de que ese modelo do que vostedes presumen suspendeu; suspendeu, e cun suspenso ben grande, que foi o que lle deron no 2009 os galegos e as galegas. Ese é o seu modelo. ¿Como cualifican o que fixeron vostedes no Bipartito —como lle dixo o conselleiro—? ¿Como o cualifican? Mire, cualificámolo nun momentiño: nota, suspenso; cualificación numérica, 0. Suspenso, señorías aos seus mantras, ás súas demagoxias, ás súas críticas constantes. E de progresar adecuadamente, xa non falamos, porque, señorías, ese modelo educativo llelo suspenderon os galegos no 2012, no 2016 e no 2020. Cando un suspende, señorías —señora Otero e señora Fernández—, ten que esforzarse, mellorar e estudar.

Preguntas, señora Fernández, son as que vostede verte... Bueno, non está neste momento. Non lle gustará escoitar a realidade do que pasa no sistema educativo galego. Mal camiño levan, señorías, porque queren voltar ao pasado, pero imos voltar todos ao pasado. Miren, insisten nese modelo exemplar, tanto o BNG como o PSdeG, de gratuidade de libros de texto. Saben que non funcionaba ben, saben que as familias sempre tiñan que pagar libros. Era un sistema que estaba criticado polas familias, polos libreiros, polos centros...; un modelo que non era universal.

E volvemos á hemeroteca. Miren, 12 de setembro de 2006 *(A señora Díaz Mouteira le uns titulares de prensa.): «El PP acusa a la Xunta de engañar en la supuesta gratuidad de los libros de texto»* —engano ás familias—. *«El PP acusa a Touriño de mentir respecto a la gratuidad de los libros de texto»*, 17 de setembro de 2007. En 2008: *«La Xunta otorga a una empresa...»*. Esa é outra, porque o préstamo xeraba problemas de xestión nos centros, non era tan bonito como vostedes dicían, e tiveron que contratar unha empresa privada; aquí o di, 30 de abril de 2008 —prensa—. O sistema, polo tanto, señorías —señora Otero e señora Fernández—, non era tal.

De gratuidade falan, falaban e fixeron alusión ás axudas de Vigo, de 200 euros. ¿Son en función da renda, señora Fernández? Aí non lle parece. ¿En función da renda? Non, aquí estamos ao café para todos. ¿Nota? Suspenso. *(Murmurios.)* ¿Que me din dos peches? Porque coloradas se tiñan que pór as señorías da oposición, señorías, ¡coloradas!

Mire, xa llelo dixo o conselleiro e eu vóullelo repetir, pero non a vostedes —insisto, porque llelo dixo no último pleno—, vóullelo repetir ás galegas e aos galegos, porque agora queren esquecer e queren dar lecciónes de educación a este goberno. Miren, a Xunta de Galicia nesta lexislatura —e repítoo e seguirémolo repetindo— pechou 9 centros; vostedes, nunha lexislatura, 103; 20 de media por ano, e no 2006, 28. ¿Nota? Suspenso e ¡moita cara! *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿Falan de ratios? ¿Por que lle botan vostedes a culpa das ratios á Xunta, señora Fernández? *(Aplausos.)* Falen vostedes cos seus socios de goberno, porque vostedes están moi caladiños para non molestar o Goberno socialista. Din que as ratios son mentira, pero ¡se as ratios veñen establecidas na LOMLOE, que se veu de modificar hai apenas uns anos! ¿Onde estaban vostedes? ¡É realmente impresentable!

Miren, 25 alumnos en infantil e en primaria. Non o di este goberno, non o di esta deputada, non o di o conselleiro, dío a LOMLOE, señora Otero. ¿E cal é a realidade de Galicia? Que o 70 por cento das aulas teñan 20 ou menos alumnos, e o 30 por cento, 10 ou menos alumnos. Suspenso, señorías; esa é a nota que lles poñen os galegos e as galegas.

E se falan do ensino privado..., porque ¿cal é a obsesión —non sei se durmirán pola noite, señora Fernández, co tema do ensino privado—? Porque os concertos se mantiveron no Bipartito igual que os fai este goberno. ¿Por que? Porque así o establece a lexislación vixente. Iso é o que teñen vostedes que mirar. ¿Cúmprese a norma? ¡Cúmprese! Pois iso é o importante, así que non critiquen o que vostedes fixeron.

Eu creo que a vara de medir ten que ser a mesma, e o que lles pide este grupo parlamentario, señorías, é coherencia, porque os datos non poden ser á carta; os datos son os oficiais, non os que a vostedes lle conveñen.

Podemos seguir co repaso, pero o tempo non mo permite. Remato, non sen antes agradecer —¡como non!— o labor e a implicación da comunidade educativa, pero de todos: de profesores, das nenas, dos mozos, dos homes e das mulleres que cada día fan posible un exemplar día a día nas comunidades educativas, nos comedores e no transporte escolar.

Quero agradecer tamén e destacar, señor conselleiro, o seu traballo, o do seu equipo —secretarios xerais, directores, persoal de gabinete— e, por suposto, o traballo das mulleres e homes que cada día na Consellería de Educación, Cultura, FP e Universidades permiten que o ensino galego siga a mellorar, camiñando cara a novos retos que os tempos nos veñen marcando.

Señorías, o día que neste Parlamento escoitemos propostas serias da oposición para contribuír a consolidar a calidade do sistema galego, algo teremos avanzado. Ata entón, o único que veremos nesta Cámara é un uso partidista e partidario da educación en Galicia.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Mouteira.

Para o peche desta comparecencia, o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A portavoz do Partido Socialista falaba do fracaso escolar. No Bipartito era do 26 por cento. Na inmensa maioría das comunidades autónomas do Partido Socialista está por riba do 10 por cento, que é o obxectivo que nos marca a Unión Europea; e Galicia ten o 9 por cento, que está por debaixo da media do que nos pide a Unión Europea. Só catro comunidades autónomas estamos por debaixo dese 10 por cento, e houbo un incremento do ano pasado a este ano debido á pandemia en toda España. En toda España medrou o fracaso escolar, pero Galicia segue sendo unha das poucas comunidades autónomas de España —e só somos catro— que estamos por debaixo do obxectivo que nos fixa a Unión Europea, cando vostedes no Bipartito estaban no 26 por cento.

Fala vostede tamén do sistema de gratuidade de libros de texto. Díxenllo antes, poderiamos dedicar máis recursos, sen dúbida, pero somos os mellores de España —dío un organismo independente—. Pode seguir vostede cuestionándoo, pero a realidade é que somos un dos primeiros de España.

Sacou vostede aquí o Concello de Vigo. Bueno, o Concello de Vigo estes días é noticia porque está privatizando un servizo educativo básico —creo que foi noticia estes días—. É unha pena que vostede non diga iso. Tampouco o dixo o Bloque. A verdade é que están tan preocupados polo ensino público e un servizo que privatizan dun xeito..., bueno, daquela maneira, pois é un exemplo para vostedes a seguir realmente moi positivo.

Ao final, empezaron a meter datos estatísticos a nivel estatal. Eu recordareille un dato: o ministro Méndez de Vigo propuxo chegar ao 5 por cento. Había un pacto do Estado practicamente asinado para chegar a un orzamento do 5 por cento por parte dos orzamentos do Estado. Foi chegar o señor Sánchez ao Goberno e mandar parar; rachar un traballo moi sólido que se fixo para intentar potenciar un goberno de España, *y todo se perdió.*

E despois falan de recortes, o Partido Socialista fala de recortes. Hai recortes de memoria, porque ¿como é posible que non recorden que o único partido que fixo de xeito lineal, no ano 2010 —para implementarse no ano 2011— un recorte dos salarios ao conxunto dos funcionarios foi o Partido Socialista? Hai un recorte de memoria, ¡eh!, porque non se acordan do que non queren. ¡Por favor, sexamos un pouco sólidos e rigorosos nos comentarios!

E despois falan de moledo. Se algo demostrou ou está demostrando a historia democrática é que temos unha eiva, desde a perspectiva educativa, de non ser capaces de artellar, no conxunto de España, un sistema educativo estable no tempo. Hai unha sucesión constante de leis educativas —constante—: unha foi do Partido Popular, as outras foron todas do Partido Socialista, que se autoemendou historicamente. Historicamente, o Partido Socialista autoemendouse modificando leis orgánicas. ¿Resultado? Que o nivel de España —de España, en xeral— é moi, moi mellorable; e, afortunadamente, algunhas comunidades autónomas estamos moi por riba da media de España e podemos branquear algo as estatísticas xerais. Pero España, no seu conxunto, con leis socialistas, non pode presumir en ningún momento de ter un modelo educativo orientado ao éxito, orientado á calidade. E iso é algo no que vostedes —como digo— teñen un recorte de memoria, porque só ven o que queren ver e só din o que queren dicir.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Enganchando tamén co que dicían vostedes e que ten que ver co que plantexou a señora Fernández Davila, digo que vostede dixo que no ano 2006 —creo recordar, señora Davila, non sei se era o 2006 ou o 2007— era a época de máximos recursos educativos. A verdade é que fixeron bastante mal uso deles. Voulle dar a razón, ten vostede razón. Moi ben..., non é verdade que teña a razón, pero dámoslla, *(Risos.)* dámoslla... Ao final do mandato bipartito unha inmensa maioría das variables educativas —xa citei dúas, podería citar moitas máis—, o fracaso escolar e a empregabilidade dos alumnos de formación profesional, estaban moi arrastrados —eran datos tremendamente negativos—: máis recursos que nunca, peores resultados que nunca. E iso demostra que unha cousa é predicar e outra é dar trigo; unha cousa é ter cartos e outra saber que facer cos cartos. E se vostede presume de ter máis orzamentos, pero non sabe o que fixeron ou os resultados da implementación deses orzamentos, é lóxico que, ao final, pasase o que moi ben dixo a portavoz do Partido Popular.

É certo que, falando de ideas novas, o Bloque Nacionalista mantén sempre as súas ideas; é moi coherente coas súas ideas e son sempre as mesmas: privatización e recortes. Eu levo moitos anos servindo a Galicia en diferentes responsabilidades e traballando nesta Cámara e sempre escoitei: privatización e recortes. Se realmente vostedes tivesen razón no que din, o sistema educativo —o conxunto de Galicia, en xeral— si que sería como a África subsahariana, pero, afortunadamente, non é así. Unha cousa é exaxerar en sede parlamentaria e dicir despropósitos como os que vostede dixo e outra cousa é a realidade. Eu creo que vostede non lle pode mirar á cara a ningún docente ou a ningunha familia e dicir o que acaba de dicir nesta Cámara parlamentaria. Dicir que o sistema educativo galego é como o da África subsahariana vai pasar —eu creo— aos anais das *boutades* —por non dicir unha palabra diferente— neste Parlamento. *(Murmurios.)*

Tamén dixo vostede que non hai cartos para libros. O dato deillo anteriormente. O maior aporte de todas as comunidades autónomas é o galego.

Fala das prazas vacantes. ¿Que quererá dicir coas prazas vacantes? Fala das taxas de interinidade. Son as máis baixas de España. A taxa de interinidade galega é a máis baixa de España. Contando os estruturais e os non estruturais, estamos nun 8 por cento; a media de España está nun 25 por cento, contando só os estruturais está nun 2 por cento, a máis baixa de España.

Fala vostede tamén dos alumnos con necesidades educativas especiais. E eu aquí quero ser moi serio. Fíxose moito, pero queda moitísimo por facer. Fíxose unha gran aposta por mellorar a inclusión; somos —segundo datos do Ministerio, para que non haxa ningún tipo de mala interpretación— a comunidade autónoma máis inclusiva cos alumnos con necesidades educativas especiais. *(Aplausos.)* Obviamente, ¿isto chega? Non, por suposto que non chega, pero que non se negue o traballo que fan practicamente 4.000 profesionais todos os días por axudar máis os alumnos que máis o precisan, porque me parece unha auténtica falta de respecto para eses profesionais.

¿Das ratios? As galegas son das máis baixas de España. O 70 por cento das nosas aulas teñen menos de 20 alumnos e progresan constantemente ao longo dos anos. E despois hai que ser un pouco rigorosos; se non, dáse a situación —como dixo unha política que coñecemos nesta

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cámara— que andamos en cohetes polo espazo; ¡parece que andamos en cohetes polo espazo! *(Risos.)* Porque ¿como pode dicir aquí que este goberno eliminou Filosofía dos currículos? ¡É que é xusto ao revés! ¡Xusto ao revés! Foi este goberno quen, na modificación dos currículos da LOMLOE, introduciu na ESO unha asignatura de Filosofía. Non se pode dicir xusto o contrario do que é a realidade. *(Aplausos.)*

Mire, eu creo que entre todos deberiamos facer unha reflexión e contribuír a mellorar o sistema; hai moito que facer e sempre, sempre, ao final, o tempo dá e quita razóns. Agora, eu estou tremendamente orgulloso da implicación da inmensísima maioría dos membros da comunidade educativa: sindicatos, centros directivos, equipos, profesorado, familias e inspección. Cada un na súa responsabilidade ten unha parte do éxito colectivo que está sendo, afortunadamente, nos últimos anos, a educación en Galicia. Obviamente, hai que ser consciente de que todo se pode mellorar. Só faltaría que non tivésemos a ambición de mellorar; temos moita ambición de mellorar, pero hai que ser prudentes e hai que ser coherentes, porque o sistema funciona ben. Cando se fala de cambios organizativos, temos que ser moi prudentes; podemos falar, podemos mellorar, podemos avanzar, pero non podemos afectar un sistema educativo que ten e dá bos resultados. Temos que ser tremendamente equitativos, con independencia da clase social do alumno, con independencia incluso do contexto económico, do espazo onde está o colexio e con independencia do territorio. Isto é tremendamente importante, e iso, afortunadamente, recoñécennolo, dínnolo o Ministerio e a OCDE. Eu creo que iso é algo que é realmente moi, moi significativo; e é moi significativo que poidamos —e existe algún caso puntual— ter un inicio de curso con total normalidade, cunha grandísima normalidade, como tivemos, e afortunadamente é a tónica dos últimos anos.

Eu reitero o merecido recoñecemento e agradecemento a todos os membros da comunidade educativa —xa o dixen: alumnado, familias, docentes, persoal non docente, equipos directivos—, un recoñecemento claro e explícito ao seu traballo e ao seu compromiso.

Tamén reitero a estabilidade das políticas do noso modelo educativo, que dan bos resultados. Reitero, por suposto, os resultados educativos, os bos datos nas principais variables que miden a calidade e que miden a equidade dun sistema educativo. Reitero o papel dos docentes, o seu traballo, a súa formación, a súa motivación. Reitero as melloras infraestruturais, tanto arquitectónicas como tecnolóxicas, dos máis de 1.600 edificios que conforman o parque inmobiliario desta consellería. Reitero os grandes servizos complementarios do ensino galego: transporte, por suposto, transporte escolar, comedor e axudas ás familias. E reitero a igualdade de oportunidades, o ensino en valores e a innovación educativa.

E tamén reivindico o traballo de organización que se fai todos os anos, que se fixo este ano, por parte do equipo da consellería, a quen estou tremendamente agradecido polo seu esforzo, a súa motivación, a súa implicación e ás veces a súa falta de descanso. E reivindico e defendo as políticas educativas postas en marcha para lograr que Galicia teña un sistema educativo homologable ás rexións máis avanzadas de Europa.

Pódolles asegurar que para o Goberno autonómico, para a Xunta de Galicia, para esta consellería, este curso escolar é unha nova oportunidade para seguir medrando, para seguir mellorando e para seguir implementando liñas de actuación estratéxicas.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Temos que seguir —e así o faremos— consolidando o noso modelo educativo, con propostas que favorezan a modernización do ensino e garantan a igualdade de oportunidades a todos os cidadáns. Cuestións como a convivencia, o benestar emocional, a igualdade ou a inclusión son retos que nos obrigan —e verémolo en moi pouco tempo— a estar constantemente modernizando e actualizando as diferentes medidas.

Por suposto, o ensino, que é a base da sociedade, non pode quedar atrás, non pode ser alleo ao desenvolvemento tecnolóxico, á dixitalización ou á intelixencia artificial. Hai que traballar para que sexa unha parte máis do proceso de aprendizaxe, que sexa un medio, que non sexa un fin en si mesmo, que sexa un medio para mellorar a creatividade, as competencias, e sobre todo para formar os xoves de cara ao futuro nas competencias dixitais, que —queirámolo ou non— xa están instaladas absolutamente na nosa vida.

E tamén imos traballar, con máis impulso se cabe, para intentar seguir potenciando a formación profesional como unha liña estratéxica deste goberno, que entendemos que é básica e é fundamental, non só para o individuo, para a persoa que cursa os estudos e que se garante formarse como profesional, e que garante unha empregabilidade, senón tamén para os sectores produtivos, para ter bos profesionais e por extensión para Galicia. Innovación, tecnoloxía, conexión co mundo laboral son liñas mestras vencelladas á nosa formación profesional.

E, por suposto, queremos agradecer todo o traballo do conxunto da comunidade educativa, porque todos temos que ser moi conscientes de que a Galicia de mañá se xoga hoxe nas nosas aulas e con todo o que fagamos por mellorar a educación veremos resultados positivos na Galicia de mañá.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Continuamos coa orde do día. Pasamos ao punto 3, mocións. Debatemos agora de xeito acumulado as seguintes mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre os servizos de inspección da Consellería de Política Social e Xuventude

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Marina Ortega Otero, sobre a programación das inspeccións aos centros de atención residencial

O señor PRESIDENTE: Comeza formulando a moción o señor Iago Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Grazas, señor presidente.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señorías, bos días.

Nesta moción dende o Bloque Nacionalista Galego demandamos transparencia, respecto e dignidade para os maiores de hoxe, para os que seredes —agás as previsións do señor Román Rodríguez— mañá, mais tamén respecto, dignidade e transparencia coas institucións; transparencia e respecto institucional dos que careceu a conselleira na súa intervención parlamentaria na interpelación previa a esta iniciativa, agravada coas posteriores actuacións da dirección da consellería.

A falla de dilixencia e transparencia da Xunta no control ou inspección das residencias e centros de maiores é grave, mais actuacións posteriores da dirección da consellería son moito máis graves. No pasado pleno dende o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego preguntabamos á conselleira de Política Social sobre as investigacións realizadas pola Xunta de Galiza como consecuencia dunha nova denuncia, neste caso formulada pola Asociación Galega de Inspectores de Servizos Sociais, sobre as eivas no sistema de inspección aos centros, eivas que posibilitaban a existencia de filtracións ás entidades xestoras de residencias, filtracións sobre as datas nas que se realizarían esas inspeccións, filtracións que farían ineficaces a actuación inspectora.

Esta denuncia non foi a primeira, esta denuncia non foi a única, pois anos atrás diferentes colectivos e asociacións xa denunciaran a posibilidade de que se estiveran a producir esas filtracións e eses avisos.

Dende o Bloque Nacionalista Galego interesabamos á conselleira que informase sobre as investigacións realizadas para comprobar a veracidade deses feitos denunciados. A resposta da conselleira, sorprendente mais infelizmente non inaudita, foi limitarse a negar a posible veracidade dos feitos denunciados, sen acreditar nin sen intentar acreditar a realización de investigacións ou comprobacións ningunhas, nin coa denuncia de 2023 nin coas denuncias de 2022, nin coas denuncias de 2020, nin coas denuncias anteriores; ningunha investigación sobre as denuncias formuladas en todos eses anos, a pesar de que recoñeceu a gravidade dos feitos denunciados, a pesar da pluralidade e diversidade dos denunciantes, denunciantes en ningún caso con intereses económicos, denunciantes que ou ben eran traballadores ou traballadoras de residencias ou ben eran familiares ou usuarias deses centros residenciais.

A Xunta non tivo interese en ningún momento en comprobar a veracidade do que se denunciaba, a pesar da gravidade do mesmo. ¿E por que? Porque ben sabe que podían ser certos eses feitos denunciados. Así, hai aproximadamente seis meses cambiou o sistema de visita aos centros, de visita de inspección aos diferentes centros residenciais e centros de día. Pero como a Xunta de Galiza á fin protexe a quen protexe, por iso de contado volveu ao sistema anterior, de contado e sen xustificación ningunha volveu ao sistema anterior.

É máis, ou para máis gravidade, a conselleira na réplica non só negou os feitos denunciados sen xustificación ningunha, senón que negou as propias denuncias, o que fai pensar, por unha banda, que non estaba atenta ás nosas intervencións, tanto a do Bloque Nacionalista Galego como a do Partido Socialista, porque ben acreditamos o porqué desas denuncias e que esas denuncias realmente existían, ou ben non só é que non estivera atenta, senón que

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ou ben deliberadamente mentía ou, o que é igualmente grave, non sabe nin sequera o que é unha denuncia. En calquera dos dous casos, tanto a mentira como o descoñecemento sobre que é unha denuncia cuestionan bastante a súa idoneidade para ostentar o posto que ocupa.

A existencia de denuncias previas, como xa lle dixemos, consta na hemeroteca, consta no rexistro da Xunta de Galiza, e incluso á propia conselleira lle constará, porque minutos despois da súa intervención un representante dunha asociación de familiares admitía que el mesmo cursara esas denuncias en diferentes épocas a diferentes directores xerais desta consellería. Por tanto, si existían esas denuncias por múltiples colectivos, incluso rexistradas ante a Xunta de Galiza.

Pese a todo o anterior, por se non fora dabondo, a conselleira exixiu reiteradamente que fosen as denunciantes as que deberían de probar os feitos denunciados. A conselleira non coñece o que é unha denuncia, nin no fondo nin na forma, pero tampouco o descoñece, e iso tamén é grave, sobre todo cando vén a unha comparecencia parlamentaria á que ela pode ser lega en moitísimas cousas pero cando menos ten un equipo importante de asesores.

As denunciantes non deben probar, a denuncia é unha mera comunicación dos feitos que se considera que constitúen unha irregularidade, e, a partir desa mera comunicación dos feitos, é a autoridade, neste caso a autoridade administrativa, quen debe iniciar un procedemento de investigación. Non vou ser moi prolixo en tratar de ilustrar a conselleira; simplemente citarlle o artigo 264 da Lei de axuizamento criminal, que expresamente di que as denuncias non implican unha proba, non deben de ir acompañadas de proba, simplemente é unha mera comunicación de feitos. Creo que con tanto descoñecemento é bastante cuestionable a súa idoneidade para ocupar a responsabilidade que ocupa.

Pero, como dicía ao principio, entendo, entendemos dende o Bloque Nacionalista Galego que o máis grave veu logo. Despois desta lamentable falla de dilixencia e preocupación sobre o que podía estar ocorrendo nas residencias e a atención que estaban recibindo as persoas maiores, mantendo unha actitude de protección non ás entidades en xeral, senón ás entidades que infrinxen, porque isto a quen beneficia son ás entidades que están incumprindo a atención aos maiores ou mesmo os contratos coa administración pública, pois ben, despois de manter, á mantenta, esa actitude, a Xunta de Galiza abre procedemento, certo, pero abre procedemento de investigación, previo a un disciplinario, contra os denunciantes, abre un procedemento de investigación previo ao disciplinario contra os inspectores e inspectoras, que se limitaron a pór unha posibilidade de feitos graves en coñecemento da Xunta de Galiza.

Pois ben, o único que fai a Xunta de Galiza é investigar, pero investigalos a eles; non investigan os feitos denunciados senón que van contra a denunciante, nunha postura non só de protección ante os incumprimentos senón tamén de advertencia ante futuros denunciantes. Isto é un aviso, por suposto á asociación de inspectores, pero tamén é un aviso a todos os familiares, a todos os usuarios, a todas aquelas persoas que poidan coñecer as irregularidades que se están producindo nos centros de maiores, para dicir: iremos a por vós.

Este comportamento é absolutamente ilegal e irregular, que vulnera frontalmente o dereito comunitario, que vulnera frontalmente a Lei, do 2023, pola que se procede á transposición

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de directivas comunitarias ao dereito estatal, e que sanciona as represalias contra as denunciantes.

A Xunta vai, máis unha vez, en dirección contraria. Cando o dereito comunitario, cando o Estado xa avanza na transparencia e no control, a Xunta avanza no escurantismo e no incumprimento. A Xunta debe comprometerse na defensa do benestar das persoas, no control da atención e coidados que están a recibir os maiores, e non o fai, e —o que é peor— tampouco ten vontade de facelo. Mantén un corpo de inspección con medios persoais e materiais claramente insuficiente, cunha organización incomprensiblemente centralizada en Compostela. Os medios de que dispón este servizo de inspección non permiten máis que unha inspección de cada centro cada tres anos, un sistema que permite filtracións e facilita agochar infraccións. É dicir, se nun destes tres anos que toca inspección é posible que ese centro, esa entidade xestora fora avisada de que se vai practicar esa inspección trianual e así teña a oportunidade de agochar moitas das irregularidades, seguramente non todas pero algunha das irregularidades que se están a acometer, si lle daría tempo con ese aviso. É dicir, unha vez cada tres anos e esa inspección trianual, aínda encima, avisada.

Mais no caso de que se detecten infraccións, estas non se concretan na incoación de procedementos sancionadores, e moito menos en sancións. Como xa denunciou o propio Consello de Contas, mesmo cando se detectan infraccións reiteradas, a Xunta non incoa procedemento sancionador; non é que o pillaran unha vez, non, píllano unha, píllano dúas e nin así incoan sequera procedemento sancionador. E no hipotético caso de que exista esa sanción, o dereito actual permite pagar a multa cunha redución de aproximadamente un 40 por cento.

Recapitulemos: inspeccións cada tres anos, inspeccións posiblemente avisadas, despois das infraccións non se incoa procedemento sancionador e, no caso de que se incoe procedemento sancionador, no caso de que recaia sanción, é posible pagar cun desconto dun 40 por cento. É máis fácil incumprir cos maiores que pagar a multa que finalmente e eventualmente poida resultar imposta.

Mais, como tamén avanzabamos na interpelación, alén de todo o anterior e subsidiario a todo o anterior, que é o benestar o principal, o benestar das persoas, a Xunta incumpre o seu deber de velar polo uso eficaz dos recursos públicos, que tampouco fai. Como diciamos na interpelación, o incumprimento nos ratios de persoal, que a alimentación non sexa axeitada nin a contratada, que exista sobrecapacidade nos centros e que as infraestruturas estean en mal estado son, ademais de todo o anterior, incumprimentos contractuais, que deben ser perseguidos e que a Xunta está a tolerar. Segue pagando a Xunta de Galiza con recursos públicos prestacións que non se reciben.

E por iso, e deixando á marxe...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...a consideración sobre a capacidade e a actitude da dirección da consellería, nesta moción pedimos simplemente —e para rematar— que cumpran a lei, que cumpran cos maiores, que non permitan estas indignidades. Nin o alzhéimer nin

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a idade diminúen a dignidade nin a consideración que merecemos as persoas, cuxo benestar é un obxectivo, non é un negocio.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tabarés.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, ten a palabra a señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

O pasado pleno interpelamos a conselleira de Política Social sobre un asunto moi delicado, moi delicado e moi grave. De feito, o único no que estivemos de acordo todos os grupos é que as acusacións que versan sobre a propia conselleira de Política Social e outros cargos do Goberno galego son moi graves. Pero para nós unha das cuestións máis graves é que agora mesmo temos que ver este tema dende outra óptica, porque agora quen acusa é a propia Asociación Galega de Inspectores da Xunta de Galicia, xa que denuncian chivatazos da inspección a algunhas residencias de maiores por parte da Consellería de Política Social. E, ante isto, ¿que fixo a conselleira? Pois o que fai todo o mundo cando non ten argumentos: responder cun ataque. O malo é que o propio ataque foi aos funcionarios de inspección da Xunta de Galicia, porque se está a acusar directamente, e sen poñerse colorada, de que son uns mentireiros.

A conselleira dixo textualmente: «Nas súas interpelacións trasládanme unha serie de cuestións ás que intentarei responder con todo detalle e profundidade que o asunto require». Entendemos desta forma que o propio Goberno galego non require nin detalle nin profundidade deste asunto, porque non respondeu absolutamente nada nin apoiou investigar nada. Parece que lles molesta que se fala do asunto.

E eu pregúntome —dito doutro xeito—: ¿queren tapar a boca das traballadoras das residencias? ¿Queren tapar a boca dos familiares das persoas maiores que viven nas residencias? ¿Queren tapar a boca dos inspectores da Xunta? E agora ¿tamén queren taparnos a boca aos representantes da cidadanía, que demandamos información para que se investigan os feitos? ¿Por que non queren que se fale do asunto? ¿Porque non queren que se inicie unha investigación? A conselleira tiña que ser a primeira interesada en que se aclare toda esta cuestión e pedir *motu proprio* unha comisión de investigación, porque, se non, imos entender que o calar outorga.

A conselleira dixo no pasado pleno, literalmente: «Eu estou convencida de que eses comportamentos non se dan dentro da Consellería de Política Social e, polo tanto, estas gravísimas acusación son falsas; son falsas e soamente buscan facer dano desprestixiando un servizo público fundamental como é a inspección dos servizos sociais». Pero imos ver, ¡se son os propios inspectores os que acusan! ¿A conselleira quérenos facer parvos a todos os galegos e galegas e intentarnos colar que os inspectores se autoinculpan para ela saír de ro-

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sitas? A ver, eu entendo que ela solta esta acusación aos propios inspectores, que son os que a están denunciando a ela, para ver se así os galegos non se decatan de que a quen están a culpar realmente dos chivatazos e o mal funcionamento da inspección é a propia conselleira, que é a máxima responsable do benestar das persoas maiores en residencias.

O pasado pleno, cando todos pensabamos que a conselleira anunciaría unha comisión de investigación, dixo: «A Consellería de Política Social realizará as actuacións correspondentes e adoptará as medidas que sexan necesarias para depurar as responsabilidades ás que haxa lugar.» Non dixo nin que medidas nin a que se refire, nin que responsabilidades que depurar; nada de nada de nada. A conselleira deu no pasado pleno unha auténtica *masterclass* de como falar durante escasos dez minutos sen dicir absolutamente nada. *(Aplausos.)*

Por iso hoxe solicitamos urxentemente ao Goberno galego as seguintes cuestións.

Primeira, incrementar significativamente o persoal inspector de servizos sociais, nomeadamente o que inspecciona os centros de maiores e discapacidade, para chegar como mínimo á porcentaxe da media estatal. Lembremos —que isto é moi importante— que o Goberno do Partido Popular en Galicia converteu a nosa comunidade nunha das comunidades autónomas con maior número de prazas privatizadas e menor porcentaxe de técnicos de inspección para supervisar as residencias de maiores.

Segundo, realizar unha investigación exhaustiva sobre o funcionamento completo do sistema de inspección no ámbito dos servizos sociais de Galicia, e presentar os resultados, por suposto, aquí, no Parlamento de Galicia. ¿Existen casos nos que se prescribían faltas debido á falta de tramitación ou ao vencemento de prazos? ¿Cualificouse como falta leve algún incumprimento tipificado como falta grave? ¿Existen informes ou reunións, incluíndo as de coordinación, realizadas en base a posibles filtracións das visitas de inspección? ¿Que carga de traballo ten cada inspector e que cantidade de quilómetros percorridos ten cada un? Etcétera, etcétera.

Terceiro, demandamos incrementar significativamente as ratios de profesionais nas residencias e mellorar as condicións laborais das mesmas. Isto é un feito, unha medida que é importantísima, é *sine qua* se queremos optimizar realmente o benestar das persoas maiores nas residencias.

Cuarto, crear centros públicos de xestión directa específicos e multidisciplinares para residentes menores de 65 anos con patoloxías psiquiátricas e/ou adiccións. E aquí quero determe, porque a decisión do Goberno galego de mesturar nas residencias as persoas maiores e a xente nova con patoloxías psiquiátricas, que —segundo nos indica a maioría do sector— teñen a maioría necesidades de tratamento por drogodependencia, é tal barbaridade que bota fume non só o sector de residencias senón tamén que bota fume a Inspección, que fixo un comunicado no que estiman que tres de cada dez novos ingresos son de persoas con necesidades de tratamento por saúde mental.

Pero os familiares tamén botan fume loxicamente, e os propios residentes, e tamén bota fume o sector da loita polos dereitos das persoas con problemas de saúde mental, a través

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dun comunicado que fixo hai uns días o Movemento Galego de Saúde Mental denunciando esta barbaridade, da cal, por certo, o Goberno galego escaquea dos datos que lle pedimos e que están obrigados a aportar. Ao Goberno galego preguntámoslle: ¿cantas persoas menores de 65 anos con necesidade de tratamento por enfermidade mental ou adiccións viven nas residencias para persoas de maiores? Respondan xa, por favor.

Punto quinto que queremos solicitar ao Goberno galego: regresar ao método de traballo das inspeccións que garanta a confidencialidade das visitas, tal e como piden os inspectores e que xa se probou.

Sexto, que se trasladen á Cámara galega, entre outras moitas cuestións, as respostas ou contestacións ás familias das reclamacións presentadas nos dous últimos anos, tal e como recolle o Decreto 254/2011, nos artigos exactamente 43 e 45. E ¿por que digo isto? Pois, porque mentres a conselleira dixo no pasado pleno, textualmente, que «todas as reclamacións e todas as denuncias que chegan á consellería se investigan, absolutamente todas» —textualmente—, o que non dixo foi que moitas contestacións ás familias dos residentes quedaron sen responder. E teñen a cara de vir aquí chamar mentirosos os inspectores. ¿Quen está a mentir realmente, señorías do Partido Popular?

Despois de vivir unha pandemia con epicentro nas residencias, onde prometemos á cidadanía cambiar o modelo de residencias en Galicia, o Goberno galego leva anunciando un novo modelo de residencias tres anos, e seguirao facendo polos *siglos de los siglos, amén*, causando a maior involución... *(Murmurios.)* Non, non, imos ver, os deputados do Partido Popular non se alporicen nesta cuestión porque son os primeiros que tiñan que estar avergonzados totalmente de que o Goberno galego leve tres anos vendéndolles aos galegos e galegas un novo modelo de residencias que non existe para nada, ¡para nada! Tiñan que ser os primeiros en rebelarse sobre esta cuestión. ¡Vergoña tíñalles que dar! *(Aplausos.)* É a maior involución dos servizos sociais e, nomeadamente, nas residencias de maiores da historia de Galicia.

E quero que fagamos un exercicio de empatía, que todas as persoas que estamos aquí e que están escoitando isto, independentemente da ideoloxía que teñamos, fagan unha viaxe ao futuro. Imaxinen que viaxan ao día do noso cumpreanos... *(Murmurios.)* Imaxinen que viaxan ao día do seu cumpreanos... Cáusalles risa, pero hai moita xente maior que o está pasando moi mal nas residencias de Galicia, e espero e desexo que non teñan o seu pai ou a súa nai nas residencias de Galicia, porque, seguramente se os tiveran nunha das residencias ás que lles falta persoal e están en pésimas condicións, seguramente non ririan como están rindo agora. *(Murmurios.)* ¡É lamentable! E pídolles que fagan o exercicio de que viaxen ao futuro e que é o día do seu cumpreanos, van soprar as velas, teñen 75 anos, e en vez de soprar as velas na súa casa sopran as velas nunha residencia de maiores, nunha residencia que non ten persoal suficiente, nunha residencia onde pasan horas prostrados nas camas sen que lles cambien os cueiros e coas súas necesidades feitas enriba, unha residencia onde os erguen ás 6 da mañá e os deitan ás 7 da tarde por falta do relevo de persoal. Imaxinen ver compañeiros residentes cun exceso de medicación, excesivamente aletargados, ou suxeicións mecánicas. Imaxinen ademais o noso compañeiro de habitación —o seu compañeiro de habitación— que teña sobre 30 ou 40 anos e se atope nun proceso de rehabilitación, por exemplo por drogodependencia.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Isto está a ocorrer, isto ocorreu, está probado, está nos propios informes do Consello de Contas, moitas destas cuestións están a ocorrer en Galicia e seguirán ocorrendo se non garantimos unha debida inspección por parte do Goberno galego. E a única ferramenta para blindar os dereitos das persoas maiores e que isto non aconteza chámase inspección, e chamase acción dun goberno sensible e comprometido.

Se o Goberno galego non incrementa os técnicos de inspección nin lles fai caso nas recomendacións, non só estará a faltar ás residencias que si o fan ben, pero, para facelo ben, invístense moitos cartos. E se teñen unha competencia desleal de residencias, macrorresidencias, de fondos voitres, seguramente teñen que pechar, e as que o fan ben son as que están castigadas.

Pero, ademais, tamén están fallando ás persoas maiores, que o deron todo porque hoxe desfrutemos dos dereitos que temos.

Espero unha resposta distinta á da conselleira por parte do Grupo Popular. Agardamos que o Grupo do Partido Popular vote a favor, en nome dos dereitos fundamentais das persoas maiores, aínda que só sexa porque no futuro poden ser vostedes mesmos os que sopren as velas dos 70, 80 ou 90 anos nunhas residencias con estas condicións. ¡Empatía e investigación xa!

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

Grupo Parlamentario Popular, señora Arias Rodríguez.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, bos días.

Con algo máis de responsabilidade e con algo máis de respecto aos maiores que se demostrou aquí especialmente pola señora Ortega, intentarei facer a miña intervención. *(Aplausos.)*

A intervención sobre unha Galicia que busca que este sexa o mellor lugar para vivir en calquera momento vital. E por iso esa Galicia da Xunta de Alfonso Rueda adica este ano 2023 tres cada catro euros á política social, á educación e á sanidade. Tres de cada catro euros adicados ás persoas, ás galegas e aos galegos, especialmente a aqueles que están nunha situación máis vulnerable. E por iso precisamente a Consellería de Política Social adica dende o ano 2009 o dobre que adicaban o Bloque e o PSOE daquela. *(Aplausos.)* E por iso precisamente o número de prazas de residencias sostidas con fondos públicos multiplicouse por tres, desde 5.000 ata máis de 15.000, un 275 por cento máis. E sabemos que non é suficiente, sabemos que hai que seguir traballando.

Pero mire, señora Ortega, coas dúbidas que hoxe veu vostede verter aquí, se ten constancia de que son verdade, ten que ir á Fiscalía, e eu acompáñoa, eu con vostede. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero, señor Tabarés, aquí non se pode vir acusar alegremente; iso si que é indigno. A actitude que hoxe vostedes teñen aquí é unha actitude indigna, acusando sen probas, creando alarma social, poñendo as familias que teñen as súas familiares, as súas persoas queridas, nunha residencia nunha situación de dúbida, sen probas —repito—.

Porque indigno é tamén que, se vostedes queren ese ben para os maiores, non estiveran apoiando que 4.500 millóns de euros de todos os españois vaian só para Cataluña, mentres o resto de España, os galegos tamén, poderiamos usalos para moitas cousas que necesitamos, entre elas tamén para mellorar as políticas sociais, *(Aplausos.)* claro que si, para mellorar a atención dos nosos maiores.

Pero vostedes veñen hoxe aquí cun discurso de buenismo e de acusar a todo aquel que se pon en fronte, que non está absolutamente apoiándoos a vostedes, e veñen aquí cando en realidade o que vostedes prefiren é apoiar os independentistas, apoiar os prófugos da Xustiza, apoiar a Bildu, apoiar calquera cousa antes que defender os intereses dos galegos, antes de ir a Madrid e dicir: «non señor, nós queremos que se lle dea a Galicia o 50 por cento que lle corresponde da Lei de dependencia; nós queremos que se lle dean a Galicia 2.500 millóns de euros que se lle deben nestes anos; nós queremos que se faga a transferencia do ingreso mínimo vital, porque queremos xa dunha vez facer a Lei de inclusión, pero unha lei que sexa segura, e para iso necesitamos as transferencias do ingreso mínimo vital, que o Goberno unha e outra vez nos ofrece pero non nos dá».

Lonxe de todo isto, vostedes veñen hoxe aquí dar carnés de bos e malos, carnés de bos e malos funcionarios. E miren, para nós os funcionarios e todo o persoal que traballa na Xunta de Galicia é persoal no que confiamos. Pero hai que ter en conta que son funcionarios os que verteron unhas acusacións e tamén, igual que eles, son funcionarios de carreira aqueles que din que non é verdade. E claro que a Xunta iniciou unha investigación e que chegará ata o final, pero, señor Tabarés, nun Estado de dereito a carga da proba tena quen acusa.

E imos ver, falaban vostedes aquí de como funciona o Servizo de Inspección. É que eu non pensaba repetilo, porque xa o dixo a conselleira, xa o dixo a secretaria durante a comisión, pero vexo que é necesario repetilo. O Servizo de Inspección elabora o listado dos centros que se visitarán, dando prioridade a aqueles que reciben queixas ou denuncias, aqueles que foron sancionados anteriormente ou aqueles dos que se ten noticias de que funcionan de xeito irregular. E as únicas persoas que teñen acceso ao listado de visitas é o persoal inspector, as xefas de servizo, a persoa responsable da Subdirección de Inspección, que todos eles, como vostedes saben e eu lles lembro, son funcionarios que forman parte do equipo de inspección.

E é certo que hai uns meses se probou, a petición dos inspectores, outro sistema de citación, pero era provisional, experimental. Iso acordouse cos propios inspectores, e, cando se puxo en marcha, viuse que dificultaba máis o seu labor, e por iso precisamente se desbotou, e diso mantívose informado en todo momento os inspectores.

Pero aquí ten que quedar moi claro, porque os nosos maiores e as familias que teñen os seus maiores en residencias ou que están pensando en que nalgún momento teñen que levar ou aqueles que están pensando en ir eles mesmos, que a rigorosidade da Xunta de Galicia é ab-

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

soluta. Non se dá ningún tipo de filtración; insisto: non se dá ningún tipo de filtración; e, sempre que se notifica unha incidencia, a Xunta actúa con contundencia; iso ten que quedar moi claro.

E falaba tamén a señora Ortega do persoal das residencias, de incrementar o persoal das residencias. E é verdade que sempre é o obxectivo pois ir mellorando e ir tamén dando máis persoal. Pero é que xa o estamos a facer, señora Ortega. É que, miren, dende o ano 2009 incrementouse un 14 por cento. *(A señora Arias Rodríguez mostra un documento.)* ¿Que non é suficiente? Ben, haberá que ver e haberá que na medida do posible ir incrementando esta cifra. Pero o certo é que o PP incrementou un 14 por cento respecto da Xunta bipartita o persoal das residencias. *(Aplausos.)*

Pero non só iso. A principios de agosto chegouse a un acordo con todos os sindicatos para mellorar as súas condicións laborais, en concreto en catro apartados: melloras na quenda de traballo, melloras no desfrute de vacacións para que non supoña unha sobrecarga para os demais, maiores compensacións económicas para domingos e festivos e paso a xornada completa de 145 persoas que estaban en postos a xornada parcial.

Este acordo é un bo acordo, é un acordo ao que se chegou tamén cos apoios da CIG e cos apoios da UXT. É verdade que en todo bo acordo pode haber unha persoa, dúas persoas que poden sentir que a eles non as beneficiou esa medida; haberá que mirar eses casos. Pero está claro que se incrementou o persoal e se chegou a un acordo con todos os sindicatos. É un bo acordo.

Queremos seguir mellorando e queremos o benestar das traballadoras e os traballadores das residencias, porque é de xustiza para eles, pero tamén porque sabemos perfectamente que ese persoal se converte na segunda familia dos maiores cando van a unha residencia. ¿Como non imos querer o benestar destes maiores e desas persoas que os coidan?

Pero mire, tamén é de xustiza que poñamos en valor o que leva feito a Xunta de Galicia, poñer en valor que se incrementou un 270 por cento as prazas de residencias financiadas con fondos públicos, por certo dende o 2009, máis de 8.000 prazas en residencias públicas e concertadas, e 7.000 en bonos para que as familias poidan pagar a residencia que prefiran. Ademais, haberá que sumar en breve 1.000 novas prazas tamén con residencias nas sete grandes cidades, co apoio e coa colaboración da Fundación Amancio Ortega. Estase a construír en Ribeira a primeira residencia do novo modelo de coidados. E, por certo, un novo modelo de coidados que inclúe a creación de unidades psicoxeriátricas especializadas para o maior coidado destas persoas.

Está en marcha tamén o plan de investimentos acordado coa Fegamp e dotado de 18,5 millóns de euros para que os concellos poidan construír, rehabilitar ou ampliar centros para maiores.

Ademais, nestes últimos anos a Xunta impulsou o Plan de calidade das residencias, aprobou a primeira normativa galega de *cohousing*, trabállase na construción dos dous primeiros centros de coidados intermedios públicos de España, un en Mos e outro en Santiago. O Plan ga-

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

lego de residencias libres de suxeicións, que conta coa colaboración da Confederación Española de Organizacións de Maiores para a súa aplicación. A implantación dun sistema de rehabilitación e fisioterapia a través de realidade virtual. Estas son algunhas das cousas que se veñen facendo nas residencias.

E nós pedimos a colaboración, a colaboración de todos os grupos para seguir mellorando e para seguir dándolles aos nosos maiores os coidados que, por suposto, merecen e lles queremos dar.

Pero miren, os que hoxe veñen aquí exixirlle tanto á Xunta non se acordaron de que existía a Xunta de Galicia cando hai ben pouco fixeron a Conferencia europea de alto nivel sobre envellecemento e demografía en Lugo. Non se acordaron de invitar a Xunta, invitaron a todo o mundo. É verdade que puido ser un despiste, é verdade que puido ser sectarismo, pero ao mellor foi porque tiñan medo a que os puxeran colorados, ao mellor foi porque tiñan medo a que en Europa se enteraran de que absolutamente todas as prazas das residencias da Deputación de Lugo (Bloque e PSOE) son concertadas, ou, como vostedes din nesa linguaxe que lles gusta tanto, privadas, señores, absolutamente todas. *(Aplausos.)*

Pero claro, se falamos de privatización, habería que pensar que os reis da privatización son vostedes, miren por onde, si, si. Agora Lugo, agora en todos os concellos do Bloque e do PSOE, pero antes tamén na Xunta bipartita. O 70 por cento das prazas que vostedes puxeron en marcha pasaron para mans privadas, exactamente iso. E vostedes hoxe veñen aquí criticar a actuación da Xunta, a ninguneala, pero está claro que os logros non se poden esconder.

E falabamos das residencias, pero hai que dicir que tamén somos sobre todo líderes no SAF, algo moi importante, líderes en toda España, porque a maioría dos galegos e as galegas prefiren quedar nas súas casas e porque ademais os especialistas din que iso é o mellor. Por iso, a aposta de Galicia para que os maiores poidan ter os mellores coidados nas súas propias residencias está levando e convertendo Galicia nunha comunidade de referencia en España, líderes nacionais no servizo do SAF, que multiplicou por sete o número que vostedes atendían no 2009; estamos xa en 27.000. A creación das casas do maior en todo o rural, con máis de 100 xa en marcha. Multiplicáronse por seis o número de prazas públicas de centros de día, pasando de 1.000 no 2009 a 6.000 na actualidade. Xantar na Casa, que leva o menú diario san e equilibrado a máis de 14.000 galegos. O novo modelo de teleasistencia avanzada, tanto para as residencias como para os fogares. Impulsamos o programa Coidado porta a porta, que chega xa a 40.000 persoas. E todo isto pese a que, como dicía ao principio, o Goberno do Estado nos segue adebedando 2.500 millóns de euros da Lei de dependencia.

En definitiva, e tomando as palabras da lideresa do BNG, que agora non pode estar aquí escoitándonos, que dicía esta semana, hai poucos días, que non era decente non sei que; efectivamente, non é decente, non é decente que BNG e PSOE veñan aquí pedir máis servizos e recursos mentres en Madrid lles parece *chachi* que lle dean 4.500 millóns de euros aos cataláns, que nolos sacan ao resto dos españois, *(Aplausos.)* porque o que levan de máis inxustamente quédanos de menos inxustamente para o resto dos españois.

Porque, señorías, o decente, o xusto, o que queren os galegos dos seus políticos é que lles deamos un país en igualdade. Iso é o que queren. Que os políticos galegos de calquera ideo-

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

loxía exixamos que se nos pague o 50 por cento da Lei de dependencia, por exemplo. Que nos axuden coa gratuidade das escolas infantís, que asumimos en exclusiva nós, e somos os que temos a maior ratio de toda España na escolarización de 0-3 pagada, gratis total para os pais e pagada pola Xunta de Galicia.

Pídanlle ao Goberno que nos axude, que o AVE chegue a todos os puntos de Galicia, que a autovía Lugo-Santiago se faga dunha vez, que a autovía Lugo-Ourense se poña en marcha, que a A-76 polo menos se debuxe. *(Murmurios.)* Esas son as cousas que os políticos galegos tiñamos que estar reclamando hoxe en Madrid *(Aplausos.)* e esas son as cousas que os políticos do Partido Popular reclamaremos en Madrid para todos os galegos e todas as galegas.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias Rodríguez.

Réplica, señor Iago Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Expreseime mal, sen dúbida. A dignidade que está en xogo non é a dos maiores, a dignidade que está en xogo é a deste parlamento, a dignidade que está en xogo co noso voto, co que votemos, (*Aplausos*.) é a de cada un e cada unha de nós.

E, certamente, señora Arias, non pinta ben. Veu aquí despois do espazo promocional, falou de Bildu, falou de cataláns, falou non sei se incluso do documental de Évole, ¡que máis dá! Estamos a falar da Inspección, está falando de cousas moi graves. Existe un sistema que non permite o control do que ocorre nas residencias de maiores. E non só iso, senón que o que fixeron foi unha investigación, pero unha investigación para axustar contas.

Mire, é unha infracción moi grave, lean as directivas comunitarias, lean a Lei do Estado 2/2023. Xa lles dou os deberes feitos. É unha infracción moi grave contra o denunciante, tamén o que fai con publicidade, non só interno, externo, senón tamén con publicidade, as represalias son moi graves, e iso é para silenciar o que ocorre nas residencias de maiores.

Non, non están en entredito as persoas que teñen alzhéimer, non por iso perden a dignidade, non están en entredito os maiores que están nas residencias. A dignidade que está en xogo é a dos 75, 74 ou 73 que estamos aquí. (*Aplausos*.) E vostede non falou sobre iso. Insiste sobre cataláns, espazo promocional... Mire, a min neste momento apeteceríame dicir o mesmo que Labordeta, pero non teño a altura como para poder facelo, pero créame que é no que estou pensando.

E se quere —non ten moito sentido o que estamos a falar—, cando queira imos á Fiscalía; xa trouxemos aquí unha iniciativa para levar á Fiscalía, e votaron en contra. E no debate desa iniciativa dixen: cando me levanten a confidencialidade, iremos ao día seguinte á Fiscalía, (*Murmurios*.) vamos, cando queiran.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En todo caso, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) unha breve explicación. Mire, o mesmo é que, claro, vostede ten menos asesores que a conselleira, por tanto é desculpable. Unha denuncia —e agora tráioo textual, o artigo 264 da Lei de axuizamento criminal—: sen que se teña obrigado por isto, por facer denuncia, a probar os feitos denunciados. Porque mire, na primeira fase de investigación e na investigación da denuncia é onde se practican dilixencias pola persoa instrutora —sexa xuíz ou sexa administrativo— para ver se os feitos denunciados son certos, e despois pásase á seguinte fase de acusación; que do que vostede di é certo, pero a denuncia non ten que levar probas, a denuncia é comunicar uns feitos; probe e vaia á Fiscalía e vaia á Policía, en fin, vaia, pero un pouco cos deberes feitos, e antes lea o que é unha denuncia.

Non é certo. Iso simplemente é unha desculpa da Xunta de Galicia para non cumprir os deberes. Nós non pomos e quitamos carnés. Nós non dicimos o que ocorre nas residencias e se o sistema non é bo; ben, ou si o dicimos; pero tamén o din os inspectores, que non son funcionarios a dedo; tamén o din os inspectores, que son poucos, e advirten de que ese sistema non permite o control das residencias.

Nós o único que lles estamos pedindo é que cumpran a lei, que cumpran a lei e que atendan ao que está pasando, que atendan aos maiores, porque o importante é o benestar dos maiores, e o sistema que temos, un servizo de inspección cun número insuficiente, 7 persoas —iso si, 3 en precario— para 948 centros, unha organización pouco eficiente.

Todas as inspeccións parten de Santiago. Imaxinen unha inspección que se ten que facer en Quiroga; de Santiago a Quiroga, dúas horas de inspección e volver para Santiago; non ten sentido. Por iso na iniciativa tamén pedimos medidas organizativas. Por iso leva a que cada tres anos só se poida inspeccionar un centro.

Un sistema que permite filtracións, filtracións que foron denunciadas, a posibilidade da filtracións, non só polos inspectores, non só polo Bloque Nacionalista Galego, senón tamén polos familiares, por diferentes asociacións de familiares, que teñen un elemento en común: non hai interese nin electoral nin hai interese económico. É o que vostedes están protexendo, porque vostedes protexen as infractoras; as empresas, as entidades que xestionan ben, non teñen nada que agochar. Vostedes están protexendo con este sistema corrupto, con este sistema que permite corrupcións, que se poidan enmascarar e encubrir esas infraccións.

E despois resulta que dos expedientes das actas de infracción apenas se incoan expedientes sancionadores. Datos do Consello de Contas, de acordo cos facilitados pola consellería: entre 2017 e 2020, de 5.376 inspeccións, só 72 expedientes sancionadores, que por certo é o que lles pedimos, o que lles levamos pedindo tamén vía artigo 9. Por iso a iniciativa en esencia é cumprir a lei. E o que pedimos, vía artigo 9, é que nos traian a este parlamento, que informen a este parlamento sobre os expedientes. Por certo, e cantos deixaron prescribir; por certo, cantos deixaron caducar; por certo, e cantos acabaron en sanción, e cantas desas sancións se pagaron. Só pedimos información, temos dereito de acordo co artigo 9.

Insistimos: cumpran a lei. E facémolo non en beneficio do Bloque Nacionalista Galego, senón en beneficio dos maiores que están nunha situación en moitos casos lamentable nas resi-

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dencias. ¿Por que? —e non o dicimos só nós—. Porque non se cumpren os ratios de persoal, porque unha auxiliar fai de cociñeira, porque unha auxiliar fai de enfermeira, porque unha enfermeira, ben, enfermeiras hai poucas, nin sequera as ratios de por cada corenta unha enfermeira. Pero diciamos: non só o Bloque, non só os inspectores, non só os familiares, tamén o Consello de Contas.

Dicía no seu informe de 2021, recente, que se apreciaron irregularidades; perdón: a pesar de que se aprecian irregularidades, non se corrixiron e non se incoaron procedementos sancionadores.

Por iso, ante tanta impunidade, ¿que é o que ocorre? Segue habendo eses incumprimentos nos ratios de persoal, seguen dándose as circunstancias das que falaba a voceira socialista.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Persoal en diferentes categorías.

E todo isto págano con fondos públicos —insisto—, porque diso, que tamén o temos pedido, non consta que fixeran nada, nin sequera teñen persoal para inspeccionar.

¿Que pasa cando se incumpren os contratos? Se ás persoas maiores non se lles está dando alimentación pactada, ¿por que se lles segue pagando ás residencias igual? ¿Cantos expedientes de penalidades se incoaron? Se non teñen sequera persoal para fiscalizar iso.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Repito: polo Consello de Contas.

Miren, está ben os espazos promocionais, pero aquí non estamos falando de nada diso. Aquí do que estamos a falar é do servizo de inspección e estamos a falar de que non se pode consentir que coas persoas maiores se estea mercachiflando.

Nada máis e moitas grazas.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Á representante do Partido Popular dígolle que o discurso de investidura hoxe tocáballe a Feijóo, non a vostede; non sei, ao mellor confundiu o papel, porque falar de estradas nesta cuestión tan delicada a verdade é que non sei a que vén. (*Aplausos.*)

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E di: actitude indigna nós. Falan vostedes de actitude indigna. Miren, a actitude indigna é a persecución que lle están a facer á Asociación Galega de Inspectores da Xunta de Galicia, a través da consellería, por suposto. Porque se ela estivera segura da súa inocencia antes estas cuestións, seguro segurísimo que investigaría os feitos, e non aos que dan a cara en nome dos dereitos fundamentais das persoas maiores, porque miren, non foron os únicos.

Deron a cara xa os usuarios, os familiares, as traballadoras, coas que, por certo, vostede, igual que comigo e co representante nacionalista, estivo reunida o pasado pleno coas traballadoras aí fóra en tribuna, despois da interpelación á conselleira. Vergoña lle tería que dar o que acaba de dicir vostede aquí coas cousas que nos dixeron en privado que están a acontecer nas residencias de maiores. Vergoña lle tiña que dar o que dixo aquí, negar todo o que di que relatei, que elas —as traballadoras e enfermeiras do sector residencias— dixéronlle na cara o outro día aquí, despois da interpelación da conselleira, e pedíronlle axuda como representante do Grupo do Partido Popular para apoiar as traballadoras do sector. E ¿sabe cal foi o apoio da Xunta de Galicia? Todo o contrario, do Goberno galego, cando se atreven a dar a cara, cando denuncian as traballadoras, os usuarios, os familiares, sen ningún tipo de interese —e agora tamén os inspectores—, sen ningún tipo de interese, todo o contrario, a custa moitas elas de perder o seu posto de traballo, (*Aplausos*.) a custa de perder o seu posto de traballo.

E fala de líderes. Vén aquí con esta cuestión, encima vén presumir, despois do que escoitou —repito— en privado, co sector das traballadoras das residencias, e vén aquí presumir de que somos os líderes en Galicia do SAF. Os líderes do SAF son os concellos e as persoas usuarias, que son a maior parte que se fai parte do copagamento, e non a Xunta de Galicia. A maior parte do pagamento... (*Pronúncianse palabras que non se perciben*.) Non é mentira. A maior parte do pagamento fano os concellos, e os copagamentos, os usuarios. (*Pronúncianse palabras que non se perciben*.) E se non, e se non, vaian miralo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben*.) ¿Dende cando?, ¿dende cando? Se subiron hai uns meses a aportación que nós lles tivemos que pedir do SAF, porque, se non, non a subían, estaba aínda por debaixo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben*.) Por favor, por favor, non falte á verdade, non falte á verdade.

Pídenos aos galegos e ás galegas que creamos antes ao Goberno do Partido Popular, que actúa de parte, porque están directamente acusados, e que ademais non aportan nin informes nin quere que se investigue o sucedido, que fala aquí a representante do Partido Popular. Supoño que virá, non sei, cunha voz divina ou fe cega, porque dixo vostede literalmente que non se dá ningún tipo de filtración, díxoo así de tallante, anoteino.

Ou sexa, que vostede, como non hai ningún informe, ningunha proba do contrario, só o dos denunciantes, neste caso, que é o que vostede nega, non hai ningunha proba, vostede entendo que fala sobre fe celestial ou algo non sei. ¿Con que datos fala vostede para dicir que non hai ningún tipo de filtración, señoría do Partido Popular? Pero ¿como pode ter tanta cara e vir aquí e dicir que non hai ningún tipo de filtración, cando son os propios inspectores da Consellería de Política Social os que están dicindo que si que hai filtracións? ¿Como pode dicir vostede que non?

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por certo, ¿onde viu publicado un comunicado de funcionarios de inspección que digan que isto é mentira?, ¿onde veu o comunicado? ¿Ou é mentira? ¿Estano inventando por parte do Goberno galego? Aclaren esta cuestión, porque a consellería tamén o dixo, ímoslle preguntar sobre esta cuestión.

Pídenos aos galegos e ás galegas que creamos antes ao Goberno do Partido Popular, que actúa de parte porque está directamente acusado, que ademais non aporta nin informes nin probas do contrario, que aos funcionarios da Inspección, que ao igual que no exercicio da súa profesión contan coa presunción de veracidade que a súa profesión lles outorga, e, neste caso, con total obxectividade e desinterese. ¿Está dubidando vostede desa obxectividade e dese desinterese? Entón, ¿por que non se investigan os feitos?, ¿por que non os investigan? Eu teño claro a quen creo e, por suposto, haino que investigar. Se non investigan, estase delatando totalmente; se a conselleira de Política Social non investiga este asunto, estase autodelatando, está dicindo claramente que é verdade o que están dicindo.

Na miña primeira intervención apelaba á empatía dos deputados e deputadas desta cámara, sobre todo aos do Partido Popular, que se rían mentres eu dicía estas cuestións, porque teñen unha gran sensibilidade con este tema, e reflexionaba sobre que dentro duns anos —uns máis e outros menos— chegaremos a soprar as velas, quizais con 70, 80, 90 anos, e algúns pois ao mellor nunha residencia de maiores, e lembrarémonos do que hoxe aquí votemos.

Porque, mentres tanto, hoxe, no presente, ¿e?, vostede pregunta: ¿e? ¿Parécelles pouco o que acabamos de relatar, o que están vivindo as persoas maiores nas residencias de Galicia?, ¿parécelles pouco? Quizais será porque ao mellor non están directamente implicados no sector. Se ao mellor tiveran unha implicación directa no sector, se falaran coas traballadoras, como falou a súa compañeira o pasado pleno, e lles contaran as barbaridades coas que teñen que vivir, a falta de persoal, o incumprimento das ratios, e —por certo, que o propio Consello de Contas así o advertiu— sen sancións, por ese motivo entón falarían noutros termos, se teñen a sensibilidade que teñen que ter.

Mentres tanto, hoxe, no presente, está nas residencias de maiores a xeración que traballou sen descanso dende nenos e nenas, coidaron fillos, nais, sogros, netas e incluso bisnetos, que emigraron sen saber idiomas, sen nada, absolutamente nada, sen posibilidade de coller avións, trens, cada pouco, como agora; que viviron a morriña de verdade, coa que sabían que moitas veces, en moitas ocasións, non volverían en decenas de anos á súa Terra.

Por todos e todas hoxe temos que votar a favor de investigar se alguén, alguén ou neste caso a Consellería de Política Social, como están apuntando, está a entorpecer o labor da inspección ou non...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ORTEGA OTERO: ...para depurar responsabilidades e blindar con iso os dereitos fundamentais das persoas maiores que viven nas residencias, porque, se isto é certo, a conselleira non pode seguir nin un minuto máis no seu cargo. ¡Investigación xa!

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Marina. Señora Ortega, grazas.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Terminou, non, non, xa terminou o debate, terminou o debate. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, poden dialogar o que queiran, pero ben, xa fóra. Quero dicir que xa rematou aquí de momento e continuamos ás dezaseis horas.

Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e cinco minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión.

Continuamos coa seguinte moción.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Monserrat Prado Cores, sobre a situación da asistencia sanitaria na atención primaria

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

Teño que volver reiterar neste parlamento que os signos de alarma sobre a deterioración da sanidade pública pois veñen de lonxe, que hai anos que temos dado a voz de alarma sobre os recortes orzamentarios, as previsións de xubilación sen planificación para a súa reposición e nun contexto de maior demanda, de envellecemento da poboación. Mais a pandemia da covid-19 o que puxo foi ao descuberto con toda crueza esa realidade e vimos como a sanidade pública facía augas. E a pregunta é: ¿por que? ¿Por que ese discurso de que tiñamos a mellor sanidade do mundo mundial e logo cando é necesaria a resposta por parte desa sanidade non foi posible?

E hai razóns múltiples, pero vou facer referencia a algunhas.

A primeira, a ausencia de planificación para afrontar a demanda en condicións de calidade. Moi ao contrario, a crise de 2008 foi a coartada perfecta para que o Partido Popular aplicara as receitas puras e duras do neoliberalismo. Unha vez que o capital descubriu que o sector sanitario era rendible, puxo en marcha todos os mecanismos para converter os servizos públicos, entre eles a sanidade pública, en nicho de negocio para a empresa privada, especialmente para beneficio das multinacionais. E fíxoo apoiándose en gobernos cómplices, nas bondades da globalización e co apoio incondicional deses gobernos cómplices, fálese Goberno español ou fálese tamén especialmente do Goberno galego, colocando auténticos ca-

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

balos de Troia en postos relevante dos gobernos, neste caso en postos relevantes da Xunta de Galiza, nas consellerías, para atacar o sistema sanitario desde dentro, facéndoo para entregar as partes máis suculentas a empresas privadas.

E vou só facer referencia a algunhas cuestións. Por un lado, moitas das actividades estratéxicas do Sergas e da consellería pasaron a mans de empresas multinacionais e fondos de investimento, baleirando de contido as estruturas directivas, deixando unha parte importante da xestión do sistema sanitario público galego en mans privadas. Falemos do novo hospital de Vigo, falemos do concerto singular con Povisa, falemos dos servizos tecnolóxicos mediante a figura do socio tecnolóxico, falemos da investigación sanitaria ou un demasiado longo etcétera; ou do traslado de servizos estratéxicos do Sergas tamén a empresas multinacionais e fondos de investimento: servizo de ambulancias, historia clínica electrónica (o Ianus), telecomunicacións, a plataforma electrónica, o teléfono de cita previa, os servizos de subministración e loxística, o mantemento dos equipos sanitarios, os cáterings, o servizo de protección de radioloxía, a teleasistencia e outro moi longo etcétera de partes do sistema sanitario que o Partido Popular entregou ás empresas privadas.

Outro mecanismo é a derivación á sanidade privada de cantidade de recursos dun xeito opaco, como ten denunciado o Consello de Contas, mediante contratos menores sen publicidade, mediante figuras como o interese público; é dicir, toda unha serie de medidas para non someterse ao control pertinente. E ¿como fixeron tamén? Creando un discurso favorable á privatización, dicindo que non importa quen dea a asistencia, se é o público ou o privado, o importante é que se dea. Porque é unha cuestión obvia que a maioría da poboación teña moi boa valoración do sistema público e un discurso favorable á privatización de xeito aberto non o ían admitir. E tamén actuaron construíndo un marco lexislativo favorecedor para permitir todo ese entramado de privatizacións, e todo isto acompañado dos recortes orzamentarios.

E pode o Partido Popular —o conselleiro á cabeza, o presidente Rueda tamén— dicir o que queira, pero o dato mata relato. E o dato é que sen o recorte acumulado, por exemplo, en atención primaria desde o ano 2009 —é dicir, con que só se seguira investindo en atención primaria o que se investía no 2009, non aumentándoo, como é normal, senón investindo esa mesma cantidade—, teríase que ter investido 2.399 millóns de euros só en atención primaria que deixaron de investirse nestes catorce anos. E o dato é que, se o orzamento destinado a atención primaria representaba o 2,55 por cento do PIB, no ano 2023 —o último orzamento— representa o 2,33 por cento; é dicir, o 0,22 por cento menos do total do PIB, é dicir, por encima dos 150 millóns de euros, máis cercano aos 200.

E iso ten consecuencias, claro. Se ti deixas de investir, os datos son estes. E eu teño que volver dicir aquí, en sede parlamentaria, que o último informe do Ministerio de Sanidade, elaborado en base aos datos que lle remite neste caso a Xunta de Galiza, apunta a que Galiza é a penúltima en investimento en atención primaria. Só está por detrás de Galiza Madrid, o 11,8 por cento, cando a media do Estado é o 14,2 por cento; que é das últimas en gasto por habitante, a sexta pola cola, das últimas en gasto en persoal sanitario, a cuarta pola cola, e das últimas en porcentaxe do PIB para dedicar á asistencia sanitaria.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ben, ¿como fixo tamén? Recortando o persoal, aplicando a taxa de reposición, precarizando as condicións de traballo e os salarios, con convocatorias raquíticas de ofertas de emprego e que, ademais de ser raquíticas, tardan anos en resolverse; e ás probas me remito, que están sen resolver procesos de oposición que levan varios anos convocados.

As consecuencias están aí: esa descapitalización do maior valor que ten a sanidade pública, que son os seus profesionais, que, como non teñen esa resposta nin esas condicións da sanidade pública, o que fan é marchar fóra. O que fixeron durante anos foi marchar fóra de Galiza, buscar outras alternativas na sanidade privada ou incluso unha parte deses profesionais abandonaron o que é o traballo ou a intención de traballar no ámbito sanitario e buscaron outras alternativas profesionais.

Financiamento insuficiente, mala xestión dos recursos, aumento da medicalización da poboación na vez de ter profesionais que os atenda, menos actividade presencial e máis actividade interposta, sexa telefónica, sexa telemedicina, sexa correo electrónico.

E isto o que ten como consecuencia é a inequidade, que nestes momentos hai desertos sanitarios no noso país —sobre todo as zonas máis alonxadas—, e sobre todo está deixando na cuneta os máis vulnerables, os máis vulnerables sexa por idade, os máis vulnerables por non ter competencias tecnolóxicas ou os máis vulnerables pola súa situación socioeconómica.

Ben, pois de aí este é o contexto. Na moción que hoxe presenta o Bloque Nacionalista Galego o que pedimos, entre outras cousas, é respostas. Porque no anterior pleno preguntabámoslle, interpelabamos o conselleiro pedindo respostas a respecto dunha cuestión que nos preocupa moitísimo ao BNG, aos galegos e ás galegas e aos profesionais, que é a carga asistencial á que están sometidos os profesionais e, polo tanto, a desatención á que está sometida a poboación.

Queriamos saber cuestións como cantas horas están traballando a máis, o número de media de horas mensuais, o número de doentes que atende cada profesional cada día, a porcentaxe de eventualidade, o número de galegos sen asignación de médico —tanto adultos como de pediatría—. Ben, cuestións para saber realmente cal é a diagnose da situación e poder deseñar as medidas acordes para poñerlle solución.

¿Que fixo o conselleiro? Ben, dixo que vía normal derivar orzamento público á privada, que o ían seguir facendo. Á pregunta de cantos profesionais está previsto que se xubilen, dixo que os profesionais se xubilan cando queren; entón, el non ten que planificar, porque os profesionais vanse xubilando cando queren, e entón ¿que sabe el se se van xubilar aos 65 ou aos 70 ou tal?; é dicir, bastante incrible. E contestou o número de vacantes que hai, en que situación e demais, e a contestación é: o BNG votou en contra de non sei que cousa, como se non tivera a obriga de contestar a cuestións como estas.

É dicir, ¿cal é a situación do cadro de persoal do Sergas? ¿Ou que é normal que teñan que saír a atender urxencias profesionais do PAC en taxi?, diante da denuncia de que non en poucos sitios, diante da falta de ambulancias, teñen que ir os profesionais nun taxi, polo

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tanto sen os equipos médicos acaídos; e, polo tanto, se é necesario un traslado dunha emerxencia a un centro hospitalario, non hai esa ambulancia para o traslado. O conselleiro dixo que era o normal, que ¿que problema había en que tiveran que ir en taxi? Estas son as contestacións do máximo responsable da Consellería de Sanidade.

Polo tanto, o BNG pregunta estas cuestións que acabo de dicir, un informe onde se plasme esta situación. ¿Que problema ten o Partido Popular en que saibamos cal é a realidade? ¿Cales son os datos? ¿Que problema ten o Partido Popular en que saibamos cal é a realidade, na vez do seu relato dicindo o que lle dá a gana? ¿Por que non o quere poñer nun papel? Esa é unha pregunta que me gustaría que contestara: ¿por que non queren poñer nun informe cantas prazas, cantos profesionais, cal é a súa situación?, que sería o normal nun goberno democrático.

A segunda cuestión que trasladamos nesta moción é a petición de que haxa un aumento do orzamento, porque xa dixen antes cal era a situación do orzamento. Pedimos un aumento do orzamento no orzamento para o ano que vén —que se supón que en breve entrará neste parlamento—, para o ano 2024, un aumento mínimo do 25 por cento, para ir achegándonos ao 25 por cento do total do investimento sanitario para a atención primaria; porque ese 25 por cento en tres anos —pedímolo para o 2024 e pedirémolo para os seguintes anos— supón eses 500, case 600, millóns de euros que nos distancian do que se inviste neste momento en atención primaria para acadar ese 25 por cento. E hai unha cuestión obvia: que non se pode facer máis con menos, e, evidentemente, con menos profesionais, con menos recursos, con menos sanidade pública, pois non se pode facer máis.

E unha das cuestións que tamén reclamamos é que se remate de derivar sistematicamente á sanidade privada toda unha serie de probas, toda unha serie de intervencións, que o Consello de Contas denuncia que non hai ningunha xustificación nesas derivacións que digan que non se poden prestar na sanidade pública. Entón, se non hai ningún xustificación que diga que non se poden prestar na sanidade pública, ¿por que o Partido Popular sistematicamente fai esas derivacións á sanidade privada?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: TAC, resonancias magnéticas, diálises, densitometrías óseas, intervencións cirúrxicas... Entón o que demandamos é que se teñan operativos os recursos na sanidade pública, en tanto non se demostre que para facer todo isto, toda vez que non o demostran, non é posible na sanidade pública.

E outra cuestión —e con isto remato— é que se rectifique esa decisión de pagar o complemento por dedicación exclusiva aos profesionais que tamén traballan na sanidade privada, que se prime os profesionais que se volcan na sanidade pública; que ese millón de euros, que é o custo deses mil e pico de profesionais que traballan na pública e na privada, ese millón de euros ao mes, na vez de destinalo á sanidade privada, que se invista na sanidade pública.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: Creo que son demandas máis que xustas e agardo o voto favorable dos dous grupos.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e todos.

Estas horas sempre son complicadas, pero é grato ver un pleno tan cheo; a alternativa era ver o debate do Congreso, pero entendo que vostedes prefiran estar aquí co que está levando o señor Feijóo.

En fin, nós imos apoiar esta iniciativa. Cremos... *(Murmurios.)* —trinta segundos, xa están molestos. É moi difícil isto. En fin, non pasa nada; tranquilidade, ¡home!, que non pasa nada, tranquilidade—. Ben, pois nada. Nós imos apoiar a iniciativa. Temos algún matiz, como case sempre que se presenta unha iniciativa que é moi ampla, que inclúe cuestións moi grandes, pero esencialmente compartimos a liña estratéxica que define. Cremos que non é tampouco o máis operativo poñerse a debater sobre matices cando en realidade temos espazos para facelo.

E sérvenos a iniciativa, fundamentalmente pensada na cuestión da atención primaria inicialmente, aínda que agora ampliou o seu espectro e a súa perspectiva de a que afectar e sobre que propoñer resolucións, pero pensada en atención primaria. Creo que é bastante acaída —non obviamente só, que evidentemente tamén— pola preocupación da atención primaria, senón porque vai a algunhas cuestións esenciais que estamos debatendo sobre a situación política.

A atención primaria ten unha característica elemental dentro do sistema: que é a máis cercana; a súa capilaridade chega a practicamente calquera lugar —ou debera— e ten sido interpretada como porta de acceso ao sistema. Isto probablemente sexa discutible e hai que darlle máis relevancia, pero é un símbolo, en todo caso, de que é o punto de accesibilidade; e este é un problema grave; o problema grave está en que hoxe en día a accesibilidade do sistema sanitario está en entredito, non é real.

Hoxe en día en Galicia hai catro meses de espera para unha cita en saúde mental; hoxe en día hai medias superiores a unha semana para ser atendido na atención primaria; hai servizos en centros hospitalarios que levan meses con atencións ou intervencións ou cirurxías

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

paradas, esperando que se acumulen para derivar á privada, porque non teñen profesionais para afrontalo; e estanse facendo as revisións que deberan ser sistemáticas —e penso en xinecoloxía— cada seis meses cando debían ser cada dous anos.

O sistema está nunha situación problemática pola accesibilidade, e isto ten que ver con dúas cuestións fundamentais: de modelo e de recursos.

De recursos creo que é evidente: pagamos os recortes do Partido Popular; creo que é o momento máis crítico, no que estamos vendo como uns anos continuados de recortes, e o Goberno de Galicia aplaudindo e aplaudindo os recortes, case pedindo máis e jaleando, e agora estámolo pagando.

E isto é un problema. Na atención primaria, por poñer o exemplo máis nítido: 180 profesionais de familia que podían ter sido formados e aos que Galicia renunciou. A min hoxe facíame moita graza ver o señor Feijóo falar dun MIR extraordinario; o MIR extraordinario é o que el desperdiciou voluntariamente en Galicia; quererá un MIR para non convocalo. Menos mal que, por sorte, na súa declaración unilateral de investidura de hoxe non vai ter éxito.

Ademais, hai un problema cunha cuestión de recursos, e é a precariedade do persoal. Temos un gravísimo problema de precariedade, que apuntan todos os colectivos de profesionais, todos os coñecedores do sistema sanitario, todos os informes que se poñen en marcha, menos a Xunta de Galicia. E isto é unha falta de respecto aos profesionais. Hoxe, hoxe mesmo, colectivos de enfermeiras manifestándose diante dos hospitais reclamando melloras laborais; o Colexio Galego de Colexios Médicos constantemente demandando a solución dalgúns problemas; os colectivos de todas as categorías que están implicadas no Sergas demandando a súa participación e melloras laborais. Pero o Sergas entende que isto non é así.

E o problema de modelo, basicamente o aumento dos recursos, e que o Partido Popular non entende. Entende a atención primaria, a sanidade en xeral, e parece que en moitas outras cousas, como a dos 80, e nos 80 funcionou fabulosamente, pero a realidade é que aquilo que funcionaba fabulosamente nos 80 hoxe, corenta anos despois, hai que transformalo, porque a vida cambia; non podemos adaptar o tempo ás nosas visións nostálxicas do pasado; valla para moitos debates actuais.

En todo caso, a atención primaria na que estamos hoxe é necesariamente grande e resolutiva e para iso necesitamos moitos profesionais. Ten un problema clarísimo a atención primaria, e é que está focalizada unicamente nos médicos. Todo o que pasa na atención primaria pasa polos médicos, e o médico é o que deriva e o que acaba decidindo onde vai cada cousa; moi tímidos intentos de cambio, nada reais; pero pasa todo polos médicos, que, ademais, se asumimos que é unha profesión que non quere a atención primaria, e alguén debería algunha vez contestar por que non queren —xa lles digo eu por que non queren esas prazas: porque son de mala calidade—, pero xa que non queren ir e temos dificultades para poñer os médicos, non poñamos ou non deseñemos un sistema que fai pasar todo polos médicos.

Levamos anos denunciando problemas reais, problemas claros e reclamando melloras. A necesidade de incorporar máis fisioterapeutas; sete anos sen convocar. Temos a peor ratio

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de matronas por muller en toda a comunidade de todas as comunidades autónomas de España. Temos a terceira peor ratio de enfermería de toda España. Non incorporamos podólogos ao sistema de atención primaria, como están facendo novidosamente outras comunidades autónomas. E non vinculamos realmente a saúde mental, probablemente o gran problema sanitario que temos hoxe en día xunto coa xestión da atención primaria dentro do sistema, e no que a cidadanía nos está pedindo avances.

Hoxe escoitaba o señor Feijóo pola mañá dicir que hai que aumentar o volume de profesionais en saúde mental e dixo: non podemos aturar este problema nin un minuto máis. ¡Menuda jeta! Galicia leva dez anos sendo a comunidade autónoma de España coa peor ratio de profesionais de todas as categorías de saúde mental, pero, ademais, ningún ano convocou todas as prazas formativas en saúde mental que podía. Temos poucos, formamos poucos, porque o Goberno quere, e hoxe hai que escoitarlle dicir que hai que aumentar o volume de profesionais. *(Aplausos.)*

E este é o problema do sistema. O sistema ten o problema de que vostedes alimentan políticas que o desprestixian e, por tanto, ao desprestixialo, os profesionais escollen. Nos 80, nese modelo que algúns do Partido Popular nostalxicamente cren que é o que funciona, que hai que seguir facendo as cousas como hai corenta anos, nese sistema había moitísimos profesionais de todas as categorías, ou polo menos das esenciais, que participaban do sistema. E, por tanto, non había un problema de persoal. Hoxe si. ¿Por que? Porque os profesionais poden escoller.

O sistema foi máis grande, aumentou servizos —por sorte—. Temos retos por diante: a cronicidade, a medicina de precisión. E todo iso aumenta a demanda, e, por tanto, necesitamos outro sistema. Non é o mesmo e hoxe necesitamos dar condicións.

Vostedes, que din ser liberais —o que pasa é que eu creo que normalmente o Partido Popular, depende do día da semana, é unha cousa ou outra—, normalmente deberían entender as dinámicas do mercado, e hoxe son os profesionais os que poden escoller, e vostedes están formando ou construíndo un sistema que non é nada competitivo. E ¿quen paga iso? Pos paga iso a xente que máis o necesita.

Porque miren, eu escoito estes días moitos debates sobre a igualdade. A igualdade é unha palabra manoseada e utilizada en campañas electorais recentes e nos últimos días tamén. A min tráeme á cabeza algunha reflexión sobre o que é de verdade a igualdade ou polo menos o que nós comprendemos que o sistema sanitario serve para isto. Con este sistema sanitario que vostedes están empeñados en contar que fan moi ben, o que está é todo a piques de estoupar polos aires. Eu pregunto: ¿cales son os dous determinantes máis grandes da saúde dunha persoa, os que determinan claramente se a saúde dunha persoa vai a mellor ou a peor? Hai moitos, pero ¿cales son clarisimamente os dous máis potentes? Algunha deputada desta sala seguramente o sabe, porque temos debatido disto. A renda, principalmente do pai e da nai, e o código postal. Non ten que ver con todas esas milongas que vostedes contan. O sistema é absolutamente desigual. ¿De que igualdade están falando vostedes cando falan de igualdade? A igualdade é un sistema sanitario forte, a igualdade non é facer manifestacións para contar milongas ou vir aquí facer un debate sobre residencias de maiores e poñerse a falar de débeda, e de Cataluña, e «Cataluña nos roba», e das autovías de non sei onde.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A igualdade é darlles a capacidade de ser atendidas as persoas en igualdade de condicións. A equidade no acceso, que cadaquén teña capacidade de acceso que merece e cadaquén aporte o que necesite. Por certo, porque se cadaquén aporta segundo ten e recibe segundo demanda ou segundo ten necesidade, teremos un sistema máis equitativo. Iso é a igualdade, e non esa milonga da que falan vostedes, que non é igualdade. É igualdade para vostedes. Todo o que teñen os demais eu tamén o quero, pero o que teño eu xa repartir menos. Iso non é igualdade.

Vostedes non demandan igualdade, vostedes demandan privilexios, que é o que fixeron toda a vida, demandar privilexios e construír un sistema para beneficiarse. E isto é co que están construíndo a sanidade actual que temos agora, un sistema desigual, absolutamente desigual, que por natureza xa o é, pero tendía a igualar as persoas, e vostedes están a construír un sistema distinto.

E, por tanto, nós defendemos o sistema equitativo, máis equitativo que igualitario. Necesitamos que o sistema teña unha dotación de recursos e unha construción dun novo modelo, porque isto é o que estamos defendendo e isto é o que levamos anos dicindo, e sábeo todo o mundo menos vostedes, que ao final pasan o día aquí contando que fan moitas cousas pero a situación é cada vez peor.

Porque cando alguén ten que pedir unha cita, ten máis esperas hoxe que hai un ano e ten máis esperas hoxe que hai dous anos e ten máis esperas hoxe que hai tres anos, e cada ano imos a peor, en atención primaria, en cirurxía, en saúde mental. Temos máis problemas, cada vez máis, porque vostedes non afrontan a cuestión. E ¿por que non a afrontan? Porque vostedes están nisto do relato de contar que fan todo moi ben e de contar unha milonga de bulos.

Eu sempre lembro ultimamente, con isto dos debates electorais, algún sociólogo ou coñecedor da comunicación, que nos contou isto que se chamaba o galope de Gish, as mentiras de Feijóo constantes, tan rápidas e tantas que era imposible. Vostedes non galopan con Gish; vostedes, falando de sanidade, menten tanto que van en cuadriga.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Boas tardes.

Grazas, señor presidente.

Eu lamento ter importunado con este debate o señor Torrado, que estaba entretido e moi divertido —parece ser— escoitando o exalcalde de Valladolid, exalcalde, porque o botaron os seus veciños, claro, porque o botaron, con «b», con «v» non o votaron, *(Murmurios.)* pero entendo que o PSdeG se sinta representado nun candidato perdedor, enténdoo. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señorías, sigan os consellos dos seus compañeiros: non se alporicen, que levamos trinta segundos, que diría o señor Torrado.

Señorías, asistimos a unha nova entrega da interminable serie de bulos, de manipulacións e de medias verdades da oposición sobre a sanidade galega, e, polo tanto, tamén hai que agradecelo. Bríndannos unha nova oportunidade para desmontar os seus falsos mantras e para ratificar novamente a nosa confianza nun dos mellores sistemas sanitarios de España e de Europa: a sanidade pública galega; unha sanidade pública que conta con máis orzamento que nunca, con máis persoal que nunca, con máis recursos técnicos e tecnolóxicos que nunca e con máis recoñecemento dentro e fóra das nosas fronteiras que nunca.

Miren, orzamento ano 2009 —o último ano do orzamento que aprobaron vostedes—, 3.655 millóns de euros; ano 2023, 4.972 millóns de euros. *(Murmurios.)* Ben, se imos discutir os orzamentos oficiais aprobados, temos un problema. Pero —insisto—, para comparar o esforzo, que isto de comparalo co PIB é unha cuestión moi novidosa; eu normalmente comparaba o esforzo sanitario dentro do propio orzamento; vostedes adicaban no ano 2009 o 30,9 por cento do orzamento total; actualmente, o 35,6, con máis persoal que nunca.

E non o digo eu. Facilitáronlles a vostedes un informe, asinado por un alto funcionario, no que se acreditaba que diariamente, cada día, hoxe, mañá e o seguinte día, traballan na nosa sanidade 7.000 profesionais máis dos que tiñan contratados vostedes, con máis recursos tecnolóxicos e técnicos que nunca.

Novos hospitais, todos eles ampliados ou reformados. 115 centros de saúde novos ou reformados, máis os 4 que están en construción agora mesmo. E con máis recoñecemento —tamén quero insistir nisto— dentro e fóra das nosas fronteiras que nunca, recoñecemento que se ratifica na opinión que os galegos expresan no barómetro sanitario, moi por riba da media nacional, e, por exemplo, en artigos como o recentemente publicado en *The Guardian*, onde Galicia se sitúa como un referente mundial na vacinación.

Claro, sei que non lles gusta oílo, porque a vostedes o que lles gusta é falar mal da sanidade pública galega. A nós non; a nós gústanos falar moi ben desa sanidade. *(Aplausos.)*

Miren, señorías, esa mellora de orzamento e de recursos tense trasladado a todos os ámbitos da nosa sanidade pública e, por suposto, tamén á atención primaria. A planificación sensata deste goberno permite que hoxe invistamos moito máis en persoal de atención primaria. Hai contratados 800 profesionais máis que cando gobernaban vostedes e mellores instalacións en recursos tecnolóxicos, e, por certo, moito menos gasto farmacéutico, grazas á promoción do uso de xenéricos, que foi boicoteada no seu momento polo Partido Socialista. Só fai falta comprobar minimamente os datos.

Como lles dicía, no 2009, orzamento da atención primaria, 1.436 millóns; 2023, 1.526 millóns; 89 millóns máis. E poden dicir algúns: ben, o crecemento non é demasiado, e é certo, pero había que ir ao desglose dos datos. Porque ¿sabe cal é a diferenza substancial? Que nós gastamos en pagamento a persoal, en contratación de persoal, 134 millóns de euros menos do que gastaban vostedes, pero gastamos en farmacéutica 53,9 millóns menos do que gas-

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

taban vostedes. E agora eu pregúntome: ¿como é posible que acusen de recortar en persoal a quen adica 134 millóns de euros máis a contratar persoal? ¿Como é posible que acusen de conivencia coa industria farmacéutica a quen reduciu en 54 millóns de euros ao ano o gasto farmacéutico? Pois explícase moi fácil: porque son vostedes a manipulación e a mentira feita sigla: o Bloque Negacionista Galego e o Partido Soflamista Obreiro Español. *(Aplausos.)* É do que viven.

Hoxe tiveron a desvergoña, que xa fai falta, de falar do que levamos investido uns e outros. Miren, publicouse moi recentemente e eu estiven hoxe mesmo ollando os datos do último informe da Asociación de Directores e Xerentes de Servizos Sociais: diferenza de gasto sanitario 2009-2022, incremento medio en España, 13,40; incremento en Galicia, 16,40; tres puntos máis. Variación en euros por habitante, media de España, 145 euros máis; media galega, o dobre, 280 euros máis que adicamos por galego. ¿E veñen vostedes aquí darnos lecións a nós? ¡Home!, resulta un pouco simpático isto.

A moción que hoxe presentan é un resumo perfecto do seu ideario político: negación da realidade e soflama carente de calquera argumento. Acúsannos de adicar menos do 25 por cento por cento do orzamento á atención primaria, cando a realidade é que estamos adicando o 31,4 por cento, incluída a farmacia, como a incluían vostedes.

Señorías, ¿onde está o informe, documento, estudo da Organización Mundial da Saúde que rexeita computar o gasto farmacéutico nesa porcentaxe? Pregunto máis: ¿cal é o documento onde se recomenda esa porcentaxe? Xa llelo preguntei en varias ocasións; seguen sen facilitalo.

Eu teño aquí a declaración de Alma-Ata, *(O señor Pazos Couñago mostra un documento.)* o documento fundacional da OMS en materia de atención primaria: «*La atención primaria de salud*» —apartado 3— «*comprende, cuando menos, educación de los principales problemas de salud, agua potable, asistencia materno-infantil con inclusión de planificación de la familia, inmunización contra las principales enfermedades infecciosas*, prevención e loita contra as enfermidades endémicas locais, tratamento apropiado das enfermidades e traumatismos comúns e a subministración de medicamentos».

¿Onde di a OMS que non se computen os medicamentos nese gasto? ¿Os organismos internacionais? Incluso cando o Goberno de España presume de investir máis do 30 por cento —que é certo—, *(O señor Pazos Couñago mostra un documento.)* tamén inclúe o gasto farmacéutico. ¿Por que o que vale para o Goberno de España non vale para o Goberno galego, señorías? Mire, se afirman que non debe computarse a farmacia, ¿como é posible que cualifiquen de recortes en atención primaria o aforro en gasto farmacéutico?

Vostede falou hoxe aquí novamente dese recorte acumulado que defende vostede, a señora Pontón, 2.399 millóns de euros; quedou curta, teño que dicirllo, quedou curta. Porque, en realidade, mire, se con recortes se refire ao aforro de farmacia acumulado, son 1.791 millóns de euros, e se ao que se refire é ao recorte en nóminas, son 684 millóns de euros, 54 millóns de euros por ano que recortaron vostedes, vostedes, por un decreto do señor Rodríguez Zapatero, que recortou un 5 por cento o soldo de todos os traballadores públicos, e aínda veñen

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

aquí colgarse a medalliña da defensa do emprego público. (*Aplausos.*) ¡Home!, non son 2.399. Só esas dúas magnitudes, señoría, 2.475 millóns. Iso si, uns recortamos en farmacéutica e outros recortan en salarios dos traballadores.

Tamén solicitan un informe sobre prazas, características e coberturas, por certo, no mesmo momento en que se está a negociar coa representación do cadro de persoal, cos sindicatos. Non sei se non lles vale esa mesa, descoñezo se é que non se fían da CIG ou da súa capacidade negociadora ou se simplemente pretenden presionar para impoñer as súas propostas sobre a doutros sindicatos, porque eu recoñezo que cada día xa me custa máis saber se o BNG ten un brazo sindical ou a CIG ten un brazo político, xa non sabemos quen manda nesta organización, dígollelo en serio.

E, por suposto, por suposto, grandes *hits*, non podía faltar o mantra da privatización. Os dous partidos que en catro anos aumentaron un 50 por cento o orzamento adicado a concertos e asinaron un acordo para blindar a Povisa, condicionando o deseño futuro dun hospital público, atrévense a dar lecciónns da defensa da sanidade pública. ¡Vivir para ver! Nunca a sanidade privada recibiu máis cartos que con vostedes, nunca os seguros privados estiveron máis fortes en Galicia que con vostedes e nunca Povisa tivo mellor trato que con vostedes.

E miren, ¿como dicía vostede? Dato mata relato. Tomei a molestia de recadar os datos. Consello de Contas, *(O señor Pazos Couñago mostra un documento.)* creo que o gráfico é bastante explícito; este é o nivel de concertos dos catro anos do Bipartito e dos seguintes anos do Partido Popular. Pero ¿quen traballa para as privadas mellor que vostedes? Ninguén, ninguén, (*Aplausos.*) en toda España, 50 por cento de aumento. E veñen dar lecciónns. Ben, é unha cousa certamente curiosa.

Bipartito, Galicia, sexta comunidade autónoma en penetración de seguro privado; actualmente, a décimo terceira; sete postos baixamos nese penoso ránking.

E se falamos do acordo pola sanidade de Vigo, ¡home,!, eu, de verdade, recomendaría unha certa prudencia, cando algúns dicían que ían facer un regulamento interno de funcionamento, así como unha axenda de traballo debidamente secuenciada, que incorporará inicialmente a avaliación das propostas de planificación derivadas do plan funcional do novo hospital de Vigo en termos da actividade e emprego, tanto no sistema sanitario como no sector sanitario privado concertado. Vostedes condicionaron o desenvolvemento do plan funcional do Álvaro Cunqueiro a que non interferira no volume de traballo de Povisa, e iso é algo que lles vai perseguir... *(Murmurios.)* Si, si, o xesto pódemo facer, pero a cara estana poñendo vostedes, ¡eh!, a cara e a sinatura, señoría, a cara e a sinatura. (*Aplausos.*)

Nós imos seguir a traballar para reforzar a sanidade pública...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...para mimala, para protexela, incluso dos que din unha cousa cando están na oposición e fan a contraria cando están no Goberno. Por certo, iso inclúe mellorar as condicións salariais de certos profesionais para evitar a súa fuga da sanidade pública á sanidade privada.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Respecto ao Plan de saúde mental, creo que o presidente pode presumir, entre outras cousas, de facer un investimento de 83 millóns e incorporar 241 profesionais máis para eses efectos en Galicia. Non sei se o señor Fuentes vai facer algunha cifra que mellore esa.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da moción, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Antes de máis, quero agradecer o apoio que ten manifestado o Partido Socialista de apoiar esta moción. E logo, señor deputado do Partido Popular, cada un retrátase como mellor lle convén.

E mire, o primeiro que teño que dicir é que se alguén perdeu no discurso do candidato Feixóo foi Galiza; ese Feixóo de «Galiza, Galiza, Galiza» e que resulta que fai un discurso de investidura no Congreso dos Deputados de varias horas e resulta que fai un percorrido por practicamente todas as comunidades autónomas facendo propostas para as comunidades autónomas menos para «Galiza, Galiza, Galiza». (*Aplausos.*) Ese é o retrato do Partido Popular e o seu compromiso co noso país.

Un Feixóo que pide un plan de choque para a atención primaria a nivel do Estado, unha atención primaria que din os datos como a deixou nos seus trece anos de presidente do Goberno, penúltima pola cola, só por detrás de Madrid, con menos profesionais, con menos capacidade resolutiva, absolutamente en números vermellos, e resulta que agora pide un plan de choque, para facer o que el non fixo en Galiza.

Segue pedindo un MIR extraordinario, cando resulta que en Galiza —imos ao último ano—, na última convocatoria, 39 prazas de atención primaria que non quixo ninguén en Galiza. E dos que acaban, dous exemplos: na área de Vigo acabaron 17, só 7 quixeron o contrato en atención primaria; na área de Santiago, 11, só 2 quedaron en atención primaria. ¿Por que cre que é esa situación? ¿Porque lles gusta o turismo, señor deputado do Partido Popular? Porque non soportan as condicións laborais ás que vostedes os teñen sometidos, (*Aplausos.*) por iso, por iso.

Entón, antes de pedir máis prazas, asegúrense de ofrecerlles unhas condicións laborais dignas, de non explotalos, de non dar como única alternativa que traballen o triplo e o dobre, que pagar máis non é a alternativa, que llelo están dicindo por activa e por pasiva.

Un Feixóo que pide profesionais para a atención á saúde mental, unha saúde mental en Galiza na que estamos, desgraciadamente, á cabeza en número de suicidios, que co plan ese de 83 millóns de euros, se se cumprira na súa totalidade, que, dende logo, non van camiño de facelo nin moitísimo menos, nin sequera estariamos na metade dos profesionais previstos hai vinte e seis anos nun plan do Partido Popular presidido por Fraga Iribarne, nin sequera estariamos na metade.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿E iso é do que ten que presumir, e o que pide agora emendar nesa moción, Feixóo, que non foi capaz de dar unha solución en Galiza? ¿Esa é a folla de resultados que teñen que presentar? Dende logo, moi lamentable.

E eu teño que dicirlles que no informe ese que sae todas as veces que falamos de sanidade, dese funcionario de alto rango, ¿sabe o que di o informe? Di: o indicador que mellor reflicte o número de profesionais con vínculo activo...; é dicir, di o número de profesionais con vínculo activo diario; e ¿vostede sabe o que é un vínculo activo? Eu teño unha praza, sexa propietaria ou en vacante, teño vínculo activo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Siii. Non estou falando de ningún profesional. Se está de baixa, por maternidade, por unha baixa laboral, por calquera outra cousa, segue tendo vínculo activo, e o que está contratado no seu sitio segue tendo vínculo activo; co cal, se nun centro de saúde hai dez persoas de cadro de persoal e catro están de baixa, ¿nese centro de saúde hai catorce profesionais? Esas son as contas que fai o Partido Popular. Non hai catorce, hai seis, hai seis, (*Aplausos.*) hai seis, non catorce.

Xa está ben, por favor, xa está ben de facer trampas ao solitario, engánense a vostedes todo o que queiran, pero os galegos e galegas non son tontos, saben como está a sanidade pública, saben o que sofren todos os días, saben o que é chamar e non ter cita para dentro de quince días, que non teñen cita nin para receitas, saben o que é estar en lista de espera para especialidades hospitalarias durante meses, saben o que é estar agardando por unha intervención cirúrxica durante anos.

Esa é a realidade que viven os galegos e galegas. E esa é a realidade á que vostedes non puxeron, nin poñen nin teñen intención de poñer ningún resultado. ¿Por que? Porque o obxectivo e a folla de ruta do Partido Popular é a alfombra vermella á sanidade pública, e para poñer esa alfombra vermella o que hai é que ter unha sanidade pública deteriorada, porque, se hai unha sanidade pública resolutiva, ninguén vai á sanidade privada a pagar.

E vostedes, como fieis servidores do seu amo, que é o poder económico con maiúsculas, o que levan é catorce anos poñéndolle a alfombra vermella ao capital, (*Aplausos.*) e, ademais, por desgraza, na súa inmensa maioría, ao capital de fóra de Galiza, *(Murmurios.)* que igual que noutros sectores non fai outra cousa que espoliar os nosos recursos, incluídos os recursos sanitarios.

Moitas grazas.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(Murmurios.)

Silencio.

Imos votar, que xa finalizou o debate.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de don Iago Tabarés Pérez Piñeiro.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre os servizos de inspección da Consellería de Política Social e Xuventude.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora, como foi un debate acumulado, a seguinte, que é do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Marina Ortega Otero.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Marina Ortega Otero, sobre a programación das inspección aos centros de atención residencial.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona María Monserrat Prado Cores.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Montserrat Prado Cores, sobre a situación da asistencia sanitaria na atención primaria.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Pasamos ao punto cuarto da orde do día, proposicións non de lei, e comezamos coa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar a concentración e o aumento de vivenda de uso turístico en determinadas áreas

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular e outra emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do seu deputado Borja Verea Fraiz, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar dende o Observatorio da Vivenda de Galicia un estudo sobre a afectación das Vivendas de Uso Turístico (VUTs) na accesibilidade á vivenda residencial e na calidade dos espazos urbanos.

2. Solicitar aos concellos que establecen limitacións ás VUTs pero aínda non teñen desenvolvido a normativa relativa, que definan o que consideran título habilitante para as VUTs.

3. Solicitar da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), como representante dos concellos, a realización dun estudo nos mesmos termos que o solicitado á Xunta de Galicia en función das competencias dos municipios sobre o ámbito urbanístico.

4. Solicitar da Secretaría de Estado de Turismo (SETUR) un estudo ou informe da situación deste tipo de vivendas no conxunto de España e das Comunidades Autónomas.

5. Solicitar ao Goberno de España que demande unha lexislación única para o marco europeo que permita garantir o dereito e a seguridade xurídica de usuarios e propietarios das VUTs.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Leticia Gallego Sanromán, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo que segue a continuación:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Promover a sustentabilidade social, económica, ambiental e territorial dos destinos turísticos, co fin de facilitar a interacción e integración de quen nos visita e así aumentar a calidade da súa experiencia no destino e mellorar a calidade de vida dos que neles residen.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- Traballar para que todas as externalidades que o turismo xere sobre as cidades repercutan nun ben común e nunha mellora da calidade de vida de toda a cidadanía.

- Crear unha mesa de diálogo para tratar o tema do impacto das vivendas de uso turístico na vilas e cidades galegas onde estea presente a Administración autonómica, a Fegamp e o sector turístico.

- Crear produtos e experiencias turísticas integrais, competitivas e para todos os perfís, que combinen diferentes tipos de turismo, desde o turismo familiar ata o de saúde ou benestar, incluído o turismo de congresos e feiras, o enogastronómico ou cultural.

- Impulsar decididamente o turismo rural, en todas as súas expresións, dende o agroturismo ata o ecoturismo, prestando especial atención ás actividades natureza e aventura.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Moi boa tarde.

Moitas grazas, presidente.

Explosión, descontrol e colapso podería ser o título dunha serie un pouco distópica, pero non o é. Explosión, descontrol e colapso son as etapas que está atravesando o fenómeno das vivendas de uso turístico.

A primeira fase, a de explosión, xa é máis que evidente a ollos de calquera de nós, tamén os datos certifican que na evolución das vivendas de uso turístico existe unha propagación brusca deste tipo aloxamentos. En 2017 había apenas cincocentas vivendas de uso turístico e na actualidade hai vinte mil cincocentas vivendas de uso turístico; en apenas seis anos incrementáronse en máis dun tres mil setecentos por cento. Xa hai máis prazas de vivenda de uso turístico no noso país que prazas hoteleiras.

A potencia na explosión das VUT prodúcese pola enorme diferencia de rendibilidade entre o alugueiro residencial e o alugueiro vacacional. A pesar de que os prezos dos alugueiros residenciais están polas nubes e que non son pequenas as marxes de beneficio deses alugueiros, as plusvalías que se poden chegar a acadar a través do alugueiro vacacional son enormes. Xérase así unha diferenza de presión entre un mercado e outro que leva á expansión descontrolada das VUT. Así, onde hai unha vivenda de uso turístico antes había unha residencia; onde hai un turista antes había un veciño. Porque esta explosión rápida, produto do diferencial de rendibilidade, non se asentou na nova construción, senón que fundamentalmente asentouse na substitución dos tecidos urbanos, incluído o seu tecido social.

Outra característica desta explosión das VUT é a forma en como se expanden, de forma moi concentrada en enclaves turísticos moi específicos. Segundo o último informe dispoñible de febreiro deste ano, elaborado pola propia Xunta, a maior concentración de VUT está nas Rías Baixas, onde está o vinte e sete por cento da oferta de toda Galicia. Destaca o concello de Sanxenxo, onde está o catorce por cento do total de prazas, seguido de Vigo e da Coruña.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Estas dúas cidades suman máis de dúas mil duascentas vivendas de uso turístico. A experiencia dinos que as grandes cidades soen estar entre as que máis sofren as consecuencias deste fenómeno, pero no caso de Galiza as VUT esténdese máis alá das grandes urbes e supoñen tamén un problema en concellos de tamaño intermedio ou pequeno. En Galiza hai unha concentración de VUT nas centralidades urbanas, pero hai tamén unha concentración de VUT en ámbitos moi extensos que se conectan a través do litoral ou do Camiño e que requiren dunha lectura territorial de escala supramunicipal que a Xunta, que ten competencias en ordenación do territorio e en vivenda, ten que abordar. Como conclusión, en Galiza as VUT explosionaron cun certo grao de complexidade, que é loxicamente o mesmo grao de complexidade que ten o propio sistema urbano.

A segunda fase é a do descontrol, porque o certo é que o aumento desta modalidade de turismo vinculada á *uberización* da economía non foi acompañada de medidas de ordenación. A maioría de concellos non ten ordenanzas específicas que as regulen e os que si as teñen non poden aplicalas. Os concellos non poden aplicalas porque a Xunta de Galiza, no exercicio das súas competencias en materia de turismo, permite a inscrición de todas as VUT, aínda que estas non cumpran coas normas urbanísticas que determinen os concellos. Neste momento para dar de alta unha VUT e incorporala no REAT, que é o censo oficial da Xunta para estes aloxamentos, só hai que presentar unha declaración responsable asinada polo propio propietario conforme está cumprindo as normas, pero non ten que entregar a documentación que así o acredite. Baixo este mecanismo de descontrol premeditado por parte da Xunta de Galiza, véñense inscribindo vivendas de uso turístico sen a comprobación da súa legalidade. Nestes momentos o PP négase a exercer o labor de vixilancia e apenas retira do censo aquelas vivendas que conten cunha sentenza firme, como xa ten sucedido que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia resolve que non poden exercer sen o título habilitante. Por tanto, o momento inicial da explosión ten que ver con esa diferenza de plusvalía entre o mercado residencial e o turístico, pero estas cifras desorbitadas só se explican tamén coa falta de políticas e de planificación e control por parte da Xunta.

E entón chegamos xa á terceira fase, que é a do colapso. Xa cada vez existen máis axentes sociais e máis persoas no noso país que comezan a observar as costuras e os perigos deste fenómeno. Hai apenas unhas semanas, o Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia da USC sinalaba como un dos elementos preocupantes para a economía galega precisamente a proliferación de vivendas de uso turístico, para a cal demandaba unha maior regulación. Dende o BNG queremos alertar de que a proliferación descontrolada está interferindo, está levando ao colapso tres planos fundamentais da nosa sociedade: o primeiro o acceso á vivenda, o modelo urbano, e o modelo turístico. Como digo, o primeiro é ese perigo de alza de prezos. O diferencial de prezos entre o residencial e o turístico está provocando un descenso da oferta de vivenda de alugueiro residencial e un aumento dos seus prezos, o cal se traduce nun colapso na accesibilidade á vivenda da poboación residente.

En segundo lugar, existe unha afectación dende o punto de vista da calidade urbana. Alí onde hai un turista que ocupa o lugar dun veciño este non vai exercer de cidadán. É dicir, non crea relacións de veciñanza, tampouco coida e reivindica un mellor espazo público ou mellores servizos, porque non pertence a ese lugar; o turista non se compromete, non se solidariza, non permanece. Por iso, a concentración de VUT fai colapsar a complexidade social

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dos lugares e fai colapsar a propia sensación de pertenza dos veciños sobre o lugar que habitan, creando unha percepción moitas veces como de indefensión, de ser substituídos ou de ser cidadáns de segunda fronte a unha industria turística que algúns gobernos se negan a ordenar para minimizar os seus perigos e consecuencias.

E o terceiro plano no que as VUT afectan, fundamentalmente, é sobre o propio modelo turístico. Porque a presión e a expulsión de poboación residente remata por segregar os centros das cidades, as vilas ou determinados ámbitos territoriais e eses espazos fican reducidos a unhas zonas tematizadas, como simples centros comerciais ao aire libre para turistas. Os primeiros afectados son evidentemente os propios residentes, pero co tempo tamén acaba por crearse contornas turísticas pobres, carentes de vida cotiá, de memoria, de complexidade e finalmente de interese, o cal fai colapsar a propia riqueza turística inicial.

Por tanto, colapso na accesibilidade de vivenda, colapso no modelo urbano e colapso do modelo turístico. O lema desta iniciativa é sinxelo: «salvemos o turismo, salvando primeiro os veciños e os seus dereitos». Temos que reverter este proceso de explosión, descontrol e colapso facendo o camiño inverso: planificación, control e equilibrio da presión entre o mercado residencial e o turístico.

Dunha banda, corresponde aos concellos a delimitación de usos. Doutra, a Xunta de Galicia ten a competencia dalgunhas funcións fundamentais, como son a planificación do modelo turístico, a normativa sobre este tipo de aloxamentos e as funcións de control. Neste momento hai concellos que xa avanzan na ordenación de usos, mais por parte da Xunta de Galiza en lugar de atoparse cun aliado, que sería o lóxico, atópanse cunha administración que facilita que estas VUT incumpran a legalidade. ¿Como? Non exixindo a documentación que certifique que esas VUT cumpren coa normativa municipal que se vai aprobando. O propietario apenas ten que presentar, como dicía antes, unha declaración responsable conforme cumpre, pero non ten que presentar a documentación que o acredite. É incomprensible que a normativa da Xunta especifique que a única documentación exixible sexa a licenza para o seu uso como vivenda residencial, pero non o cumprimento para o seu uso turístico, é dicir, para a súa explotación económica.

Por iso, un dos puntos fundamentais desta iniciativa é a modificación da normativa actual, para que a Xunta exixa o correspondente título habilitante municipal para o exercicio da actividade antes de formalizar o seu rexistro, de forma que se comprobe previamente que as VUT están situadas nun sector ou nun inmoble en que a normativa permita ese uso turístico. A Xunta de Galicia ten que ser aliada dos concellos para facer cumprir as normas urbanísticas e non un cómplice de quen pretende saltalas. Consecuentemente con esta reflexión e con esta proposta, tamén pedimos que se revise o censo actual, que está deturpado porque se permitiu a inscrición de VUT que non teñen ese título habilitante, e tamén un maior control, inspeccións e sancións a aquelas VUT que incumpran a legalidade ou as obrigas fiscais.

Ademais de exercer o control tamén ten que planificar. Aquí a Xunta tamén elude as súas responsabilidades. Non é normal, por exemplo, que o Observatorio da Vivenda de Galiza non teña ningún estudo, ningún informe sobre un dos fenómenos que ten un impacto maior sobre o modelo inmobiliario e sobre o mercado inmobiliario galego. Eximos análise sobre

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ese impacto. Tamén é necesario estudar o impacto sobre o modelo turístico e a súa estrutura económica. Neste último exiximos tamén por parte da Xunta, que ostenta as competencias en Turismo, unha nova regulación das VUT que trate de limitar os seus impactos negativos e ordenar tamén e definir unha nova regulación que estableza un tratamento diferenciado entre un pequeno propietario para o cal esta actividade se encadra dentro dunha lóxica da economía colaborativa e o uso que están facendo grandes capitais de investimento desta fórmula de economía *uberizada*, para encubrir unha actividade económica cun impacto e cunhas dimensións que nada teñen que ver.

A situación de colapso, como digo, non soporta máis dilacións nas respostas. Máis tarde ou máis cedo terán que tomarse decisións; canto máis tarde, a dimensión do problema será maior. Por iso pedimos que teñan altura de miras e que asuman a necesidade, dunha vez por todas, de ordenar, de planificar e de controlar este fenómeno.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Leticia Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Algo mudou dende a pandemia da covid-19. O que mudou foi a mentalidade dos e das viaxeiras. Estas persoas son máis conscientes do impacto da industria turística na contorna, así o demostran varias enquisas, como unha de Booking feita en trinta e cinco países, entre eles España, que indica que o setenta e seis por cento de persoas viaxeiras prefiren opción sustentables. Incluso está disposto a pagar máis un corenta e tres por cento desas persoas. Outra enquisa de Turespaña tamén publicou que o setenta e cinco por cento das persoas que viaxan ao noso país quere destinos sustentables.

Neste sentido, as e os turistas demandan cada vez máis opcións cun menor impacto ambiental, así como experiencias turísticas integrais para todo tipo de perfís, que combinan diferentes tipos de turismo. Dentro deste novo esquema de traballo, as entidades locais terán un papel fundamental na adaptación do sector a todos estes cambios, sendo os verdadeiros protagonistas en canto á promoción da nosa oferta cultural, gastronómica, e de ocio.

O Goberno galego ten que impulsar a transformación dos nosos destinos turísticos cara á sustentabilidade e a dixitalización, convertendo a Galicia no primeiro territorio turístico intelixente certificado do noso país e impulsando o conxunto do ecosistema turístico a un modelo de crecemento sostible de acordo coa axenda 2020-2030. Esta proposición non de lei levámola a semana pasada á comisión e foi rexeitada polo Partido Popular por unha palabra. E eu, de verdade, dígolles aos deputados e ás deputadas do Partido Popular que se fagan

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mirar iso de non chegar a acordos nunca. Bueno, que llo digan hoxe a Feijóo, que o de chegar a acordos lévano bastante mal no Partido Popular.

No Grupo Parlamentario Socialista temos moi, moi claro que a transformación dixital do sector turístico é unha oportunidade para o conxunto de Galicia, coa que se podería avanzar en ofrecer ás persoas viaxeiras hiperconectadas do século XXI experiencias óptimas durante todo o ciclo dunha viaxe, impulsar o desenvolvemento de propostas turísticas competitivas e innovadoras e identificar o destino polo desenvolvemento de cadea de valor turística dende a sostibilidade social e ambiental da actividade.

Por iso, nós propoñemos un modelo de crecemento turístico para os próximos anos baseado nos seguintes principios: crecemento socioeconómico, para o que hai que traballar a favor da competitividade e rendibilidade do sector, apostando pola calidade e acelerando o proceso de transformación dixital; preservación dos valores naturais e culturais, partindo de que a conservación do noso extenso patrimonio cultural e natural é un obxectivo prioritario; beneficio social, para conseguir unha distribución dos beneficios do sector e afrontar retos como o despoboamento do rural; participación, estruturando mecanismos de goberno participativo entre a Xunta de Galicia e as demais administracións competentes en todos os niveis; e adaptación permanente, dado que non só se trata de buscar a calidade e a mellora, senón tamén de posibilitar que o sector teña capacidade de resposta ao novo entorno de constantes cambios.

Tamén cremos dende o noso grupo que temos que ir cara á necesaria desestacionalización efectiva da actividade turística. Propoñemos diversificar a oferta turística de forma que aproveite, entre outras, as potencialidades do turismo rural, o enoturismo, o turismo de natureza, o turismo azul sostible e o turismo cultural. O desenvolvemento destes diferentes produtos turísticos non só resulta nunha maior diversificación, tamén contribúe a un desenvolvemento territorial máis uniforme, desestacionaliza fluxos turísticos e ten unha capacidade innegable para establecer poboación e economías locais e rexionais, contribuíndo así á loita contra o despoboamento.

O turismo que queremos para Galicia dende o Partido Socialista ten a capacidade para convivir coa súa contorna dun xeito respectuoso e simbiótico, onde a sustentabilidade non só é unha aposta política e empresarial, senón que debe constituír o principal atractivo para as e os viaxeiros. No turismo ao que avanzamos, a sustentabilidade non só será un elemento de atracción para o cliente, senón tamén unha condición necesaria á hora de escoller un destino.

Coa recuperación pospandémica, o noso país inicia un novo ciclo histórico, que abre as portas para abordar cuestións complexas, pero esenciais, como a regulación da oferta de pisos e vivendas de uso turístico. Por iso a Xunta de Galicia debe promover a sustentabilidade social, económica, ambiental e territorial dos destinos turísticos, co fin de facilitar a interacción e integración de quen nos visita e así aumentar a calidade da súa experiencia no destino e mellorar a calidade de vida dos que neles residen. Tamén a Xunta de Galicia ten que traballar para que todas as externalidades que o turismo xere sobre as cidades repercutan nun ben común e nunha mellora da calidade de vida de toda a cidadanía.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cremos que hai que facer unha reflexión máis profunda sobre as vivendas de uso turístico e, sobre todo, dialogar e contar cos concellos. Non é o mesmo tratar o tema das vivendas de uso turístico nunha cidade, nunha vila media ou nun pequeno pobo. Non se pode falar de vivendas de uso turístico sen ter en conta os concellos. Por iso nós propomos crear unha mesa de diálogo para tratar o tema do impacto das vivendas de uso turístico nas vilas e cidades galegas, onde estea presente a Administración autonómica, a Fegamp e o sector turístico.

A maiores, tamén o Goberno galego debe crear produtos e experiencias turísticas integrais competitivas e para todos os perfís que combinen diferentes tipos de turismo: dende o turismo familiar ata o de saúde ou benestar, incluído o turismo de congresos e feiras, o enogastronómico ou o cultural. Tamén a Xunta de Galicia debería impulsar decididamente o turismo rural en todas as súas expresións, dende o agroturismo ata o ecoturismo, prestando especial atención ás actividades de natureza e aventura. Pois ben, estas últimas medidas que aportamos aquí hoxe son necesarias para non masificar de turistas algúns destinos, porque se os e as turistas teñen máis opcións o turismo redistribúese. Estes puntos que acabo de mencionar agora son os recollidos na nosa emenda. Todo para diversificar ese turismo na nosa terra.

Non podo deixar de comentar unha afirmación que se recolle na proposición non de lei que, a verdade, me chamou a atención e que agora tamén acaba de comentar a voceira do Bloque Nacionalista Galego. Dixo que unha persoa turista que ocupa o lugar dunha persoa residente non exerce de cidadá nese entorno; é dicir, non crea relacións de veciñanza nin tampouco coida ou reivindica a mellora do espazo público, porque non pertence a el. Home, este tipo de afirmacións non sitúa en moi bo lugar o turismo. Eu creo que o turismo é unha cousa positiva; non é unha cousa negativa. Entón, non sei se é a forma de expresalo ou non sei se realmente queren dicir que o turismo é algo negativo, cando creo que todos pensamos que o turismo é algo positivo.

E despois tamén me gustaría saber que postura ten o Bloque Nacionalista Galego. Se ten a postura da proposición non de lei que trae hoxe, que é de outubro do ano pasado, ou se ten a postura da proposición non de lei que rexistrou en decembro do ano pasado onde plantexaba amnistiar todas as vivendas de uso turístico. Entón, non sei cal das dúas opcións é a do Bloque Nacionalista Galego, que se fixeron con dous meses de antelación.

Si estamos de acordo en que hai que debater e reflexionar sobre o tema das vivendas de uso turístico. Temos que abordarlo entre todos e entre todas, sempre coa implicación dos concellos e co diálogo cos concellos. E non se pode deixar fóra as entidades locais deste tema tan sumamente fundamental para o futuro do turismo en Galicia. Penso que todos e todas debemos contribuír a mellorar, por suposto, o turismo en Galicia. Pero, dende logo, o turismo eu creo que é algo bo para Galicia; non é algo malo. E entre todos e entre todas debemos, se hai estas problemáticas nalgúns sitios, abordalas. E abordalas dende o consenso e o diálogo.

Nada máis. Moitas grazas a todos.

(Aplausos.)

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

Grupo Parlamentario Popular, señor Borja Verea.

O señor VEREA FRAIZ: Grazas, presidente.

Estamos ante un debate realmente importante. Importante non só porque afecte a moitas familias de Galicia, senón porque estamos hoxe debatendo, deseñando e entendendo como é o futuro do país e sobre todo como vai ser o futuro das nosas cidades. A pregunta é clave: ¿que posicionamento van ter as vivendas de uso turístico nas cidades galegas do futuro? Un debate moi necesario e que ademais están tendo todas as rexións e todas as cidades do mundo.

Eu o que lle pediría ao BNG neste debate é seriedade, rigor e solvencia, porque estamos a xogarnos moito. E, claro, vostede hoxe aquí nesta PNL, na súa presentación, fundamentalmente explica que hai unha explosión de vivendas de uso turístico que pode afectar o mercado residencial, que vai afectar tamén á orixinalidade dos nosos barrios e que fagamos os correspondentes estudos e busquemos unha regulación intelixente. Bueno, así dito, máis alá dos adxectivos que utilizou, podería estar de acordo todo o mundo. O que pasa é que aquí vostedes, o BNG, están facendo trampa. Eu non quero utilizar a palabra «tramposo», porque queda no *Diario de Sesións*. Utilizarei outro termo en galego internacional que é «batoteiros». Vostede asinou —e non sei se a lembra— a PNL con número de rexistro 45451 que teño eu aquí. Non sei se se lembra de que é o que propuña vostede nesa PNL. Non sei se sabe o resto de compañeiros do BNG que era o que propuña vostede nesa PNL, porque llo vou explicar a toda a Cámara. Vostedes, o BNG, batoteiros, pedían a legalización masiva de case mil vivendas de uso turístico en Santiago de Compostela a poucas semanas das eleccións municipais. ¿Lémbrase da PNL ou non se lembra da PNL? *(Aplausos.)* Esas mil vivendas que vostede asinou que quería legalizar, ¿en que fase están? ¿Na de explosión, na de descontrol ou na de colapso? Seguramente ao mellor nin se lembra do que asinou, porque eu estou convencido —isto é opinión, non información— de que a asinou ao ditado do BNG de Santiago. Porque eu sigo os seus discursos nesta Cámara e cústame moito crer que vostede deseñase e asinase esa PNL. Pero —insisto— isto é opinión, loxicamente; non é información. Podo entender que non se lembre desa PNL, porque curiosamente nunca se debateu nin en comisión nin en pleno.

Polo tanto —como dicía—, máis seriedade e deixen esas trampas. Porque o que ten que facer aquí é aclararlle a todos os galegos cal é o seu posicionamento e cal é o posicionamento dos seus compañeiros do BNG. ¿O posicionamento que explicou hoxe aquí, con moita terminoloxía —regular, limitar, estudar, evitar o descontrol—? ¿Ou é a legalización pola porta de atrás de case mil vivendas na cidade de Santiago de Compostela? ¿Cal é o posicionamento do BNG? Porque, claro, en Santiago estamos acostumados a que o que di publicamente, despois en reunións privadas diga exactamente o contrario. E acaba vostede de deixar claro nesta Cámara con dous rexistros contraditorios cal é o seu posicionamento, porque é antagónico. Non pode defender o que presentou para Santiago co que acaba de explicar hoxe aquí en sesión plenaria.

Creo ademais que o exemplo de Santiago é un bo exemplo, porque posiblemente sexa a cidade onde hoxe estamos tendo dunha maneira máis intensa o debate das vivendas de uso

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

turístico, porque é unha das cidades máis afectadas. Hai dous argumentos que utilizan os que queren e prohiben as vivendas de uso turístico: que afectan á falta de vivenda para residencial e que desnaturaliza o noso casco histórico. Sen embargo, eu e nós, o Partido Popular, insistimos en que as vivendas de uso turístico non son a única causa do problema da vivenda e tampouco son a causa máis importante da falta de vivenda, neste caso concreto no casco histórico de Santiago. Porque podemos dar varios datos, non é cuestión aquí de facer unha análise polo miúdo, pero hai máis de cinco mil vivendas baleiras en Santiago. E doulle outro dato: dende hai máis de vinte anos hai unha caída progresiva e constante dos veciños do casco histórico, non hai unha incidencia nos últimos anos nin unha aceleración desa perda de habitantes como consecuencia da aparición das vivendas de uso turístico. Estará de acordo comigo en que hai máis de vinte anos as vivendas de uso turístico non estaban no escenario político. Si estaban, por certo, nos últimos trinta moitos gobernos do Partido Socialista e do BNG en Compostela que, entre outras moitas cousas, dedicáronse a prohibir e a poñer moi poucas medidas sobre a mesa para revitalizar o casco histórico e para revitalizar o mercado das vivendas.

É sinxelo, ademais, e non vou volver ler —que o tiña previsto, tamén— o parágrafo que explicou a deputada Gallego. Porque, claro, aquí agora estamos na moda de inventar inimigos. É o momento do turista. O turista, ese gran inimigo. Imos crear un relato turismofóbico; o visitante como unha sorte de bárbaro que vén aquí arrasar cunha comunidade idílica. E temos que defendernos desas hordas. ¿Como? Pois imos poñer novos impostos, imos facelos culpables da falta de vivenda e imos poñer, ademais, decálogos de comportamento case escolares, como se fosen —como digo— unhas hordas de bárbaros e de maleducados. Iso é unha auténtica irresponsabilidade por parte dos que temos a sorte de ter un micrófono diante e que ten a súa repercusión no exterior. É unha auténtica irresponsabilidade xerar un relato de odio cara ao turismo, porque vai calando e nós somos responsables das palabras que dicimos tanto nesta Cámara como nos medios de comunicación.

Para nós, as vivendas de uso turístico son unha fonte de riqueza e, polo tanto, son unha oportunidade. Por suposto que teñen ameazas, pero son unha oportunidade. Hai visitantes que unicamente viaxan e buscan vivendas de uso turístico. Polo tanto, teñen que estar no *mix* turístico de Galicia. E, ademais, cando dicía que hai que aproveitar as oportunidades —e volvendo ao caso de cidades con cascos históricos, que en Galicia como sabemos hai varias—, no caso concreto de Santiago temos un casco histórico que cae directamente a trozos; un casco histórico nun estado lamentable con moitísimas vivendas e edificacións por rehabilitar. E podemos tamén vivir na burbulla de dicir que xa se rehabilitará con fondo público. É imposible. É economicamente e materialmente imposible levar a cabo a rehabilitación do casco histórico completa con fondos públicos. Polo tanto, aproveitemos as oportunidades que xeran as vivendas de uso turístico. Iso si, con rigor, con control e con limitación; pero non cunha prohibición absoluta.

Polo tanto, nós presentamos unha emenda co obxectivo de intentar chegar a un acordo unánime. Unha emenda que inclúe a vontade inicial do seu primeiro punto, que é esa necesidade de facer estudos. Nós concretamos exactamente e dicimos que dende a Xunta de Galicia sexa o Observatorio de Vivenda de Galicia o que leve a cabo ese estudo sobre a afectación das vivendas de uso turístico no acceso á vivenda residencial. É importante ter toda a información,

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

por suposto que si, pero pedimos que haxa tamén máis estudos. Supoño que non estará en contra de que participe tamén a Fegamp, a Federación de Municipios e Provincias, e de que participe tamén o Goberno de España loxicamente nesa necesaria regulación, xa non a nivel de país, a nivel de Galicia e a nivel estatal, senón tamén a nivel europeo.

E por non entrar en debates xurídicos densos, claro que é unha declaración responsable o que propón a Axencia de Turismo, pero é que unha declaración responsable pola súa propia definición exclúe a aportación de documentación anexa; é unha declaración responsable do propio interesado. Polo tanto, o que nós propoñemos aquí é que —ademais hai tamén unha importante discusión xurídica entre os diferentes concellos— definamos que é ese título habilitante e poñamos as medidas tamén para levar a cabo ese control.

Creo que é unha emenda razoable que incorpora e complementa o que propón o BNG e espero que cheguemos a ese acordo.

Nada máis.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Verea.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidente.

O señor Verea vén aquí continuar coa súa oposición destrutiva ao novo goberno de Compostela, na que emprega sen reparo a mentira co único obxectivo de facer ruído. *(Aplausos.)* Eu creo que é pertinente que aquí expliquemos cal é o seu *modus operandi* nesta materia. Mire, vostede deu unha rolda de prensa para explicar a reunión entre a alcaldesa e a Plataforma de Vivendas de Uso Turístico. Deu unha rolda de prensa para explicar unha reunión na que vostede non estaba. E vostede asegurou nesa rolda de prensa que a alcaldesa lle acababa de prometer á asociación a legalización masiva das vivendas de uso turístico e vostede volveuno repetir agora nesta Cámara. E vostede mente de novo. ¡É mentira! *(Aplausos.)* Ata tivo que emitir un comunicado a propia asociación dicindo que vostede mente. Voulle ler textualmente o que dixo a asociación: «O que di Verea non é certo e compromete a plataforma. Dende o Goberno local non se comprometeron a legalizar esas mil VUT das que fala o Partido Popular». Señor Verea, que ademais de mentir vostede fixo o ridículo. *(Aplausos.)* ¡Menudo bochorno que teña que vir a asociación retratalo publicamente como un marrulleiro!

E ¿que nos propón vostede na súa emenda? Solicitar aos concellos que definan que é un título habilitante. Non sei se é que vostede non se entera, señor Verea, de que é un título habilitante ou se simplemente con isto quere facer ruído. O título habilitante é a comunicación previa da actividade de licenza presentada no Concello. ¿Que quere que lle definan exactamente? É que non hai nada que definir. O que non ten sentido é a situación actual na que non se exixe ese título habilitante. Mire, artigo 41.5 do actual decreto da Xunta: «O destino como vivenda de uso turístico non é posible se está prohibido pola ordenación de usos do sector onde se

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

atope». ¿E como comproba a Xunta de Galicia neste momento que non hai unha prohibición de usos? Pedindo o título habilitante é o que debería facer; o que fai é non pedir absolutamente nada, de forma que está legalizando vivendas que non cumpren coas normativas de uso municipais. *(Aplausos.)*

¿Que máis nos propón na súa emenda o Partido Popular? Pois o resto da súa emenda é botar balóns fóra. Elimina todas as medidas que pode pór en marcha a Xunta e pídenos: que sexa a Fegamp quen faga estudos, que o Goberno central veña analizar a situación da vivenda de uso turístico aquí en Galicia, cando a Xunta ten competencias en turismo, en vivenda e en ordenación do territorio. Tamén dan unha patada tan forte ao balón que ata piden a Europa que faga unha lexislación única nesta materia.

Para eximir a Xunta de todo o que pode facer inventan ata unha suposta inseguridade xurídica. Pero ¿de que inseguridade xurídica falan? Tribunal de Xustiza Europeo, sentenza de 2019 a raíz da limitación das VUT nun concello holandés: xustifícase a limitación aplicada ás VUT en favor dun interese xeral. Podemos ir a moitas outras sentenzas a partir do ano 2020 do Tribunal Superior de Xustiza Europeo, que confirma en varias sentenzas e avala a limitación imposta ás vivendas de uso turístico en París co fin de loitar contra a escaseza de alugueiros residenciais. ¿De que inseguridade xurídica falan? O Tribunal Supremo pronúnciase de forma clara alertando de que as VUT están xerando perigo de subtraer vivendas do parque residencial planificado. Voulle ler literalmente o que di o Tribunal Supremo: «O planificador está lexitimado e mesmo obrigado a promover a ordenación urbanística necesaria que concilie a satisfacción do dereito á vivenda co destino de determinadas vivendas ao aloxamento turístico, sen que resulte razoable a alternativa de deixar en mans do mercado a decisión ao libre albedrío dos propietarios das vivendas, posto que iso pon en perigo o dereito á vivenda dos cidadáns, xa sexa por insuficiencia do parque residencial como polo encarecemento dos arrendamentos». E ¿que máis nos din os tribunais? O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia resolveu que as VUT son unha actividade económica e como tal ten que ser tratada e, con base nisto, o órgano ratifica que esa actividade non se pode exercer sen o título habilitante. E sei que vostede non ten nin idea do que é. Pero non hai aquí ningún problema de inseguridade xurídica. As sentenzas din que hai un problema xeral que hai que regular e o único que fai falla é vontade política.

A mellor demostración da nula vontade é a emenda que presenta, que manda balóns fóra mentres quen ten a responsabilidade normativa sobre as VUT esta lavando as mans e permitindo o descontrol. A súa emenda é tan pouco construtiva, señor Verea, como as súas roldas de prensa. *(Aplausos.)* Eu non entendo por que vostede di que lle parecen moi ben as reflexións e as iniciativas e tampouco entrou a valorar por que van votar en contra.

En canto á emenda do Partido Socialista, non entendemos por que propoñen substituír todas as medidas concretas para a regulación das VUT por unhas consideracións xerais e vagas sobre o turismo A súa intervención foi así, unha consideración xeral sobre o turismo. Non entendemos este cambio de postura, porque hai apenas uns meses vostedes votaron a favor desta mesma iniciativa. Non entendemos que pasou. E tamén pouco ou nada escoitamos por parte dos portavoces sobre como afecta isto ao acceso á vivenda, un tema fundamental.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Do que si que falaron é do modelo turístico. Eu tamén quero facer unha reflexión sobre o modelo turístico. O turismo de masas neste momento ten un grande paradoxo nos modelos urbanos. Dunha banda, cada vez téndese máis a unha homoxeneización, a unha simplificación dos espazos urbanos das nosas paisaxes, ao cal as VUT contribúen cando se expulsa a poboación residente desas zonas. E doutra man, ese turismo de masas require, para poder posicionarse globalmente, dunha capacidade de diferenciación cultural, de diferenciación social. E este é o contexto no que nos temos que mover. O turismo non pode afogar os lugares, porque se non o propio turismo acaba morto. O turismo non é inocuo. E iso é o que dicimos nesta iniciativa, que hai que ser consciente disto, de que se superpón sobre a realidade existente e que pode superpoñerse de dúas formas moi diferentes. Unha que é esgotar e empobrecer os sistemas sociais que alí existen. Ou ben hai outra fórmula, que é entender que pode axudar a enriquecer o tecido produtivo, a paisaxe e incluso para reforzar o orgullo propio. Que sexa dunha ou doutra forma vai depender da xestión que fagamos.

Por tanto, non hai un a priori bo ou malo co turismo; aquí hai un como o facemos. E hoxe propomos iso: xestionar, ordenar e planificar. É dicir, facernos cargo dunha vez por todas dunha realidade conflitiva que está aí e que necesita respostas dunha vez por todas.

Nada máis.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Eduardo Ojea Arias e Dª Patricia Otero Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de construción de vivendas públicas

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Alexandra Fernández Gómez e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débese engadir ao texto da parte resolutiva o que segue a continuación:

«Ademais, o Parlamento insta o Goberno galego a:

• Deseñar unha estratexia máis ampla e ambiciosa para o incremento do parque de vivenda pública que permita acadar, no futuro inmediato, o 5% do parque de vivenda pública, aumentando para iso as modalidades de actuación e o investimento nesta materia.

• Empregar a vivenda pública como plataforma de innovación tipolóxica e construtiva.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

• Analizar os informes do Observatorio da Vivenda de Galiza sobre a evolución da vivenda pública.

• Avanzar na concreción, de obxectivos e orzamento para este ano 2023, da estratexia de vivenda pública anunciada.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Ojea.

O señor OJEA ARIAS: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señorías.

O acceso a unha vivenda digna e accesible en Galicia non ten fácil solución para o Goberno actual. Necesítanse unhas normas que sexan capaces de responder ás necesidades das persoas e dos fogares con máis dificultades de acceso. Por enriba de todo os xoves, para que realicen os seus proxectos vitais accedendo a unha vivenda a prezos accesibles e mellorando a súa capacidade de emancipación. De aí a necesidade da Lei da vivenda aprobada recentemente.

O Goberno central está comprometido coa promoción da vivenda, porque considera que dispor dunha vivenda, dun fogar, é unha das principais fontes de dignidade e de benestar para as persoas, especialmente para aquelas que non poden facer fronte ao pagamento dun alugueiro ou unha hipoteca e, sobre todo, para atender as necesidades dos máis vulnerables e tamén dos xoves. Esta lei estatal exerce accións sobre os prezos, limitándoos nas áreas onde a carga media do custo do alugueiro ou da hipoteca e mais as subministracións básicas supere o trinta por cento de renda media dos fogares ou nas que o prezo tanto de compra como de alugueiro aumentase polo menos dous puntos enriba do IPC nos tres anos anteriores á declaración de área tensionada. O límite de prezos dos grandes tedores vai asociado a un inicio de contención e a actualización anual dos contratos vai no dous por cento en 2023 e tres por cento en 2024. Posteriormente, haberá un novo índice inferior ao IPC que tope os aumentos da renda.

Ante este contexto de aprobación da lei de vivenda, o actual Goberno galego propón medidas como un plan para avalar hipotecas á mocidade que decide mercar vivenda e, xa para un futuro próximo, incrementar o parque público residencial de Galicia nun cincuenta por cento para acabar as cinco mil seiscentas vivendas no ano 2026. É dicir, incorporar máis de mil oitocentos inmobles. Este compromiso propagandístico xa será na próxima lexislatura que está por chegar. A realidade é que o orzamento para a construción de vivendas de promoción pública segue en niveis moi baixos, con apenas oito millóns para 2023, dous máis que en 2022. No ano 2009 esta partida contaba con cincuenta e dous millóns de euros.

As familias con menos ingresos cada vez teñen máis dificultades para acceder a unha vivenda. Os prezos disparáronse. Segundo os datos do Observatorio de Vivenda de Galicia, dende o 2015 o prezo dos alugueiros aumentou un 29,7 por cento, superando o trinta e cinco por cento no conxunto das sete cidades galegas. No que vai de 2023 subiron un seis por cento. Un indicador da perda de poder adquisitivo das familias españolas é o resultado de cruzar a evolución dos salarios e do prezo dos alugueiros. Os alugueiros creceron dezasete

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

veces máis que os salarios nos últimos dez anos, ata situarse hoxe no nivel máis alto da historia, copando xa o corenta e tres por cento do esforzo salarial dos que viven de alugueiro. O prezo dos alugueiros en toda España aumentou o cincuenta e un por cento e os salarios aumentaron soamente un 3,4 por cento.

Se consideramos a posibilidade de mercar unha vivenda no ano 2021 a porcentaxe do salario medio destinado a cota anual de préstamo hipotecario foi, de media, un 23,2 por cento. Hoxe en día é necesario máis que nunca un parque de vivenda pública, xa que o mercado libre ten prezos desorbitados. Non se debe esquecer que o modelo de libre mercado inmobiliario ten como obxectivos mellorar a rendibilidade dos investimentos inmobiliarios. No ano 2008 o atraso do pagamento do gasto da vivenda era do 3,4 por cento e hoxe é do nove por cento.

En Galicia máis de duascentas cincuenta e tres mil persoas presentan carencias materiais severas, o que implica un empeoramento do acceso a unha vivenda digna accesible e axeitada na poboación máis vulnerable. No rexistro de demandantes de vivenda hai máis de quince mil demandantes e o oitenta e tres por cento deles solicitan unha vivenda de promoción pública. O número de demandantes de vivenda de alugueiro no rexistro da Xunta triplica os inmobles ofertados.

A política pública de vivenda en Galicia está debilitada, aínda máis en vivendas de promoción pública construídas directamente polos gobernos. Este discreto balance de vivenda protexida é aínda menor se nos referimos á vivenda para o alugueiro. Se facemos unha comparativa das vivendas protexidas por ano observamos que no ano 2009 había 1.778 vivendas rematadas. O número foi descendendo ata chegar a 2014, cando xa eran 439. En 2015 eran dúas; en 2016, cento trinta e nove; 2017, doce; 2018, oito; 2019, catro; 2020, trescentas trece; 2021, cento cincuenta e unha; e no ano 2022 foron cento tres as vivendas protexidas rematadas. Valores realmente baixos en comparación cos datos de construción anteriores a estas datas.

Peores datos son os relativos á vivenda pública en alugueiro. Aquí ata en seis anos non se rexistrou ningunha nova construción. Algo máis de trinta e nove millóns de fondos Next Generation xunto cos sesenta e nove millóns de euros da Xunta, resultado de dous convenios para a actuación de protección pública en edificios enerxeticamente eficientes para alugueiro social ou accesible permitiron engadir aos catrocentos noventa e nove pisos do ano anterior douscentos oitenta e seis deste convenio actual, o que sumará setecentos oitenta e cinco pisos a unha oferta de vivenda pública en alugueiro. Isto indica que en dous anos os fondos europeos impulsarán en Galicia máis vivendas protexidas en alugueiro que as sumadas nunha década de Goberno do Partido Popular de Alberto Núñez Feijóo. Entre 2011 e 2021, Galicia só gañou 637 vivendas protexidas para alugueiro (en 2011, foron 576; en 2012, 135; e en 2013, ningunha). Entre 2014 e 2017, ningunha. En 2022 rematáronse en Galicia algo máis de dúas mil seiscentas novas vivendas no mercado libre. E apenas un cento protexidas, o que vén significar un 3,5 por cento de relación.

Sabido é da necesidade deste tipo de vivenda para alugueiro, nun momento en que a compra dunha vivenda propia estase a converter en privativa para a maioría dos galegos e das galegas, tanto polo incremento do valor das hipotecas como pola mobilidade laboral e pola dificultade de adaptación dos soldos á realidade diaria, motivado fundamentalmente entre

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

outras cousas pola inflación xerada pola guerra de Ucraína. A construción de vivenda protexida e a súa adxudicación aos colectivos máis vulnerables debería ser unha prioridade nestes momentos, así como facer unha boa política de alugueiro.

A Xunta ten no Pacto de Vivenda de Galicia 2021-2025 o referente para solucionar os problemas que hai coa vivenda de Galicia. Presenta varias liñas estratéxicas. Unha delas leva o nome de «Acceso á vivenda», con programas como promoción pública de vivendas, acceso a vivenda en propiedade, promoción pública protexida e axudas á adquisición e alugueiro de vivenda. Ademais, no Plan de acceso á vivenda 2022-2025, cofinanciado entre o Goberno de España e a Xunta de Galicia, hai outros programas tamén, como a axuda ao alugueiro de vivenda, incremento do parque público de vivenda e da posta á disposición da Xunta e dos posuidores de vivenda libre para o alugueiro, como vivenda alcanzable ou social.

O Goberno central destinará 110 millóns de euros á rehabilitación e ao alugueiro social en Galicia, a cargo do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea a través do programa Next Generation. Esta partida representa o 5,8 por cento dos 1.885 millóns de euros que o Ministerio de Transportes repartirá entre as comunidades autónomas. O fondo europeo repártese en 81,1 millóns de euros para o Programa de rehabilitación en contornos residenciais e en 29,2 millóns de euros para a construción de vivendas en alugueiro social en edificios enerxeticamente eficientes para incrementar o parque de vivendas en alugueiro social en edificios enerxeticamente sostibles. O prazo de execución vence a finais de 2026, ano a partir do cal haberá que retornar as axudas non xustificadas ou xustificar que están en desenrolo e nun proxecto que se poida monitorizar para verificar a súa correcta execución.

España conta cun parque de 2.900 vivendas públicas que dan cobertura tan só ao 2,5 por cento de todas as vivendas construídas, o que fai que sexa un dos países na cola en vivenda protexida, moi lonxe do 30 por cento dos Países Baixos ou do 21 por cento de Dinarmarca, e cunha media europea do 9,5 por cento; polo tanto, débese mellorar paulatinamente a porcentaxe ata acercarse á media europea. De aí que pidamos ao Goberno galego que leve a cabo todos os programas de construción de vivendas públicas, modificando, se é necesario, as estratexias que se seguen, co fin de acadar os resultados programados nun momento en que hai un complemento orzamentario importante recibido pola Xunta das distintas administracións para este ano 2023, tanto propias como estatais ou europeas, sen perder de vista o ano 2026.

Pola miña parte, nada máis.

Moitas grazas.

(*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra dona Alexandra Fernández Gómez.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas.

Xa temos falado moitas veces de que a política do Partido Popular en materia de vivenda se caracteriza fundamentalmente por unha parálise absoluta da iniciativa pública. Cando o Partido Popular chegou á Xunta nesta última vaga paralizou, botou o freo de man sobre todo á vivenda protexida, despois dunha década negra en que practicamente non se construíu vivenda protexida; nos últimos tres anos está comezando a impulsar algunha, pero é absolutamente anecdótica. Tampouco a política de creación de vivenda pública mediante a rehabilitación co plan Rexurbe deu froitos: adquiríronse uns oitenta e un inmobles dende o ano 2017, pero a Xunta de Galiza esqueceuse de algo moi importante, xa que, ademais de adquirir os inmobles, despois hai que rehabilitalos e adxudicalos, e o que está facendo a Xunta de Galiza nesta materia é adquirir inmobles e despois poñer unhas lonas publicitarias por riba desas ruínas, pero esquécense —como digo— de que despois hai que rehabilitalos e adxudicalos. Segundo as nosas estimacións, deses oitenta e un inmobles realmente rehabilitados pode haber aproximadamente unha ducia de inmobles en sete anos; por tanto, foi un auténtico fracaso.

Esta parálise da iniciativa pública de vivenda ten graves consecuencias para quen se ve nun momento de dificultade económica, porque non atopa garantías públicas para poder garantir un teito; non hai unha rede pública, hai un deserto absolutamente desolador nesta materia. Ademais, as cifras totais de vivenda protexida falan por si soas: se no ano 2006, no Bipartito, iniciábanse unhas catro mil duascentas vivendas protexidas, co Partido Popular apenas se iniciaron mil cen vivendas protexidas dende o ano 2013 ata agora; é dicir, nunha década, o Goberno do Partido Popular fixo unha cuarta parte de vivendas protexidas das que facía o Goberno bipartito nun só ano.

Se hai algo no cal foron especialmente radicais na paralización é no que ten que ver coa vivenda pública: hai apenas vinte e dúas novas vivendas de promoción pública nos últimos sete anos; apenas o 2 por cento do total da vivenda protexida foi de promoción pública a pesar de que é a máis solicitada: o 82 por cento das persoas inscritas no Rexistro piden de promoción pública, e a Xunta só constrúe un 2 por cento en vivenda pública. Iso supuxo que trece mil quiñentos solicitantes de vivenda pública optasen a repartirse oito novas vivendas en 2022; cero en 2021; once en 2020; cero en 2019, en 2018, en 2015... É dicir, as probabilidades reais de lograr unha vivenda pública son ínfimas, e a xestión do Partido Popular déixanos á cola en parque público de vivenda. Hai outros Estados, como Países Baixos, onde hai un 29 por cento do parque construído, que é público; Inglaterra, cun 17 por cento; Francia, cun 16 por cento. Na cola de países europeos está Portugal, cun 2 por cento de vivenda pública, e, despois diso, está o Estado español, cun 1 por cento, e, despois, está Galiza, cun 0,3 por cento de parque de vivenda pública sobre o total.

A conta de resultados de catorce anos do Goberno do Partido Popular —como digo— é nefasta, pero, ¡claro!, agora estamos ás portas dunhas eleccións, e chegan de novo os anuncios, a propaganda. Despois deste deserto, este ano a Xunta anunciou o impulso de mil oitocentas vivendas públicas para o ano 2026. É curioso que sexa unha promesa para as seguintes lexislaturas, sen orzamento, sen compromisos concretos, sen plan; é dicir, sen credibilidade.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Esta iniciativa do PSdeG, coa que nós estamos en sintonía, exixe á Xunta executar a construción de vivenda pública, pero asume como marco temporal que a construción desa vivenda pública sexa no ano 2026, atendendo os prazos dos fondos europeos; 2026 é o mesmo prazo que marca o Goberno galego para a seguinte lexislatura. Nós somos conscientes de que o Partido Popular, cando escolle esta data, o que está facendo é unha estratexia de dilación de prazos, por iso, na nosa emenda, o que pedimos é que a Xunta de Galiza concrete, por anualidades, que é o que vai ir facendo de aquí ao ano 2026, que diga canto vai executar este ano, canto vai facer o seguinte, porque sabemos que as promesas do Partido Popular, de aquí a 2026, as vai levar o vento. Sobre todo, sabemos isto porque coñecemos cal é o historial do Partido Popular nesta materia; ¿que credibilidade teñen esas mil oitocentas vivendas prometidas, cando, en oito anos, se fixeron vinte e dúas? E a confirmación de que vostedes non confían nin sequera nesas promesas é que, hai apenas unhas semanas, votaban en contra dunha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego que, precisamente, pedía isto, que se especificasen os obxectivos para este ano en materia de vivenda pública. E isto é o que lles permite atrasar a data de obtención de resultados a 2026, e que lles serve de propaganda electoral ante unhas eleccións, xa que, se gañan, esas promesas van volver directamente ao caixón de promesas incumpridas, e, se perden, pois tampouco ninguén lles vai pedir contas por non ter feito nada antes. Tamén nos preguntamos que credibilidade poden ter esas promesas cando aprobaron un Plan de vivenda 2021-2025 —hai apenas uns anos—, e tardaron dous anos en decidir que querían facer vivenda pública. ¿Que fixeron nestes dous anos? Pois nestes dous anos fixeron oito vivendas públicas, o ano pasado, e no ano 2021, ningunha; entón, ¿que credibilidade ten ese anuncio de mil oitocentas vivendas públicas para 2026?

A política de vivenda pública do Partido Popular é ciencia ficción. E outro exemplo, tamén bochornoso, foi cando vostedes tiveron que render as contas do ano pasado, porque a vostedes lles gusta moito facer promesas baleiras de cara ao futuro, pero, cando teñen que render contas, xa non lles gusta tanto. Inventáronse un documento de rendición de contas manipulado e falseado, que dicía que cumpriran cos obxectivos das novecentas vivendas públicas construídas, cando, en realidade, o que se dedicaban a contabilizar eran cambios de inquilino de vivendas públicas que levaban décadas construídas. E é ficción tamén a política pública de vivenda en cada orzamento. En 2021 tiñan unha partida para a construción de vivenda de promoción pública de sete millóns de euros, pero executaron catro; en 2022, orzaron seis millóns, e executaron tres millóns de euros para a construción de vivenda pública en todo o país. ¿Canta vivenda se pode construír con 3 millóns de euros en todo un país?; ¿alguén pode crer que con este ritmo de investimento da Xunta de Galiza vaian acadar, en tres anos, mil oitocentas vivendas de promoción pública? É absolutamente irreal.

Nós acreditamos na vivenda pública como un instrumento para garantir a accesibilidade das persoas nunha situación de maior precariedade económica ou nunha situación de vulnerabilidade social. E para que isto sexa así, tamén temos que lograr situar a vivenda pública en cifras que nos homologuen ao contexto europeo. Por iso, no futuro inmediato, cremos que é alcanzable acadar o 5 por cento do parque público de vivenda no noso país para, logo, continuar aumentando esa porcentaxe; un parque público, que ten que medrar fundamentalmente a través da adquisición de inmobles baleiros, non só en contornos rurais ou con valor histórico, senón tamén na adquisición e na reutilización de vivendas baleiras nas zonas urbanas de máis recente construción. Aquí gustaríame trasladar unha reflexión ao portavoz socialista,

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e é que na iniciativa falan só de construción de nova vivenda pública, cando os novos datos de vivenda baleira que se publicaron hai apenas uns meses, certifican que temos un exceso de stock inmobiliario. O problema é que está mal ordenado, e é momento de asumir que a prioridade é intervir sobre o xa construído, evitando así a extensión e o consumo de novo solo, promovendo a distribución da vivenda pública nas distintas tramas urbanas xa consolidadas, evitando a segregación e impulsando a renovación e a mellora de tecidos existentes, e tamén da mellora da eficiencia enerxética do parque xa construído. E é o momento tamén de apostar por un modelo de vivenda pública que sexa innovador. Iso supón que a Administración pública faga da construción de vivenda pública un motor de innovación en canto á eficiencia enerxética, ao uso de materiais locais e de solucións construtivas innovadoras, e tamén de explorar novas tipoloxías para a Galiza de 2040, porque as necesidades da Galiza de 2040 non serán as mesmas que na etapa do desarrollismo, promovendo que a vivenda pública acompañe os cambios sociolóxicos, como aumentar a accesibilidade nun momento de envellecemento da poboación, abordar as novas necesidades de emancipación ou reformular a vivenda colectiva, atendendo ás novas formas de relación entre o traballo e a residencia. Nós entendemos que a vivenda pública tamén ten que ser dignificada e de calidade.

Por último, incorporamos tamén na nosa emenda a urxencia de que o Observatorio da Vivenda de Galiza teña datos propios ou a análise sobre a evolución do parque público de vivenda. Consideramos que as nosas emendas procuran unha concreción por parte do Goberno galego, establecen obxectivos estratéxicos en materia de vivenda pública e amplían tamén o horizonte sobre o modelo de vivenda pública que queremos para este país; en definitiva, melloran o texto proposto, polo cal agardamos que sexan aceptadas.

Nada máis.

(*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Continuamos agora co Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Ten a palabra dona María Begoña Freire Vázquez.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas presidenta.

Boas tardes a todos e a todas.

Señorías.

(A señora Freire Vázquez le o inicio da exposición de motivos da iniciativa do señor Ojea Arias.)

«Son imprescindibles normas que sexan capaces de responder ás necesidades das persoas». Así reza o inicio da exposición de motivos da súa iniciativa, señor Ojea. Estou, con isto, plenamente de acordo, pero, dende logo, non pode vostede poñer o Goberno de Pedro Sánchez como exemplo de responder ás necesidades das persoas.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A Lei estatal de vivenda —lei antivivenda, diría eu— está moi lonxe de responder ás necesidades das persoas; a lei do só si é si, con xa mil douscentos cinco agresores sexuais beneficiados e cento vinte e un excarcerados —é que hai que dicilo porque é a realidade—, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) cento vinte e un excarcerados, non responde ás necesidades das persoas; eliminar o delito de sedición e rebaixar o de malversación —déixeme falar—...; eliminar o delito de sedición... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: ¡Silencio!; un momento, por favor, por favor.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: ...e rebaixar o de malversación... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Un momento, por favor.

A señora PREIRE VÁZQUEZ: *(A señora Freire Vázquez vírase cara á señora presidenta.)* Señora presidenta, se me deixan falar, porque...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ata agora neste debate estábanse respectando totalmente os tempos —ninguén interrompeu—, e prego que por favor continúe así a sesión. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Se segue así, vou parar o tempo, e así estaremos ata que remate. Con respecto, igual que se tivo nas anteriores intervencións.

Nada máis.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Dicía que eliminar o delito de sedición e rebaixar o de malversación non responde ás necesidades das persoas, e a Lei de amnistía que pretenden aprobar —se chegan a gobernar, a pesar de perder as eleccións— non responde ás necesidades das persoas. Non sei quen falaba aquí, do Partido Socialista, de privilexios.

Señor Ojea, podería poñer máis exemplos, pero o que é incuestionable é que o Goberno de Pedro Sánchez non se caracterizou por lexislar para responder ás necesidades das persoas; caracterizouse por buscar o seu único e propio interese particular, isto é, para manterse no sillón da Moncloa a todo custo e a cambio de concesións aos partidos populistas e independentistas. *(Murmurios.)* Isto é a máxima expresión, señores do Partido Socialista de Galicia, da claudicación do Partido Socialista fronte ao populismo e ao independentismo. E o BNG é tamén culpable de apoiar incondicionalmente ese Goberno sanchista, de apoiar esas nefastas leis, como a lei do só si e si... (*Murmurios.*) —a ver, déixenme falar; é que é moi incómodo, de verdade, estar aquí, nesta tribuna (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e que estean continuamente falando porque entón tardamos máis tempo. Deben escoitar por respecto, pero algúns non están moi acostumados a escoitar—. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Dicía —e repito— que o BNG tamén é culpable de apoiar incondicionalmente ese Goberno sanchista, de apoiar esas nefastas leis, como a lei do só si é si, como a lei antivivenda, e tamén será culpable, se se consuma, de apoiar a fraude electoral de Sánchez. *(Murmurios.)* ¡Vostedes verán!, señoras e señores do Bloque Nacionalista Galego —!ai!, de verdade—, do Bloque Nacionalista Galego... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡É que é imposible!; non sei que lles pasa hoxe á tarde, de verdade. *(Balbordo.)*

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Imos centrar. Creo que o debate desta iniciativa se levou co respecto de todos os compañeiros. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Os que fixeron uso da súa palabra escoitáronse.

Señor Mini, vostede nin sequera está no debate.

O señor RIVAS CRUZ: Si que estou.

(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Entón, o primeiro que ten que facer é escoitar.

O señor RIVAS CRUZ: Estou escoitando.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Entón, prégolles, por favor, que rematen o debate desta sesión como se iniciou: con respecto ao que ten o uso da palabra, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* como se fixo cos anteriores que tiveron o uso da palabra.

(Unha señora deputada pronuncia palabras que non se perciben.)

¡Bueno, bueno!, ¡xa é o que nos faltaba agora!

(A señora Freire Vázquez pronuncia palabras que non se perciben.) (Balbordo.)

Imos ver, imos ver... *(Balbordo.)*

Non me gustaría ter que chamar ninguén á orde porque este debate desta iniciativa —creo, insisto— empezou con total respecto para todas as persoas que tiveron uso da súa palabra; así que prégolles que a deixen rematar.

Non escoitei nada que teña que ser chamada de atención, e prégolles que deixen rematar a súa intervención. Tamén aos membros da Mesa, por suposto. *(Risos.)*

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Bueno, a ver se somos capaces.

Dicía que vostedes verán, señores e señoras do Bloque Nacionalista Galego... *(A señora Freire Vázquez vírase cara á señora presidenta.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¿Está con voz, non?

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Dicía que vostedes verán, señoras e señores do Bloque Nacionalista Galego, pero apoiando a Sánchez non se apoia Galicia. Prefiren arrastrarse —¡si, si; arrastrarse!— ante o sanchismo que defender Galicia. Vostedes verán, señoras e señores do BNG, pero saben que os galegos e as galegas non esquecen tan rápido; por iso están onde están dende o 2009. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E indo ao resto da proposición que presenta o Partido Socialista de Galicia, temos que dicir que está chea de inexactitudes, de mesturas, de asuntos inconexos; é un *totum revolutum*, pero é que, ademais, contén falsidades, algo ao que tamén estamos acostumados. ¿Como pode dicir, señor Ojea, no texto da súa proposición, que o Goberno central mercou noventa e oito vivendas para incrementar ese parque público, isto é, corenta e tres á Sareb e cincuenta e cinco a entidades bancarias?; ¿como pode dicir esa falsidade? O Goberno de España —se non o sabe, dígollo eu— nin dispón dun parque público de vivendas en Galicia, nin mercou vivenda da Sareb, nin de entidades financeiras para incrementar ese parque público inexistente. Quen si dispón dun parque público de vivendas en Galicia é a Xunta de Galicia: máis de tres mil oitocentas vivendas construídas ou rehabilitadas con fondos propios, adxudicadas en réxime de alugueiro social con prezos reducidos nun cincuenta por cento; vivendas que á Xunta lle custan cada ano ao redor de tres millóns de euros entre o investimento necesario para o seu mantemento e a diminución de ingresos como consecuencia da bonificación dos prezos do alugueiro. E foi a Xunta de Galicia —non o Estado—, foi o Goberno galego —non o Goberno central—, que mercou vivendas que eran propiedade da Sareb e da banca. Concretamente, o IGVS destinou máis de 7,3 millóns de euros para a compra de cincuenta e cinco vivendas, propiedade da banca, e de corenta vivendas, propiedade da Sareb; esas vivendas xa forman parte do parque de vivenda pública, propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo. E cómpre dicir que a adquisición das corenta vivendas da Sareb realizouse despois dun proceso de negociación longo e complicado, no cal, por momentos, deu a sensación de que a sociedade non tiña interese ningún en que a Xunta de Galicia adquirise as vivendas.

Na proposición citan corenta e tres vivendas da Sareb, mesturando cifras. Aclárolle que o IGVS mercou corenta vivendas da Sareb e posteriormente pediu á sociedade, participada maioritariamente polo Goberno central —como sabe—, que puxese máis vivendas á disposición para a súa adquisición por parte da Xunta de Galicia. Entón, foi cando a Sareb ofreceu corenta e tres vivendas que non reunían as condicións necesarias para a súa adquisición; disto xa temos falado neste Parlamento. A Xunta volveu solicitar á Sareb información sobre as vivendas dispoñibles para adquirir en Galicia, atopándose con que, con cada comunicación, os datos cambiaban, polo cal, de momento, non foi posible adquirir máis vivendas. Con todo, a Xunta de Galicia continúa aberta a facelo, sempre que se cumpran as condicións necesarias para que as vivendas se poidan adxudicar de modo inmediato, e que se atopen en lugares onde exista demanda real para elas, e non en concellos sen demanda nos cales se emprazan as vivendas que habitualmente ofrece a sociedade.

Lonxe —¿verdade?— quedan aqueles anuncios propagandísticos de Sánchez, da posta á disposición de vivendas da Sareb; o primeiro anuncio —¿recordan?— foi de dez mil vivendas, en febreiro do ano 2021, e xa perdemos a conta de ata onde chegou. En Galicia, Sánchez anunciara mil duascentas oitenta e cinco vivendas; o secretario xeral dos socialistas de Galicia, o señor Formoso, quixo ser máis que Sánchez, e subiu a aposta a mil oitocentas cincuenta; e a señora Pontón non quixo quedar atrás, e aumentou a poxa a tres mil vivendas. Ao final, demostrouse que eran falsas apostas, falsas promesas; era todo mentira, como tantas outras. O Partido Socialista non tivo o máis mínimo pudor en utilizar a vivenda como reclamo electoral, xogando coa xente e coas necesidades das persoas. Iso é indecente señor Ojea; iso é máis que indecente.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo que respecta á construción de vivenda de promoción pública por parte do Instituto Galego da Vivenda e Solo, os obxectivos para o período 2021-2025 están plasmados na Liña estratéxica para o desenvolvemento de vivenda de promoción pública e impulso da vivenda protexida, en execución do Pacto social pola vivenda; liña estratéxica que é publica, señora Fernández. Nesta estratexia prevese a construción de novecentas cincuenta e nove novas vivendas de promoción pública para alugueiro no período 2021-2025, cun investimento de máis de cento dezaseis millóns de euros, na súa meirande parte procedentes de fondos propios da Xunta de Galicia e cofinanciados con fondos da Unión Europea. O Goberno de España non achega nin un só céntimo para a construción desas vivendas públicas —repito, señor Ojea —, nin un só céntimo para esas vivendas públicas. Pola contra, a Xunta financia a meirande parte do orzamento das mesmas; isto supón que na xestión dos fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, os únicos organismos que achegan fondos propios son a Unión Europea e a Xunta de Galicia. Mentres, o Goberno de España limítase a transferir á Comunidade Autónoma os fondos que recibe de Bruxelas, sen poñer un só euro de fondos propios. Hai que dicir que para garantir o emprego dos fondos europeos na construción das citadas vivendas xa se asinaron tres acordos entre a Xunta de Galicia e o Estado, segundo os cales aplicaranse fondos da UE á construción de setecentas oitenta e catro vivendas. A Xunta de Galicia porá máis de setenta e cinco millóns de euros de fondos propios e a Unión Europea achegará máis de trinta e oito millóns de euros; o Goberno de España non pon nin un só euro —repito—, o Goberno de España, nin un euro: cero.

As vivendas previstas nos concellos da Coruña, Vigo, Pontevedra, Lugo, Ferrol, Mos, Ourense e Santiago están xa en distintas fases. As primeiras están xa en construción; outras teñen as obras de construción xa licitadas; e outras licitaranse no mes de outubro. Noutros casos os proxectos de construción atópanse en proceso de redacción ou licitados en trámites para a súa adxudicación. O obxectivo é que todas as vivendas estean construídas antes do remate do ano 2026; polo tanto, estanse cumprindo todas as previsións sobre a construción de vivendas de promoción pública, cofinanciadas con fondos europeos. Teño que dicir aquí que a realidade é que cando os fondos son xestionados e executados polo Goberno galego, nos cales o Goberno central fai de mero intermediario, chegan á xente, á cidadanía e ás empresas, pero cando son xestionados polo Goberno de Sánchez, a triste realidade é que non chegan, e a triste realidade é que nin Bruxelas é capaz de seguir a pista.

Dicía que esas vivendas públicas son construídas con fondos propios da Xunta de Galicia e con fondos europeos sen que o Goberno do Estado poña nin un só euro.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

(A señora Freire Vázquez vírase cara á señora presidenta.)

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Ten que darme algo máis de tempo porque, con todas as interrupcións que tiven... *(Risos.) (Murmurios.)* Non, un segundo, estou finalizando.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Parei o tempo en dúas ocasións, señora Freire; así que ten que ir rematando.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Dicía que non é preciso que o Parlamento de Galicia inste a Xunta para realizar o que xa está facendo, pero chama a atención tamén, sorprendentemente, que na proposición se refira nomeadamente ao Programa de construción de vivendas en alugueiro social en edificios enerxeticamente eficientes. Este programa concreto, ao cal se refire a proposición, foi convocado por medio da resolución do 30 de decembro do ano 2022, pola que se regula a xestión en Galicia do Programa de axuda á construción de vivendas en alugueiro social en edificios enerxeticamente eficientes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea Next Generation para promotores públicos e privados, distintos do Instituto Galego da Vivenda e Solo; esta resolución, á cal me refiro...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Freire.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: ...do 30 de decembro do ano 2022 foi publicada no *DOG* do 7 de febreiro do ano 2023. *(A señora Freire Vázquez mostra a resolución ao resto da Cámara.)* Aquí teñen unha copia do *DOG*, *Diario Oficial de Galicia*; *DOG* número 26 do 7 de febreiro do ano 2023, Instituto Galego da Vivenda e Solo; Resolución do 30 de decembro do ano 2022. *(Murmurios.)*

En resumo, sorprendente iniciativa, a do Partido Socialista de Galicia, que pretende que o Parlamento de Galicia inste a Xunta de Galicia para facer o que xa está facendo.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rematou o seu tempo, señora Freire.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Peche do autor da proposición non de lei.

Ten novamente a palabra, don Eduardo Ojea.

O señor OJEA ARIAS: Boas tardes, outra vez.

Simplemente, quero dicir que, con todo o respecto do mundo, utilizouse a palabra «indecente», non para min, pero si se utilizou esa palabra, e penso que indecente é que, nunha PNL sobre a construción de vivenda, se mesture Bildu, amnistía, perda, sanchismo, «só si é si»... É dicir, isto vén indicar un pouco o malestar que se pode quedar no corpo neste momento, *(Aplausos.)* nun día tan sinalado para todos vostedes. E tamén, quero dar un consello; este é un consello da experiencia: a perder logo se chega, a perder logo se chega; dígollo pola experiencia porque levo moitos anos en política.

Ben, dende a aprobación da lei, a Xunta solicitou a convocatoria dunha Comisión bilateral de cooperación entre o Estado e a Xunta para intentar resolver as dúbidas e as discrepancias competenciais no que respecta ás competencias exclusivas dadas pola Constitución e polo Estatuto referidas á vivenda. No día de hoxe, o Goberno central e a Xunta negocian a redacción de todos eses artigos de cara a evitar a xudicialización do conflito.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tamén cómpre recordar, señora Freire, que unha das demandas máis importantes que fixo vostede, como portavoz de Vivenda do Partido Popular, é con respecto á ocupación en Galicia. Cómpre dicir que a alarma social xerada por este fenómeno non se corresponde coa estatística oficial sobre os casos que pasan polos xulgados, segundo o Consello Xeral do Poder Xudicial. Nos últimos anos, os procedementos xudiciais iniciados, por exemplo, na súa provincia, na Coruña, por ocupación de vivendas foron de douscentos catro: vinte foron iniciados no ano 2018; cincuenta e seis, no ano 2019; cincuenta e dous, no ano 2020; trinta e cinco, no ano 2021; e corenta e un, no ano 2022. Galicia rexistra o un por cento das case seis mil vivendas ocupadas no territorio español; aquí tamén baixou a ocupación ilegal un catro por cento, segundo os datos do Ministerio do Interior. Quero comentar tamén que o Goberno galego puxo en marcha o teléfono de asesoramento de ocupacións, que recibiu apenas trinta consultas no seu primeiro ano de existencia. A falla de políticas públicas en materia de vivenda e o recorte de medidas sociais que axuden as familias en risco de exclusión social a facer fronte aos gastos derivados do uso ou da adquisición dunha vivenda son motivos obxectivos que poden influír no incremento da ocupación das vivendas.

A pesar de todo isto, deste incremento orzamentario externo engadido para a construción de vivendas públicas para o alugueiro, a Xunta convoca, a través do IGVS, máis de vinte e oito millóns de euros, dos que dezaseis millóns de euros proceden de fondos europeos, aos cales se engaden outras axudas procedentes do Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025, cunha contía de doce millóns de euros. Tamén a Xunta a través da súa Liña estratéxica para o desenvolvemento da vivenda de promoción pública e impulso de vivenda protexida —como comentou vostede— do Pacto social pola vivenda, prevé a construción de case mil vivendas públicas de protección, que pasarán a formar parte do parque público de vivenda. Isto é propaganda.

Se tomamos como referencia estrita o período do Plan 2008-2017, foron construídas en Galicia algo máis de cento seis mil vivendas, isto é, nove de cada dez do mercado libre. E no 2022 rematáronse en Galicia algo máis de 2.600 novas vivendas no mercado libre e apenas un cento protexidas. Tal como acreditan os datos oficiais do ministerio pero tamén do Instituto Galego de Estatística, a pasada década foi a práctica desaparición da vivenda protexida en Galicia, especialmente para o alugueiro.

Así, no ano 2010, con algo máis de 1.300 pisos cualificados como protexidos e dispostos para arrendar nun contexto xeral de crise económica, as cifras caeron en picado; en 2011, 476; 135 no 2012; 19 no 2013; ningunha entre o 2014 e o 2017; no 2018, 1 soa; cero en 2019; e recuperou levemente no 2020, con 17; o saldo do 2021 —o último ano de Feijóo na presidencia da Xunta— volveu ser cero.

O prazo de execución, 210 millóns de euros, vence a finais de 2026, ano a partir do cal haberá que retornar as axudas non xustificadas ou xustificar as que están en desenrolo e nun proxecto que se poida monitorizar para verificar a súa correcta execución. Esta é unha das claves que debe afrontar Galicia, cun programa que debe axudar a aumentar o parque de vivenda asequible e facilitar o alugueiro. O crédito máis restrinxido á mobilidade laboral e a menores por poder adquisitivo alenta o encarecemento do cambio no sector pola crise financeira.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A execución dos fondos debe resolver dúas dificultades: unha, a lenta tramitación das licenzas, se están afectadas as vivendas por Patrimonio, nos cascos históricos das cidades ou nas vivendas que se atopan no Camiño de Santiago; e o segundo problema é a parálise na construción da vivenda protexida e a ausencia dun plan para polo menos ter buscado a adquisición do solo. Os xoves están a sufrir a carencia de vivenda pública, sobre todo para alugueiro, habendo un 15,7 por cento de xoves que logra emanciparse.

Así mesmo, é de considerar o problema da vivenda baleira, que representa o 21 por cento das vivendas totais rexistradas no Catastro como factor redutor desa oferta inmobiliaria. As administracións non están sendo capaces de mobilizar a vivenda baleira nun contexto de axudas económicas á rehabilitación.

Polo tanto, unha das demandas que o noso grupo lle fai á Xunta é que se execute en tempo e forma o elevado montante orzamentario, tanto o propio como o de fondos estatais ou de fondos europeos que está á disposición da Xunta. Se aceptamos como bos os datos oficiais, o balance final, logo de encaixes de partidas plurianuais e demais temas, segundo a Xunta de Galicia, representa o 75 por cento ou o 80 por cento.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Ojea.

O señor OJEA ARIAS: —Si—. É dicir, só nos orzamentos xerais para a vivenda, 225 millóns de euros propios, quedan sobre 30 millóns sen gastar, valores certamente interesantes.

Pola miña parte, nada máis. Simplemente dicir que aceptamos a emenda como está, paré-cenos ben porque recolle o sentir noso.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Ojea.

Avanzamos no punto 4, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre o impulso por parte do Goberno galego de determinadas medidas para afrontar a actual situación do desemprego en Galicia

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non se presentou ningunha emenda e, para defendela, ten a palabra dona María del Carmen Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta.

Boas tardes a todos e todas.

A Comunidade Autónoma de Galicia debe organizar, dirixir e executar as políticas de emprego, promovendo a cualificación dos traballadores e das traballadoras e a súa formación

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

integral. A pesar disto, o Goberno galego dende o ano 2009 ao ano pasado, que temos finalizado o exercicio económico, o 2022, deixaba sen executar, dos 5.977 millóns de euros asignados a políticas de emprego, 1.954 millóns de euros, nada máis e nada menos que o 34,2 por cento do crédito asignado. Esta afirmación provén dos datos que facilita ao Parlamento de Galicia o propio Goberno galego e non foron nunca desmentidos polo conselleiro de Facenda. E resaltar que, dos fondos asignados exclusivamente para a formación para o emprego, que son 1.604 millóns de euros para persoas paradas, formación de persoas paradas, e 439 millóns para ocupadas, quedaron sen gastar 656 millóns para a formación e 207 para ocupadas, un total de 863 millóns de euros en formación.

Nos tres orzamentos pechados nesta lexislatura, dos 384 millóns de crédito vixente para a formación de desempregados deixou sen gastar o Goberno galego 200 millóns de euros, o 55 por cento dos previstos. E en relación cos programas de fomento do emprego, dos 1.024 millóns dos que dispuxo, deixou sen gastar 1 de cada 3 euros.

E por iso podemos afirmar que os orzamentos realizados pola Xunta de Galicia, polo Goberno galego, son, como dicía noutras ocasións —e reitérome—, unha farsa, porque non son capaces de executalos e pór en marcha políticas para o emprego partindo das necesidades de quen demanda emprego e as necesidades do mercado laboral.

De aí esta iniciativa, que insta o Goberno a que dunha vez por todas, de forma inmediata, realice un plan de emprego unha vez realizado un estudo das necesidades do mercado laboral galego, coa participación dos axentes sociais galegos, unha diagnose, obxectivos e medidas. Non temos ese plan na actualidade por parte da Xunta de Galicia.

Esta política que está a realizar a Xunta en materia de formación, concretamente, é deslavazada, sen análises nin diagnose das necesidades formativas de quen demanda emprego e sen un estudo —como dicía— destas necesidades. Por iso hoxe —e a verdade é que é duro dicilo— nin as empresas confían no Servizo Público de Emprego de Galicia para atopar traballadores cualificados nin os demandantes de emprego atopan no Servizo Público de Emprego solución a esta problemática.

Para a execución desta política pública, a Consellería de Emprego deberíase dotar de instrumentos como un plan de emprego, co fin de elaborar unha planificación estratéxica, o deseño e as directrices en materia de políticas activas de emprego e intermediación laboral. Galicia leva anos ancorada nun modelo que non funciona e agora súmanselle novos desafíos que debe ter en conta, con tres transicións: dixital, enerxético-climática e sociodemográfica, que inciden directamente no emprego e sobre as modificacións que se están realizando e se van realizar de forma inmediata no mercado laboral. Nembargantes, o Goberno galego vive alleo ao desafío de conseguir que a poboación activa adquira as competencias acordes cos novos perfís profesionais —xa non o facía antes—.

A semana pasada publicaba o medio galego *Faro de Vigo* —teño aquí a noticia, baseada en datos de mobilidade do Servizo Público de Emprego estatal, é desta semana— *(A señora Rodríguez Dacosta mostra un documento.)* e di que máis de 20.000 mozos deixan Galicia atraídos por contratos de traballo en España. Mentres o emprego alcanza cifras sen precedentes no

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

conxunto do país, a Galicia fáltanlle aínda uns 14.000 afiliados á Seguridade Social para superar os niveis previos á gran recesión financeira do ano 2008. A diferenza mesma sería maior sen a man de obra foránea; catro de cada dez novos ocupados na comunidade no último ano son estranxeiros, con incrementos por encima do 20 por cento en construción, hostalaría e actividades administrativas e servizos auxiliares. O éxodo de traballadores de Galicia cara a outros puntos de España superou de novo os que chegaron aquí, a Galicia. Os contratos aos que se foron superaron os 57.600 en 2023, un 3,5 por cento máis que o exercicio anterior, como recolle o informe —como dicía— dos datos de mobilidade do Servizo Público de Emprego estatal. A fichaxe nas empresas galega de persoas procedentes doutras autonomías baixou, en cambio, ao 4,8 por cento, ata 37.900. É dicir, que a diferenza entre entradas e saídas lanza un saldo negativo de 19.750 contratos tras un incremento do 24,5 por cento respecto ao 2021; e por idades xa sabemos que os máis prexudicados son os menores, concretamente, de 30 anos.

Leva moito tempo o Grupo Parlamentario Socialista insistindo e presentando iniciativas co fin de que o Goberno galego desenvolva un proceso de mellora do Servizo Público de Emprego, de construción do sistema galego de emprego eficiente, inclusivo e eficaz, co fin de que se dea resposta aos requirimentos do mercado laboral e tamén a aquelas persoas sen protección por desemprego, que alcanzan un 30 por cento, e as necesidades que as persoas traballadores presentan para manter ou acceder a un emprego de calidade, como manifesta a Axenda 2030 das Nacións Unidas e a Estratexia europea de emprego.

O contido do plan debería asumir compromisos e liñas de acción, como xa realizaron outras comunidades autónomas como Baleares ou o País Vasco, que este último coincide nalgunhas presentadas por este grupo e fai unha análise que poderían estudar como modelo.

De feito, algunha das medidas a implantar nese plan recollíaa o Goberno de Pérez Touriño na súa etapa de goberno co conselleiro de Traballo Ricardo Varela; plans locais e comarcais para o seu desenvolvemento económico —isto di ese plan—. E vostedes, pola contra —xa llo dixen nunha e outra ocasión e volverei incidir—, cárganse os pactos territoriais que puxera en marcha o Bipartito, pero non os substitúen por outros mecanismos alternativos: apoio a pequenas e medianas empresas e persoas autónomas; formación para o emprego, fomentando a creación de emprego verde —pero con diagnose, claro—; plans personalizados para cualificar e adaptar ao novo reto dixital persoas traballadoras, especialmente maiores de 45 anos; plans de choque de emprego xuvenil, promovendo o acceso das persoas mozas ao mercado laboral, recollendo accións de apoio ao emprego xuvenil; plans de emprego feminino para mudar a situación salarial e a fenda salarial; etcétera, etcétera.

A Consellería de Emprego, ata o de agora —reitero—, non foi quen de elaborar unha diagnose, non temos un documento de diagnose do mercado laboral elaborado pola Consellería de Emprego, da perda da poboación activa, agora si que recuperada pero non nos niveis que leva o Estado; da baixa calidade do emprego; un estudo sobre os niveis formativos da poboación ocupada e parada e as perspectivas de emprego con que conta, entre outras variables.

Obvia o Goberno que a tripla transición —a dixital, a enerxético-climática e a sociodemográfica— vai transformar o mercado de traballo, sendo tamén unha oportunidade de crea-

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ción de emprego, para o que é preciso que a formación impartida pola Consellería de Emprego, tanto para parados como para ocupados, prepare os traballadores e traballadoras para asumir estes retos. Estanse producindo cambios importantes no mercado laboral e estes plans deben ter en conta tamén estas variables; como dicía, plans doutras comunidades xa o están a facer.

E, ao mesmo tempo, xorden novas formas de emprego tamén na medida en que as estruturas ocupacionais están a cambiar. A transición enerxético-climática deriva dunha preocupación polo cambio climático —igual vostedes non teñen a mesma preocupación dende que se arriman tanto a Vox—, pero, con todo, esta transición —a transición cara a unha descarbonización— é un motor de crecemento económico co potencial para crear novos empregos verdes. ¿Viron vostedes algún documento da Consellería de Emprego neste senso? Eu non.

Con todo, a transición á economía verde provocará perda de empregos, pero —como dicía— é un foco de emprego que teñen vostedes que valorar. Políticas de formación adecuadas, ao mesmo tempo recolocación de persoas ocupadas en empregos que vaian desaparecer por efecto das transformacións produtivas.

Tería que falar da transición sociodemográfica asociada ao envellecemento da poboación, que supón un reto e ao mesmo tempo unha grande oportunidade para o Goberno galego para impulsar a taxa de emprego das mulleres.

E será de vital importancia atraer tamén máis persoas de diferentes orixes para facer fronte ao envellecemento da sociedade. E o sistema sanitario e de atención ás persoas teñen que adaptarse e repensar o modelo de coidados.

Necesítase unha man de obra altamente cualificada, ben formada, adaptable, evitar desaxustes entre a cualificación da poboación activa e as necesidades das empresas nos perfís vinculados ás tres transicións, facer que a aprendizaxe permanente sexa unha realidade.

E pregunto á portavoz do Partido Popular se teñen vostedes un plan que se pareza minimamente ao citado nesta exposición ou ao que realizara o Bipartito —como dicía—, gobernado e presidido por Emilio Pérez Touriño.

Nada máis nesta primeira intervención.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra don Daniel Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Grazas.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por respecto a esta institución, que é onde reside a soberanía popular, e, por tanto, por respecto tamén ao pobo galego, e para marcar unha necesaria distancia coas prácticas do Partido Popular, que pleno tras pleno deturpa o debate parlamentario, voume dedicar na miña quenda a falar do que versa esta iniciativa, que é nin máis nin menos que o emprego. *(Aplausos.)*

Vaia por diante que apoiaremos esta proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Partido Socialista, unha iniciativa que na súa parte expositiva se centra na moi pobre execución por parte do Goberno galego dos fondos dirixidos ás políticas de emprego. É unha obviedade cuantificable que esa baixa execución foi unha constante nos catorce anos de goberno do Partido Popular e constitúe un exemplo, outro máis, da mala xestión por parte do Goberno galego dos recursos dos que dispón para neste caso concreto favorecer o acceso ao emprego de desempregadas ou mellorar a formación das persoas ocupadas.

Isto, desde logo, non é nada novo baixo o Sol, porque levamos desde o comezo da lexislatura oíndo falar á consellería, neste caso de emprego, sobre a necesidade de adecuación da oferta formativa actual e de contar cunha estratexia para mellorar o mercado laboral galego, e levamos desde o comezo da lexislatura escoitando falar de programas para a xente moza e para as mulleres, de polos de emprendemento e por suposto de formación, pero ano tras ano os datos constatan que a situación de precariedade no noso mercado de traballo mantense.

E isto é precisamente o principal problema do emprego na Galiza: a precariedade. O problema central non se atopa nunha baixa execución das políticas e dos programas de emprego. O verdadeiro problema atópase na precariedade do mercado de traballo galego. Esa baixa execución neses concretos programas pode ser un coadxuvante desa precariedade, pero non é a causa principal.

Creo que non é bo para a clase traballadora galega nin para avanzar na mellora das condicións de traballo que as iniciativas, neste caso da oposición, na súa parte expositiva poidan dar a entender que o principal problema do emprego na Galiza é a formación, que a solución pasa por executar a totalidade dos fondos destinados á formación. A situación do emprego na Galiza é moito máis complexa e exixe unha lectura profunda e ampla. Creo que coincidiremos co portavoz do Partido Socialista, e desde logo no noso grupo témolo moi claro, porque así se desprende dos diferentes indicadores que miden o mercado laboral e das estatísticas dos organismos certamente fiables, como pode ser o IGE, o INE ou o Consello Económico e Social da Galiza, pero tamén porque así o vexo ao meu redor, entre as miñas amizades, entre os meus coñecidos, en que o problema non é tanto acceder a un emprego senón que o emprego ao que accedo sexa precario, sobre todo se son unha muller ou se son unha persoa moza.

Desgraciadamente, o mercado de traballo galego vén marcado por eivas que se poden definir xa como estruturais, porque son unha constante en todos e cada un dos anos de goberno do Partido Popular. Céntranse na temporalidade, na parcialidade e nos salarios baixos.

O verdadeiro problema, como digo, non é atopar un traballo, senón que cando o atopo non sei canto me vai durar ou que as horas que me ofrecen ou o que me van pagar non me chega para

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cubrir as miñas necesidades básicas, como pode ser algo tan básico como comer, pagar o alugueiro ou mercarlles os libros ou o material escolar aos meus fillos cando comezan o curso.

E isto garda unha conexión directa co modelo socioeconómico polo que ideoloxicamente optou e opta o Partido Popular nos seus anos de goberno á fronte da Xunta de Galiza; un modelo, desde logo, excesivamente dependente do sector servizos, onde esa temporalidade, parcialidade e salarios baixos son o habitual; un sector servizos no que, ademais, o turismo ten un peso moi importante, un turismo que se segue a caracterizar pola estacionalidade e a necesidade de profesionalización.

Desde o BNG levamos anos pedindo un novo modelo turístico, porque o emprego estacional e a falta de profesionalización supoñen precariedade e ademais debilitan o propio sector. É a pescada que morde a cola. E, fronte a isto, vemos como a actividade industrial, garante polo xeral de estabilidade laboral, de retribucións xustas e de boas condicións de traballo, languidece no noso país.

Do ano 2009 ao ano 2023 só o sector servizos gaña ocupados, mentres se perde na construción e os sectores primarios. Pero o dato quizais máis preocupante atopámolo en que nese mesmo período, 2009-2023, foi o sector industrial onde se perderon nada máis e nada menos que 21.600 persoas traballadoras.

Se a análise destes datos dos organismos públicos autónomos a facemos sobre un período temporal máis curto, vemos, por exemplo, como os datos EPA da última enquisa amosan que o noso país conta cun mercado laboral centrado nos servizos, xa que nos últimos tres meses o 61 por cento dos novos empregos creáronse no sector —adiviñen— servizos. No relativo á parcialidade, 46.500 persoas máis declararon tamén neses tres meses que traballaron menos de trinta horas á semana; de novo, a parcialidade.

Este modelo socioeconómico do Partido Popular, centrado no sector servizos e nun turismo *low cost*, lévanos á terceira pata da precariedade: os salarios máis baixos do Estado español. Son dos máis baixos do Estado e consecuentemente temos unhas pensións medias tamén das máis baixas. O salario bruto anual na Galiza no ano 2022 foi 2.700 euros menor que o do resto do Estado; a fonte é a Enquisa anual de custo laboral do INE. Porén, a media salarial bruta máis alta neste país deuse ¿saben onde? Pois si, no sector da industria.

O PP e o Goberno galego déixana desangrarse ano tras ano, porque os datos de demografía empresarial así o demostran. No caso do sector da industria desde que o PP está no Goberno da Xunta a taxa de demografía empresarial entrou en caída libre e non parou até o ano 2021, último ano completo con datos. Galiza acumula catorce anos completos cun saldo negativo na taxa de demografía das empresas do sector da industria; é dicir, cada ano morren máis empresas que se crean no sector industrial, e así durante catorce anos.

Un modelo socioeconómico que, ademais, se ceba no laboral coa mocidade e coas mulleres.

En canto ao da mocidade, a taxa de actividade caeu do ano 2009 ao 2023 14,7 puntos porcentuais. A taxa de ocupación pasou do 46,3 por cento ao 37,2 por cento nese mesmo período,

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

baixou 9,1 puntos porcentuais. Isto ten unha equivalencia en persoas: 135.363 persoas menos na franxa dos 16 a 34 anos.

Como é lóxico, polo efecto da emigración e a caída propia da taxa de actividade, a taxa de paro tamén para, pero o problema está en que a caída do desemprego entre os mozos e as mozas é proporcional á idade. A medida que baixamos na franxa de idade, aumenta o desemprego; traballos precarizados, marcados pola temporalidade e a parcialidade e, ademais, unha sobrerrepresentación no sector servizos.

Iso é o problema da mocidade neste país e iso creo que se representa moi claramente na porcentaxe de emancipación: un 15,1 por cento de persoas mozas emancipadas a finais do ano 2021.

En canto ás mulleres, en catorce anos loxicamente diminuíu o emprego feminino, pero é que a taxa de desemprego segue sendo superior á dos homes. No paro rexistrado o 53,8 por cento das persoas paradas son mulleres. Aumentou a taxa de actividade pero segue a ser máis baixa que a dos homes. A taxa de ocupación feminina tamén está por debaixo da dos homes. E outro problema é que están empregadas as mulleres en actividades altamente feminizadas e traballos infravalorados laboral e socialmente, caracterizados pola precariedade. A taxa de temporalidade tamén é maior que a dos homes. A maior parte das mulleres ocupadas desenvolveu o seu traballo no sector servizos, un 84,7 por cento, e só o 9,9 na industria, pero, ollo, na alimentaria e na téxtil.

Fenda salarial tamén no caso das mulleres. Os salarios medios das mulleres son 4.238 euros menos que os dos homes. Ademais, hai unha concentración do maior número de mulleres asalariadas nos tramos salariais máis baixos, mentres os homes ocupan en maior proporción os traballos con salarios máis altos.

¿Que amosan todos estes datos? Que as eivas estruturais do mercado de traballo afectan especialmente as mulleres e a mocidade, o que coadxuva a que a súa situación laboral sexa extremadamente inestable e sexan as primeiras en sufrir calquera alteración da situación socioeconómica. Pasou na crise do ano 2008, pasou durante a pandemia e volverá pasar na seguinte recesión económica, agás que mudemos o modelo socioeconómico. Non llo poñamos fácil ao Partido Popular. Concentremos todo o noso traballo en evidenciar a necesidade do cambio de modelo como o único camiño para reverter a precariedade do mercado de traballo galego.

Todo o dito non exclúe que o Goberno galego escoite todas as forzas sindicais para facer unha radiografía das eivas do noso mercado de traballo, como paso previo a un plan de emprego que sexa realmente efectivo. É unha medida complementaria e necesaria, pero non a solución á complicada situación da clase traballadora galega.

¡Por favor!, non fomentemos que as árbores non nos deixen ver o bosque. Mudemos este modelo socioeconómico e apostemos dunha vez por todas por transformar este país.

Nada máis.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Continuamos co Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Ten a palabra dona Noelia Pérez.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Boa tarde.

Grazas, presidenta.

Señor Pérez, non llo poñan fácil ao Partido Popular; fácil xa llo están a poñer ao Goberno do Partido Socialista en Madrid a cambio de nada. Sigan vostedes así. *(Aplausos.)*

Esta mañá escoitabamos as críticas, que veñen de serie, do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego en materia de educación. Despois, a sanidade, que fai augas en Galicia. E agora exactamente o mesmo —acabámolo de ver— en materia de emprego. Nada novo, todo de serie, como dicía o conselleiro de Educación esta mañá.

Miren, señorías, a Terra é cadrada, a Terra é cadrada. *(Murmurios.)* Pode facerlle graza, pero mire, esta burrada que eu acabo de dicir non desmerece nada todas cantas acaban de dicir nesta tribuna os meus antecesores falando da situación do mercado laboral e das políticas de emprego en Galicia. Políticas deslavazadas, as empresas non confían na Xunta de Galicia —¡o que hai que oír!—, non temos unha diagnose, ou póñennos como exemplo o señor Touriño, ou deturpamos o debate. Só deturpamos o debate cando falamos do que a vostedes non lles convén, e nin sequera se poñen de acordo en acertar en cal é o problema que din vostedes que hai.

Polo tanto, quería que me permitiran, porque creo que é prioritario, mandar unha mensaxe de tranquilidade ás galegas e aos galegos, porque en Galicia temos motivos máis que suficientes e temos datos, facilmente contrastables, para, coa cabeza moi alta, falar da boa xestión do Goberno galego en materia de emprego, señorías, *(Aplausos.)* e non caer na manipulación nin do Partido Socialista nin do Bloque Nacionalista Galego, aos que só os preocupa o relato. Se os preocupase un pouco o emprego, xa terían alzado a voz os dous, o Partido Socialista de Galicia e o Bloque Nacionalista Galego, nestes momentos co señor Sánchez, que quere regalarlle 450.000 millóns de euros a Cataluña, que llelos vai recortar aos petos, entre outros, de todos os galegos. ¿Verdade que estarían ben empregados en políticas activas de emprego na nosa comunidade? Eu digo que si. Polo tanto, déixense de cinismos, porque lles están faltando ao respecto, un día si e outro tamén, ás galegas e aos galegos. *(Aplausos.)*

E, señor Torrado —non está o señor Torrado—, Cataluña non nos rouba, róubanos o Partido Socialista e róubanos o señor Sánchez por manterse no poder, a pesar de ter perdido as eleccións.

Eu voulles dar datos obxectivos da situación do mercado laboral en Galicia.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Primeiro dato obxectivo. No ano 2022 Galicia consolida a recuperación económica tras a pandemia. Ao Estado esa recuperación tardou en chegar ata o segundo trimestre do 2023. E isto tamén se reflicte no emprego na nosa comunidade. Galicia vai por diante, señorías. Pechamos o ano 2022 cos niveis de afiliación á Seguridade Social en máximos e os niveis de paro rexistrado en mínimos, a taxa de paro máis baixa nun cuarto trimestre dos últimos catorce anos e 2,2 puntos inferior á media estatal. Galicia, de novo, por diante. E no que levamos de 2023 continuamos na mesma liña de crecemento e de xeración de emprego. A taxa de paro do segundo trimestre redúcese ata o 9,58 por cento, a menor dos últimos quince anos. En afiliados á Seguridade Social estamos en niveis superiores ao ano 2009.

Falou vostede, señora Dacosta, dos colectivos prioritarios. Pois voulle dar máis datos obxectivos. Do emprego feminino, emprego co que o Goberno galego ten un compromiso permanente; todos os datos que lle vou dar son datos extraídos da enquisa de poboación activa. ¿Saben vostedes canto diminuíu no último ano o número de mulleres paradas en Galicia? En 9.200 mulleres, un 12,83 por cento. ¿Saben canto diminuíu no conxunto de España? Un 5,6 por cento, menos da metade que en Galicia. Taxa de paro das mulleres galegas, 10,29 por cento; taxa nacional, 13,16 por cento. Melloramos en 3 puntos a taxa nacional. ¿Proporción de mulleres ocupadas en Galicia? 2 puntos máis que a media estatal.

Este é o verdadeiro feminismo, que un goberno traballe a prol da igualdade de oportunidades, e non o feminismo que temos instalado hoxe no Goberno de España, que o único que fai, aínda que lles doa escoitalo, o único que fixo polas mulleres foi rebaixar as penas e sacar os agresores dos cárceres ás rúas. Este é o verdadeiro feminismo.

Pero falemos tamén dos menores de 30 anos. Imos ver cal é o balance das medidas que, primeiro, Alberto Núñez Feijóo e, despois, o presidente Rueda puxeron en marcha para incentivar a contratación da mocidade, mellorar a súa formación e identificar as oportunidades para adaptar así as súas competencias, as competencias dos mozos e das mozas galegos ao mercado laboral.

E vólvolles facer a mesma pregunta: ¿saben canto descendeu en Galicia o número de parados menores de 30 anos? En 7.800 persoas. Hoxe en Galicia hai un 21,67 por cento menos de mozos e mozas parados. ¿Saben canto descendeu en España o paro xuvenil? Cero. Aumentou o paro da xente moza en 4.000 persoas. Galicia, de novo, por diante, porque a taxa de paro xuvenil estatal nestes momentos supera a galega en 2,1 puntos.

Unha vez máis, a taxa de paro de longa duración sitúase en Galicia por debaixo da taxa nacional; reitérolle: Galicia por diante, unha vez máis.

E resúmolles: en Galicia, mellores datos de emprego a nivel xeral que no conxunto do Estado, mellores datos de ocupación feminina que no conxunto do Estado e mellores datos de ocupación xuvenil e de parados de longa duración que no conxunto do Estado. ¿Quen goberna en Galicia? O Partido Popular. ¿Quen goberna no Estado? O Partido Socialista, os mesmos que hoxe nos queren vir dar lecciónes aquí.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E en materia de creación de emprego e en materia de inclusión e de dinamismo do mercado laboral, non poden darnos, señorías, ningunha lección.

E xa sabemos que a vostedes canto mellor lle vaia a Galicia que ao conxunto do Estado é un problema, e é un problema porque se lles esgota o seu discurso, pero, por sorte para os galegos, esa é a realidade. A tendencia do mercado laboral en Galicia é mellor que no conxunto do Estado, e iso é o que de verdade lles importa ás galegas e aos galegos, non os datos falseados e terxiversados que están a contar aquí, tanto o Partido Socialista como o Bloque Nacionalista Galego.

Mire, unha mentira repetida mil veces non se converte en verdade. Cos galegos saben perfectamente que iso non funciona. Os galegos dixéronlles, catro eleccións seguidas, que non se deixan enganar polos seus datos, e vánllelo volver dicir unha quinta vez, señorías.

E seguen vostedes co runrún dos fondos sen executar en políticas de emprego, e cada vez dan unhas cifras distintas. Eu non vou poñer en dúbida que saquen eses datos da consellería, eu iso non o vou poñer en dúbida, pero mire, aquí teñen o cadro *(A señora Pérez López mostra un documento.)* cos datos, que tomei a molestia de facelos, ordenados ano por ano, e non coinciden para nada cos que vostede di. Eu entendo que os datos extraídos son os datos oficiais, pero ao mellor o problema radica á hora de lelos ou á hora de sumalos, e aí xa non vou entrar. Porque este cadro que lles acabo de ensinar o que reflicte, señorías, é a execución de todos os programas da área de emprego, e, polo tanto, dos orzamentos, execución que superou o 80 por cento con creces, chegando ao 92 por cento, ao 93 por cento e nalgún ano ao 95 por cento de execución.

Pero tampouco aquí está nin o Partido Socialista nin o Bloque Nacionalista Galego para dar lecciónns, nin a esta bancada nin ao Goberno galego. Porque se queren falar de execución, podemos falar da execución dos fondos europeos, podemos falar de que a execución dos fondos europeos non chega ao 16,5 por cento nestes momentos. Uns fondos que tiñan que estar xa en mans das empresas, das pemes e dos autónomos galegos para crear postos de traballo, e no día de hoxe seguen a estar no peto do señor Sánchez, coa complicidade do Partido Socialista de Galicia e coa complicidade do Bloque Nacionalista Galego.

Mire, e é falso tamén que no que levamos da lexislatura deixaramos sen gastar 200 millóns de euros na formación de desempregados. ¿Por que non din que no que levamos de lexislatura se levaron a cabo máis de 8.000 accións formativas e máis de 107.000 galegas e galegos melloraron as súas capacidades? Porque non lles convén e porque non queren que os galegos e as galegas o saiban.

Miren, señorías, se hai algo que é evidente é que detrás do avance do mercado laboral de Galicia hai moito traballo por parte do Goberno galego, aínda que vostedes non sexan quen nin nunca vaian ser quen de recoñecelo. Un goberno que coñece as tendencias laborais e que está a facer un estudo continuado. ¿Como poden vir aquí dicir que non hai ningunha diagnose feita do mercado laboral, señorías? Un goberno que en materia de emprego ten un enfoque proactivo e unha planificación continua e dinámica para axustar as políticas de emprego galegas ás demandas do mercado laboral.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu non lles vou pedir que recoñezan ese traballo, porque sei que non o van facer, e tampouco vou perder o tempo, pero o que si lles vou pedir é que non falten á verdade e non lles mintan ás galegas e aos galegos; iso si que llelo vou pedir.

E que queda moito por facer é unha realidade, pero nin o Partido Popular nin esta bancada, nin o Goberno galego, nin escapou nin escapa, nin escapará nunca das súas responsabilidades. Eu convídoos a que colaboren se teñen algunha idea concreta e algunha proposta que facer. Non é o caso da proposta que traen hoxe, e desde a humildade, señorías, dígolles que o que lle temos que pedir ao Goberno galego nestes momentos é que siga traballando na liña na que o está facendo, da man dos representantes dos traballadores, das empresas, das pemes, dos autónomos e do diálogo social, para cumprir o compromiso que adquiriu coas galegas e cos galegos hai tres anos, que é a quen se debe este goberno, e facer da nosa comunidade un territorio máis atractivo para traballar, para investir, e un territorio máis atractivo para ir.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Ten a palabra novamente a autora da proposición non de lei, dona María del Carmen Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas.

Para falta de respecto, a súa, señora portavoz, porque vimos falar de emprego e vostede fala de Cataluña, fala de igualdade, fala da sesión de desvestidura do señor Feijóo. Tivo que insultarnos, *(Aplausos.)* tivo que insultar o portavoz do Bloque Nacionalista Galego e a esta, dicindo que diciamos burradas. Non, non diciamos burradas, falabamos de emprego, cunha temática, cuns datos, e vostede pode obviamente contrapoñelos e debater, pero vostede non quería debater.

Mire, vostede dicía que os galegos e as galegas nos estaban escoitando, que estabamos dando unha imaxe tremendista desta situación do emprego en Galicia, igual que na educación, igual que na sanidade. Pero mire, tamén a están escoitando a vostedes, e estana escoitando aqueles traballadores e traballadoras de Galicia que teñen emprego e, a pesar de ter emprego, son pobres. Pero claro, iso non lle pasa ao señor Feijóo, porque, á parte de cobrar un salario máis que digno, cobra sobresoldos. *(Aplausos.)* ¡Claro, iso non lle pasa nin a el nin a outros cargos do Partido Popular! Entón, claro, o mercado laboral galego vese de diferente óptica.

E claro que algúns datos son máis positivos, pero nós estamos analizando que a Consellería de Emprego carece totalmente —e iso é unha realidade, porque ensínema— desa diagnose que di que existe, de diagnose e de planificación estratéxica, de directrices en materia de políticas activas de formación e de intermediación laboral, e non executa os presupostos.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Doulle as grazas ao portavoz do Bloque Nacionalista Galego polo seu apoio. Concordo en que o modelo ten que mudar. Tamén todos os sindicatos están a dicir de maneira continuada que temos un modelo sen dinamismo, e iso está afectando esa precariedade á que vostede aludía, pero non concordo en que a falta de execución dos orzamentos non incida nese mercado laboral.

As políticas activas de emprego si inciden na creación dun emprego de calidade, e por iso anteriormente eu falaba desa planificación co estudo das novidades que nos acontecen, as transicións dixital, de economía verde e sociodemográfica, que poderían incidir nesa creación dese emprego, que vostede pide e que eu pido, de calidade, tanto na xornada como obviamente nos salarios, que, como ben dicía, están por debaixo da media estatal.

O Bipartito, o deostado Bipartito —eu creo que non o leu, pero pode facelo—, si que tiña un Plan estratéxico: *(A señora Rodríguez Dacosta mostra un documento.)* Obxectivos e medidas de emprego de Galicia. E mire —pode velo—, a diagnose eu non a vin, pero eu si lle traio o estudo que fixo o Bipartito. E fala de situación demográfica, obxectivos demográficos, medidas activas de emprego, estabilidade, obxectivos e medidas, obxectivos de igualdade das mulleres e homes, medidas para acadar obxectivos de igualdade, medidas de fomento de emprego, accións formativas, medidas de fomento de calidade no emprego de mulleres, mocidade, obxectivos de emprego na mocidade, medidas para acadar obxectivos de fomento e de emprego xuvenil, parados de longa duración, un apartado para discapacitados, para demandantes en risco de exclusión social, para emprendemento. Pero en todos, en todos, con indicadores da avaliación e estudo de diagnoses, e medidas concretas a levar a cabo, e medidas, ¡eh! E isto eu non o encontrei dende logo na páxina web da Consellería de Emprego nin por asomo.

Se algo está a mudar en Galicia o panorama laboral —e está axudando moito a iso—, é a reforma laboral realizada baixo o Goberno do actual presidente do Goberno e futuro presidente do Goberno, Pedro Sánchez. Dicía o noso presidente —o noso presidente e o seu presidente— *(Murmurios.)*: «A reforma laboral e a das pensións valen unha lexislatura.» E eu estou de acordo: a reforma laboral e a das pensións vale unha lexislatura. *(Aplausos.)* Pero o presidente do seu partido, non o presidente do Goberno, o señor Feijóo, que era o primeiro que criticaba a reforma laboral, despois di: ben, se goberno —que non vai gobernar—, mantería o tronco da reforma laboral.

Claro, é un home con criterio, un home con criterio onde os haxa. Xa o outro día a miña compañeira Paloma Castro fixo unha intervención magnífica sobre as contradicións do señor Feijóo, e non vou seguir, pero na reforma laboral tamén incidía o non-presidente.

Aínda así, Galicia, ao contrario do que vostede di, compórtase, a pesar dos avances, por detrás do resto de España, e facilítolle uns datos. Comparativa 2009-2023, agosto, bastante fresquiños. Réxime xeral de afiliados á Seguridade Social, no Estado sobe un 17,6 por cento, en Galicia un 5,7 por cento. ¡Home!, hai unha lixeira diferenza. Os indefinidos no Estado crecen un 43,1 por cento e en Galicia aumentan un 33 por cento; aumenta, certo, pero 10 puntos medios que na media do Estado. Os indefinidos a tempo completo no Estado aumentan un 25 por cento e en Galicia un 16 por cento. O único que aumenta en Galicia son os fixos descontinuos; debe ser que lle fixo moita propaganda o señor Feijóo.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Ben —si, remato—, pois para rematar, dicirlle que esta iniciativa non é aprobada polo Grupo Popular, pero como outras moitísimas que presentamos en positivo, con propostas moi concretas, que vostedes obviamente non queren escoitar, porque non queren que mude o modelo económico que dicía tamén o meu compañeiro.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Alteración da orde do día

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos co debate acumulado das proposicións non de lei 4.4 e 4.6, acumúlanse para efectos de debate; son as proposicións non de lei rexistradas cos números 57.583 e 58.158, que se identifican cos puntos 4.4 e 4.6, de acordo co establecido no artigo 162.2 do Regulamento, por referirse ao mesmo tema.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ante o Goberno central para que adopte as medidas oportunas diante das autoridades europeas co obxecto de que o itinerario noroeste do corredor Atlántico non sexa excluído do mapa deseñado para a posta en marcha do órgano xestor da futura rede ferroviaria europea de mercadorías

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co obxecto de impulsar a modernización do transporte ferroviario de mercadorías e a integración de Galicia nos plans europeos para o corredor Atlántico

A señora PRESIDENTA (Candia López): A estas proposicións non de lei non se presentaron emendas.

Para formulala, ten, en primeiro lugar, a palabra don José Manuel Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, estase a converter en algo habitual que en cada sesión plenaria deste parlamento debatamos iniciativas en relación con algunhas reivindicación en materia de infraestruturas estatais en Galicia, moitas delas impulsadas polo grupo maioritario desta cámara, polo Grupo Popular, e noutros casos tamén decidiu sumarse o Grupo do Bloque Nacionalista Galego, como acontece hoxe.

Esta situación podería ter unha lectura positiva, sobre a importancia que para nós os galegos ten unha Galicia máis e mellor comunicada e mellor conectada tamén. Pero, lamentablemente, non é así, non responde a esa realidade. Que os dous principais grupos políticos do

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento galego coincidan nas súas demandas o que evidencia é o enorme dano que a Galicia está a provocar o Goberno de Pedro Sánchez.

E a lista empeza a ser demasiado longa. Os trens AVRIL nunca chegan, privando a maioría dos galegos das vantaxes da alta velocidade. As estacións de Renfe, colapsadas, pola negativa do Goberno de Sánchez a repoñer servizos ferroviarios aínda pendentes desde a pandemia, e ademais está condicionando para mal o resto dos servizos de mobilidade na nosa comunidade. A situación das estradas nacionais e autovías de competencia estatal onde non se realiza o mantemento debido, obras paralizadas polo ministerio ou que avanzan a un ritmo de tartaruga.

Na miña Terra, na Mariña de Lugo, señora Otero, a Mariña lucense, que vostede coñece ben, levamos oito meses —vostede pasa por alí, igual ca min, a diario— co tráfico desviado na súa principal vía de comunicación, como consecuencia dun socavón. Por non falar do que acontece en Pedrafita, coa autovía A-6 aínda cortada e os viadutos sen construír. Ou o que está a acontecer coa autovía Lugo-Santiago. Pero diso imos ter a oportunidade de falar neste parlamento.

En definitiva, para Sánchez Galicia nunca foi unha prioridade, agora parece que só existe Cataluña para este señor; e todo isto cando a continuidade de Sánchez na Moncloa aínda non dependía do fuxido Puigdemont, ¡imaxinen vostedes!

Señorías, o certo é que sobre todas estas reivindicacións de infraestruturas estatais chegamos a acordos nesta cámara, algúns incluso por unanimidade, incluso co voto do Partido Socialista favorable, que non ten ningún problema en votar en Santiago aquilo que despois eles mesmos nos negan desde Madrid.

Pero é que o Bloque Nacionalista Galego, señor Bará, non é moi diferente neste tema tampouco. Aquí vostede xa sei que vai ser moi belixerante no seu discurso, sobre todo co Partido Socialista e sobre todo co señor Sánchez; seino porque vostede é unha persoa seria e entón ten que facelo así, porque, se non, estaría mentindo. Pero, cando chegan a Madrid, vostedes son os socios máis compracentes.

E eu faríalle a primeira pregunta ao Bloque Nacionalista Galego. Como vostede vai falar despois de min, a ver se nos pode dicir que conseguiu para Galicia a señora Pontón e o Bloque Nacionalista Galego co seu apoio a Pedro Sánchez. A ver se é posible que o poida explicar vostede nesta tribuna, e non para os deputados do Grupo Popular, senón para que escoiten todos os galegos e todas as galegas.

Xa lle adianto eu a resposta: nada de nada, nada de nada. Todo o que prometeron no pacto de investidura quedou en papel mollado, señorías, e creo que chegou o momento de dicir, alto e claro, que as palabras non son suficientes; están ben, pero non son suficientes. O que necesitamos son feitos.

E o corredor Atlántico é moito máis que un conxunto de liñas ferroviarias trazadas sobre un mapa. Galicia ten pleno dereito a estar presente na gran rede estratéxica de transporte cha-

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mada a conectarnos co resto de España e co resto dos países europeos e do mundo, empezando por unirnos a Portugal a través da saída sur de Vigo. Non podemos nin debemos perder esta oportunidade.

Desde que Mariano Rajoy, polo tanto un goberno do Partido Popular, negociou que Galicia e o Noroeste peninsular se incorporase á rede transeuropea de transportes, negociación que frutificou no 2021 coa incorporación oficial do trazado galego, xa con Sánchez, o resto das decisións sempre foron en contra dos intereses de Galicia.

Non querían nomear o comisionado e só o fixeron froito da presión da fronte común das comunidades do Noroeste. Levamos cinco anos —e repito o de cinco anos— agardando polo plan director, e cada vez poñen unha data diferente, a última en outubro, e isto cada vez se parece máis ao que dixen antes que acontece cos trens AVRIL na Comunidade Autónoma de Galicia.

E fágolle unha pregunta ao Partido Socialista: díganos para que serve este comisionado. Reivindicamos a súa figura para que o corredor Atlántico non quedase atrás con respecto ao corredor do Mediterráneo, e está acontecendo todo o contrario.

E fágolle outra pregunta, señora Otero: ¿para que serve este comisionado, que non quere reunirse coa conselleira e non quere reunirse coa Xunta de Galicia, que tras oito meses no cargo segue sen escoitar o Goberno galego e sen informar sobre os prazos e investimentos?

Con Sánchez todos son pasos cara a atrás, señorías. Hai varios meses soubemos que dos 6.300 millóns que este ano a Unión Europea destina á rede europea de transportes, dos que 250 millóns de euros serán para España, nin un só céntimo virá para Galicia, porque Sánchez non os pediu.

Despois descubrimos que Galicia está excluída do órgano xestor das mercadorías do corredor Atlántico, que Galicia non forma parte do órgano centralizado, que funciona a modo de ventanilla única para xestionar os tráficos ferroviarios, nin o itinerario galego nin todo o Noroeste está incluído nos mapas ferroviarios deste organismo.

E xa lle adianto, señora Otero, porque sei o que din vostedes, que non é verdade que nese mapa só aparezan os itinerarios primitivos, porque si aparecen algunhas cidades de Alemaña incorporadas con posterioridade a ser oficializado o itinerario galego.

Señorías, nesta demanda centramos hoxe a nosa iniciativa, esa é a nosa principal petición: exixir ao Goberno de España que adopte as medidas oportunas diante das autoridades europeas para que coa máxima firmeza exixan que o itinerario do Noroeste do corredor Atlántico, no que figura expresamente Galicia, non sexa excluído de ningún dos mapas que Europa ten ao seu dispor para deseñar a rede transeuropea de transportes.

Exiximos que o deseño, o financiamento, os futuros organismos de xestión deses corredores inclúan de xeito expreso o itinerario galego. Nin podemos nin queremos permitir que Galicia perda esa oportunidade, que Portugal si amose o interese porque o seu enlace con Europa

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pase por Galicia e pola contra Sánchez non permita que nin aparezamos no mapa. E o Bloque Nacionalista Galego sempre está disposto a volver dar o seu voto a cambio de nada; foron vostedes os primeiros que o anunciaron.

Esta, señorías —non se equivoquen—, non é unha reivindicación da Xunta de Galicia, esta é unha demanda de Galicia con maiúsculas. Neste escenario faise necesario máis que nunca a implicación de toda a sociedade galega, así como das súas institucións, empezando pola máxima institución de Galicia, que é este parlamento.

Reclamemos un rápido desenvolvemento do corredor Atlántico noroeste; exixamos o cumprimento dun cronograma público, transparente, realista, viable e dotado dos recursos orzamentarios necesarios. A todos nos interesa que se complete o corredor e que Galicia non quede como unha illa, que non quede illada.

Señorías, pasemos das palabras aos feitos, porque na España de Sánchez sempre perde Galicia. E eu xa sei que vostedes os socialistas hoxe están contentos, porque saíulle moi ben o discurso no debate de investidura ao señor Sánchez, que estaba cansado. *(Risos.)* Xa sei, xa sei que están contentos, están vostedes moi contentos. Escoitaba agora a deputada do Partido Socialista que dicía que se Sánchez ía ser presidente. Mire, voulle dar un dato que probablemente nunca se deu, pero vouno dar en sede parlamentaria. *(Murmurios.)*

O señor Feijóo presentouse por primeira vez a unhas eleccións nacionais; nas catro veces que se leva presentado o señor Sánchez nunca sacou os deputados que ten o señor Feijóo agora mesmo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)* E vostede vén presumir aquí de que se Sánchez vai ser presidente. É que, ben, vostedes son uns fenómenos, porque é certo que vostedes están moito máis contentos e presumen moito máis perdendo unhas eleccións que os que as ganaron. *(Murmurios.)* Repítolle: o señor Feijóo presentouse unha vez a nivel nacional. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Sánchez presentouse catro. Das catro veces que se presentou nunca sacou a representación que sacou o señor Feijóo a nivel nacional.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi boa tarde.

Vexo que o señor Balseiro está adestrando para facer interpelacións ao Goberno, pero non se apure, a verdade é que lle vexo boas maneiras a vostede, creo que vai dar un bo interpelador ao Goberno no futuro, pero, ben, xa chegará o seu tempo.

Este é un asunto recorrente, xa veu varias veces ao pleno neste ano, pero, claro, o realmente recorrente é a aldraxe, é a discriminación que sofre Galiza por parte do Goberno central, e

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tamén da Comisión Europea, e —tamén hai que dicilo— é recorrente a pasividade, señor Balseiro, a parálise da Xunta en materia ferroviaria e de transporte, porque vostedes en materia de mobilidade practican o inmobilismo.

Vostedes teñen unha absoluta falta de planificación, de previsión e de impulso, e a proba diso é que están elaborando unha estratexia que se chama «Estratexia loxística de Galiza para os anos 2020-2028», estamos en setembro de 2023 e aínda non a deron presentado publicamente. Van un pouco lentos nesta materia, señor Balseiro.

Miren, o desencadeante deste debate e destas iniciativas foi este, *(O señor Bará Torres mostra un documento.)* foi de novo unha discriminación, unha exclusión de Galiza nun documento oficial na Plataforma de Xestión do Corredor Atlántico, dun organismo oficial dependente da Comisión Europea, no que están todas as axencias ferroviarias dos catro países polos que pasa o corredor Atlántico. E, ante esta aldraxe, cabe facernos unha pregunta: ¿por que? ¿Por que se produce isto? ¿Por que esta situación?

Pois a primeira causa, señor Balseiro, está nunha decisión adoptada no ano 2013 polo Parlamento Europeo e pola Comisión Europea. A primeira causa é esta, *(O señor Bará Torres mostra un documento.)* que é absolutamente o mesmo mapa que cando no ano 2013 se aprobou o trazado do corredor Atlántico cos votos favorables do Partido Socialista e do Partido Popular, gobernando o señor Rajoy e sendo ministra de Fomento a señora Ana Pastor. Vostedes son os principais responsábeis da exclusión de Galiza entre o ano 2013 e o 2021. E daqueles pos esta lameira. Así que vostedes teñen moitísima responsabilidade no que está pasando hoxe.

A segunda conclusión, a segunda reflexión, é, evidentemente, a responsabilidade que ten o Goberno central nesta discriminación que se está producindo nesta plataforma de xestión, a onde teñen que acudir os operadores ferroviarios para xestionar o transporte de mercadorías nesta liña, porque o Goberno central, obviamente, era coñecedor desta situación e ocultouna. Adif é a xestora desta plataforma dos catro países, a coordinadora desta oficina e non dixo nada. O comisionado, desde logo, tiña tamén que ser coñecedor desta noticia. Pero o que pasa é que están encantados con este deseño centralista do corredor Atlántico que pasa por Madrid e tamén do corredor Mediterráneo.

A terceira conclusión deste asunto é que a Xunta non pinta nada; a Xunta, por certo, e a Fundación Galicia-Europa, que fixo un informe no mes de abril, e que tampouco se enterara desta cuestión, un informe que facía referencia ao corredor Atlántico. Entón, claro, cando se fixo público este tema, que saíu na prensa no mes de agosto, concretamente, ¿que fixo a Xunta?, ¿que fixo o presidente da Xunta? O presidente da Xunta publicou un tuit. Un tuit, esta foi a resposta, a reacción do presidente da Xunta. ¡Bravo, bravo, bravo! Este é o nivel de reacción do presidente da Xunta ante unha aldraxe, ante unha discriminación deste calibre.

E o que pasa é que vostedes non se enteran de nada, porque vostedes andan a outras cousas, vostedes teñen outras preocupacións que lles levan moito tempo. Ao señor Rueda chámanlle desde Madrid: Alfonso, este domingo hai que ir á manifestación a Madrid; e alí vai Alfonso, o presidente da Xunta, de manifestación en Madrid. O martes: Alfonso —desde Génova—, o martes hai que ir ao Congreso escoitar a Rajoy. Non hai que ir ao Parlamento galego, do

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que é deputado, votar as mocións, hai que ir a Madrid a escoitar como *(Aplausos.)* o señor Feixóo non di nin unha soa palabra desas reivindicacións de Galiza coas que encheu vostede aquí o seu discurso. *(Murmurios.)* A iso é ao que van vostedes a Madrid, a dicirlle «si bwana» ao señor Feixóo.

Miren, vostedes gastan moito tempo niso e despois non lles queda tempo para defender o que teñen que defender. Vostedes son un goberno títere, un goberno manexado co mando a distancia desde a rúa Xénova *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, por Ayuso tamén, xa chegaremos a iso, tranquila. Vostedes o problema é que non teñen política ferroviaria; poden vir aquí dar lecciónns, levantar a voz, defender non sei que, pero vostedes non teñen política ferroviaria. ¿E saben por que non teñen política ferroviaria? Porque vostedes renunciaron a desenvolver as competencias de Galiza en materia ferroviaria, que están no Estatuto de autonomía.

Vostedes no ano 2010 sacaron a licitación —mire, téñoo aquí *(O señor Bará Torres mostra un documento.)* — o prego para crear o ente ferroviario galego, para facer a lei do ente ferroviario galego, que está previsto no Estatuto. ¿E saben o que fixeron? Quedou deserto. Esta é a política ferroviaria do Partido Popular de Galicia: o ermo, o deserto. *(Aplausos.)* Este é un bo resumo desa política ferroviaria, señor Balseiro.

Non teñen tampouco política de transportes, de mobilidade e de loxística —como lles dixen—. Teñen unha estratexia que lle chaman de mobilidade de Galicia e resulta que aí falan do ferrocarril en tres liñas e só falan do AVE. E, como non teñen estratexia, non foron capaces vostedes de desenvolver dous polos estratéxicos fundamentais da mobilidade e da loxística como o porto seco de Monforte e a PLISAN, que levan exactamente vinte anos de trámites e non teñen acceso ferroviario. E iso é responsabilidade compartida de quen gobernou en Galiza e en Madrid ao longo de todos estes anos, pero sobre todo no caso da PLISAN e no caso do porto seco do Partido Popular, porque inauguraron iso que ía ser a gran porta ferroviaria do suroeste europeo e está feita un auténtico deserto, un ermo. Esa é outra boa imaxe que resume a política ferroviaria do Partido Popular.

E como vostedes non teñen estratexia e non teñen plans, ¿saben quen llelos fai? ¿Saben quen actúa como Goberno na sombra pola incomparecencia do Partido Popular? Pois o Eixo Atlántico, que si que fixo un plan director —que o teño aí, que llo podo pasar—, as bases do plan director do corredor Atlántico, no ano 2020, moito antes de que vostedes se reunisen en xaneiro de 2023 coas outras comunidades para facer unha declaración que non di nada, na que, basicamente, agradecen que se nomee o comisionado; ese foi o gran logro desa reunión. Ou o Foro Económico de Galiza, que tamén fixo documentos onde traza o que debe ser unha estratexia ferroviaria e loxística para este país, onde debe estar toda a mobilidade e todo o transporte, non só o da estrada, non só o do ferrocarril, tamén o marítimo, onde Galiza pode ser unha potencia, porque temos unha situación privilexiada de porta efectivamente do Atlántico. Pero para iso hai que ter unha estratexia marítima, que vostedes tampouco teñen.

E miren, entre tanto tuit acumúlanse os agravios, porque ese organismo xestor deixa fóra Galiza, porque nos discrimina no desenvolvemento do corredor Atlántico, porque non hai

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

plan director, porque Galiza queda excluída deses once proxectos financiados polo mecanismo Conectar Europa, porque Galiza queda excluída da rede de autoestradas ferroviarias para o transporte de camións por tren; vostedes non dixeron nada, o Goberno central dixo que ningún operador galego pedira no prazo de alegacións estar nesa autoestrada ferroviaria, e vostedes non din nada, nin publicaron un tuit sequera.

¿Que me pode dicir disto? ¿Por que Galiza quedou fóra desa autoestrada? ¿Por que os operadores loxísticos galegos non alegaron contra iso? ¿Que fixo a Xunta para estar nesa autoestrada do futuro de transporte de camións por ferrocarril para facer despois o último quilómetro en camión, que é outro elemento estratéxico do transporte nestes momentos?

Ou o feito do desprezo, que é algo desde logo innomeable a Galiza, por parte do comisionado, que é unha absoluta falta de respecto institucional —temos que dicilo aquí—. Desde logo, denunciamos e rexeitamos esa actuación por parte do comisionado do corredor Atlántico, tanto no trato, no desprezo aos axentes económicos e á sociedade deste país como o desprezo ao Goberno galego.

Miren, fronte a esta situación, traemos aquí propostas, concretamente cinco propostas. Vemos que a súa proposta, señor Balseiro, é moi *light*, moi breve. Nós incluímos outra serie de reivindicacións máis amplas. Creo que podemos chegar a unha transacción que reúna todas as demandas, porque no primeiro punto son coincidentes a súa e a nosa. En todo caso, imos facerlle unha proposta que lle trasladaremos antes da votación, ao remate deste debate sobre esta materia.

Agora, para rematar, o que queremos dicir é que non hai escusas, estamos no momento do tren. Esta ten que ser unha década fundamental para o desenvolvemento do ferrocarril en Galiza tanto de persoas como de mercadorías. Está claro que hai demanda masiva, maioritaria no caso da mobilidade persoas, e tena que haber tamén na das mercadorías. E por iso esta iniciativa é para instar a Xunta a dúas cousas: a que pase da oposición á proposición e para que deixe a submisión a Madrid e defenda con firmeza os intereses e as competencias de Galiza en materia ferroviaria.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes.

A verdade é que, señor Balseiro, eu pensei que, coa experiencia parlamentaria que ten vostede, pois non ía empezar a súa intervención. É verdade que ten moi pouquiño que dicir do

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

corredor Atlántico, porque os feitos están aí. Ben sabemos o que fixo a Xunta de Galicia, ben sabemos o que fixo o ministerio cando estaba gobernado polo Partido Popular e ben sabemos o que fixo o Grupo Parlamentario Popular.

Polo tanto, vostede dedicou moitísimos minutos pois a falar dos mantras que hoxe o Partido Popular lles dixo aos deputados que tiñan que vir cada un deles cando subiran a esta tribuna. Eu, de verdade, pensei, señor Balseiro, que vostede ía esquivar eses temas. E, claro, a verdade é que veu co mantra de «*Cataluña nos roba*», veu coa pataleta do señor Feijóo, que anda chorando polas esquinas porque os españois non lle deron a confianza para que sexa o futuro, o próximo presidente do Goberno.

Porque mire, señor Balseiro, eu pídolle por favor, porque sei que vostede leva moito tempo nisto da política, que lle faga o favor ao señor Núñez Feijóo de explicarlle o artigo 99 da Constitución. É moi sinxelo e nel dise como se elixe o presidente do Goberno, *(Aplausos.)* non ten moitos parágrafos. Polo tanto, señor Balseiro, fágalle o favor ao señor Núñez Feijóo de explicarlle, que non é moi difícil, a forma na que está redactado o artigo 99 da Constitución, no que se di como se elixe o presidente do Goberno.

E vostede, claro, nese *totum revolutum*, comparaba as veces que se presentaba Núñez Feijóo para ser presidente do Goberno de España, encabezando esa candidatura do Partido Popular, e dicía que é a primeira vez. Pois eu voulle dar unha primicia neste parlamento, señor Balseiro: todo apunta a que é a primeira e a última vez que Núñez Feijóo *(Aplausos.)* encabezará a candidatura do Partido Popular a ser presidente do Goberno. *(Murmurios.)* Non, non, non se alporicen, non imos ser nós os que lle botemos os coitelos ao señor Feijóo, ten algunha muller aí no seu partido que xa fará os deberes e eu creo que xa está bastante encamiñada. Hoxe o que fixo o señor Feijóo nese non debate de investidura é ver se salva un pouquiño os mobles dentro do seu propio partido, porque a verdade é que lle están a ensinar a porta de saída. Pouquiño tempo durará Núñez Feijóo en Madrid.

E mire, señor Balseiro, vostede dicía: «Señora Otero, podemos falar tamén de infraestruturas na nosa comarca, na comarca da Mariña, pois *pongamos que hablo de la Mariña lucense*». ¿E que me di vostede da VAC costa norte?, por exemplo. ¿Que me di vostede da VAC costa norte, que só ten dous treitos abertos e os dous treitos en ambas as dúas provincias, en Lugo e na Coruña, xa foran licitados e iniciadas as obras polo Goberno do señor Emilio Pérez Touriño? Pois dígame vostede que hai desa VAC costa norte.

E o señor Balseiro dirá: temos tempo de falar desa A-54, que unirá Lugo con Santiago. Si, señor Balseiro, terán que explicar vostedes moito esa parálise por parte da Consellería de Infraestruturas da Xunta de Galicia nesa infraestrutura. Ao mellor con ese suposto delito de deslealdade institucional que quería instaurar o señor Núñez Feijóo, ao mellor a conselleira de Infraestruturas podería ser a primeira imputada por este delito, porque paralizaron intencionadamente esas obras —e xa teremos tempo de falar delas, como vostede dicía—. Vostede empregou moito tempo para non falar do corredor Atlántico, porque ten moi pouquiño ou máis ben nada que dicir.

Vaia por diante que imos aprobar as dúas iniciativas que hoxe traen a debate tanto o Bloque Nacionalista Galego como o Partido Popular. É certo que a do Bloque Nacionalista Galego é

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

moito máis ampla, é moito máis extensa. Niso é verdade, señor Balseiro, que tiña razón vostede, que ultimamente o Partido Popular, o Grupo Parlamentario Popular só trae iniciativas instando o Goberno central, porque iso de instar a Xunta de Galicia por parte do Grupo Parlamentario Popular non debe estar no seu regulamento nin nas normas internas de funcionamento do Partido Popular.

Polo tanto, nós estamos de acordo con que se pida esa integración do corredor noroeste no órgano da Unión Europea que xestiona o transporte de mercadorías do corredor Atlántico. Parécenos que aí a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego é máis completa, porque lles pide ás dúas administracións, tanto ao Goberno central como á Xunta de Galicia, que fagan os deberes nesta materia; dende logo, o Partido Popular só llas pide ao Goberno central.

Pero, independentemente de que estamos de acordo no resto dos puntos que presenta na iniciativa o Bloque Nacionalista Galego, e que moitos deles xa foron debatidos nesta cámara e tamén contaron co apoio do meu grupo parlamentario noutras ocasións, non quero pasar por alto determinadas cousas que se dixeron ao longo das intervencións e tamén na forma na que están redactadas esas proposicións non de lei, que parece que non se fixo nada ao longo destes últimos anos no corredor Atlántico.

É unha falsidade, tamén como se di por parte do Grupo Parlamentario Popular, que o corredor Atlántico noroeste quede fóra da repartición dos fondos da Unión Europea. Non é certa esta afirmación así como está realizada. Unha cousa é que non optara aos fondos do mecanismo Conectar Europa, pero outra cousa é que quede fóra dos fondos da Unión Europea, xa que este corredor opta a outros fondos europeos, como son os fondos de recuperación Next Generation ou os fondos Feder.

Cómpre recordar que Galicia, señor Balseiro, igual que todo o Noroeste peninsular, quedou nun principio excluída do deseño do corredor Atlántico, e non foi ata o ano 2021, por moito que se empeñe o señor Balseiro en querer cambiar a historia e as datas, cando se adheriu ao mapa de pleno dereito. A partir de aí, do ano 2021, coa aprobación do Regulamento 2021/1153, do mecanismo Conectar Europa para o período 2021-2027, no que se ampliou o corredor Atlántico da rede básica transeuropea, é cando se pode priorizar este corredor. E revise, señor Balseiro, quen era presidente do Goberno no ano 2021.

E outro mantra que levan lanzando durante moito tempo é que este goberno non prioriza o corredor Atlántico. Por primeira vez, este goberno equipara o corredor Mediterráneo e o atlántico, tendo o mesmo financiamento, por primeira vez; outros gobernos, nomeadamente o Goberno do Partido Popular, si que priorizaban o corredor Mediterráneo, e ¿que facían vostedes? Caladiños, o Grupo Parlamentario Popular e a Xunta de Galicia.

Mire, nos orzamentos xerais do Estado para o ano 2023 o mesmo financiamento para o corredor Mediterráneo que para o corredor Atlántico; repito: por primeira vez na historia. 1.648 millóns de euros para o desenrolo do corredor Atlántico máis 2.500 que proveñen de fondos europeos. Polo tanto, ambas as axudas axudan a combater os desequilibrios territoriais, por primeira vez, sen enfrontamentos entre os distintos corredores e, por primeira vez, co mesmo financiamento para ambos. Ademais, as previsións son de investir 16.000 millóns

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de euros nos vindeiros anos para este corredor: 12.000 millóns de euros para as obras de novas construcións e 4.000 millóns para as obras de renovación.

Debemos de aproveitar tamén entre todos a oportunidade única dos fondos Next Generation, eses que vostedes boicoteaban e que querían que non chegaran ao noso país.

Polo tanto, por primeira vez, este goberno, este goberno presidido por Pedro Sánchez atende a unha vella reivindicación reclamando para o corredor Atlántico os mesmos investimentos que o corredor Mediterráneo. Pero ¿que pasaba anteriormente cando se priorizaba o corredor Mediterráneo? ¿Como presionaban vostedes o Goberno central para que mudaran esa priorización? ¿Como lla pedían por parte da Xunta de Galicia e do Grupo Parlamentario Popular ao ministerio, naquel momento gobernado polos populares, para que priorizaran tamén o corredor Atlántico?

¿Onde estaba o impulso do Grupo Parlamentario Popular, da conselleira de Infraestruturas, tan vehemente á hora de pedirlle agora ao Goberno central e que antes estaba caladiña? ¿Onde estaban esas medidas de presión? Nós somos moi distintos. Pedímoslle ao Goberno en Madrid independentemente de quen estea a presidilo en todos os momentos. *(Aplausos.)*

Miren, tres compromisos claves do Goberno presidido por Pedro Sánchez para esta infraestrutura: os orzamentos —como lles dicía— no mesmo nivel que o corredor Mediterráneo, foi nomeado un comisionado e tamén vai existir un plan director para este corredor.

Ese comisionado, do que falaba o señor Balseiro, que dicía que non sabía para que valía, pois para o desenvolvemento precisamente deste corredor Atlántico. Así, o ministerio creou unha delegación permanente para o impulso e seguimento do corredor Atlántico, tanto do estado das infraestruturas como das políticas deste goberno, en alianza con Europa, destacando as conexións con Portugal e con Francia. O obxectivo é así axilizar o despregamento de infraestrutura e dos seus servizos para potenciar o transporte de mercadorías por tren en España e as conexións con Europa. E instamos este comisionado para que axilice e coordine o impulso a esta infraestrutura e singularmente a presentación dos proxectos susceptibles de financiamento europeo.

Ese plan director —que tamén dicía o señor Balseiro que non sabe para que servirá, que a data está dita en outubro e aínda non estamos en outubro, polo tanto non podemos dicir que se incumpriu o compromiso do Goberno central— servirá para completar e ampliar a rede e mellorar os servizos ferroviarios, ademais de impulsar as mercadorías como eixe fundamental, e coordinará as actuacións que se acometerán na rede de ferrocarril para dotala de fiabilidade e seguridade e ampliar os tráficos.

Moitas veces dise nesta cámara que imos con moito atraso en relación co corredor Mediterráneo; é certo. Os acontecementos están aí e a culpa dende logo foi do Partido Popular, que durante moitos anos non fixo nada e non fixo unha aposta decidida por este corredor Atlántico.

Pero o que é certo —e xa llo dixen en anteriores ocasións, señor Balseiro— é que precisamente o coordinador europeo do corredor Atlántico non di iso que din vostedes de que o Go-

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

berno central está a abandonar o corredor Atlántico. Di literalmente: «Creo que en xeral os dous corredores, mediterráneo e atlántico, se están a desenrolar e progresar ben e creo que o Goberno español presta a mesma atención aos dous corredores». Non o di este grupo parlamentario, senón que o di precisamente o coordinador europeo do corredor Atlántico.

Fálase tamén na iniciativa do Bloque Nacionalista Galego de que se reúna o sector do transporte de mercadorías de cara a ese documento de Mercadorías 30, de autoestradas ferroviarias. Nós cremos que é necesario, porque non se pode perder a oportunidade. É certo que a este documento, que se presentou a exposición pública por parte do ministerio en outubro do ano 2021, non se recibiron alegacións de suxestións para modificar este documento de Mercadorías 30, de autoestradas ferroviarias. Cómpre recordar que este documento foi elaborado en base a un documento do ano 2015, elaborado polo propio Goberno do Partido Popular, pero é un documento que, como non está pechado, é preciso —e nós concordamos aí co Bloque Nacionalista Galego— que traballen as administracións xunto cos axentes do transporte de mercadorías que acrediten ese interese empresarial para que poidan estar incluídas nese documento de Mercadorías 30.

Non é correcto considerar que esta estratexia deixa fóra do mapa de autopistas ferroviarias Galicia, Asturias e Castela-León; a nós o que nos interesa é a parte de Galicia —repito—. En calquera caso, a relación de corredores recollida en Mercadorías 30 non é excluínte doutras posibles rutas nas que aparecese un interese comercial para o desenrolo dos ditos servizos.

Polo tanto, tamén no marco deste documento Mercadorías 30 a comezos do ano 2022 se ten creado por parte de Adif unha oficina de apoio e asesoramento sobre autopistas ferroviarias para facilitar o apoio ás empresas do sector que están interesadas na posta en marcha destes servizos que sirva de asesoramento en materia de viabilidade técnica, económica, xestión de sucos, dispoñibilidade de vagóns, axuda financeira etc., e calquera operador que teña un interese potencial de prestar servizos de autopistas ferroviarias ten pleno acceso á dita oficina.

Polo tanto, como non é un documento pechado, entendemos que é necesario que por parte das administracións, e nomeadamente do propio sector, acrediten ese interese empresarial para que Galicia poida tamén estar incluída neste documento de Mercadorías 30.

Polo tanto, como dicía, nós imos votar a favor das dúas iniciativas que hoxe veñen a debate. Anteriormente tamén o Partido Popular trouxo a debate recentemente outra iniciativa relativa ao corredor Atlántico; nós votamos a favor, pero pediamos tamén á propia Xunta de Galicia que ten deberes pendentes nesta materia que servirían para mellorar este corredor, para que este corredor Atlántico sexa unha realidade máis pronto que tarde.

Falaba o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará, dese porto seco de Monforte. ¿Cantos anos levamos pedíndolle ao Goberno da Xunta de Galicia que remate ou que poña en funcionamento por unha vez eses accesos? Señor Balseiro, non se ría. Foi inaugurado no ano 2014. ¿Que fixeron dende o ano 2014 para que o porto seco de Monforte sexa unha realidade?

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, está ben pedirlles a outras administracións, pero tamén estaría ben que nalgún momento lle pediran algo á Xunta de Galicia, que tampouco creo que se vaian enfadar con vostedes porque lle pidan algo que leva tantísimos anos de atraso.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Réplica, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Señora Otero, por empezar por vostede, que foi a que acabou. Eu creo que vostede do corredor Atlántico pouco falou, falou de todo, e díxome que lle explicara ao señor Feijóo, e hai uns días coincidín con el e tamén o señor Feijóo me dixo que lle explicara a vostede, especialmente a vostede —e créame, sen ningunha acritude, porque sei que sabe que lle teño un bo aprecio e que ademais considero que vostede é unha boa persoa—, que na súa provincia —que é a miña—, a provincia de Lugo, foi a provincia de España onde maior apoio tivo o señor Feijóo. *(Aplausos.)* Foi a única provincia que pasou do apoio do 50 por cento e foi a novena provincia de España onde peor resultado tivo o Partido Socialista. E o resultado final foi o seguinte: Partido Socialista, dous representantes en Madrid; Partido Popular, seis representantes en Madrid. *(Aplausos.)* Pero é, que ademais, vostedes traían o Messi, que xogaba na Champions, e agora conseguimos metelo na rexional. E vostede xa non xoga, que ía de segunda. *(Murmurios.)* El da Champions baixámolo a rexional e a vostede conseguimos que non pasara de Pedrafita, xa non xoga. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Señorías, señor Bará, falou vostede de case todo. Benvida, señora líder do Bloque Nacionalista Galego. Señor Bará, falou vostede de case todo. Pero eu téñolles que dicir que o único que non se entera aquí é vostede, o seu partido, porque dixo vostede da exclusión de Galicia e do órgano xestor ferroviario, do cal vostedes non rexistraron ningunha iniciativa sobre ese tema ata o 24 do 8 do ano 2023. Vostede, sempre a rebufo do Partido Popular. E se o sabían desde a época do Goberno de Rajoy, ¿por que non rexistraron ningunha iniciativa, ¡home!?

Pero é que, ademais, mire, e isto si que é o engano, porque a vostede fíxenlle unha pregunta e díxenlle que lle aportara a Galicia o apoio que vostedes lle fixeron a Zapatero, o pacto de Ana e Adriana, que o teño aquí. *(O señor Balseiro Orol mostra un documento.)* Mire o que dicían vostedes no pacto de Ana e Adriana, na páxina 3: «actuar sobre a rede ferroviaria de mercadorías corredor Atlántico en Galicia, presentando proxectos que permitan acceder aos fondos europeos», dos cales nos deixaron sen un euro. ¿Que lle parece? Vouno deixar aquí, se o presidente mo permite, *(O señor Balseiro Orol deixa un documento no estrado.)* porque a vostedes hai que recordarlles estas cousas, porque están vostedes moi fráxiles de memoria.

E, señorías, non hai nin un só galego —fíxense ben—, nin un só galego que circule polas estradas estatais ou colla un tren en Galicia que non teña claro que o compromiso do Goberno

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de Pedro Sánchez é totalmente contraproducente coas infraestruturas de Galicia. Eu diría que é lesivo para os intereses de Galicia, e así o diremos cantas veces sexa necesario alí onde sexa posible, ata lograr un cambio de actitude.

E para entender isto, señor Bará, non lle fan falta pinganillos, porque tamén aquí falou en castelán un ratiño a señora Otero; eu xa estiven a punto de dicir: non, é que me fai falta un pinganillo, pero non. *(Risos.)* Nós falamos en Galicia galego e se imos a Madrid falamos castelán, para que nos entenda todo o mundo; *(Murmurios.)* si, si, para que nos entenda todo o mundo.

Vostedes, os nacionalistas, sempre que teñen que elixir entre Galicia e Sánchez, sempre elixen a Sánchez. Non sei se Sánchez lles fala a vostedes en galego, ¡eh! É dicir, a vostedes tíralles moito máis a hoz e o martelo que o compromiso de defender a Galicia.

E vólvolle preguntar, señor Bará, que vostede vai subir á tribuna do Parlamento: ¿pódelles explicar aos galegos —non aos deputados do PP— de que serviu a Galicia o apoio do Bloque Nacionalista a Sánchez? Pregúntelle á persoa que ten á súa dereita, que llo pode explicar, que foi quen firmou. *(Murmurios.)* É dicir, o Bloque Nacionalista Galego tolera, un tras outro, que se incumpran todos os puntos do pacto de investidura e non ten consecuencias. E agora vostede estanos pedindo, no punto 5, que se cree unha comisión de seguimento que vele polo impulso do ferrocarril. E fágolle outra pregunta: ¡Oia!, díganme de que valeu a comisión de seguimento do pacto de investidura que constituíu o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, que non se cumpriu nin un só punto; dígame de que valeu.

¿Que pasou coas peaxes da AP-9?, que dicían vostedes. Convertémola na autoestrada máis cara de España ¿Que pasou co que dicían vostedes da modernización do ferrocarril que prometeron? Non existe. ¿Que pasa coas estradas nacionais, que están cheas de fochancas? Iso é o que teñen que explicar.

¿Que queren vostedes? ¿Vostedes queren outro chiringuito para que a señora Pontón faga a foto? Pois para iso non conten co Partido Popular, que nós somos moito máis serios que todo iso; para iso non conten. E no resto xa lle digo que podemos chegar a un acordo. Podemos chegar a un acordo e podemos defender a presenza do corredor Atlántico noroeste no órgano que xestiona o transporte de mercadorías, porque coincide coa nosa iniciativa. Este parlamento xa pediu noutras ocasións aprobar o plan director, no que Galicia está presente, e que Galicia estea presente na rede de autoestradas ferroviarias. E tamén a favor de pedir os investimentos para modernizar o ferrocarril.

Polo cal, señor presidente, nós non teriamos ningún problema, dos cinco puntos que ten o Bloque Nacionalista Galego, en aceptarlles catro como engádega. Loxicamente, o da comisión non, porque poñelos a vostedes nunha comisión é un perigo. *(Risos.)* Bueno, pero podemos transaccionar, *(O señor presidente:* exactamente; iso si.*)* quero dicir, podemos transaccionar, señor presidente. Vostede e mais eu, e a señora Pontón, que xa levamos un tempo aquí, xa sabemos como funcionan estas cousas; podemos transaccionar.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Digo que levamos un tempo, porque, ás veces, hai xente que pensa que levamos menos, pero é certo que levamos un tempo. Eu recoñezo [inaudible]...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Non vaia por ese lado, que iso non procede.

O señor BALSEIRO OROL: Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Véxoo un pouco obsesionado, señor Balseiro; debe ter vostede pesadelos todos os días co BNG e con Ana Pontón, porque a verdade é que..., en fin. *(Murmurios.)*

Mire, vostede é un político veterano e ten moitas táboas. Recoméndolles que miren os rexistros, porque, se miran os rexistros, verá que o BNG sobre o tema de ferrocarril e sobre o tema do corredor Atlántico presentou numerosas iniciativas e tróuxoas aquí a debate na pasada lexislatura —vostede ao mellor non estaba por aquí—, na pasada lexislatura e nesta; nesta lexislatura tróuxoas en numerosas ocasións; sobre este tema, este ano, tróuxoas en varias ocasións, e, se non, mire vostede o rexistro. ¿Sabe cal é a diferenza? Que o BNG as traia na pasada lexislatura e mais nesta, pero vostedes só a partir do ano 2018, porque ata daquela dicían «si, bwana » porque estaba gobernando o Partido Popular en Madrid, *(Aplausos.)* e dicían «si, bwana», cando Galiza estaba excluída do corredor Atlántico, señor Balseiro. Esa é a diferenza.

E como está tamén vostede moi interesado en facernos interpelacións —aínda non somos o Goberno, pero xa nos fai interpelacións—, e está vostede tamén instalado no negacionismo, voulle explicar unha cousa: non desprece os miles de galegos e de galegas que todos os días teñen un desconto na peaxe da AP-9, xa que pagan só a viaxe de ida e non pagan a viaxe de volta, grazas a un acordo impulsado polo BNG; *(Aplausos.)* un desconto histórico nas peaxes da AP-9 como nunca se dera, porque con vostedes o que pasou foi que subiron as peaxes e incrementaron a concesión vinte e cinco anos, e, por iso, desde este mes de agosto, os galegos e as galegas estamos pagando todos os días as peaxes da AP-9. Iso é o que lles debemos a vostedes, ao Partido Popular do señor Aznar; *(Murmurios.)* iso é o que lles debemos a vostedes: subida das peaxes, co BNG baixada. E grazas ao BNG, falando de ferrocarril, tamén se impulsou a mellora do ferrocarril entre Ourense e Lugo; ese tamén foi un punto do acordo de investidura, e, para iso, está o BNG: para acordos que beneficien os galegos e as galegas.

Miren, vostedes veñen aquí con moita bravuconería, pero faltoulles a bravuconería cando gobernaban os seus, como lles dixen: *(Aplausos.)* cando Galiza quedou excluída do corredor Atlántico; cando o Goberno do señor Rajoy e da señora Ana Pastor aprobou o maior mazazo ferroviario que se aprobou nunca contra o ferrocarril galego, isto é, a supresión de cento seis trens á semana, de 1.776 paradas, o peche de vinte estacións. Estaba gobernando o Partido Popular, e vostedes dicían «si, bwana». ¿E agora veñen vostedes aquí defender o ferrocarril? Vostedes non teñen ningunha credibilidade en materia ferroviaria

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

porque foron os maiores inimigos do ferrocarril galego cando gobernaron en Madrid. *(Aplausos.)* ¡Así de claro, señor Balseiro! E por se isto non fose suficiente, e xa o que os descualifica en absoluto, é que vostedes foron incapaces —seguro que tamén lles deron unha orde de Madrid— de desenvolver as competencias que están no Estatuto en materia ferroviaria, cando houbo un acordo neste Parlamento de todos os grupos políticos para crear un ente ferroviario galego. Vostedes fixeron a convocatoria e gardárona nun caixón; iso é o que fan vostedes polo ferrocarril galego. Son incapaces de desenvolver as competencias que están no Estatuto.

Miren, efectivamente, nós ímoslles propoñer unha proposta de acordo de transacción; cremos que nesa proposta debe estar a Comisión de Seguimento —¿que problema hai?—, igual que se debe convocar os axentes do transporte de mercadorías para defender os intereses do país. Pero, ¿que problema hai en crear unha Comisión de Seguimento que vele polo impulso do ferrocarril de mercadorías e polo cumprimento da planificación e da execución dos proxectos do corredor noroeste da cohesión con Portugal? É que vostedes temen a transparencia e a participación dos axentes sociais e das forzas políticas, nunha Comisión de Seguimento. Non vexo realmente o problema.

Remato xa. Evidentemente, o futuro de Galiza pasa polo desenvolvemento do ferrocarril, do ferrocarril de mercadorías, pero hai que ir máis alá: precisamos dunha estratexia de transporte e de loxística que responda ás necesidades e aos intereses do país; nesa estratexia ten que estar, desde logo, a modernización das infraestruturas. O comisario europeo, señora Otero, estaría encantado no seu momento do corredor Atlántico, pero do corredor Atlántico que vai de Algeciras a Madrid, a Medina del Campo e a Media de Ebro, e a Francia; non do corredor Noroeste, que está no absoluto abandono e nin sequera sae nos mapas. Tamén é necesaria a conexión cos portos. Temos tres portos de interese xeral que aínda non están conectados co ferrocarril, e falta esa estratexia marítima da que falei antes. Falta o desenvolvemento das plataformas loxísticas, a PLISAN e o porto seco, que están paralizados. Son auténticos ermos por responsabilidades do Goberno do Partido Popular en Madrid e tamén do Goberno do Partido Socialista. E falta que a Xunta desenvolva un departamento ferroviario, porque, paradoxalmente, temos unha Dirección Xeral de Mobilidade, que é unha dirección parcial de mobilidade porque só se dedica ao transporte por estrada; de ferrocarril non quere saber nada, cando é tan importante desenvolver a cultura ferroviaria neste país.

Polo tanto, señores e señoras do Partido Popular, abandonen o inmobilismo, deixen de estar paralizados mirando para Madrid, agardando as ordes que lles dan desde Xénova. O tren do futuro xa está aquí, a locomotora do progreso de Galiza xa está en marcha. É imparábel. Deixen paso.

Grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Cristina Sanz Arias e seis deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno central co obxecto de que adopte as medidas axeitadas para as necesidades do desenvolvemento da industria electrointensiva

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Noa Presas Bergantiños e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Demandar do goberno do Estado español que aprobe, con carácter inmediato, un marco de subministración eléctrica competitiva, estable e predicible para a gran industria consumidora de enerxía que contemple adecuadamente o carácter altamente intensivo en enerxía do tecido produtivo galego, a súa contribución ao sostemento da seguridade enerxética e o papel produtor excedentario neto de enerxía de Galiza xunto coa súa contribución á descarbonización no avance das renovables no mix.

2. Demandar do goberno do Estado español a aplicación da contía máxima das compensacións por custos indirectos de CO_2 que permita a Unión Europea para non incorrer nunha perda de competitividade directa respecto doutros países que si esgotan esa marxe.

3. Remitir ao Parlamento galego un informe orzamentario e de avaliación dos resultados do presunto "Plan para a industria electrointensiva" aprobado pola Xunta de

Galiza en xullo de 2020 de cara a que a Cámara poida impulsar medidas adaptadas ao actual contexto socioeconómico.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Rodríguez Pérez.

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: Grazas, presidente.

Señorías, boa tarde.

Esta xa é a última PNL do día. Eu quería dar a benvida á señora Pontón, non sei se a este Parlamento ou á terra, porque eu creo que vostede estivo de viaxe astral todo o día. O Bloque Nacionalista Galego está moi preocupado e os socialistas están preocupados porque o presidente da Xunta está hoxe en Madrid; e a resposta é porque o presidente da Xunta é o re-

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

presentante do Estado en Galicia, *(Unha señora deputada:* ¡Claro!*)* e fai moi ben en estar onde ten que estar, pese a todos vostedes. *(Aplausos.)*

Lamentablemente, señorías, toca volver falar da industria electrointensiva galega. *(O señor Rivas Cruz e outras persoas deputadas pronuncian palabras que non se perciben.)* Recomendámoslle paciencia, señor Mini, paciencia, *(O señor Rivas Cruz volve pronunciar palabras que non se perciben.)* paciencia, e solucións de quen ten a capacidade de solucionar este problema. *(Murmurios.)* Este grupo parlamentario non se cansará de traer este importantísimo tema a este Pleno, unha e mil veces, ata que o consigamos solucionar.

Para nós, o Grupo Parlamentario Popular, resulta imprescindible, porque, despois de tanto tempo, desde que comezou o conflito de Alcoa, non hai enriba da mesa —señores socialistas e nacionalistas— ningunha solución que permita resolver o grave problema destas industrias: as máis electrointensivas de Galicia. Xa pasou máis dunha campaña electoral desde que o Goberno do Estado prometese solucións a este problema, desde que o ministro de Enerxía prometese solucións para as empresas electrointensivas. Pero pasan os anos e as promesas seguen sen cumprirse. Será porque vostedes probablemente cambiaron de opinión. Galicia precisa de ferramentas e de que a súa industria traballe en igualdade de condicións que as súas competidoras europeas.

Exiximos con alta claridade, a aprobación, con carácter inmediato, dun marco eléctrico competitivo, estable e previsible. Non queremos máis promesas, queremos solucións para Galicia e as súas empresas, e para os traballadores. É fundamental para poder competir en igualdade de condicións, por tanto, pedimos sensibilidade e cumprir a palabra dada.

Temos a grandísima sorte de contar na nosa comunidade cunha industria punteira, Alcoa San Cibrao, a única fábrica de aluminio primario de toda España; unha industria clave de produción dun metal indispensable que cada ano aumenta a súa utilización e que, ademais de ser lixeiro ao cen por cento, é reciclable, e, indiscutiblemente, conta con innumerables aplicacións na vida diaria; unha industria, señorías, a do aluminio, que compite a nivel europeo, pero tamén a nivel mundial con China, que é o maior produtor deste importante metal.

Con esta introdución, o que pretendo é poñer a relevancia e a importancia desta empresa, única en España, que dá emprego a máis de mil cen persoas de forma directa, e de forma indirecta, a outras cinco mil. Estamos sumamente preocupados ante a falta de resposta dun Goberno ante a próxima finalización dunha conta atrás, que, por desgraza, non para; un Goberno central, que di moitas palabras, pero realiza poucos feitos. Como diría o gran Balseiro: «moito pico e pouca pa». Este grupo parlamentario amosou, desde o primeiro momento, a súa preocupación pola solución do problema desta industria, cuxa orixe está no prezo da electricidade. Mal que lles pese aos señores da bancada da esquerda, son vostedes os únicos que teñen a competencia na Administración central, señora Rodríguez Rumbo, e, polo tanto, teñen que poñer a solución ao problema: menos pico e máis pa. Con esta PNL reiteramos o noso compromiso con Alcoa e con todas as empresas de Galicia. O Goberno do Estado, que con tanta vehemencia defende esta bancada da esquerda, os socialistas co apoio sempre útil e submiso do BNG. Na crise dos altos prezos da enerxía vostedes son cómplices, son cómplices sen dar ningunha solución, grazas á súa incapacidade de tomar ningunha solución.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señorías, por favor, que ninguén bote a culpa á guerra de Ucraína, iso xa vén de atrás. A guerra de Ucraína vale para todo. Non podemos quedar de brazos cruzados, esperando solucións que nunca chegan; debemos tomar decisións e pasar á acción en defensa dos dous millóns de postos de traballo que perigan. Temos ferramentas gobernamentais para garantir a viabilidade da grande industria consumidora de enerxía, por exemplo, as subvencións dos custos de compensación por emisións de CO_2, que é precisa e legalmente viable, incrementar a dotación máxima permitida pola normativa europea, como sucede en Alemaña, que reciben subvencións do cen por cento, xa que, por decisión do seu Goberno, dedica o vinte e cinco por cento dos ingresos das poxas para a asignación dos dereitos de emisións de CO_2.

Señorías da bancada da esquerda, copiemos dos mellores da clase, non dos peores. A nova convocatoria de 2023 de España foi decepcionante: douscentos corenta e catro millóns de euros, que admite a posibilidade de ampliar a catrocentos cincuenta millóns. ¿Por que non toman dunha vez a decisión? Por outra banda, o sector da conxelación segue esperando a que o Goberno do Estado aprobe unha nova metodoloxía para poñer fin á incerteza reguladora. Ademais, o Goberno do Estado ten pendente a convocatoria das poxas para adxudicar mil douscentos megawatss. ¿A que esperan, señora Rodríguez Rumbo?; ¿a que esperan?

O pasado 8 de xullo deste ano, o Goberno publicou no BOE a convocatoria das subvencións; outra mala noticia. A cantidade total das axudas reduciuse respecto ao inicialmente presupostado; optouse por ampliar o número de consumidores que teñen dereito a ser electrointensivos, ou sexa, repartimos a mesma cantidade entre máis, isto é, toca menos. Non hai que ser moi espabilado. O lóxico sería intensificar os apoios a aqueles consumidores que son máis electrointensivos.

Señorías, o magnífico Goberno central, en mans de Pedro Sánchez, ao cal a bancada da esquerda defende ata o infinito e máis alá, segue coa incapacidade de atopar un paquete de medidas. ¿Por que non o fan? Necesitamos solucións, un prezo eléctrico competitivo, estable e predicible.

E todo isto, dous anos despois de que se aprobase o tan anunciado Real decreto 1106/2020, do 15 de decembro, polo que se regula o Estatuto dos consumidores electrointensivos. Señorías, non foi máis que outro golpe para a industria española e galega, aumentando o risco de deslocalización industrial e de destrución de emprego, principalmente daquelas de gran consumo; por iso insistimos... *(A señora Rodríguez Rumbo fai un xesto coa cara.)* —non poña esa cara, señora Rodríguez Rumbo; non se aburra, é moi interesante o tema e é necesario— con esta PNL na nosa proposta, que di o seguinte —esperemos chegar a un acordo—: *(O señor Rodríguez Pérez le unha parte da iniciativa mencionada.)* «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para solicitarlle que aprobe, con carácter inmediato —non hai tempo que perder—, un marco de subministración eléctrica competitiva, estable, e, sobre todo, predicible, para a grande industria consumidora de Galicia.»

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Pérez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Boa tarde.

Señor Rodríguez, non sei se estaba vostede tan emocionado, pensando na galaxia e nos extraterrestres, que non sei se foi un lapso, e quería dicir que o señor Rueda era o representante de Galiza no Estado; a min pareceume entender que era o representante do Estado en Galiza. Niso ten razón porque, desde logo, a Galiza non a foi representar ninguén hoxe no debate de investidura *(Aplausos.)* nin o autodenominado «señor dos Peares» nin tampouco o presidente da Xunta, pero non se preocupen, xa que, afortunadamente, mañá continúa o debate, e haberá quen falará das alternativas que precisa Galiza e da experiencia, que xa temos aquí, do mal que nos vai coa política do señor Feijóo; non se preocupen, que mañá Néstor Rego xa fará ese papel. *(Murmurios.)*

(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)

En todo caso... Si, non sei se só pode comentar vostede a actualidade do Estado, señora Prado. *(A señora Prado del Río volve pronunciar palabras que non se perciben.)* Déixeme falar.

O señor PRESIDENTE: Si, silencio, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Si, si. Xa aprendemos escoitando o señor Moisés; parecía que vostedes declararan a independencia xa, pero déixeme continuar se fai o favor. *(A señora Prado del Río continúa a pronunciar palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: En todo caso, eu, neste inicio de curso político, tiña así a intención —setembro é en certo modo como o Aninovo, xa que todas e todos nos poñemos propósitos— de pensar ben do Partido Popular, e a verdade é que ao ler a iniciativa do grupo propoñente, pois, preguntábame se estaría, por fin, o Partido Popular realmente preocupado pola enerxía intensiva deste país; pero, desde logo, dubídoo porque veu vostede aquí con cero propostas sobre o que podería facer a Xunta de Galiza. Non sei que vai facer coa nosa proposta de emenda, na cal pedimos que dean conta dese Plan de industria electrointensiva de 2020, do cal aprobaron exactamente cero euros e cero medidas. En todo caso, aínda hai escasos días que o Bloque Nacionalista Galego preguntaba ou quería preguntar, por exemplo, na Comisión de Industria, pola situación de Ferroatlántica, e o que fixo o Goberno galego foi aprazar a resposta, cando ten competencia directa no problema desta empresa. ¿Por que? Porque non teñen resposta, porque non queren dar máis resposta neste país que poñer unha alfombra vermella ao *lobby* eléctrico; por iso desconfiamos desa preocupación que vostedes din ter, señor Rodríguez.

Preguntábame tamén, se, por fin, o Partido Popular caería da burra e estaría preocupado polo impacto dos prezos enerxéticos no noso país, e, máis aínda, cando o Banco de España

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

acaba de alertar de que cara ao ano 2024 continuará a inflación, especialmente por cuestión dos prezos enerxéticos. Dubídoo, porque, se así fose, vostedes si que aterrarían neste planeta Terra, e asumirían que este país, que está especializado en produción enerxética, debería ter a cambio algún beneficio, isto é, deixarían de vetar, unha e outra vez, as iniciativas que demandan iso, señor Rodríguez; polo tanto, permítame pensar que, efectivamente, para aproveitar iso non habería que ser moi espabilados —como vostede di—, pero o Goberno galego continúa aínda sen espabilación.

En todo caso, despois desa reflexión, a miña conclusión foi bastante clara: este debate volve cunha formulación máis xenérica que nunca e non porque o Partido Popular, de súpeto, estea preocupado intensamente polo que poida acontecer na nosa industria, senón porque temos un Partido Popular que, efectivamente, está cambiando, pero está cambiando para peor, ou, máis ben, xa non é que sexa un cambio; poderiamos dicir que é unha decadencia porque xa pasan vostedes de facer demandas e formulacións concretas —que, ademais, nesta cuestión, temos desatado grandes unanimidades neste hemiciclo de demandas concretas ao Goberno do Estado—, e xa directamente pasan á formulación de iniciativas, que eu denominaría de «paz mundial». Vostedes declaran aquí un desiderátum, que haxa un marco estable, como quen pide a paz mundial.

Sobre o papel, señor Rodríguez, non hai nada que obxectar; é unha formulación tan xenérica que todas e todos poderiamos estar de acordo. ¿Cal é o problema? Que vostedes son un Goberno; son un Goberno e deberían exercer como tal, e deberían asumir que este país e a súa industria electrointensiva pesa un oito por cento no Estado, que máis do cincuenta por cento da enerxía que se consume en Galiza é por parte desta industria, e que somos un país non só produtor, que, no último ano —con datos da Rede eléctrica de España—, exportou o corenta por cento da enerxía eléctrica neta ao resto do Estado, senón que somos líderes en renovables: o sesenta e cinco por cento do *mix*, e, ademais, incluso, no ámbito industrial, reducimos emisións. Polo tanto, o que deberían facer é defender os intereses deste país con cuestións concretas e que ese papel sexa, por fin, algo que nos dea vantaxes competitivas, pero non, vostedes prefiren seguir sendo ese Partido Popular en decadencia, que, calquera día, trae directamente iniciativas de tres palabras e sen menor concreción aínda, porque están vostedes desnortados, señor Rodríguez, porque non teñen unha soa alternativa e porque o que queren é tapar a cuestión de fondo: que son vostedes corresponsables desta situación, non só porque vostedes deseñaron o marco eléctrico do Estado español no ano 1997 e no ano 2013, senón porque son responsables dunha crise industrial á cal buscan responsables, pero da que son vostedes tremendamente partícipes, e, fronte a iso —como dicía antes o seu voceiro—, efectivamente, dato mata relato, e voulle dar uns cantos que non son do Bloque Nacionalista Galego, senón de organismos estatísticos e de foros de estudo económico. Por exemplo, onte, sen ir máis lonxe, coñeciamos os datos máis recentes do índice de prezos industriais. Cae en termos de variación interanual desde o inicio de ano; isto dio o IGE, non o di o BNG. Por exemplo, ¿que pasa co índice de produción industrial? No que vai de ano está caendo; hai diferencial con respecto ao do Estado español. Por exemplo, a semana pasada coñeciamos o informe do Idega, do cal xa se falou hoxe neste hemiciclo, respecto da economía galega no ano 2022. ¿E que nos di ese informe? Di literalmente: *(A señora Presas Bergantiños le unha parte do informe referido.)* «Galiza non é quen de recuperar os niveis anteriores á crise sanitaria e está aínda en niveis de 2015»; di literalmente: *(A señora Presas*

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Bergantiños continúa a ler unha parte do informe referido.) «Trúncanse as expectativas e o impulso positivo non se mantén no ano 2022». Dio o Idega —insisto—, non o BNG.

¿Que pasa se imos ao número de empresas e ao número de empregos, señor Rodríguez? ¿Tomouse vostede a molestia de mirar iso? Podería ver entón que, desde o ano 2008, se había quince mil trescentas cincuenta empresas do subsector de industria e enerxía, no ano 2022 temos case tres mil setecentas menos. Canto aos empregos, desde o ano 2009, tamén se destruíron máis de sete mil empregos neste ámbito. E iso dio o Consello Económico e Social do case extinto señor Hernández; non o di o BNG, dio o informe do CES do ano 2022, que acaba de saír tamén hai escasamente un par de meses.

¿Cal é a evolución da industria do noso país, esa grande economía que vostedes din fomentar? Acaba de saír este venres o anuario do Foro Económico de Galiza, nada sospeitoso de ser patrocinado polo Bloque Nacionalista Galego; está patrocinado, de feito, por outras empresas, por outras universidades e teñen vostedes un exdeputado ilustre que é membro. ¿Que nos di ese Foro Económico? Galiza caeu seis postos en termos de competitividade europea, perdeu posicións no Estado, perdeu posicións respecto de Portugal; fala de falta de planificación e de aproveitamento dos fondos europeos, de declive industrial en Galiza mentres o Estado avanza. Iso dio o Foro Económico de Galiza, non o di só o BNG.

Polo tanto, esa é a realidade obxectiva. E a realidade obxectiva é tamén que marco hai para as axudas electrointensivas. Nós estamos preocupados e preocupadas porque, efectivamente, muda a consideración de electrointensivas, e non se muda a favor das demandas de Galiza —que nós tamén apoiamos e tamén trasladamos—. Recórdolle que, de feito, alegamos antes que a Xunta de Galiza o Estatuto de electrointensivas. Non se contempla a realidade específica das máis altamente intensivas.

Agora ben, tamén hai máis cuestións que poñer enriba da mesa. Podemos estar de acordo outra vez, e metémolo na nosa emenda, con que se inclúa esa categoría e que se pida, ademais, ao Estado, esgotar a marxe de financiamento para que non haxa competencia doutros países da Unión Europea. Pero o que fan vostedes aquí con esta iniciativa é intentar tapar o que é importante, isto é, que estamos nun momento de cambio de modelo enerxético e industrial e que Galiza ten algo que outros puntos do Estado non teñen e que vostedes non queren aproveitar, única e exclusivamente, porque son un Partido Popular cada vez máis absolutamente centralista, e non se atreven a dicir, xa nin coa boca pequena, que, se Galiza produce, ten que ter a cambio algún beneficio, e ten que ter un abaratamento da factura. Son vostedes —insisto— un Partido Popular que vai a peor.

Eu non sei se recordan quen era «eme punto Rajoy»; ¿recordan quen era ese señor? Foi un presidente do Goberno do Estado —creo—, do Partido Popular, que negociaba con independentistas, negociaba co PNV e pactou unha tarifa máis barata para a industria do País Vasco; polo tanto, aprendan a copiar as súas prácticas e fagan valer este país. Representen Galiza no Estado e defendan unha tarifa eléctrica galega porque esa é a alternativa para que a nosa industria sexa máis competitiva, que é que polas externalidades negativas da produción poidamos ter unha vantaxe competitiva.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mentres, o que seguirán facendo neste hemiciclo é posturear, perder oportunidades históricas, non espabilar, efectivamente —como dicían vostedes—, estar noutro planeta, no planeta no que Galicia perde posicións no lugar de aproveitar o que ten ao seu favor para poder crear emprego industrial, para poder ter valor engadido e para poder ter un futuro.

Polo tanto, apelo a que teñan, cando menos, un pouco de seriedade e acepten eses tres puntos da emenda do BNG: pedir que se estendan as axudas ao máximo, pedir que se considere o carácter altamente intensivo en enerxía e o papel produtor de Galiza, e, en terceiro lugar, tamén, exercer de Goberno galego, porque estamos esperando ese plan de electrointensivas, á parte dunha rolda de prensa absolutamente lamentable de dous exdeputados e excargos do anterior Goberno. ¿Que foi?; ¿que foi? Desde o ano 2020 cero resultados, cero orzamentos e cero medidas, mentres este país perdu empregos industriais.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señores e señoras deputadas.

Miren, señores do Partido Popular, ¿saben vostedes o que se nota? Que están vostedes desesperados porque non van gobernar España. Vostedes pensaron que tiñan un merlo branco que ía arrasar coas súas mentiras, e realmente a realidade díxolles —como nos dixo a todos os españois e a todas as españolas— que o que teñen é unha gaivota, unha gaivota máis do Partido Popular. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

Miren, señores e señoras do Partido Popular...*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...pero non vai ser presidente... *(Balbordo.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non vai ser presidente. Moi ben.

Pois mire, señor Balseiro, aos socialistas faltounos unha semana para acabar de desmentir todas as mentiras do señor Feijóo e acadar a maioría dos votos, a maioría dos votos, e si teriamos, e si teremos, conformado un Goberno. Señor Rodríguez, alegrámonos de que o señor Rueda estea en Madrid porque as penas compartidas, ás veces, son menos penas, *(Risos.)* e está ben que os amigos estean para ver como cae derrotado nesa investidura fallida do señor Feijóo, que está desenvolvéndose estes días no Congreso dos Deputados e das Deputadas.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E mire, señora Freire, é bastante perigoso empregar esa expresión de «fraude electoral» porque eu non sei se vostede quere dicir que os case 7,8 millóns de españois e españolas que votamos o Partido Socialista cometemos algunha fraude; *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ou se vostede non se entera de que para ser presidente ou presidenta do Goberno ten que acadar unha maioría parlamentaria.

Mire, mal que lles pese, Pedro Sánchez foi un dos mellores presidentes que tivo España. *(Risos.) (Murmurios.) (Aplausos.)* ¡Mal que lles pese! E seguirá gobernando para incrementar dereitos, para construír unha sociedade máis igualitaria, máis moderna, e cun presente e cun futuro certo, onde cabemos todos e todas; unha cuestión que o Partido Popular non acaba de entender.

Miren, señores do Partido Popular, resulta bastante curioso que o PP nunca asuma os resultados na democracia cando perde nas urnas, cando non gobernan —cando non gobernan—. *(Murmurios.)* O PP só tira da Constitución cando lle convén. Vostedes cren que só o Partido Popular está lexitimado para gobernar as institucións, e, cando non é así, empregan dende o primeiro momento a confrontación, tentando culpar o Goberno do Estado —neste caso presidido por Pedro Sánchez— de todos os males, incluso daqueles que puidese haber nun futuro; *(Murmurios.)* incluso deses, vostedes queren culpalo.

Miren, señores e señoras do Partido Popular, o que si é real, o que si é constatable, é que vostedes, o Partido Popular, non estiveron á altura cando houbo que xestionar a covid-19. *(Murmurios.)* Vostedes, o Partido Popular, non estiveron á altura... *(Murmurios.)*

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

(A señora Rodríguez Rumbo vírase cara ao señor presidente.)

O señor PRESIDENTE: Imos ver, vou parar porque aquí hai dous conceptos. De acordo, pero ¿isto que ten que ver coas electrointensivas?; *(Protestas.)* ¿ou coa covid? Agora, o feito de meter aquí a covid... *(Protestas.) (Murmurios.)*

(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)

Xa sei que hoxe o tema... *(Protestas.) (Murmurios.)* Imos ver, eu entendo todo...

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Señor presidente, ¿estame tomando o pelo?

O señor PRESIDENTE: Non, non estou tomando o pelo a ninguén.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Pois, se non me está tomando o pelo, faga o favor, ou é para todos os deputados e deputadas igual ou, se non, dáme o mesmo...

O señor PRESIDENTE: Pero mire, non, a min...

(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Moi ben. Pois alá vostede, pero se despois...

(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)

Bueno, señora Rodríguez Rumbo, non; eu xa sei que hoxe —e son bastante tolerante— o tema está en Madrid. Ata aí chego, ¿eh?; *(Protestas.)* agora, ata aí chego. *(Protestas.)* Perdoen, por min vostede, agora, como o tema foi así..., pero despois non me pida tempo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Non se preocupe, non lle vou pedir tempo. *(Murmurios.)* O meu tempo xestiónoo eu.

O señor PRESIDENTE: Non, pero hai que ir ao tema, como foi el tamén. *(Murmurios.)* Eu xa sei que aquí introducen dun lado e do outro. Hoxe o tema é así, pero imos alá.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: O meu tempo xestiónoo eu, e, mentres non atente contra o decoro desta Cámara, vou seguir na mesma liña en que foron todos os deputados e todas as deputadas que me antecederon no uso da palabra, *(Aplausos.)* gústelle ao presidente do Parlamento ou non lle guste. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Non é así exactamente.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Vostedes, o Partido Popular, non estiveron á altura na xestión da covid; non estiveron á altura na xestión das consecuencias da guerra de Ucraína; e, claramente, non estiveron á altura na xestión dos fondos europeos, cando tanto Casado como Feijóo —e Rueda non foi porque non puido— foron criticar e boicotear os fondos europeos para que non chegasen ao noso país. Unha mostra máis de que para vostedes non é importante o país, non somos importantes as xentes, non é importante o noso territorio; para vostedes só importa o rédito partidista que poden sacar da súa permanente confrontación. Esta iniciativa é unha mostra máis desa confrontación que iniciaron coa investidura de Pedro Sánchez en 2018, como presidente lexítimo de todos os españois e de todas as españolas, e coa que continúan e continuarán cando sexa investido novamente presidente do Goberno de España, despois do fiasco do debate que se está a producir hoxe na non investidura de Feijóo.

Miren, señores e señoras do Partido Popular, volvendo a Galicia, quérolles recordar cal foi a súa nefasta xestión da política industrial da Xunta de Galicia dende que goberna o Partido Popular, antes con Feijóo e agora con Rueda. Unha cuestión que os socialistas puxemos de manifesto en numerosas ocasións, sen que o Goberno galego atendese esa realidade e sen que mudase esa política errada que ataca directamente o crecemento económico e o emprego do noso país; unha cuestión que non só dicimos os socialistas, senón que o propio CES —que é un órgano consultivo da Xunta de Galicia— puxo de manifesto na Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2022, que foi presentada o pasado 30 de xuño, e que nos di que o PIB en Galicia se situou no 3,8 por cento no ano 2022, isto é, dous puntos menos que para o conxunto de España, que estaba nun 5,8 por cento; que nos di que, respecto aos datos do sector industrial galego, dende 2018 en Galicia se perderon corenta mil empregos; que nos di que o seu peso relativo en relación ao PIB está nun 15,6 por cento, baixando respecto ao ano 2008, e, que, ademais, é menor ao dezaseis por cento que está no conxunto do

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Estado; que nos di que no índice de produción industrial tivo en 2022 unha caída media anual do 1,4 por cento, que contrasta co incremento do 2,4 por cento experimentado no conxunto do Estado, e que durante este ano seguimos na mesma senda; que nos di que Galicia perdeu posicións no índice sintético de competitividade rexional que elabora a Comisión Europea, pasando do posto cento corenta e tres, en 2016, ao cento corenta e nove, en 2022, mentres que o norte de Portugal escalou vinte e nove postos; que nos di que o gasto en I+D e en rexistro de patentes en Galicia se atopa nunha situación moi precaria, ou, que un ano máis continúa o retroceso no balance enerxético, avanzando posicións nas enerxías non renovables, cun incremento do 15 por cento fronte a un descenso das enerxías renovables nun 31,8 por cento. Estes son os datos que dá o CES, non os que dicimos o Partido Socialista. Estes son os resultados de exercer esa competencia exclusiva que ten o Goberno galego sobre a industria no noso país.

Miren, neste contexto económico xurdido como consecuencia da covid e da posterior guerra de Ucraína, que provocaron tensións nas cadeas de valor a nivel mundial, shocks de oferta e o encarecemento dos prezos enerxéticos, o Goberno de España, encabezado por Pedro Sánchez, adoptou unha serie de medidas para reforzar as capacidades industriais e tecnolóxicas en todo o territorio en sectores críticos: aumentar o peso da industria no PIB, apostar por unha modernización do noso tecido industrial para mellorar a súa competitividade a través da sostibilidade e da dixitalización e reforzar o emprego.

En definitiva, o Goberno do Estado puxo en marcha unha nova política industrial activa, aliñada coa Unión Europea e baseada no diálogo social e na cooperación entre administracións públicas. Vou poñer algúns exemplos: o tope ao gas ibérico, que supuxo un aforro de cinco mil millóns de euros. ¿Recordan cando lle chamaban o «timo ibérico»?; ¿recordan cando votaron en contra? Pois explíquenllo agora a toda a cidadanía. O Goberno de Pedro Sánchez aprobou a redución do oitenta por cento das peaxes para os consumidores electrointensivos, e ¿que votaron vostedes? Tamén se reduciron os impostos á electricidade, o IVE, o imposto especial sobre a enerxía eléctrica e a suspensión temporal do imposto sobre o valor da produción de enerxía eléctrica. Creouse tamén o Fondo de axuda ao investimento industrial produtivo, dotado con seiscentos millóns de euros, co cal xa se financiaron proxectos. Reforzouse o acompañamento á grande industria electrointensiva coa regulación do Estatuto do consumidor electrointensivo para proporcionar maior seguridade e certeza ao prezo da enerxía, e que foi modificado en xuño de 2023. Creouse o Fondo español de reserva para garantías de entidades electrointensivas, un Mecanismo de compensación aos consumidores electrointensivos, que, dende a súa posta en marcha, foi de cento tres millóns de euros, dos cales a Galicia lle corresponderon sete millóns de euros e un total de corenta e unha instalacións; e para o ano 2023 o importe máximo é de oitenta e seis millóns. A protección á industria gas intensiva supuxo, en 2022, cento vinte e cinco millóns de euros e, en 2023, novecentos cincuenta millóns de euros. Ou aprobouse o Mecanismo de compensación de custos de emisións indirectas de gases de efecto invernadoiro a empresas electrointensivas; a Comisión Europea aprobou o Proxecto do plan de axuda presentado polo Goberno español en marzo de 2022, cunha contía de dous mil novecentos millóns de euros para cubrir ata un setenta e cinco por cento dos custos indirectos por CO_2 das industrias electrointensivas, e, para financiar o programa pode destinarse un máximo do vinte e cinco por cento dos ingresos de cada país polas subastas de dereitos de emisión, sendo no ano 2022 e no ano 2023,

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

douscentos corenta e catro millóns de euros, que é o máximo autorizado pola Comisión Europea ao Executivo para repartir entre os grupos industriais.

Ademais, pártese dun dato falso na súa iniciativa, posto que se volve dicir que o Goberno de Alemaña subvenciona as empresas electrointensivas co cen por cento dos custos por compensación por emisións de CO_2, cando, a realidade —como xa manifestamos noutras ocasións— é que, no plan remitido por Alemaña á Comisión Europea, o monto máximo é do setenta e cinco por cento, é dicir, exactamente igual que o español, e poderá ser superado nalgúns casos para limitar os custos indirectos de emisión restantes...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...incorridos ao 1,5 por cento do valor engadido bruto da empresa, non sendo a regra xeral.

Xa que logo, é evidente e constatable o compromiso do Goberno cos sectores industriais electrointensivos que permiten mellorar a súa competitividade, reforzar as súas capacidades industriais e o emprego, respondendo con determinación e rapidez para protexer o tecido empresarial ante o incremento dos prezos enerxéticos. E xa está o PERTE tamén en vigor.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Eu fago un rogo en xeral, e é que todos os deputados e as deputadas, na medida do posible, se cingan á cuestión. *(Algúns señores deputados e deputadas:* ¡Agora, agora!*) (Murmurios.)*

E dígollelo a todos os deputados e deputadas, *(Murmurios.)* ¡a todos!, porque, se non, aquí podemos acabar falando ata de Sálvame Deluxe ou cousas parecidas. *(Risos.) (Murmurios.)* Entón, por favor, vaiamos á cuestión, na medida do posible. *(Murmurios.)* Xa sei, xa sei, xa me contaron os antecedentes; non estaba informado, xa mos contaron. Grazas.

Entón, ten a palabra o señor Rodríguez Pérez.

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Señora Rodríguez Rumbo, eu creo que vostede se equivocou de iniciativa. Si, si, porque de luz nada de nada; parece que lle importa ben pouco o tema co importante que é. Vostede ten turno mañá, mañá; vostede mañá. *(Risos.) (Murmurios.) (Aplausos.)*

Señora Presas —repito—, o presidente da Xunta é o representante ordinario do Estado en Galicia. *(Murmurios.)* ¡Claro!, eu creo que lles vou recomendar —que eu xa o fixen—

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que vaian a unha óptica —aí na esquina hai unha— porque —creo— non hai máis cego que o que non quere ver, *(Murmurios.)* vostedes nin ben nin miran. É dicir, señora Rodríguez Rumbo, non é o mesmo gañar que perder; iso é de primeiro de Barrio Sésamo; *(Murmurios.)* É que gañar é unha cousa e perder é outra cousa, *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)* e vostedes perderon —¡perderon!— *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Aquí preside o señor Santalices.

O señor PRESIDENTE: [inaudible] na medida do posible, ¿eh? *(Murmurios.)*

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: Vou ao tema. ¿Como se pode defender... *(O señor Rodríguez Pérez vírase cara ao señor presidente.)* —que non me conte o tempo—

O señor PRESIDENTE: Non, non, tranquilo.

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: ¿Como poden defender con tanta vehemencia algo que vostedes saben que é mentira? Do pacto firmado por Ana e Adriana, tan beneficioso para Galicia, cumpriuse o cero por cento. Poden facer outra copia, señor Balseiro, cambiar a fecha, e vostedes mesmos recoñecen nas súas intervencións que van pedir exactamente o mesmo que a outra vez. ¿Onde está o listado de promesas cumpridas? Vostedes moito critican Madrid, pero cada vez que os nacionalistas llelo piden ao PSOE, o Bloque cede mansamente.

Indo ao tema; *(Murmurios.)* indo ao tema. Tranquilos, que é a última; xa rematamos.

O señor PRESIDENTE: A ver se acabamos. ¡Veña, vamos!

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: O Executivo central... *(Murmurios.)* ¡Presidente!

(O señor Rodríguez Pérez vírase cara ao señor presidente.)

O señor PRESIDENTE: ...[inaudible].

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: Eles teñen a pel moi sensible, pero... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Vale, veña!; imos alá. *(Murmurios.)*

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: ¡[Trankimacin]! *(Expresión retirada do* Diario de Sesións *polo señor presidente ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento.)*

O Executivo central continúa a ser incapaz de adoptar un paquete de medidas que realmente permita á industria española contar cun prezo competitivo estable. En definitiva, o Goberno do Estado, que ten competencias, debe modificar porque é o que ten as competencias.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A Xunta de Galicia, señorías, continúa apoiando e tomando todas as decisións que son de competencia autonómica. Neste sentido, o Goberno galego xa está a axilizar toda a tramitación que ten que ver cos parques eólicos *(Murmurios.)* —¡por favor!— que son da súa competencia e fundamentais para a viabilidade da industria electrointensiva. Somos máis garantistas ca o Estado co medio ambiente. Teñen un dobre discurso e somos máis rápidos. Votan aquí unha cousa e en Madrid outra.

Señorías, ¿saben que é isto? *(O señor Rodríguez Pérez amósalles unha fotografía aos membros da Cámara.)* Non sei se se ve. Isto é un molinillo eólico de Iberdrola. Unha foto dun molinillo de Iberdrola, si señor. *(O señor Rodríguez Pérez amósalles unha fotografía aos membros da Cámara.)* E estes son o señor Calleja e o señor Sánchez. Señorías, indo ao tema, isto é o máis cerca que o señor Sánchez estivo e estará dos eólicos. Non sei se era candidato ou presidente. Van quedar colgados como el se colgou para intentar rabuñar un puñado de votos: tirados por parte do Goberno do Estado. Xa non sei se está nun molinillo eléctrico ou está inspeccionando un cohete espacial. Como diría a súa socia preferente do Partido Socialista, parece unha broma de intelixencia artificial. Cohete ao metaverso: Sánchez piloto, Yolanda copiloto. Plan B: Nova Zelanda. Parece unha película mala de James Bond. Problema do pinganillo. Cuarto Milenio. Outros con menos, señorías, non digo. Houston, temos un problema.

Así mesmo, a Xunta de Galicia... *(Interrupcións.) (Murmurios.)* —Por favor, presidente, así non se pode falar—...concedeu unha axuda de 985.000 á planta de Alcoa San Cibrao para a súa mellora de eficiencia enerxética. Estes apoios da Xunta destinados a impulsar proxectos de eficiencia e aforro enerxético.

E falando de fondos europeos, vostedes quedaron co cen por cento dos fondos europeos dirixidos á industria, cando en materia industrial as competencias dependen das comunidades autónomas. A crónica industrial do partido Socialista é unha crónica negra, moi negra. Peticións que fixemos en comisións e en pleno, pero a calada sempre por resposta. Todo feito pola Xunta de Galicia, que contrasta co papel de pasotismo do Goberno central. Un goberno débil e en funcións. Aprobar un marco de subministración eléctrica competitivo, estable e predicible. Remato xa. O que máis nos preocupa ao Goberno da Xunta de Galicia e a este grupo é que o problema se solucione. Que muden de política enerxética e industrial, que só leva xerado incerteza e desconfianza.

Señores, deste debate pode xurdir un acordo unánime, capaz de facer a precisión precisa para que, sexa quen sexa o que goberne en Madrid, se aprobe un marco de subministración eléctrica competitiva, estable e predicible, para a gran industria consumidora de enerxía; antes de que sexa demasiado tarde. O tempo corre e necesitamos feitos e solucións. Remato xa e, se mo permite o señor presidente, ¿teño que posicionarme con respecto ás emendas?

O señor PRESIDENTE: Si.

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: A señora Presas presentou unha emenda... Eu creo que vostedes, os do BNG, traen aquí unha emenda nos puntos tres, dous xa forman parte de acordos acadados nesta cámara, e ademais por unanimidade. Será por quedar ben ante a xefa ou para parecer que traballa moito, pero podería esforzarse un pouquiño máis.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta vostede a emenda?

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: Nós o que pedimos é que se cumpran eses acordos e que o futuro goberno, sexa cal sexa, garanta o marco enerxético competitivo, estable e predicible. Os traballadores de Alcoa e do resto das industrias galegas non teñen un minuto que perder. Non imos aceptar a emenda.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Señor Rodríguez, voulle pedir que retire a expresión de [tomar o Trankimazin].

Si, déanlle voz ao escano do señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: Retiro a expresión, pero si que lle pido que se relaxe. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Risos.)*

O señor PRESIDENTE: Iso paréceme ben, pero o de [tomar o Trankimazin] non. Iso ten unha connotación que non procede nun parlamento.

Rematou o debate e, polo tanto, imos votar as proposicións non de lei.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez. Non acepta as emendas nin do Grupo Parlamentario Socialista nin do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar a concentración e o aumento de vivenda de uso turístico en determinadas áreas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 40; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de don Eduardo Ojea.

Hai unha emenda do Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. ¿Acéptaa?

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor OJEA: Si.

O señor PRESIDENTE: Si, grazas.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Eduardo Ojea Arias e Dª Patricia Otero Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de construción de vivendas públicas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de Dª María del Carmen Rodríguez Dacosta. Non hai emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre o impulso por parte do Goberno galego de determinadas medidas para afrontar a actual situación do desemprego en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: As seguintes son as que debateron de xeito acumulado. Hai un texto que me pasan, que é transaccionado. Coñece vostede o texto. O texto case debería ser lido. Vouno ler eu, porque me parece que é un texto importante e a xente ten que saber o que vota. Di o seguinte:

«1. Dirixirse ao Goberno de España e ás autoridades europeas co obxecto de que itinerario noroeste do Corredor Atlántico, no que figura expresamente Galicia, non sexa excluído do mapa deseñado para a posta en marcha do órgano xestor da futura rede ferroviaria europea de mercadorías.

2. Convocar os axentes do transporte de mercadorías para demandar a revisión da exclusión de Galicia da rede de autoestradas ferroviarias.

3. Demandar do Goberno central a aprobación do presente ano do plan director do Corredor Atlántico, incluíndo nel todas as demandas relacionadas co Corredor Noroeste.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4. Tendo en conta o atraso de Galicia en materia de transporte de mercadorías, demandar do Goberno central un plan extraordinario de investimentos na modernización do ferrocarril de mercadorías, que equilibre e compense o escaso desenvolvemento que sofre o noso país nesta materia.»

Votamos.

Votación do texto transaccionado resultante do debate acumulado da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ante o Goberno central para que adopte as medidas oportunas diante das autoridades europeas co obxecto de que o itinerario Noroeste do corredor Atlántico non sexa excluído do mapa deseñado para a posta en marcha do órgano xestor da futura rede ferroviaria europea de mercadorías, e mais da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co obxecto de impulsar a modernización do transporte ferroviario de mercadorías e a integración de Galicia nos plans europeos para o corredor Atlántico.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos por último a do Grupo Parlamentario Popular, iniciativa do señor Rodríguez. Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Cristina Sanz Arias e seis deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno central co obxecto de que adopte as medidas axeitadas para as necesidades do desenvolvemento da industria electrointensiva.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 57; votos en contra, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Suspendemos o pleno ata mañá ás dez da mañá.

Suspéndese a sesión ás oito e vinte e seis minutos do serán.

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen (BNG)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel (S)
3. Amigo Díaz, María Encarnación (P)
4. Arangüena Fernández, Pablo (S)
5. Arias Rodríguez, Raquel (P)
6. Armada Pérez, José Antonio (P)
7. Balseiro Orol, José Manuel (P)
8. Bará Torres, Xosé Luís (BNG)
9. Blanco Paradelo, Moisés (P)
10. Caballero Miguez, Gonzalo (S)
11. Cachafeiro Anta, Belén (P)
12. Calvo Pouso, Diego (P)
13. Candia López, María Elena (P)
14. Carballo Páez, Ramón (P)
15. Carreira Pazos, Iria (BNG)
16. Castro García, Daniel (BNG)
17. Castro Rey, Paloma (S)
18. Díaz Mouteira, María Sol (P)
19. Díaz Varela, Noa Susana (S)
20. Egerique Mosquera, Teresa (P)
21. Fernández Alfonzo, Ramón (BNG)
22. Fernández Davila, María Cristina (BNG)
23. Fernández Gómez, Alexandra (BNG)
24. Ferro Iglesias, José Luis (P)
25. Freire Vázquez, María Begoña (P)
26. Gallego Sanromán, María Leticia (S)
27. García Vidal, Ana Belén (P)
28. Gómez Salgado, Carlos (P)
29. González Iglesias, María do Carme (BNG)
30. López Abella, María Susana (P)
31. López Sánchez, Rosalía (P)
32. Lorenzo Gómez, Rubén (P)
33. Lourenzo Moura, Diego (BNG)
34. Mouzo Mas, Paula (P)
35. Murillo Solís, María Guadalupe (P)
36. Ojea Arias, Eduardo (S)
37. Ortega Otero, Marina (S)
38. Otero Lago, Noelia (S)
39. Otero Rodríguez, Patricia (S)
40. Pardo López, Adrián (P)
41. Pazos Couñago, José Alberto (P)
42. Pérez Domínguez, Fernando (P)
43. Pérez Fernández, Rosana (BNG)
44. Pérez López, Daniel (BNG)
45. Pérez López, Noelia (P)
46. Pomar Tojo, Carmen María (P)
47. Pontón Mondelo, Ana (BNG)
48. Porro Martínez, María Corina (P)
49. Prado Cores, María Montserrat (BNG)
50. Prado del Río, Paula (P)
51. Prado Patiño, Jesús Miguel (P)
52. Presas Bergantiños, Noa (BNG)
53. Queixas Zas, Mercedes (BNG)
54. Regueiro Fernández, José Luis (P)
55. Ríos Santomé, Paulo (BNG)
56. Rivas Cruz, Xosé Luís (BNG)
57. Rodil Fernández, Olalla (BNG)
58. Rodríguez Carrera, María Felisa (P)
59. Rodríguez Conde, Ángel (P)
60. Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S)
61. Rodríguez Pérez, Moisés (P)
62. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María (P)
63. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña (S)
64. Rueda Valenzuela, Alfonso (P)
65. Salido Maroño, María Belén (P)
66. Santalices Vieira, Miguel Ángel (P)
67. Santos Costa, Manuel (P)
68. Sanz Arias, Cristina (P)
69. Seco García, Martín (S)
70. Suárez Sarmiento, María Elena (P)
71. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago (BNG)
72. Torrado Quintela, Julio (S)
73. Varela Fernández, Katherinie (P)
74. Verea Fraiz, Borja (P)
75. Vilela Riveiro, Sandra (P)

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-a04M11NOq-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/